ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-06-18T18:47:56+02:00 - Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-06-24T08:23:19+02:00 -

CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 33833/220, relacionado co 62/142

Asunto: información sobre o custe de persoal

Proxecto de Orzamentos: 2020.

Dirixido a: Área de Recursos Humanos e Formación.

CUSTES DE PERSOAL ORZAMENTO ANO 2020

**UN.- Conceptos obxecto de actualización**

En contestación ao requirimento feito pola Sra. Xefa de Recursos Humanos e Formación, faise referencia a actualización dos custes do capítulo 1 que son obxecto de aplicación para o proxecto de orzamentos do ano 2020, conceptos:

100, 110, 120, 121, 130, 160

No concepto 160, hai que ter en conta o incremento da SS de Policía pola aplicación del Real Decreto 1449/2018 e DA 164ª da Lei 6/2018 (8,84%), así como o previsto no RD-l 28/2018, relativo ao tope máximo das bases de cotización no sistema da Seguridade Social.

**DOUS.- Porcentaxe de actualización dos Gastos de persoal**

II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e das condicións de traballo.

Ano 2020

Fixo: 2%

Variable, 1% para unha variación do $PIB_{2019}$ do 2,5%

PIB previsto 2019: 2,3%

Porcentaxe de variación aplicable, 0,92% a partires do 1 de xullo de 2020, polo que a imputación en termos de ano é do 0,46%

Total variación das retribucións: 2,46%

Dotación orzamento 2019: 71.949.645,13 euros.

Non será aplicable esta revalorización ao Fondo de Adecuación, Produtividade, Gratificacións, Outras modalidades de Contratación, Plan de Pensións, Plan de emprego municipal, Programa contra violencia de xénero, Primeira experiencia laboral, Gastos de formación, Fondo social, Seguro colectivo de vida e accidentes.

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-06-18T18:47:56+02:00 - Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-06-24T08:23:19+02:00 -



**TRES.- Prazo de remisión**

Aos efectos de non incorrer nos atrasos sistémicos na remisión da información deste capítulo, así como na necesidade de ter sometido o proxecto de Orzamentos á consideración do Pleno da Corporación antes do 15 de outubro, data que fixa o artigo 168 do TRLRFL, o prazo máximo para a incorporación da información fíxase para o 6 de SEPTEMBRO.

**CUARTO.- Información requirida.**

A documentación que se remita, deberá ter reflectidos os cambios que se produciron ata a data.

Con posterioridade á mesma, deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2020, en consecuencia os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, deberán diferirse ao ano seguinte.

**QUINTO.- Relación de postos de Traballo do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo**

En relación cos empregados públicos con praza na modelo da Entidade Local, que prestan servizos por adscrición ou outras fórmulas xurídicas na Xerencia Municipal de Urbanismo, que figuran na RPT da Entidade, que devengan as súas retribucións con cargo ao Orzamento da Entidade, tendo en conta que o Organismo Autónomo forma parte do perímetro de consolidación do Grupo Concello de Vigo, sería conveniente regularizar tecnicamente a súa situación.

Actualmente, os devengos son a cargo do orzamento da Entidade, forman parte do capítulo 1 da Entidade, a súa vez, o Organismo Autónomo transfire con aplicación ao seu capítulo 4, o custe pagado pola Entidade.

Non cabe dúbida que o devandito persoal pertence ao cadro da Entidade, aínda que debería estar na RPT da Xerencia, onde presta os servizos, polo tanto, se se considera aplicable, no programa orzamentario 1510 da Entidade, debería eliminarse no capítulo 1, as dotacións deste persoal, que pasaría a ser capítulo 1 da Xerencia de Urbanismo.

A súa vez, o Organismo Autónomo non tería que facer a transferencia de recursos a Entidade, xa que os devengos dese persoal estarían a imputarse ao seu Orzamento.

Este axuste técnico explicitaría unha realidade orzamentaria, tal sería o custe real do capítulo 1 da XMU, que agora resulta da suma do capítulo 1 e da transferencia á Entidade.

Como contrapartida, o capítulo 1 da Entidade, non estaría a soportar un custe nese capítulo que corresponde ao Organismo Autónomo.

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-06-18T18:47:56+02:00 - Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-06-24T08:23:19+02:00 -



Expediente: 33833/220, relacionado co 62/142

Por último, a Xerencia de Urbanismo non imputaría ao seu capítulo 4 de gastos a transferencia á Entidade, e esta non tería unha imputación ao seu capítulo 4 de ingresos a transferencia compensatoria que fai a Xerencia de Urbanismo.

Asinado: Responsable Superior Contable e Orzamentación: Luis García Alvarez

Conforme: O Concellerio Delegado de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación da Alcaldía de 18 de xuño de 2019)

Documento asinado

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-06-18T18:48:04+02:00 - Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-06-24T08:23:22+02:00 -



Expediente 62/142

**Asunto**: Remisión de información para anexar ao Orzamento da Entidade

**Dirixido a**: Fundacións dependentes do Concello de Vigo, que forman parte do Grupo Concello de Vigo por estar incluídas no perímetro de consolidación.

**Fundacións incluídas:** MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI

Como se fixo constar no expediente 104/143, no que se relacionaban os prazos de remisión de información para a formación dos orzamentos, por imperativo legal é obrigatorio que os orzamentos das Fundacións que forman parte do Grupo de Consolidación do Concello de Vigo, figuren como anexo aos da Entidade Local, estando suxeitos aos límites aplicables en relación coas regras fiscais de gastos que encarna a Estabilidade Orzamentaria e a Regra de gasto.

**INFORMACIÓN A SUBMINISTRAR AO CONCELLO PARA A SÚA INCORPORACIÓN AO ORZAMENTO.**

a) Marco orzamentario de medio prazo.

No que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais, de conformidade co artigo 6 da Orde 2105/2012.

Esta información deberá reflectir unha previsión da Liquidación do orzamento do ano (n) e unha previsión orzamentaria dos anos (n+1, n+2 e n+3).

Deberá estar a disposición da Entidade con data límite a última semana de febreiro, sendo o prazo de remisión de toda a información consolidada pola Entidade Matriz o 15 de marzo.

Esta información foi incluída na remisión que se remitiu ao Ministerio de Facenda (MINHAC), tomando como base a Liquidación do ano 2018 e aplicando sobre a mesma ta Taxa de Referencia de Crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo aprobada e publicada para o ano 2020 (TRCPIB), 2,8%

b) Liñas fundamentais do orzamento.

En cumprimento do previsto no art. 15.1 da Orde HAP/2105/2012, esta información conterá o proxecto de orzamento do ano (n+1). Estará a disposición da Entidade matriz con data límite do 1 de setembro do ano (n). O prazo para a Entidade matriz de aprobación, consolidación e remisión e do 15 de setembro do ano (n).



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 1 de 4 |
| Expediente 62/142 | CSV: 2CE6C8-E84CE3-BEB2AC-WGAVLP-P1JESD-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

c) Orzamento do ano 2020.

En cumprimento do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos de incluír o Orzamento das Fundacións dependentes do Concello como un ANEXO nos orzamentos que tramita a Entidade matriz para o ano (n+1), con data límite 15 de setembro do ano (n), teñen que remitir o proxecto de orzamento ou o denominado Plan de investimento e financiamento (PAIF) para o ano (n+1).

**CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO**

Ao igual que acontece para o PMP e MOROSIDADE, o cumprimento das regras fiscais de Estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto, afectan ao Grupo do perímetro de consolidación, polo que deberán tramitar e executar os orzamentos sempre dentro dos termos fixados anualmente polo MINHAC e aprobados polas Cortes Xerais.

**Estabilidade orzamentaria**

En cumprimento do previsto no artigo 11, da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.

∑ (ingresos non financeiros) ≥ ∑(gastos non financeiros: aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade), é dicir, que os ingresos non financeiros sexan ≥ que os gastos non financeiros.

O obxectivo anual para o subsector local, é o de equilibrio ou superávit.

Este obxectivo require que con carácter trimestral se avalíe a situación por si fose necesario relentizar o gasto en relación co incumprimento das previsións de ingreso.

En termos de ingreso non financeiro, computan os ingresos pola actividade propia e as achegas e doazóns recibidas.

Nos gastos non financeiros, computan: Gastos de persoal, outros gastos de actividade, aprovisionamentos (signo negativo) e os gastos financeiros.

**Regra de gasto**

A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).



ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-06-18T18:48:04+02:00 - Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-06-24T08:23:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 2 de 4
Expediente 62/142 | CSV: 2CE6C8-E84CE3-BEB2AC-WGAVLP-P1JESD-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Gasto computable = ∑( gastos de aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade. Non computan as amortizacións nin o deterioro por enaxenacións do inmobilizado) .

Non computan os gastos financiados con enaxenacións de bens.

Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

Para o ano 2020, o crecemento do gasto computable por operacións non financeiras, NON PODERÁ SER SUPERIOR ao 2,8% sobre a liquidación do gasto computable da liquidación do ano 2018.

Nos gastos non financeiros, computan: aprovisionamentos, gastos de persoal, outros gastos de actividade e aprovisionamentos (signo negativo).

Aos efectos informativos, sobre a liquidación enviada ao MINHAC, aplícase a **$TRCPIB_{2019}$ ,** que resultará a Liquidación máxima para o Orzamento 2019, e sobre esta, calcúlase o Orzamento máximo do ano 2020 coa **$TRCPIB_{2020}$.**

| **Gasto computable aos efectos da variación da TRCPIB** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **$TRCPIB_{2019}$** | **$TRCPIB_{2020}$** | **Gasto computable 2018, base liquidación 2019** | | | |
| **2,70%** | **2,80%** | **Marco** | **FAIMEVI** | **C.BUREAU** | Estado |
| 2018 | | 757.094,27 | 12.608,36 | 443.671,64 | liquidado |
| 2019 | | 777.535,82 | 12.948,79 | 455.650,77 | máximo |
| **2020** | | **799.306,82** | **13.311,35** | **468.408,99** | **máximo** |

Calquera variación do gasto previsto superior a estes límites, ten que ser autorizado pola Entidade matriz.

En relación coa variación das TRCPIB, as alteracións anuais serán obxecto de comunicación.

Calquera dúbida que xurda en relación cos requirimentos, deberán pórse en contacto coa Entidade.



ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-06-18T18:48:04+02:00 - Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-06-24T08:23:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 3 de 4
Expediente 62/142 | CSV: 2CE6C8-E84CE3-BEB2AC-WGAVLP-P1JESD-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-06-18T18:48:04+02:00 - Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-06-24T08:23:22+02:00 -



**Actualización dos Gastos de persoal**

II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo.

Ano 2020

Fixo: 2%

Variable, 1% para unha variación do PIB do 2,5%

PIB previsto 2019: 2,3%

Porcentaxe de variación aplicable a partires do mes de xullo 0,92%, en termos de imputación ao ano 2020, será do 0,46%

Total variación máxima dos conceptos retributivos: 2,46%

Non será aplicable esta revalorización aos conceptos de Produtividade, Gratificacións.

En Vigo á data da sinatura electrónica.

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

Conforme: O Concelleiro Delegado do Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación de 18 de xuño de 2019.



Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 4 de 4 |
| | Expediente 62/142 | CSV: 2CE6C8-E84CE3-BEB2AC-WGAVLP-P1JESD-H1 | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 62/142

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Aos efectos de comenzar o proceso de formación do Orzamento do ano 2020 e dar cumprimento ao previsto no artigo 168.4) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberanse enmarcar as Liñas Fundamentais do Orzamento sobre as que se fixarán as previsións de ingresos e dos gastos, así como, dar cumprimento ao previsto no artigo 15.1 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro ao Ministerio de Hacienda,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Que en virtude das Resolucións desta Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019, sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda a quen lle corresponde formar o Proxecto de Orzamento Xeral Municipal e propoñer a súa aprobación, emenda ou devolución á Xunta de Goberno Local, á comisión informativa e ao Pleno da Corporación

SEGUNDO.- En cumprimento do contido da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, solicítese do técnico que ten ao seu cargo a formación técnica do orzamento, a elaboración e os documentos que completen o expediente.

TERCEIRO.- Formúlese proposta para a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

LG/

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O ALCALDE

ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

ASINADO POR: Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-07-23T09:13:19+02:00 -

Documento asinado

Expediente 62/142

**LIÑAS FUNDAMENTAIS PARA A FORMACIÓN DO ORZAMENTO 2020**

Orzamento: 2020
Asunto: Directrices para a formación do Orzamento
Data de creación e iniciación do expediente: 29 de maio de 2019
Dirixido a: Director Superior Contable e Orzamentario.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia da data 23 de xullo de 2019, en virtude do Decreto da delegación de competencias de 18 e 26 de xuño de 2019, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se me encargou a formación das directrices do Orzamento para o ano 2020.

Estas directrices, conformarán as liñas fundamentais de formación do orzamento que serán as que se terán en consideración para remitilas ao Ministerio de Hacienda en cumprimento do previsto no artigo 15.1 da Orde 2105/2012, de 1 de outubro, conformando un marco xeral de formación do Orzamento Municipal do ano 2020.

**Consideracións xerais**

O Orzamento debe ter en conta os obxectivos das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda.

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira relativo ao Establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas, sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno da Nación a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

Así mesmo, o apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto reflectida no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -
Documento asinado

Expediente 62/142

Para a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública do conxunto de Comunidades Autónomas e de Entidades locais, seguindo o procedemento previsto na Lei, prorróganse as cifras dadas no Acordo de 7 de xullo de 2017 polo que se establecían os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública referidos ao período 2018-2020.

| Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento, % sobre PIB | | | |
|---|---|---|---|
| **Subsectores** | **2018** | **2019** | **2020** |
| Administración Central | -0,70% | -0,30% | 0,00% |
| Seguridade Social | -1,10% | -0,90% | -0,50% |
| Comunidades Autónomas | -0,40% | -0,10% | 0,00% |
| Entidades Locais | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| Total | -2,20% | -1,30% | -0,50% |

| Débeda segundo Protocolo de Déficit Excesivo, % sobre PIB | | | |
|---|---|---|---|
| **Subsectores** | **2018** | **2019** | **2020** |
| Administración Central e Seguridade Social | 70,80% | 69,50% | 67,60% |
| Comunidades Autónomas | 24,10% | 23,30% | 22,40% |
| Entidades Locais | 2,70% | 2,60% | 2,50% |
| Total | 97,60% | 95,40% | 92,50% |

| Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB) | | | |
|---|---|---|---|
| **Subsector** | **2018** | **2019** | **2020** |
| Entidades Locais | 2,40% | 2,70% | 2,80% |

| Taxa de variación do PIB | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **2017** | **2018** | **2019** | **2020** | **2021** |
| 3,00% (Real) | 2,60%(Real) | 2,40% (prevista) | 2,20% (prevista) | 2,10% (prevista) |

Si o Consello de Ministros fixase outros obxectivos de débeda, estabilidade e regra de gasto, axustaríase a variación do gasto aos novos obxectivos.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

Expediente 62/142

**DO ESTADO DE GASTOS**

CAPÍTULO 1 (Gastos de Persoal).

A Lei 6/2018, de 7 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, aprobada polo Congreso dos Deputados o 28 de xuño de 2018, publicada no BOE nº 159 de 2 xullo de 2018, no seu artigo 18, regula a actualización dos salarios dos empregados públicos para o devandito ano.

II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e das condicións de traballo establece a seguinte actualización:

Fixo: 2%

Variable, 1% para unha variación do $PIB_{2019}$ do 2,5%

PIB previsto 2019: 2,3%

Porcentaxe de variación aplicable, 0,92% a partires do 1 de xullo de 2020, polo que a imputación en termos de ano é do 0,46%

Total variación das retribucións: 2,46%

Non será aplicable esta revalorización ao Fondo de Adecuación, Produtividade, Gratificacións, Outras modalidades de Contratación, Plan de Pensións, Plan de emprego municipal, Programa contra violencia de xénero, Primeira experiencia laboral, Gastos de formación, Fondo social, Seguro colectivo de vida e accidentes, quedando excluídas as seguintes: (2210.1600800, 2210.1620400, 2210.1610400, 2410.1310000, 2410.1310001, 2410.1310002, 9200.1210300, 9200.1310010, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000, 9200.1620500 e todas as partidas económicas 1620000)

No concepto 160, hai que ter en conta o incremento da SS de Policía pola aplicación del Real Decreto 1449/2018 e DA 164ª da Lei 6/2018 (8,84%), así como o previsto no RD-l 28/2018, relativo ao tope máximo das bases de cotización no sistema da Seguridade Social.

A aplicación 9200.1430001 que reflicte a dotación para as relacións laborais indefinidas, conterá a contía necesaria para facer fronte ao gasto de todo o exercicio orzamentario.

A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes, polo que a súa orzamentación inicial será adecuada aos contratos vixentes a 1 de xaneiro do ano 2020.

A dotación que reflicta o capítulo ten que posibilitar facer fronte aos gastos totais da plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, indefinido, laboral temporal así como o persoal eventual.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -
Documento asinado

Estarán dotados todos os postos ao marxe de que estean incluídos ou non en algunha Oferta de Emprego Público.

Tendo en conta o perímetro de consolidación, as liñas fundamentais abarcarán ao Concello, ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Convention Bureau e á Fundación MARCO, estando a Fundación FAIMEVI, que forma parte do grupo de consolidación "Concello de Vigo", en proceso de liquidación, polo que non aproba orzamento.

O límite deste capítulo será o do 2,8% en relación co previsto para o ano 2019.

CAPÍTULO 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

Neste capítulo prodúcese unha variación á alza como consecuencia da entrada en vigor do novo contrato de mantemento da rede semafórica e o novo contrato de mantemento de xardíns e parques infantís a partires do 16 de maio do ano 2019, a modificación do contrato do SAF por maior nº de horas de prestación, o contrato de prestación de servizos de apertura e peche das instalacións deportivas da periferia, novos contratos de Escolas infantís, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algún índice (PIB, Convenios laborais, etc). A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

O incremento esperado no superará o 2,8% en relación coa dotación do ano anterior, que será axustado aos obxectivos que aprobe o Consello de Ministros.

Hai que ter en conta que a variación que se está a fixar en relación ao ano 2019, é sobre os créditos iniciais, non sobre a liquidación prevista.

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro do acordado en relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo (TRCPIB), que para o ano 2020 quedou fixada no 2,8%, porcentaxe que se avaliará na fase procedimental que corresponda tendo en conta o previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012.

Non está previsto a incorporación de novos servizos, polo que, a variación cuantitativa está relacionada coa mellora na intensidade e calidade na prestación dos servizos vixentes.

CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros).

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións Correntes).

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, engadindo, entre outras, as transferencias de funcionamento as Fundacións, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo, Entidade Menor de Bembrive, subvención ao transporte público colectivo, Becas de comedor e libros, Axudas de emerxencia, Axudas para alimentos, alugueiros e carencia enerxética, axudas ao deporte, axudas a creación e fomento do emprego, axudas a colectivos culturais....

En relación coa XMU, hai que incrementar a transferencia na contía que supón a actualización das retribucións do persoal.

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulos concretos e noutros casos, son transferencias de funcionamento, como é caso do Organismo Autónomo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembrive. Pola súa importancia, a maior contía corresponde á subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo, que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo de billete é único para todos os usuarios, e se subvenciona unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas.

Non hai previsións de variación neste capítulo, polo que as pequenas variacións non serán superiores en ± 1% en relación co ano 2019, sempre en termos de estados consolidados.

CAPÍTULO 5 (Fondo de Continxencia).

O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2019.

CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

A cobertura con financiamento propio para os empregos en investimentos reais deberá representar unha porcentaxe non inferior ao 5,5% dos empregos correntes non financeiros. Ao financiamento propio, haberá que engadir o coofinaciamento doutras administracións a proxectos de investimento concretos, o que deberá representar unha porcentaxe entre o 12% e o 14% dos empregos correntes non financeiros.

Nos investimentos anuais terase en conta a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán coofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Os programas vinculados ao

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

programa son:

Servizo de Administración electrónica (OT2), para o desenvolvemento integral da administración electrónica regulada na Lei 39 e 40/2015 e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Área de Benestar social (OT9), con programas de integración de acordo ao plan financeiro obxectivos e liñas de actuación.

Área de Economía e Emprego (OT9).

Área de Fomento (OT4 e OT6), que abarca operacións de eficiencia enerxética, mobilidade, accesibilidade....

Tamén serán obxecto de incorporación ao orzamento, os convenios asinados ata a data con outras administracións, con especial referencia á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en relación coas obras no Estadio de fútbol de Balaidos e co Ministerio de Fomento para as obras do túnel da Rúa Lepanto e acceso á estación do AVE polas anualidades que correspondan ao ano 2020, que coofinancia o Ministerio, a Xunta de Galicia e o Concello e as correspondentes á Avd. De Madrid entre outras.

Asi mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio que tiveron o seu inicio no ano 2019 ou anteriores.

Faranse os axustes anuais en función do prazo de execución dos proxectos e o seu estado de tramitación, polo que, será necesario desprazar algunha anualidade ao ano 2021.

O capítulo 6, de investimentos reais, deberá axustar a súa dotación ao Plan de Actuación de Inversión e Financiamento incorporado ao Orzamento do ano 2019.

O plan de investimentos do ano 2020, deberá estar nunha marxe dos 28-30 millóns de euros.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital).

As transferencias de capital, unha vez feito o axuste de consolidación da Xerencia Municipal de Urbanismo e outras fundacións que forman parte do perímetro de Consolidación en termos SEC-2010 (MARCO, CONVENTION BUREAU E FAIMEVI), a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, o Convenio co Ministerio de Cultura para os investimentos de mellora na Muralla do Castro as da Entidade Pública Empresarial Red.es, Prox. Edificios intelixentes, as axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobles das asociacións sen ánimo de lucro.

Tendo en conta que a contía reflectida no ano 2019 e de 981 mil euros, a variación que se produza terá unha repercusión importante e termos porcentuais, dun 52%, aínda que cuantitativamente non relevante.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).

Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos; manténdose a dotación do ano anterior.

CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha despois da amortización total da débeda financeira. O saldo deste capítulo ten a súa aplicación no capítulo 6 de investimentos reais.

A variación total que se prevé do orzamento en relación co ano 2019, será dun 1, 75-1,80%.

**MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS**

Criterio xeral aplicado.

As Ordenanzas fiscais en trámite prevén a actualización de tipos, do 2,5%, coa excepción do IBI, que a ordenanza propón o 1%, sen prexuízo da variación que veña establecida por norma legal sobre a base catastral.

O acordo de Consello de Ministros do 7 de xullo de 2017, no que se aprobaron e propuxeron para ser ratificadas polas Cortes Xerais, as medidas de especial interese e transcendencia para o Sector Público (obxectivo de estabilidade orzamentaria, taxa de variación do Produto Interior Bruto da economía Española a medio prazo e endebedamento), fixándose unha variación da regra fiscal de gasto para o ano 2020, do 2,80%.

A variación prevista do PIB para o ano 2019, segundo as previsións do Banco de España é do 2,2%, aínda que xa foi corrixida á alza por organismos internacionais. Para o ano 2020, as previsións de crecemento están entre 1,9 e o 2%.

A variación del IPC no período maio 2017-maio 2019, foi do 2,9%.

En consecuencia, a actualización do 2,5% axústase aos indicadores de evolución das variables macro da economía española.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

Expediente 62/142

CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).

Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmobles, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais que están en trámite, axustando ademais, os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos Impostos directos, a variación cuantitativa que se produza neste capítulo, ten a súa orixe tanto na xestión pola incorporación de novos obxectos tributarios, basicamente no ámbito da xestión catastral, como pola revisión do 1% no IBI e do 2,5% no resto dos impostos.

O Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no seu artigo 4, establece que a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. En consecuencia as variacións que se produzan é consecuencia de novas altas ou revisións dos obxectos existentes. A variación no padrón e os atrasos previstos, poden representar o 4% e relación coas previsións do ano 2019.

En canto as previsións polo IAE e o IVTM, a variación cuantificada pola Dirección de Ingresos é de un 2,5%.

En relación co imposto cedido polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada. Vaise a facer a mesma previsión que os ingresos a conta do ano 2019.

Tendo en conta as previsións e directrices, a variación total do capítulo 1 vai estar no entorno dunha variación positiva do 3,98%.

CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, non é obxecto de revisión, depende da actividade económica, vaise a incrementar nun 12%, froito de esa maior actividade.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas.

Pola cesión do IVE non hai variación, mentres que os II.EE, teñen unha variación do (0,9%), sendo o seu impacto de pequena contía.

A variación esperada deste capítulo vai estar nun 2,54%.

CAPÍTULO 3 ( Taxas, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -
Documento asinado

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, a variación en relación co ano 2019 previstas nas Ordenanzas Fiscais teñen un pequeno impacto. Os axustes que se propoñen en algún dos casos son á baixa, representando unha variación esperada do 2,1%.

CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiamento, subvencións e coofinanciamento de servizos como o SAF e CEDRO).

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento (FCF) e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma.

En canto aos primeiros, as previsións para o concepto de FCF, vaise a axustar aos ingresos a conta do ano 2019, producíndose un axuste positivo do1,00%.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma farase a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación. Neste último caso, tendo en conta a liquidación dos anos precedentes, pódese establecer unha previsión de liquidación do 6,8%, sendo esta a variación que se produce neste concepto.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar ten conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar, os ingresos recibidos ata a data e o histórico dende a modificación das horas de prestación aconsellan manter as previsións do ano 2019.

Para o servizo do CEDRO, tendo en conta a liquidación do ano 2018 e as entregas a conta, deberán incrementarse en 200 mil euros.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que concorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

A variación neste capítulo estímase nun 1%, xa que non hai sinatura nesta data do convenio de promoción turística

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Este capítulo foi obxecto de axustes en anos anteriores en función dos tipos de retribución dos excedentes financeiros. Tendo en conta que os tipos de retribución xa están ofertados polas entidades que se presentaron ao procedemento aberto de contratación para a selección de entidade xestora na recadación, sendo a oferta que resultou seleccionada a que ofertou 20 e 15 puntos básicos por encima do custe efectivo do Estado a tres e 12 meses, polo que o rendemento medio non se prevé mais que 30 puntos básicos, que deberán ser aplicados á previsión que se estableza de saldos medios.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

Tamén se imputarán a este capítulo, a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias. Neste sentido, faise a previsión de acordo aos contratos vixentes. Ademais, tamén se fará a preceptiva dotación no estado de gastos. De producirse algún cambio na titularidade, producirase un menor ingreso pero tamén un menor gasto.

Tendo en conta que este capítulo representa unha porcentaxe pequena dentro do orzamento xeral (1,03% aproximadamente), a variación que se produce é negativa sobre a previsión do ano anterior, tendo a súa causa na retribución nula dos saldos de tesourería.

CAPÍTULO 6 (Alleamento de Investimentos reais).

As operacións de ventas de PMS, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzan na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venta.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, ten previsto as contías que se corresponden co programa DUSI e cos convenios vixentes coa Deputación de Pontevedra en relación coa reforma de Balaídos e os da Administración do Estado e Autonómica.

En relación ao Programa DUSI, rexistrarase a subvención correspondente aos empregos previstos no Estado de gastos do Orzamento.

O orzamento reflectirá o financiamento do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia en relación co proxecto das obras do Túnel de Lepanto e acceso á Estación do AVE e a Intermodal, sendo as contías as previstas no convenio asinado entre as partes. Así mesmo, no estado de gastos, reflectirase as achegas das tres administracións financiadoras do proxecto.

Tamén se reflectirá o financiamento polos ingresos correspondentes ao Convenio co Ministerio de Fomento en relación coa mellora da infraestrutura da Avd. De Madrid.

O Capitulo 7, tendo en conta o financiamento de proxectos por outras administracións, a súa contía vai a ter unha diminución en relación co ano 2019 que estará preto ao (7%), aínda que representando algo máis do 50% do financiamento do proxectos de investimentos.

Se se asinasen convenios de financiamento finalista con outras administracións antes de pechar a información do ano 2020, habería que incorporalos.

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

Expediente 62/142

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2020, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación, Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019)

ASINADO POR: Concelleiro Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-07-23T12:21:24+02:00 -

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA.

Expediente nº 62/142

Asunto: Xustificación das Subvenciones Nominativas

Orzamento 2020

Expediente 62/142

Dirixido aos seguintes servizos:

1532: Fomento.

2310: Benestar Social.

2311: Igualdade de xénero.

2410: Fomento e Promoción do Emprego.

3230, 3231, 3260: Promoción educativa e servizos complementarios de educación.

3331,3340: Equipamentos culturais e Promoción Cultural.

3370: Ocupación e tempo Libre (Xuventude).

3380: Festas populares e festexos.

3410: Promoción e fomento do deporte.

4320: Información e Promoción turística.

9240: Participación Cidadá.

Con data 23 de xullo de 2019, o Sr. Alcalde Presidente, resolveo sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2020. Coa mesma data, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

De acordo co artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, enténdese por subvención, toda disposición dineraria realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 da LGS, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.

c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

O procedemento ordinario de concesión das subvencións é o do réxime de concurrencia competitiva.

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-07-29T12:56:36+02:00 -

Documento asinado

Expediente nº 62/142

Con carácter execpcional, as que figuran nominativamente no orzamento, para elo, debe figurar o beneficiario.

Aos efectos de incorporar a identificación xurídica do beneficiario á documentación que conforma o Orzamento, deberáse xustificar a condición de subvención nominativa, indicando para cada grupo homoxéneo: Xustificación para que teñan a condición de nominatia e finalidade.

Para cada beneficiario:

Nome e CIF.

As contías e beneficiarios, salvo que se propoña a súa baixa, son as que figuran no orzamento do ano 2019 que se reproducen no ano 2020, de aí que requiran a súa xustificación.

Xustificación do seu carácter nominativo.

Nota: Envíase listado das subvención, tan só hai que xustificar aquelas que teñen carácter nominativo.

Incorpórase un trámite AUT para cada un dos Srs. Xefes de Servizo ou Área se fose o caso, para que se incorpore o informe ao expediente.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-07-29T12:56:36+02:00 -

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
CONTABILIDADE E ORZAMENTOS

Expediente: 62/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación

A: Dirección de Ingresos (Dona María Jesús Magdalena)

Asunto: Orzamento 2020

Expediente 62/142

Con data 23 de xullo de 2019, o Sr. Alcalde Presidente, resolveo sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2020. Coa mesma data, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberase achegar o anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local tendo en conta o proxecto de modificación de Ordenanzas en trámite.

O devandito anexo que ven sendo confeccionado os últimos anos, deberá ser asinado e incoporado ao expediente, a tal efecto, dase un trámite AUT para autorizar á Sra. Xefa de Área para a súa incorporación ao expediente electrónico.

A confección do documento podería seguir a estrutura que regula o formulario do MINHFP F.1.1.17.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 168.1.g), se solicita a emisión do informe de ingresos e bases utilizadas para xustificar as previsións contidas no devandito estado.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario.

Luís García Álvarez

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-07-29T13:37:46+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 1 de 1
Expediente 62/142 | CSV: 28E2CD-E948EF-BCBC51-T1QEUE-XR2KAY-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

CONCELLO DE VIGO

Asunto: Xustificación das subvencións nominativas no orzamento 2020.

**3370 4890003 SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP Importe 24.500,00€**

APAMP, Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral
C.I.F. G-36624120

***XUSTIFICACIÓN DO SEU CARÁCTER NOMINATIVO.-***

O obxecto da presente subvención é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer do colectivo infantil con necesidades de integración e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.
Na devandita subvención concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.
Que o Asociación APAM é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002 , contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal.

**3370 4890004 SUBVENCIÓN LUDOTECA AV CORUXO Importe 24.500,00 €**

**Nota:** Na descrición da aplicación orzamentaria debería figurar Subvención Programa de Dinamización Infantil , pois non contan con autorización de Xunta de Galicia para o desenvolvemento dunha Ludoteca. Compre cambiar a denominación.

Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo

CIF G36627495

ASINADO POR: Xefa Xuventude (Mª Del Pilar Carneiro Miniño) 2019-07-29T14:21:19+02:00 -

Documento asinado

## *XUSTIFICACIÓN DO SEU CARÁCTER NOMINATIVO.-*

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2002 na realización de actividades deste tipo, as cales permiten ofrecer aos cidadáns desta parroquia uns servizos que a administración municipal non podería prestar por si mesma.
Así o obxecto do presente convenio é desenvolver na parroquia de Coruxo un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer dos/das máis novos/as e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal.
Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezasete anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o Servizo.

**3370 4890002 SUBVENCIÓN LUDOTECA AV LAVADORES Importe 28.000,00 €**

**Nota:** Na descrición da aplicación orzamentaria debería figurar **“Subvención Programa de Dinamización Infantil”** , pois non contan con autorización de Xunta de Galicia para o desenvolvemento dunha Ludoteca. Compre cambiar a denominación.

Asociación Veciñal , Cultural e Deportiva de Lavadores
CIF: G36633618

## *XUSTIFICACIÓN DO SEU CARÁCTER NOMINATIVO.-*

A Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades deste tipo, as cales permiten ofrecer aos cidadáns desta parroquia uns servizos que a administración municipal non podería prestar por si mesma.
Así o obxecto do presente convenio é desenvolver na parroquia de Lavadores un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer dos e das máis novos e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da citada asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

ASINADO POR: Xefa Xuventude (Mª Del Pilar Carneiro Miniño) 2019-07-29T14:21:19+02:00 -
Documento asinado

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores  é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e  con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal.

Vigo, na data da sinatura dixital
Pilar Carneiro Miniño
Xefa do Servizo de Xuventude

ASINADO POR: Xefa Xuventude (Mª Del Pilar Carneiro Miniño) 2019-07-29T14:21:19+02:00 -

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
CONTABILIDADE E ORZAMENTOS

Expediente: 62/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación

A: Xefatura Área de Servizos Socias (D. Jesús Torrón)

Asunto: Orzamento 2020

Expediente 62/142

Con data 23 de xullo de 2019, o Sr. Alcalde Presidente, resolveo sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2020. Coa mesma data, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incorporarase un anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se reflicten, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

En consecuencia, solicítase informe ao respecto.

Incorpórase un trámite AUT para que o Sr. Xefe de Área poida incorporar o informe.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario.

Luís García Álvarez

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-07-30T07:54:35+02:00 -

Documento asinado

Expediente nº: 62/142

**Informe sobre o impacto de xénero para a súa incorporación ao Orzamento do ano 2020.**

**Servizo: Igualdade de xénero**

Expediente 62/142

**Resolución de inicio do expediente**

Con data 23 de xullo de 2019, o Sr. Alcalde Presidente, resolveo sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2020. Coa mesma data, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

**1. Antecedentes normativos**

O Tratado de Amsterdam que modifica o Tratado Constitutivo da Unión Europea recolle no seu articulado como misión da Unión Europea a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres e a necesidade de promover a súa igualdade, introducindo este principio en todas as políticas e en todos os programas. Neste sentido, a Decisión do Consello 2001/51/CE de 20 de decembro de 2000, establece a estratexia comunitaria en materia de igualdade entre mulleres e homes (2001-2005), que ten continuidade no Plan de Traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes 2006-2010 ata chegar á actual Estratexia comunitaria para a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2011-2015 que determina que se ha de integrar a perspectiva de xénero no conxunto das políticas que leven a cabo (...) e tamén mediante procesos de análises de impacto e avaliación.

Polo que se refire ao ordenamento interno, a Constitución Española establece no seu artigo 9.2, que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e socia, e no seu artigo 14, estable que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O Dereito positivo estatal recolle o mandato constitucional e, así, a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 15 determina a obriga para os poderes públicos e as Administracións Públicas de integrar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as súas actuacións de forma transversal e que o deben integrar de forma activa na definición e presupuestación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-07-30T07:54:42+02:00 -

Documento asinado

A nivel autonómico, o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, adquire o compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigacións impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

A Nivel Local, o Concello de Vigo ten vixente o un Plan de Igualdade que persegue os obxectivos dá normativa anterior e forma parte das preocupacións e da actividade transversal do Goberno local acadar a igualdade real entre as persoas, con independencia do seu sexo, e a eliminación de calquera barreira que dificulte este obxectivo.

**2. Obxectivos**

Sendo un obxectivo desta Administración o de garantir o respecto á igualdade, procede ir incorporando información sobre o impacto de xénero na documentación que conforma o orzamento local, para dar aplicación ao marco normativo referenciado, sen prexuízo de que a estrutura do informe sexa obxecto dunha evolución no futuro.

En orden á inclusión na norma orzamentaria desta previsión, faise aconsellable anexar un informe adicional sobre as dotacións orzamentarias e o impacto de xénero. Por iso, solicítase informe que abarce todos os programas de gasto que teñen relación co obxectivo.

A estes efectos remítese o anteproxecto do orzamento da Entidade Local e as Bases de Execución do Orzamento ( verificación de que norma non contén linguaxe sexista)

Na información sobre os programas e as dotacións orzamentarias figuran aqueles/as que poden ter impacto de xénero, identificando aquelas que teñen destinatarios singulares por razón de xénero masculino ou feminino, así como políticas orzamentarias e accións desenvolvidas que se manteñen no Orzamento do ano 2020 para esta finalidade.

Deberase ter en conta o número de usuarios ou beneficiarios por xéneros das accións previstas tendo en conta a información enviada e a coñecida.

Para concretar as medidas, deberase incorporar datos ou accións concretas conducentes a reducir o impacto de xénero

Os informes que se acheguen, formarán parte da documentación que se incorpore ao orzamento.

Aos efectos de incorporar o informe ao expediente, se da un trámite AUT sobre o mesmo.

É necesario que o informe estea remitido con anterioridade ao remate do mes de setembro.

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-07-30T07:54:42+02:00 -

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 62/142

Incorpórase un trámite AUT para que a Sra. Xefa do Servizo poida incorporar o informe ao expediente.

O Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Alvarez

O Concelleiro Delegado dá Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación Da Alcaldía Presidencia de 18 e 26 de xuño de 2019

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-07-30T07:54:42+02:00 -

Documento asinado

| SERVIZO DE EDUCACION | CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN E XUVENTUDE | CONCELLO DE VIGO |
|---|---|---|

| | |
|---|---|
| **EXPEDIENTE:** 62-142 | **ASUNTO:** XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES NOMINATIVAS |
| | **SOLICITANTE:** DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA |

## INFORME:

En resposta á solicitude sobre xustificación da condición de subvención nominativa achégase a seguinte información:

- Nome e CIF: Federación Olívica de ANPA (F.O.A.N.P.A.) CIF: G-36743946
- Beneficiario: FOANPA, que é a Federación das ANPAS dos centros públicos de ensino de Vigo.
- Contía: 606.039,31 €
- Xustificación do seu carácter nominativo:

O convenio coa Federación Olívica de ANPA de Vigo e Comarca xustificase nas competencias que ten o Concello de Vigo para a realización das actividades ás que se refire o mesmo para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercicio físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

Con esta subvención financianse 52 Anpas que prestan servizo en 25 comedores escolares para 2.170 comensais; Aulas Matinais que atenden a 804 escolares e 465 actividades extraescolares nas que participan 8.972 alumnos.

A Xefa do Servizo de Educación (sinatura dixital)

ASINADO POR: Xefa Servizo De Educación (María José Loureiro Bada) 2019-08-05T14:30:00+02:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-08-28T09:51:46+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüistica (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-08-28T10:09:56+02:00 -



| | |
|---|---|
| Expediente: | 62/142 |
| Asunto: | Xustificación de subvención nominativa para o expediente "Orzamento municipal 2020"<br>Identificación da entidade beneficiaria:<br>Nome: **"Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo"**<br>CIF: G36928646<br><br>Contía da subvención exercicio 2020: 30.300,00 €<br>Exercicio orzamentario: 2020<br>Programa: *Igualdade de Xénero* 2311 489 0004 |
| Informe emitido a petición da Dirección Superior contable e Orzamentaria mediante oficio de data 29.07.2019 | |

**INFORME:**

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller dependente do Concello de Vigo, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, servizo que se complementa coa rede de acollemento e protección integrada polo Centro de Emerxencia e por vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben con carácter anual unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:

. Traballar na prevención dos malos tratos
. Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
. Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
. Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-08-28T09:51:46+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüistica (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-08-28T10:09:56+02:00 -

En base ao anterior e atendendo a:

PRIMEIRO.- Considerando que os fins da entidade cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres.

SEGUNDO.- Considerando que o as áreas de traballo que realiza a entidade e que se enmarcan no proxecto que presentan a este órgano xestor cumpren os obxectivos e finalidade da Concellería de igualdade no eido do fomento da Igualdade de Xénero, na prevención da violencia de xénero e na atención e acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

TERCEIRO.- Considerando que coa execución deste proxecto acádanse os seguintes obxectivos estratéxicos:

a) Mellorar a atención integral das mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.

b) Establecer redes de colaboración con asociacións de mulleres que traballan a prol da igualdade, e especialmente na loita contra a violencia de xénero.

c) Formar, informar e previr á cidadanía sobre a violencia de xénero.

d) Visibilizar e concienciar socialmente sobre a situación na que se atopan as mulleres (e persoas delas dependentes) vítimas de violencia de xénero.

CUARTO.- Considerando que na cidade non existe ningunha outra entidade de iniciativa social que realice e teña consolidada esta ampla rede estruturada de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero

Polo anteriormente exposto:

Este órgano xestor valora de interese que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a tramitación no exercicio 2020 dunha subvención nominativa a través da tramitación dun convenio de colaboración coa entidade "Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo". A dita subvención enmárcase na liña estratéxica"*Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais* (colectivo de vítimas de violencia de xénero) do proxecto de Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2019-2021. Para que este órgano xestor poida realizar a tramitación do correspondente expediente será preciso que no Orzamento finalmente aprobado para o exercicio 2020 se consigne crédito adecuado, necesario e suficiente a nome da entidade "Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo" na partida 2311 4890004 do programa "Igualdade de Xénero".

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do servizo de Igualdade; Cristina Gómez García

CONFORME:
A Concelleira delegada de Igualdade; Eugenia D. Blanco Iglesias

Documento asinado

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -

CONCELLO DE VIGO

**EXPTE 62/142**
**ASUNTO.- INFORME RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE SUBVENCIÓNS E DAS CORRESPONDENTES SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS INCLUÍDAS NOS ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA.**

**Sr. D. Luis García Álvarez**
**Director superior contable e orzamentario**
**Contabilidade**

Seguindo a solicitude do Director Superior Contable e Orzamentario, procédese a emitir o presente informe xustificativo das subvencións nominativas que se incluirían no orzamento municipal para o exercicio 2020 no programa 3340-Promoción Cultural e 3331-Equipamentos culturais:

**LIÑA 1.- Convenios de promoción e difusión da cultura**

Esta liña estratéxica responde ao obxectivo de subvencionar aquelas programacións culturais que organizan entidades sen ánimo de lucro e/ou empresas, que teñen estabilidade ao longo do ano e un forte arraigo dentro da cidadanía. Estas programacións considéranse en todos os casos de interese público, social e cultural.

Os obxectivos básicos que se persiguen son:

a) Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantizando o exercicio de acceso universal á mesma, mediante a promoción e difusión cultural e artística
b) Satisfacer as demandas culturais da cidadanía en xeral, e a potenciación e conservación da artes escénicas e da música nas súas distintas vertentes en especial
c) Facilitar o desenvolvemento de actividades, accións e intervencións que contribúan á implantación e difusión da cultura, en especial as relacionadas coas artes escénicas e/ou da música en xeral
d) Fomentar a participación activa dos cidadáns, individual e/ou colectivamente na promoción da acción cultural da cidade, posibilitando o desenvolvemento de diferentes programacións culturais e artísticas
e) Favorecer a creación e potenciación de novos públicos, especialmente no ámbito das artes escénicas e/ou da música

As subvencións van dirixidas a persoas físicas ou xurídicas, entidades sen ánimo de lucro, empresas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, ainda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos oo se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

No exercicio 2020, téñense incluído as seguintes subvencións nominativas:

***1.- Ártika CB, E-27806942, 4.000 €. Programación de artes escénicas e musicais***
A Sala Ártika naceu no ano 2014 co obxectivo de achegar aos cidadáns o teatro, converténdose nun punto cultural de referencia na cidade e incluso en Galicia. A día de hoxe, conta con espectáculos todas as fins de semana, incluíndo distintas disciplinas artísticas tales como o teatro (actores, títeres e obxectos), danza, música, circo, maxia....e tanto para público adulto como para público familiar. Ademais, inclúe programacións destinadas a colexios e institutos, con espectáculos adaptados ás distintas etapas educativas.

Por último, a Sal Ártika cumple a importante función de sede e lugar de residencia de compañías teatrais da cidade.

***2.- Teatro Ensalle SLL, B-36920247, 5.000 €. Programación de teatro***
TEATRO ENSALLE é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

***3.- Instituto Estudios Vigueses, G27767524, 37.000 €. Programa de actividades***
INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudios rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.

***4.- Cine Club Lumiere, G-36.758.696. Programación de cine en versión orixinal***
CINECLUB LUMIÈRE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -



***5.- Fundación Coral Casablanca, G-27753771, 23.500 €. Programación de concertos***

FUNDACION CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca. Realiza dende hai anos unha programación anual estable de concertos, participando nas principais celebracións da cidade. Ademais, realiza funcións de captación de novos valores da música coral, promovendo distintas formacións dende idades tempranas.

***6.- Orquesta Clásica de Vigo, G-36688422, 20.000 €. Programación de concertos***

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e tres anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música.A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

***7.- Asociación Amigos da Ópera de Vigo, G-36622116, 50.000 €. Outono lírico***

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social. Por este motivo, realiza anualmente programacións estables de ópera, que teñen un alto seguimento dos cidadáns.

***8.- Fundación Carlos Casares, G-36907244, 6.000 €. Programa de actividades***

FUNDACIÓN CARLOS CASARES é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia. Por este motivo, realiza actividades ao longo de todo o ano para recoñecer e dar a coñecer a figura de Carlos Casares entre a cidadanía.

***9.- Asociación de Corais Polifónicas de Vigo-ACOPOVI, G-36980928, 195.000 €. Programación "Vigo, un mar de corais"***

ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins principais: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral. En total aglutina a 37 masas corais da cidade.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -



***10.- Federación de bandas populares de música de Vigo, G-36855906, 170.000 €. Programa "Vigo, un mar de bandas" e "Aulas de Música"***

FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

**11.-** ***Asociación Premios da Crítica, G-27847839, 9.000 €. Premios da Crítica***

ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2019 chegan á súa cuatrixésima segunda edición. Estos premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

***12.- Fundación Sondeseu, G-36968741, 10.000 €. Programación de concertos***

FUNDACIÓN SONDESEU xestiona a orquestra SONDESEU OFG, que naceu froito dunha experiencia didáctica levada a cabo no departamento de Música Tradicional e Folk da Escola de Artes e Oficios de Vigo (actual ETRAD) no curso 2000-2001. Nace como a primeira orquestra estable de Europa con repertorio folk, que interpreta música tradicional arranxada especialmente para unha amplia variedade de instumentos tales como as zanfonas, arpas, gaitas, voces, percusións, violíns, buzuquis, requintas e contrabaixos.

Te realizado actuacións en diversos festivais de Europa, tales como o CeltFest de Irlanda, Etnohelmántica de Salamanca, Celtica Aosta, Interc´letico de Lorient-Bretaña, Teatro Circo Price de Madrid....Ademais, ten liderado a organización, xunto ao Concello de Vigo, a Rede Europea de Orquestras de Flok, auspiciado pola Axencia Europea da Educación e a Cultura.

***13.- Sociedade Filarmónica de Vigo, G-36652881, 18.000 €. Programación de concertos***

SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai máis de cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -



***14.- Orquestra VIGO 430, G-27743475, 123.000 €. Tempada musical de concertos***

ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e, tal e como estabelecen os seus estatutos, ten como fins sociais "a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais". Foi creada no ano 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. Está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Música de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

**Liña 2.- Subvencións nominativas a eventos culturais relevantes**

Esta liña estratéxica responde ao obxectivo de subvencionar aqueles eventos culturais que organizan entidades sen ánimo de lucro e/ou empresas, que teñen un forte arraigo na cidade e que supoñen programacións e/ou consursos de características individualizadas e exclusivas. Estos eventos considéranse en todos os casos de interese público, social e cultural.

Os obxectivos básicos que se persiguen son:

a) Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantizando o exercicio de acceso universal á mesma, mediante a promoción e difusión cultural e artística
b) Satisfacer as demandas culturais da cidadanía e a potenciación e conservación da cultura nas súas distintas vertentes
c) Facilitar o desenvolvemento de eventosactividades, accións e intervencións que contribúan á implantación e difusión da cultura
d) Fomentar a participación activa das entidades sen ánimo de lucro na promoción da acción cultural da cidade, posibilitando o desenvolvemento de diferentes programacións culturais
e) Apoiar eventos culturais relevantes que se desenvolven no termo municipal e con arraigo dentro da cidadanía

As subvencións van dirixidas a persoas físicas ou xurídicas, entidades sen ánimo de lucro, empresas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, ainda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos oo se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -



No exercicio 2020, téñense incluído as seguintes subvencións nominativas:

***1.- Sinsaludio SL, B-36898369, 7.000 €. Festival Sinsal***

SINSALAUDIO S.L**.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

***2.- Asociación Cultural Vértixe Sonora, G-27751296, 7.000 €. Festival Internacional de reación contemporánea***

ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuizada da creación sonora internacional.

***3.- Asociación Amigos da Ruta Marítima Apóstol Santiago, G-27742485, 8.000 €.***
**RUTA MARÍTIMA XACOBEA "O CABALEIRO DAS CUNCHAS"**

ASOCIACIÓN AMIGOS DA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a recuperación, promoción, defensa e difusión da Traslatio, é dicir, a ruta marítima Xacobea pola que se trouxeron os restos do Apóstolo Santiago a Galicia. Por este motivo, veñen organizando dende hai nove anos o programa cultural denominado “Ruta Marítima Xacobea “Cabaleiro das Cunchas”.

***4.- Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, G-36791291, 10.000 €. Festa da Cultura***

AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades; motivo polo que organizan dende hai varios anos a FESTA DA CULTURA na cidade de Vigo.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -
Documento asinado

***5.- Conservatorio Superior de Música de Vigo, Q-8650014-G, 4.000 €. Festival "Nas Ondas"***

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS", que tense consolidado como un referente da actividade musical en Galicia.

***6.- Asociación Galega de instumentos de corda-AGIC, G-27761196, 9.000 €. Concurso de instrumentos de corda***

ASOCIACIÓN GALEGA DE INSTRUMENTOS DE CORDA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da música de corda en todos os seus ámbitos e en todas as súas variantes. Por este motivo, veñen organizando dende o ano 2012 o Concurso de violín, viola e violonchelo "Cidade de Vigo", como vehículo onde os novos talentos dos instrumentos de corda fregada poidan coñecer, descubrir e demostrar o nivel interpretativo requerido para a evolución das súas carreiras musicais. O concurso ten ampliado nos últimos anos o seu ámbito xeográfico a toda a Península Ibérica.

***7.- Asociación de Música Clásica, G-27813286, 9.000 €. Concurso de piano "Cidade de Vigo"***

ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan o CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE VIGO"**,** cunha alta participación de músicos de todo o mundo.

***8.- Federación de Libreiros de Galicia, V-15038458, 7.200 €. Feiras do Libro de Vigo***

FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrumpidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con estabelecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -



***9.- Asociación Cultural Reencanto Producións, G-27780766, 5.000 €. Festival Primevera do cine en Vigo***

ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓNS é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o Festival Primavera do Cine en Vigo, evento que se ten convertindo nun referente do sector a nivel non só da comunidade autónoma galega, se non tamén no resto de España e incluso Portugal.

***10.- Agrupación Fotográfica Galega, G-36733616, 8.000 €. Maratón Fotográfico***

AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA é unha asociación sen ánimo de lucro cuxos obxectivos son a difusión e promoción da fotografía, onde teñen cabida fotógrafos de todo tipo de tendencias e procedencias. Fundada en 1946 é a primeira entidade deste tipo que xurdiu en Galicia e caracterizouse por ser aberta a todas as persoas afeccionadas á fotografía. Dende o ano 1991 organizan ininterrumpidamente o Maratón Fotográfico, un evento totalmente arraigado na cidade, cunha alta participación.

**<u>Liña 3.- Convenios de promoción de espazos culturais de interese público</u>**

Esta liña estratéxica responde ao obxectivo de subvencionar espazos culturais de interese público, que teñen unha programación estable ao longo do ano e cun carácter representativo e singular dentro da cidadanía.

Os obxectivos básicos que se persiguen son:

a) Fomentar unha oferta cultural de calidade, garantizando o exercicio de acceso universal á mesma
b) Promover o desenvolvemento do sector cultural e creativo
c) Axudar ao fomento de actividades culturais en espazos de interese público
d) Fomentar a creación e/ou potenciación de novos públicos

No exercicio 2020, tense incluído unha subvención nominativa para a actividade cultural no Auditorio “Mar de Vigo”; a condición de nominativa ben dada ao espazo cultural, non por razón de suxeito, senon por razón ao obxecto, e ao inmoble no que se desenvolven as actividades culturais.

Vigo, data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

Jesús López Moure

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Conforme,

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego

e Participación Cidadá

Abel Losada Álvarez

ASINADO POR: Xefe Servizo De Xestión E Promoción Cultural (Jesús López Moure) 2019-09-10T09:28:31+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-09-10T09:31:48+02:00 -

Documento asinado

# BENEFICIOS FISCAIS EN TRIBUTOS LOCAIS

Se emite o presente informe en relación co establecido no art.168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece: *O orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e ao mesmo haberá de unirse a seguinte documentación*

*e) Anexo de Beneficios Fiscais en Tributos Locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.*

Se recolle a información nas dúas táboas anexas (seguindo a estrutura que regula o formulario do MINHFP F.1.1.17)

Vigo,

O TÉCNICO DE SERVIZOS ECONÓMICOS
(sinatura dixital)

*Conforma*:

A DIRECTORA DE INGRESOS
(sinatura dixital)

ASINADO POR: Tecnico Medio Serv.economicos (Pablo Varela Ballesteros) 2019-09-12T12:56:34+02:00 - Directora Ingresos (María Jesús Magdalena Vila) 2019-09-13T09:32:19+02:00 -

Documento asinado

| EXPLICACIÓN DE BENEFICIOS FISCALES EN IMPUESTOS | |
|---|---|
| **Impuesto sobre Bienes Inmuebles** | **4.182.786 €** |
| Bonificación por empresas de urbanización (art. 73.1 TRLRHL) | 8.000 € |
| Bonificación por viviendas de protección oficial (art. 73.2 TRLRHL) | 3.000 € |
| Bonificación por bienes rústicos de cooperativas agrarias (art. 73.3 TRLRHL) | 0 € |
| Bonificación por bienes inmuebles en asentamientos de población singulares (art. 74.1 TRLRHL) | 0 € |
| Bonificación por cultivos, aprovechamientos o uso de construcciones (art. 74.2 TRLRHL) | 0 € |
| Bonificación por inmuebles de organismos de investigación y universidades (art. 74.2 bis TRLRHL) | 0 € |
| Bonificación por BICEs atendiendo a los diferentes grupos de estos bienes (art. 74.3 TRLRHL) | 0 € |
| Bonificación por familia numerosa (art. 74.4 TRLRHL) | 100.000 € |
| Bonificación por instalaciones de sistemas de aprovechamiento energético (art. 74.5 TRLRHL) | 0 € |
| Exención a favor de centros educativos concertados (art. 7.1 Ley 22/1993) | 375.000 € |
| Otros beneficios fiscales no incluidos anteriormente | **3.696.786 €** |
| Exención potestativa centros sanitarios de titularidad pública (art.62.3 TRLRHL) | 85.000 € |
| Exención potestativa por criterios de economía en la gestión recaudatoria (art.62.4 TRLRHL) | 16.500 € |
| BICES | 515.000 € |
| RÚSTICOS | 6.000 € |
| Resto de Exenciones OBLIGATORIAS (art.62 TRLRHL) | 3.074.286 € |
| **Impuesto sobre Vehículos Tracción Mecánica** | **1.942.600 €** |
| Exención a favor de vehículos oficiales (art. 93.1 a) TRLRHL) | 20.000 € |
| Exención a favor de vehículos de representación diplomática (art. 93.1 b) TRLRHL) | 0 € |
| Exención a favor de vehículos por aplicación de tratados internacionales (art. 93.1 c) TRLRHL) | 100 € |
| Exención a favor de ambulancias y vehículos de asitencia sanitaria (art. 93.1 d) TRLRHL) | 13.000 € |
| Exención a favor de vehículos para personas de movilidad reducida (art. 93.1 e) TRLRHL) | 680.000 € |
| Exención a favor de vehículos destinados al transporte público urbano (art. 93.1 f) TRLRHL) | 31.500 € |
| Exención a favor de tractores y remolques con Cartilla de Inspección Agrícola (art. 93.1 g) TRLRHL) | 35.000 € |
| Bonificación por tipo de carburante (art. 95.6 a) TRLRHL) | 140.000 € |
| Bonificación por tipo de motor (art. 95.6 b) TRLRHL) | 93.000 € |
| Bonificación por vehículos históricos (art. 95.6 c) TRLRHL) | 880.000 € |
| Otros beneficios fiscales no incluidos anteriormente | 50.000 € |
| **Impuesto sobre Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana** | **1.110.000 €** |
| Exención por constitución y transmisión de derechos de servidumbre (art. 105.1 a) TRLRHL) | 0 € |
| Exención por transmisión de bienes de Conjunto Histórico-Artístico (art. 105.1 b) TRLRHL) | 10.000 € |
| Exenciones por razón del sujeto (art. 105.2 TRLRHL) | 100.000 € |
| Bonificación por transmisiones "mortis causa" a favor de familiares citados en art. 108.4 TRLRHL) | 900.000 € |
| Otros beneficios fiscales no incluidos anteriormente | 100.000 € |
| **Impuesto sobre Actividades Económicas** | **215.000 €** |
| Bonificación a favor de cooperativas fiscalmente protegidas (art. 88.1.a) TRLRHL) | 75.000 € |
| Bonificación por inicio de actividad (arts. 88.1.b) y 88.2.a) TRLRHL) | 30.000 € |
| Bonificación por creación de empleo (art. 88.2.b) TRLRHL) | 10.000 € |
| Bonificación por utilización de energías renovables (art. 88.2.c) TRLRHL) | 0 € |
| Bonificación por rendimientos netos negativos o de cuantía mínima (art. 88.2.d) TRLRHL) | 0 € |
| Otros beneficios fiscales no incluidos anteriormente | 100.000 € |
| **Impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras** | **235.000 €** |
| Exención por razón del sujeto con el destino citado en art. 100.2 TRLRHL | 50.000 € |
| Bonificación por construcciones, instalaciones y obras de especial interés (art. 103.2 a) TRLRHL) | 100.000 € |
| Bonificación por especial aprovechamiento energético (art. 103.2 b) TRLRHL) | 5.000 € |
| Bonificación por planes de fomento de inversiones privadas en infraestructuras (art. 103.2 c) TRLRHL) | 0 € |
| Bonificación por viviendas de protección oficial (art. 103.2 d) TRLRHL) | 30.000 € |
| Bonificación por accesibilidad y habitabilidad de discapacitados (art. 103.2 e) TRLRHL) | 45.000 € |

ASINADO POR: Tecnico Medio Serv.economicos (Pablo Varela Ballesteros) 2019-09-12T12:56:34+02:00 - Directora Ingresos (María Jesús Magdalena Vila) 2019-09-13T09:32:19+02:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Tecnico Medio Serv.economicos (Pablo Varela Ballesteros) 2019-09-12T12:56:34+02:00 - Directora Ingresos (María Jesús Magdalena Vila)

F.1.1.17 – Beneficios fiscales y su impacto en la recaudación
Unidades: euros

| TRIBUTOS | Previsiones iniciales sin beneficios fiscales | Existencia beneficios fiscales voluntarios | Estimación importe beneficios fiscales obligatorios | Estimación importe beneficios fiscales voluntarios | Estimación importe beneficios fiscales compensados por la AGE | Previsiones iniciales con beneficios fiscales | Impacto en la recaudación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | % Previsiones iniciales con beneficios fiscales/Previsiones inciales sin beneficios fiscales |
| **IMPUESTOS** | **112.301.291 €** | | **5.095.591 €** | **2.425.000 €** | **460.000 €** | **105.240.700 €** | 93,71% |
| 112: Impuesto sobre Bienes Inmuebles. Bienes Inmubles de Naturaleza Rústica. | 56.000 € | no | 6.000 € | 0 € | 0 € | 50.000 € | 89,29% |
| 113: Impuesto sobre Bienes Inmuebles. Bienes inmuebles de Naturaleza Urbana. | 69.710.491 € | sí | 3.395.491 € | 200.000 € | 375.000 € | 66.490.000 € | 95,38% |
| 114: Impuesto sobre Bienes Inmuebles. Bienes Inmuebles de características especiales. | 2.965.000 € | no | 515.000 € | 0 € | 0 € | 2.450.000 € | 82,63% |
| 115: Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica | 16.564.100 € | sí | 744.100 € | 1.170.000 € | 0 € | 14.650.000 € | 88,44% |
| 116: Impuesto sobre Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana | 7.460.000 € | sí | 210.000 € | 850.000 € | 0 € | 6.400.000 € | 85,79% |
| 130: Impuesto sobre Actividades Económicas | 13.730.600 € | sí | 185.000 € | 30.000 € | 85.000 € | 13.600.600 € | 99,05% |
| 290: Impuesto sobre construcciones, instalaciones y obras | 1.815.100 € | sí | 40.000 € | 175.000 € | 0 € | 1.600.100 € | 88,15% |
| **TASAS** | **27.573.200 €** | **sí** | **0 €** | **550.000 €** | **0 €** | **27.023.200 €** | 98,01% |
| **CONTRIBUCIONES ESPECIALES** | **1.000.000 €** | **no** | **0 €** | **0 €** | **0 €** | **1.000.000 €** | 100,00% |

Documento asinado

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



Expediente: 62/142

Atendendo á solicitude realizada pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria municipal, emítese o presente informe de impacto de xénero sobre o anteproxecto de orzamentos do programa orzamentario: 2311 – Igualdade de xénero- para o futuro exercicio 2020.

# INTRODUCIÓN

## A) AS POLÍTICAS DE IGUALDADE MUNICIPAIS. TRAXECTORIA DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo ven desenvolvendo nas últimas décadas políticas favorecedoras da igualdade entre mulleres e homes, a través da creación dunha rede de servizos e programas específicos, que foron ampliándose e consolidándose cos diferentes gobernos municipais. Desde a creación dun departamento da muller, a igualdade entre mulleres e homes foi configurándose como unha área cada vez con maior prioridade para o goberno, contando na actualidade cunha concellería propia e un orzamento propio: actualmente denominada Concellería de Igualdade, que desde a última lexislatura se enmarca dentro da área de Igualdade e Normalización Lingüística.

Cabe salientar o recoñecemento que ten o labor desenvolvido por esta Concellería e que se materializa na concesión de dous Premios Nacionais, no Concurso de Boas Prácticas Locais contra a violencia de xénero, convocado pola Delegación do Goberno para a violencia de xénero en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias:

- No ano 2013, como recoñecemento ao Programa "Enlaza Vigo", que se ven realizando anualmente con motivo da conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional contra a Violencia de Xénero*.
- No ano 2017, como recoñecemento á "Rede municipal de información e atención a vítimas de violencia de xénero no Concello de Vigo", integrada polos servizos municipais de acollemento, atención e intervención coas vítimas de violencia de xénero que se detallan neste informe.

Entre as liñas de actuación desta concellería destacamos as seguintes:

**I)** Os Plans de Igualdade municipais e contra a violencia de xénero. Elaboración, execución e avaliación continua e final dos seguintes plans ao longo da traxectoria desta área:

- I Plan de Igualdade de oportunidades para as Mulleres de Vigo. 1993-1997



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 1 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidade e de trato das Mulleres de Vigo. 2003-2004.
- I Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2000-2003
- II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007
- III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2005-2007
- IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo 2009-2012 (Plan actualmente en vigor por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de data 25.01.2013 na que se acorda *"prorrogar a vixencia do IV Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo,aprobado pola Corporación municipal o 25 de novembro de 2009 para o período 2009/2012, ata que finalice o proceso de avaliación do mesmo e o proceso de elaboración dun novo Plan Municipal de Igualdade".* Acordo ratificado polo Pleno do Concello en sesión do 25.02.2013).
- Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo (en fase de elaboración). Mediante Resolución do día 19 de xullo de 2016, o Alcalde do Concello de Vigo aproba o compromiso desta administración local de establecer políticas que integren a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da nosa organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da mesma, de acordo coa definición de dito principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

  Para levar á práctica estes principios enunciados, asúmese a obriga de elaborar plans de igualdade para as persoas traballadoras do sector público. Esta obriga está recollida tanto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes que afecta directamente á Administración Xeral do Estado e os seus Organismos Públicos; como na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregada/o Público (en adiante o EBEP), que implica a todas as Administracións Públicas.

  Os compromisos adquiridos polo Concello de Vigo nesta Resolución son os seguintes:



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 2 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüistica (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



*Esta Administración local comprométese:*

*1º A desenvolver as medidas de igualdade en todos e cada un dos ámbitos nos que se desenvolva a súa actividade, asumindo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, atendendo de forma especial á discriminación indirecta.*

*2º A integrar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na organización como principio básico e transversal.*

*3º A incluír este principio nos obxectivos da política da organización e, particularmente, na política de xestión de recursos humanos.*

*4º A facilitar os recursos necesarios, tanto materiais como humanos, para a elaboración do diagnóstico, definición e implementación do Plan de Igualdade e a inclusión da igualdade na negociación colectiva.*

*5º Deste principio de igualdade tamén farase partícipe a todas as empresas prestadoras e/ou concesionarias dos servizos públicos coas que esta Administración mantén relacións.*

*6º O plan de igualdade atenderá, entre outras, as materias sinaladas no artigo 46.2 da Lei 3/2007 de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción e formación, retribucións, ordenación do tempo de traballo para favorecer, en términos de igualdade entre mulleres e homes, a conciliación laboral, persoal e familiar, e a prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo. Así como respectará os criterios de actuación que se establecen no artigo 51 para as Administracións Públicas, segundo o cal, estas no ámbito das súas competencias, removerán os obstáculos que impliquen calquera tipo de discriminación, facilitarán a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, fomentarán la formación en igualdade, promoverán a presencia equilibrada de homes e mulleres nos órganos de selección e valoración, establecerán medidas de protección fronte a situacións de acoso sexual, establecerán medidas para eliminar discriminacións retributivas por razón de sexo e avaliarán a efectividade do principio de igualdade.*

*7º Para todo isto deseñaranse actuacións que supoñan melloras respecto á situación presente, arbitrándose os correspondentes sistemas de avaliación e seguimento, coa finalidade de avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes na entidade e, por extensión, no conxunto da sociedade.*

*8º Para levar a cabo este propósito contarase coa representación legal de traballadores e traballadoras (RLT), tal e como establece a Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes e o art. 11 da Lei 2/2007 de 28 de marzo do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia.*

A Mesa Xeral de Negociación Colectiva de data 09.04.2019 acorda a constitución da Mesa Sectorial para a Negociación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 3 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüistica (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



Mediante Decreto de data 04.09.2019, o Alcalde do Concello de Vigo resolve a conformidade da proposta de nomeamento dos e das representantes do Goberno Municipal do Concello de Vigo na Mesa Sectorial do Plan de Igualdade e a dita Mesa constituirase na reunión do día 07.10.2019.

**II)** Servizos, programas e recursos específicos de prevención e tratamento da violencia de xénero e de acollida, atención e intervención coas súas vítimas:

- Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres. (CMIDM)
- Programa de atención psicolóxica a menores, fillos/as de mulleres vítimas da violencia de xénero usuarias do Centro de Información.
- Programa de axudas económicas municipais para vítimas de violencia de xénero
- Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero.
- Rede municipal de vivendas de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

**III)** Servizos, programas e recursos dirixidos a combater a discriminación contra das mulleres, e a promover a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres:

- Avaliación das políticas de igualdade: mediante o impulso dos distintos plans de igualdade e a elaboración de informes de impacto de xénero.
- Fomento da participación e do empoderamento das mulleres, apoiando o seu asociacionismo:
  - Coordinación e impulso do Consello da Muller.
  - Xestión e dinamización da Casa das Mulleres, lugar de encontro e dinamización dos colectivos de mulleres e do movemento feminista, así como de programación de actividades municipais.
  - Trámite de subvencións a entidades para a realización de proxectos relacionados co fomento da igualdade.
- Promoción da participación feminina no ámbito do deporte, mediante a convocatoria dunha liña de subvencións a entidades deportivas dirixidas a fomentar o deporte feminino.
- Recepción, canalización e trámite de queixas e suxestións da cidadanía sobre a igualdade de xénero a través do Observatorio Municipal de Xénero.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 4 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- Favorecer a conciliación familiar e facilitar a incorporación laboral, formación e disposición de tempo de lecer ás mulleres da cidade, mediante o coidado dos seus fillos e fillas a través do Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia.
- Oferta dun servizo de xestión da información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade, mediante a xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas.

**IV)** Programas e recursos para a sensibilización, formación e promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero:

- Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a igualdade de oportunidades, a perspectiva de xénero e a prevención e o tratamento da violencia de xénero, dirixidos á cidadanía.
- Xestión de programas dirixidos á comunidade escolar de cara a promover e fomentar a cultura da igualdade entre as novas xeracións, así como a previr a violencia de xénero: "Camiña con nós pola igualdade", "Enlaza Vigo", obradoiros en institutos e demais centros de ensino secundario, etc.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 5 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüistica (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



## B) METODOLOXÍA

Para a realización desta análise, tómase en conta a metodoloxía proposta na "Guía metodolóxica para a elaboración da memoria de análise normativa", publicado o 11 de decembro de 2009 polo Consello de Ministras/os, conforme o establecido no Real Decreto 931/2017, de 27 de outubro, polo que se regula a memoria da análise de impacto normativo; así como "Estratexias para a integración da perspectiva de xénero nos presupostos públicos" publicado polo Instituto da Muller.

Iranse analizando cada un dos programas desenvolvidos por esta Concellería, seguindo os seguintes criterios:

**1º Clasificación dos programas segundo o impacto directo ou indirecto que causen**:[1]

- Impacto directo: aqueles programas que teñen por finalidade a igualdade de oportunidades e/ou inciden directa e fundamentalmente nas mulleres. Trátase de intervencións que contribúen a modificar as causas e os efectos da desigualdade de xénero, e que se poden clasificar nos seguintes grupos:
  - Focalizado en mulleres: Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos
  - Corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida: intervencións que involucren a homes e mulleres, e que xeren condicións materias e culturais para unha mellor distribución do traballo doméstico e reprodutivo.
  - Cultura de Igualdade: intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero. Tamén as accións destinadas a xerar cambios na xestión pública municipal que dean o soporte necesario ás políticas de igualdade.
- Impacto indirecto: os que non están orientados especificamente cara as mulleres pero causan un impacto diferenciado en ambos sexos. A igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, pero no seu deseño e implementación tense en conta o efecto potencial desta, a través da aplicacións dos seguintes criterios:
  - Cóntase cun diagnóstico das brechas de xénero existentes no sector no que se intervén.

1 Proposta adaptada de Zabalaga (2013): *Categorías para a análise e a orientación da inversión pública en igualdade de xénero.* ONU MUJERES. Estas definicións foron tomadas do *Instrutivo para a incorporación de enfoque de xénero no presuposto 2017* elaborado polo Ayuntamiento de Castellón.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 6 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Establécense medidas para garantir un acceso equitativo ás persoas que se benefician directamente dos bens e servizos prestados.
- No deseño e implementación tómanse en conta as necesidades de homes e mulleres de forma diferenciada.
- Tómase en conta o potencial impacto dos bens e servizos na carga de traballo non remunerado e o uso do tempo de homes e mulleres.
- Inclúense medidas para promover a igualdade de oportunidades o acceso ao emprego que se espera xerar a través da intervención.

• Impacto non identificable: gastos de tipo administrativo, destinados ao mantemento do servizo interno, ou esenciais para o seu mantemento. Considérase que o impacto, coa información da que se dispón, non pode ser identificado.

**2º Persoas destinatarias ou beneficiarias destes programas, desagregado por sexo:** para estimar cantas persoas poden ser beneficiarias destes programas para o período 2020, tomáronse en conta os datos desagregados en función do sexo relativos ao ano 2018, por tratarse do último exercicio pechado e polo tanto podemos analizar os datos nun período anual.

**3º Persoal responsable asignado aos programas, desagregado por sexo.**

**4º Total presupostado de cada un dos programas:** o gasto indicado en cada programa/servizo/actividade é o que está previsto nas correspondentes partidas orzamentarias do anteproxecto do orzamento da Entidade Local de 2020, na data de emisión deste informe.

**5º Obxectivos que se propón.** Débese estimar, ademais dos propios obxectivos do programa, se existe traballo non remunerado encuberto provocado pola posta en marcha do programa e valorar os efectos sobre o tempo dispoñible das mulleres e dos homes.

**6º Detección de usos sexistas na linguaxe.** Cabe recordar que o Concello de Vigo publicou unha guía para o uso dunha linguaxe non sexista " A linguaxe fainos iguais", que se pode consultar na páxina web da propia Concellería.



ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 7 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



## CONCELLERÍA DE IGUALDADE

Cómpre dicir que a totalidade dos programas desenvolvidos pola Concellería de Igualdade teñen un impacto de xénero positivo directo e explícito por ter a finalidade de promover a igualdade de oportunidades, remover a discriminación e/ ou fomentar a participación das mulleres.

- Algúns destes programas focalízanse só en mulleres, e están orientados a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos en igualdade de oportunidades. Algúns exemplos son: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia para Vítimas de Violencia de Xénero, Rede Municipal de Vivendas, Servizo Municipal de Atención á Infancia, etc.

- Outros programas pretenden involucrar a homes e mulleres co obxecto de xerar condicións materiais e culturais para unha mellor distribución do traballo doméstico e reprodutivo. Programas de corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida. Exemplos como campañas de sensibilización e concienciación cidadá para o fomento da corresponsabilidade doméstica e familiar e goce do tempo libre.

- Por último, outros programas e servizos teñen por obxecto fomentar e promover entre a cidadanía a cultura de igualdade e remover os obstáculos aínda existentes para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria para todas e todos: intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero; accións destinadas a xerar cambios na xestión pública municipal que dean o soporte necesario ás políticas de igualdade; así como accións de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, de tal xeito que se fomente o rexeitamento dos agresores e o apoio ás vítimas. Exemplos: campañas de sensibilización e concienciación social ("8 de marzo", "25 de novembro", "Campaña para a eliminación de todas as formas de violencia que se exercen sobre as mulleres", "Campaña municipal para favorecer o uso non sexista de xogos e xoguetes", programas de información e formación para a mocidade e centros de ensino da cidade ("Camiña con nós pola igualdade", "EnlazaVigo contra a violencia de xénero", "Xornadas coeducativas", etc.)

- Tamén se especifican algunhas tarefas auxiliares que complementan os distintos programas mencionados, e que dispoñen de partidas orzamentarias concretas, tales como servizos de mensaxería, reparación e mantemento dos servizos adscritos



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 8 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



No anteproxecto do orzamento para o programa "Igualdade de Xénero" para o exercicio 2020 (Programa 2311) consta un crédito de 1.227.257,05 €, desglosado do seguinte xeito:

Cap.1 Gastos de Persoal: 396.776,62 €

Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos: 644.180,43 €

Cap. 4 Transferencias correntes: 186.300,00 €

# CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

**Partidas:** 1200000;1200100;1200300;1200400;1200600;1210000;1210001:1210003;1210004; 1210100;1210101;1210103;1210104;1600000;1620000

**Crédito previsto no anteproxecto de orzamentos:** 396.776,62 €

**Persoal:** 1 Xefa de departamento
1 Axente de igualdade de oportunidades
1 Administrativa
2 Auxiliares administrativas
1 asesora xurídica
1 psicóloga
1 traballadora social

As funcións e tarefas da totalidade do persoal municipal están dirixidas, entre outras, a planificar, desenvolver, executar, coordinar e avaliar os programas e servizos de atención directa a mulleres en situación de vulnerabilidade, ao fomento da igualdade entre mulleres e homes, á prevención da violencia de xénero, a promover o empoderamento do colectivo de mulleres, etc.

Co crédito das partidas de gastos antes descritas desenvólvense os seguintes programas/servizo:

- **A OFICINA DE IGUALDADE**

- **Impacto:** directo positivo. Medidas focalizadas en mulleres, medidas que fomentan a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida, e medidas dirixidas a fomentar unha cultura de igualdade.
- **Descrición:** servizo municipal que xestiona a programación da concellería, avalía as políticas de igualdade e fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos apoiando o seu asociacionismo.
- Coordinación dos servizos e programas:
  - Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres
  - Rede de vivendas de protección



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 9 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia
- Casa das Mulleres
- Centro de Documentación e Recursos Feministas
- Programas conveniados con outras entidades: Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) e convenio coa Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos.

- Realización e apoio a programas que promoven a igualdade:
  - Avaliación de políticas de igualdade
  - Apoio do asociacionismo e fomento da participación das mulleres
  - Observatorio Municipal de Xénero

- Programas e recursos para a sensibilización, formación e promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero:
  - Elaboración e desenvolvemento de campañas de sensibilización
  - Programas dirixidos á comunidade escolar

- **Persoas destinatarias:** a totalidade da poboación
- **Total persoal asignado ao servizo:**
  - Municipal: xefa de servizo, axente de igualdade de oportunidades, administrativa, auxiliar administrativa
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

  - **CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER**

Servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres adscrito á Concellería de Igualdade, no que se promove unha intervención multidisciplinar e integral dende unha perspectiva de xénero, desenvolvendo ao mesmo tempo programas específicos de apoio e atención ás vítimas da violencia. Ofrece tamén información telefónica e asesoramento xurídico *online.*

- **Impacto:** directo positivo. Medidas focalizas en mulleres
- **Descrición**: servizo de información, orientación, asesoramento específico e integral e multidisciplinar a mulleres, en especial a vítimas de violencia de xénero. A atención comprende asesoramento xurídico, psicolóxico e social.
- **Obxectivos:** atención directa a mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas dependentes delas.



ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 10 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- **Estimación de persoas destinatarias no futuro exercicio 2020:** durante o ano 2018 (último exercicio pechado), atendéronse 1.079 mulleres que xeraron 4.545 visitas ás profesionais:
  - coa administrativa: 344 (7,50 %)
  - coa avogada: 1.333 (29,40 %)
  - coa traballadora social: 1.659 (36,50 %)
  - coa psicóloga: 1.209 (26,60 %)

Prevese un número aproximado de beneficiarias similar para o ano 2020.

- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
  - Municipal: asesora xurídica, traballadora social, psicóloga e auxiliar administrativa, baixo a coordinación da xefa de departamento.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

**En base ao dito neste apartado, a totalidade do orzamento destinado ao Cap. 1 da área de Igualdade para o exercicio 2020 terá un impacto de xénero directo positivo.**

## CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

**Crédito previsto no anteproxecto de orzamentos:** 644.180,43 €

**A práctica totalidade (97,70 %) do orzamento destinado ao Cap.2 da área de Igualdade para o exercicio 2020 terá un impacto de xénero directo positivo,** dado que este orzamento corresponde a xestión de programas, actividades e servizos dirixidos a promover a igualdade de oportunidades e a remover a discriminación e/ ou fomentar a participación das mulleres. Non obstante, tamén se inclúen dentro deste orzamento as partidas de gasto correspondentes a sufragar as tarefas auxiliares como transporte e mensaxería, mantemento e reparacións dos servizos, etc. Malia non ter unha finalidade directa de promoción da igualdade de xénero, si van dirixidos a mellorar os recursos e servizos dirixidos a este propósito, e por tanto podemos considerar que esta parte do orzamento terá un impacto de xénero indirecto, e que supón aproximadamente o 2,30 % do capítulo.



ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 11 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



A continuación descríbense os programas máis destacados que xestiona este servizo municipal así como os datos da experiencia pasada que avalan a continuidade dos mesmos no futuro exercicio:

## Servizos, programas e recursos específicos de prevención, atención e tratamento da violencia de xénero

- **Programa de atención psicolóxica a menores vítimas da violencia de xénero**

- **Impacto:** directo positivo. Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores.
- **Descrición:** ofrece apoio psicolóxico a menores de idade, fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero a través de sesións individuais cunha psicóloga especializada na materia.
- **Obxectivos:** minimizar o impacto psicolóxico que produce este tipo de violencia sobre os/as menores. Finalidade asistencial, psicoeducativa e preventiva.
- **Estimación de persoas beneficiarias no ano 2020:** durante o ano 2018 atendéronse 73 menores: 36 nenas e 37 nenos. Ademais, foron beneficiarias 47 mulleres vítimas de violencia de xénero, nais dos e das menores atendidas. Estímase unha cifra similar para o exercicio 2020.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 10.852,93 €
- **Partida de gasto:** *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 2279906
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
  - Municipal: accédese mediante derivación das técnicas municipais do Centro de Información dos dereitos da Muller coa supervisión da xefa do departamento.
  - Externo: xestionado por entidade externa a través de contrato de servizos.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 12 de 46
Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- **Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia. SADI**

- **Impacto:** directo. Medidas dirixidas a mulleres para favorecer o exercicio dos seus dereitos no ámbito da conciliación familiar co coidado dos seus fillos e fillas e facilitar a súa incorporación laboral, formación e tempo de lecer.
- **Descrición:** servizo de atención e coidado persoal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, titora ou persoas responsables. O servizo faise con carácter xeral na casa da beneficiaria, dende a hora solicitada ata que a usuaria regrese, hora que estará previamente estipulada. A duración máxima da atención é de 4 horas, de luns a venres entre as 7:00 e as 23:00h.
- **Obxectivos:**
  - Harmonización da vida laboral profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia, favorecer a incorporación da muller ao emprego; fomentar a formación académica e ocupacional das mulleres; potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades do asociacionismo; acadar tempo propio e persoal, específico para cada muller.
- **Estimación de beneficiarias no ano 2020:** (tómase de referencia as atendidas no ano 2018, último exercicio pechado)
  - Prestouse o servizo a 76 mulleres e a un total de 118 menores: 68 nenas e 50 nenos.
  - Prestáronse un total de 4.079 servizos.
  - O número de horas prestadas foi de 11.999.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 158.198,43 €
- **Partida de gasto:** *"Sadi. Kanguros"* 2311 2279902
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
  - Municipal: accédese a través da valoración da traballadora social do centro de Información dos Dereitos da Muller, coa supervisión da xefa de departamento e apoio técnico e administrativo do persoal da oficina de igualdade e do CMIDM.
  - Externo: o programa desenvólvese a través dunha contratación externa coa entidade adxudicataria do concurso público.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 13 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- **CEMVI. Centro de emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero**

- **Impacto:** directo. Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas delas dependentes.
- **Descrición:** centro residencial de aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e ás seus fillos ou fillas ou persoas que delas dependan, que se atopen nunha situación de violencia de xénero. Garántelles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado. Duración estimada de estancia: 3 meses.

  O servizo está xestionado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (Xunta de Galicia), a través do convenio asinado co Concello de Vigo o día 21.11.2008 (e maila adenda asinada o 19.12.2014) mediante o cal, o Concello fai unha achega económica anual de 241.000,00€ e a cesión do inmoble.

  A Xunta de Goberno Local, na sesión do 15.11.2019 aproba unha prórroga do convenio asinado o 21.11.2018, con duración ata o 01.10.2019. En data 26.09.2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aproba a proposta dun novo "Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero para o período 2019-2023".

  - **Obxectivos:**
    - Protexer á muller e á súa prole e/ou persoas dependentes con vínculo afectivo, ofrecéndolles un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos.
    - Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor.
    - Ofrecer un espazo temporal e os apoios profesionais nas áreas persoal, familiar, psicolóxica, xurídica e social integral para favorecer a toma de decisións.
    - Facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero.
    - Favorecer a adquisición de independencia e autonomía persoal das mulleres, ofrecendo os recursos oportunos ó seu momento vital e contribuír á súa total recuperación.
    - Facer unha efectiva coordinación de recursos e lograr unha detección de casos e unha intervención máis áxil e eficiente.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 14 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- **Estimación de beneficiarias no ano 2020:** o Centro dispón de 20 prazas. Durante o ano 2018 atendéronse a 66 mulleres e 46 menores: 19 nenas e 27 nenos. Estímase un número similar no vindeiro exercicio.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 241.000,00 €
- **Partida de gasto:** *"Centro de Emerxencia"* 2311 2279900
- **Total presupostado:** O Concello fai unha achega anual de 241.000 €
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
  - Municipal: A coordinación co centro realízase a través da xefa do departamento, e mediante reunións periódicas co equipo técnico do CMIDM e do CEMVI.
  - Externo: o centro é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Xunta de Galicia), e conta co seguinte persoal que depende directamente do Consorcio: 1 directora, 1 traballadora social, 3 educadoras sociais, 1 asesora xurídica a tempo parcial, 1 psicóloga e 3 traballadoras de servizos xerais.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

  - **Rede municipal de vivendas de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas**
- **Impacto:** directo. Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e fillas e fillos delas dependentes.
- **Descrición:** esta rede está integrada por 3 vivendas de propiedade municipal que están recoñecidas pola Xunta de Galicia como centros de servizos sociais, e que teñen a finalidade de ceder temporalmente o uso da vivenda a mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante ese período, ofrécese ás mulleres o apoio profesional que contribúa a que as mulleres beneficiarias consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia. Duración da estancia: 6 meses/1 ano.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 15 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüistica (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- **Obxectivos:** ofrecer ás mulleres un recurso de aloxamento temporal, así como o apoio profesional que contribúa a que as mulleres beneficiarias consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.
- **Estimación de persoas destinatarias no ano 2020:** durante o ano 2018 acolléronse na rede de vivendas municipais a 4 unidades familiares; (5 mulleres e 4 menores: 2 nenas e 2 nenos).
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 37.437,87€
- **Partida de gasto:** *"Plan municipal de igualdade"* 2311 2279906 (34.737,87 €); "Suministros CMIDM e dto. Muller casa das mulleres" 2311 2219900 (2.700 €).
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
  - Municipal: accédese mediante derivación das técnicas do CMIDM, e coa supervisión da xefa do departamento. A cesión da vivenda é aprobada pola Xunta de Goberno Local, a proposta dos servizos municipais especializados de atención ás vítimas de violencia de xénero.
  - Externo: contrato maior de servizos en proceso de licitación mediante procedemento aberto para a intervención coas unidades familiares, e contratos de suministros con entidades especializadas.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

## Programas e recursos para a sensibilización, formación e promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero

- **Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a igualdade de oportunidades, a perspectiva de xénero e a prevención e o tratamento da violencia de xénero**

- **Impacto:** directo. Medida dirixida a introducir unha cultura de igualdade. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 16 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- **Descrición:**
  - Elaboración de guías de información sobre recursos e medidas de prevención da violencia de xénero en varios idiomas.
  - Guías de prevención da violencia dirixidas á mocidade. "Guía conectamos ben?"
  - Campaña de sensibilización para favorecer un uso non sexista dos xogos e xoguetes
- **Obxectivos:** modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero, así como a prevención e a sensibilización en contra da violencia de xénero.
- **Estimación de persoas beneficiarias no ano 2020:** toda a poboación da cidade.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 4.200 €
- **Partida de gasto:** *"edición publicacións"* 2311 2260201
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
  - Municipal: persoal técnico e administrativo da oficina de igualdade
  - Externo: para o deseño e produción dos materiais, a través de contratos de servizos e suministros con entidades especializadas.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

  - **Campañas de sensibilización e concienciación social a prol da igualdade de oportunidades, a prevención e ao rexeitamento da violencia de xénero**
- **Impacto:** directo. Medida dirixida a introducir unha cultura de igualdade. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- **Descrición:** en colaboración co Consello Municipal de Mulleres, realízanse varias actividades e actos durante os meses de marzo e de novembro, para reivindicar os dereitos das mulleres e concienciar á sociedade fronte a violencia de xénero, con motivo da conmemoración do 8 de marzo e do 25 de novembro:



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 17 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- Conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres. Desenvólvense actividades tales como cinema, recital de poesía, actuacións musicais e teatrais, a concesión do premio de Igualdade "Ernestina Otero"...
- Conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional contra a violencia de xénero*. Desenvólvense actividades ao longo do mes de outubro e novembro, tales como exposición de murais elaborados polo alumnado de secundaria nunha rúa céntrica da cidade, e o acto central Enlaza Vigo contra a violencia de xénero, que se realiza desde o ano 2012 e concentra á cidadanía e o alumnado de secundaria. Esta iniciativa recibiu no ano 2013 o Premio Nacional no II Concurso de Boas Prácticas Locais contra a violencia de xénero, convocado pola Delegación do Goberno para a violencia de xénero en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.
- Xornadas municipais contra a violencia de xénero: xornadas cunha duración aproximadamente de 2 días, onde participan profesionais e persoas expertas na área da violencia de xénero.
- Actividades e actos organizados ao longo do ano, dirixidos a fomentar unha cultura de igualdade, como concertos, actuacións teatrais, exposicións, carreiras populares, etc.

- **Obxectivos:**
  - Modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
  - Concienciar aos medios de comunicación e á sociedade en xeral, principalmente ás novas xeracións, sobre a violencia de xénero.
  - Informar, formar e reflexionar acerca da problemática da violencia de xénero: causas, consecuencias, manifestacións, actuacións, recursos e programas de atención e tratamento integral e formas de intervención de cara a súa erradicación.
- **Estimación de persoas destinatarias no ano 2020:**
  - "8 de marzo, *Día internacional das mulleres*": o número de participantes nas actividades cada ano é aproximadamente de 1500 persoas, se ben a difusión e concienciación acada a maioría da cidade. Nestes actos colabora activamente o Consello da Muller e outras entidades: colectivos veciñais, comerciantes, xuvenís, educativos...



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 18 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- "25 de novembro, *Día internacional contra a violencia de xénero*": desenvólvese cada ano no marco do programa "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero", a través da realización de distintas iniciativas dirixidas ao alumnado dos centros de ensino secundario. Cada ano participan máis de 40 centros (o ano 2018 foron 43) e aproximadamente 2.000 mozas e mozos, que se implican a través da realización do todas ou algunha das súas actividades:
  - Exposición colectiva contra a violencia de xénero sobre lonas, colocadas nunha rúa céntrica da cidade. O ano 2018, foron colocadas na zona peonil do Calvario durante a semana do 19 ao 28 de novembro, e participaron 25 centros con máis de 40 lonas.
  - Acto central. Cada ano concéntranse nunha rúa ou praza céntrica da cidade, máis de 2.000 escolares para a realización de actividades na rúa e un acto no que se visibilice a repulsa contra a violencia de xénero. No ano 2018 (último acto na data de sinatura deste informe), reuníronse 2.014 alumnos e alumnas de 25 centros.
- Xornadas técnicas formativas en torno a eliminación da violencia de xénero: cada ano asisten aproximadamente un total de 150 persoas, das que habitualmente o 85 % son mulleres.
- Actividades realizadas ao longo do ano: dirixidas á poboación en xeral, e que teñen a finalidade de visibilizar, reivindicar, ou facer reflexionar acerca das desigualdades existentes e a necesidade de acadar unha igualdade de xénero. Estas actividades poden consistir en exposicións de pintura ou fotografía, concertos de música, obras de teatro, proxeccións de filmes, organización de carreiras populares, etc. A estimación das persoas destinatarias dependerá da capacidade de cada lugar onde teñan lugar, do tipo de actividade, etc. se ben polo xeral están pensadas para chegar a un gran número de persoas.

- **Gasto previsto no futuro exercicio: 71.841,50** €
- **Partidas de gasto:** 11.314,00 € "Campañas contra a violencia de xénero" 2311 2260200; 12.000,00 € "Conmemoración 8 de marzo" 2311 2260601; 2.700,00€ "Charlas e conferencias" 2311 2260602; 33.087,50 € "Plan Municipal de Igualdade"; 2.740,00 € "Actividades de igualdade e deporte feminino"; 10.000,00 € "outros programas de Igualdade" 2311 2279903



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 19 de 46 |
| Expediente 62/142 | CSV: 27E7C7-EF4HEC-B92BC8-2T7P7G-77DFTZ-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Axente Igualdade Oportunidades (Maria Del Mar Soto Garcia) 2019-09-26T12:42:47+02:00 - Xefa Igualdade (Cristina Gómez García) 2019-09-26T12:43:13+02:00 - Concelleira Igualdade E Normalizacion Lingüística (Eugenia Dolores Blanco Iglesias) 2019-09-26T13:00:09+02:00 -



- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
  - Municipal: persoal técnico e administrativo da oficina de igualdade
  - Externo: a execución destes programas e actividades desenvólvense a través de contratos de servizos e suministros con entidades especializadas.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

  - **Programas dirixidos á comunidade escolar: "Camiña con nós pola igualdade", obradoiros en institutos, etc**

**Programa coeducativo: CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE**

- **Impacto:** directo. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
ASINADO POR: Xefe Servizo Deportes - Director Deportivo (Rubén Peña Barceló) 2019-09-27T14:49:46+02:00 - CONCELLEIRO DEPORTES (JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 2019-09-30T10:54:33+02:00 -



**ASUNTO: INFORME SOBRE AS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PROPOSTAS PARA A SÚA INCORPORACIÓN Ó ORZAMENTO DA CONCELLERÍA DE DEPORTES PARA O ANO 2020.**

**INFORME SERVIZO DE DEPORTES:**

O desenvolvemento da actividade deportiva na cidade de Vigo está profundamente ligado á actividade desenvolta polo tecido asociativo-deportivo existente. Este tecido asociativo-deportivo, composto por entidades sen ánimo de lucro nun porcentaxe moi significativo, desenvolve actuacións de diversa índole no ámbito da actividade deportiva cuxos obxectivos coinciden cos obxectivos do Concello de Vigo en materia deportiva.
Esta coincidencia de obxectivos deriva nunha colaboración constante entre as entidades deportivas como dinamizadoras de proxectos deportivos cun alto interese xeral para Concello de Vigo, xa que este ten atribuída, polo artigo 25.2.1 da lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Tendo en conta o que vai dito, a área de deportes desenvolve anualmente unha importante liña estratéxica vinculada directamente co ámbito subvencional, que ten como obxectivo básico impulsar a participación das entidades da cidade nas competicións das máximas categorías a nivel nacional como parte fundamental dos obxectivos do Concello de Vigo como administración dinamizadora da sociedade viguesa. Estas competicións de alto nivel, supoñen un escaparate para a cidade de Vigo, que mantén un significativo volume de entidades desenvolvendo proxectos na élite nacional.

Estas competicións de alto nivel, atraen a atención mediática e social que outorga un carácter diferenciador ás mesmas, cun retorno económico que desde o servizo de deportes se estima suficientemente avalado, xa que permite converter a Vigo situarse nos canles de información a nivel nacional ós que acceden desde toda a xeografía nacional.

As entidades que lideran estas competicións, dinamizan proxectos de gran envergadura, con orzamentos de gastos moi significativos e que requiren un nivel de planificación elevado. Estas cuestións conlevan a necesidade de prever os recursos económicos concretos que o Concello de Vigo destinará a coadxuvar ao financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento destes proxectos, tendo en conta ademais que estas entidades dinamizan proxectos cun carácter diferenciador con respecto ó resto de entidades da cidade, entendéndose que de optar por un procedemento de concorrencia competitiva, as entidades beneficiarias serían as mesmas que as propostas, xa que estas son as únicas entidades da cidade que reúnen os requisitos para ser consideradas entidades de élite na cidade de Vigo.

En concreto, desde o servizo de deportes proponse o desenvolvemento das seguintes liñas de axudas en forma de subvencións nominativas, tendo en conta que as entidades propostas cumpren cos criterios descritos nos antecedentes:

- Entidades que compiten nas competicións de ámbito nacional de alto nivel:

| | Entidade | Categoría | CIF | Importe 2020 | Dif. Con 2019 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Club Atletismo F. Celta | 2ª | G36927689 | 20.000,00€ | +2.000,00€ |
| 2 | RC Celta atletismo | 2ª | G36945319 | 20.000,00€ | +2.000,00€ |
| 3 | CD Bosco | 2ª | G36692317 | 84.500,00€ | +0,00€ |
| 4 | CD AMFIV | 1ª | G36711380 | 53.000,00€ | +0,00€ |
| 5 | Vigo Rugby Club | 2ª | G36680924 | 28.000,00€ | +0,00€ |
| 6 | Club Vigo Voleibol | 2ª | G36658219 | 47.000,00€ | +0,00€ |
| 7 | Coruxo F.C. | 3ª | G36708212 | 100.000,00€ | +0,00€ |
| 8 | Sárdoma C.F | 2ª | G36615607 | 23.000,00€ | +0,00€ |
| 9 | C. BM.Seis Nadal | 2ª | G36948115 | 30.000,00€ | +0,00€ |

Documento asinado

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 10 | SD Carballal Bm. | 2ª | G36686376 | 20.000,00€ | +0,00€ |
| 11 | CD Valladares | 2ª | G36629657 | 16.000,00€ | +6.000,00€ |
| 12 | Trasnos Beisbol Club | 2ª | G27750645 | 18.000,00€ | +6.000,00€ |
| 13 | UB Lavadores | 2” | G36810075 | 25.000,00€ | +0,00€ |

- Transferencia de financiamento á Fundación Vide.
  - A Fundación Vide, dinamiza e coordina un proxecto deportivo na cidade de Vigo orientado ó fomento, difusión e promoción do deporte na cidade de Vigo que, pola súa envergadura e carácter diferenciador o converte nun proxecto único.
    A Fundación Vide, como axente impulsor do deporte na cidade, colabora cos axentes dinamizadores do feito deportivo e fomenta e lidera accións dirixidas a potenciar a participación da poboación da cidade de Vigo no ámbito do deporte a través do desenvolvemento de estratexias e programas deportivos que alcanzan unha repercusión directa a mais de 20.000 persoas.

    Entre as actuacións e programas destacan por unha banda aquelas dirixidas a fomentar a práctica deportiva entre a cidadanía de Vigo, cun altísimo grado de impacto a nivel local, e outros que, polo seu carácter expansivo alcanzan o ámbito nacional e incluso internacional, o que supón unha ferramenta que pode considerarse moi valiosa en relación á repercusión positiva no ámbito da hostalería e o comercio da cidade e que diferencia o programa de calquera iniciativa no ámbito de Vigo, permetendo un impulso á promoción económica e social desde o prisma deportivo, convertendo este proxecto nun axente único de promoción da cidade de Vigo.

Vigo, na data da sinatura dixital
O Xefe do servizo de deportes-director deportivo
Asdo. Rubén Peña Barceló

O Concelleiro-delegado de deportes
Asdo. Manel Fernández Pérez

ASINADO POR: Xefe Servizo Deportes - Director Deportivo (Rubén Peña Barceló) 2019-09-27T14:49:46+02:00 - CONCELLEIRO DEPORTES (JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ ) 2019-09-30T10:54:33+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 2 de 2
Expediente 62/142 | CSV: 2HEBC7-E64EE8-B72AE9-34XH26-BWJ1KC-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Técnica Actividades Turísticas (Fátima María Dueñas Corchero) 2019-10-04T09:30:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-04T14:07:31+02:00 -





TESORERIA

## ASUNTO: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO SERVIZO DE TURISMO.

Á vista da solicitude da Tesorería de emisión de informe ao respecto das subvencións nominativas, o Servizo de Turismo

**INFORMA,**

Que de acordo co disposto no informe de data 9 de febreiro 2018 (Expte.6936-104) ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvendose de acordo co establecido no art. 26,1 de Lei 9/2007 de subvencións de Galicia por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.
A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións."

Así, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións dende o ano 2018.

Polo exposto, dende o Servizo de Turismo non xestionamos subvención nominativas.

Vigo, na data de sinatura dixital.

A técnica do servizo de Turismo
Fátima Dueñas Corchero

Conforme
A Concelleira delegada da área de Festas e Turismo
Mª Carmen Lago Barreiro

Documento asinado

*EXPTE.:* *62/142*

*TRÁMITE:* INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2020 DA CONCELLERÍA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

**INFORME**

A petición do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, emítese o seguinte informe xustificativo respecto das subvencións nominativas remitidas polo **Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local**, dependente da **Concellería delegada de Cultura, Emprego e Participación Cidadá** (RA da Alcadía de delegación de competencias do 18/06/2019) para a súa inclusión no orzamento do ano 2020:

**- DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO:**

I. ***Subvencións nominativas para fomento de emprego con motivo da organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados*** *(encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, como Desenvolvemento promocional de eventos xeradores de emprego e de Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local):*

Esta subvención nominativa outórganse por mor da repercusión que cara ao fomento do emprego representa a organización destes eventos, integrándose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

***- FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (SEA FEST),*** *con cargo á partida orzamentaria 24104700002, por importe de 105.000 €:* Subvención nominativa á Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (F36608131), en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival "VIGO SEAFEST", para dar a coñecer os productos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles, ao tempo que representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional.

II. Subvencións nominativas para fomento de emprego a través das organizacións sindicais (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, como *Fomento e Desenvolvemento da Actividade de Representación Social e Sindical)*:

Subvencións nominativas encadradas no marco das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, impulsadas pola Concellería polas que o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais máis significativas e coa máis alta representación a nivel municipal, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, que redundan en beneficio da cidade:

***1º.- CONVENIO UGT (G15383011) FOMENTO DO EMPREGO,*** *con cargo á partida orzamentaria 24104800001, por importe de 37.000 €.*

***2º.- CONVENIO CIG (G36706927) FOMENTO DO EMPREGO,*** *con cargo á partida orzamentaria 24104800002, por importe de 37.000 €.*

***3º- CONVENIO CC.OO (G15103112) FOMENTO DO EMPREGO,*** *con cargo á partida orzamentaria 24104800003, por importe de 37.000 €.*

III. Subvencións para fomento de emprego dos colectivos prioritarios: mulleres vítimas de violencia, xente moza e persoas en risco de exclusión social (encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dentro dos *Plans de Emprego)* :

Subvencións nominativas encadradas no marco das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, especialmente dirixidas aos colectivos prioritarios, impulsadas pola

Documento asinado

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL (M. CARLA CANDIA PAZ ) 2019-10-04T10:57:54+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-10-04T12:20:05+02:00 -

*EXPTE.: 62/142*

*TRÁMITE:* INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2020 DA CONCELLERÍA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Concellería, polas que o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades e asociacións máis significativas no seu ámbito, no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, que redundan en beneficio da cidade.

1º**- *CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS (G36928646),*** con cargo á partida orzamentaria 24104800007, por importe de 50.000 €:

O convenio ten por obxecto instrumentar unha subvención nominativa á "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos" no marco do plan municipal de emprego, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral e fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.
Dada a falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio destas mulleres na cidade, outórgase a presente subvención nominativa á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" como única entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, e polo seu especial coñecemento da situación destas mulleres na cidade de Vigo.

## - PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

*As seguintes subvencións encadraríanse dentro da Área de responsabilidade política da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para Promoción das actividades realizadas polo Movemento Asociativo Veciñal:*

- CONVENIO FED. PEÑAS RECR. EL OLIVO (G36704666), con cargo á partida 9240 4890001, por importe de 15.000,00 €, para fomento do asociacionismo e a participación cidadá subvencionando os gastos necesarios para organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación.

- *CONVENIO ASOC. XORDOS (G36622835),* con cargo á partida 9240 4800009, por importe de 7.000,00 €, para subvencionar os gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, que se consideran de interese público e social.

- CONVENIO ASOCIACIÓN MONTE DA MINA (G36623593) con cargo á partida 9240 4890008, por importe de 17.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas e para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

- CONVENIO ASOCIACIÓN AGARIMO (G36821817), con cargo á partida 9240 4800006, por importe de 13.000,00 €, para financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas pola asociación.

- CONVENIO FUNDACIÓN IGUALARTE (G36427524) con cargo á partida 9240 4890012, por importe de 10.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento do seu local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades socieducativas e lúdico-formativas dirixidas a potenciar o benestar das persoas con discapacidades e necesidades educativas especiais programadas pola entidade.

- ASOC. GALEGA AMIGOS DEL ROCÍO (G36820637)con cargo á partida 9240 4800001 por importe de 5.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.

- ASOCIACIÓN NENOS HIPERACTIVOS ANHIDA (G36938272) con cargo á partida 9240 4800002, por importe de 4.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.

Documento asinado

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL (M. CARLA CANDIA PAZ ) 2019-10-04T10:57:54+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-10-04T12:20:05+02:00 -

*EXPTE.: 62/142*

*TRÁMITE:* INFORME XUSTIFICATIVO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO 2020 DA CONCELLERÍA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- ASOCIACIÓN JÓVENES EMPRESARIOS (AJE) (G36905040) con cargo á partida orzamentaria 9240 4800003 por importe de 3.600 €, para fomento das súas actividades programadas mediante contribuíndo aos gastos de aluguer do seu local social, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

- CONVENIO FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA – FEAFES (G15545353), con cargo á partida 9240 4800007 por importe de 5.000,00 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas pola asociación.

- *CONVENIO ASOCIACIÓN MARIÑEIROS ARTESANAIS (G36799351)*, con cargo á partida orzamentaria 9240 4890013 por importe de 16.000 €, para fomento do asociacionismo e a participación cidadá subvencionando os gastos necesarios para a organización, promoción e execución das actividades programadas pola asociación de cara ao fomento da cultura mariñeira e a conservación do patrimonio cultural e tradicional.

- CONVENIO *ASOCIACIÓN DE JUBILADOS Y PENSIONISTAS VILLA GALICIA (G36745065),* con cargo á partida orzamentaria 9240 4890014 por importe de 4.000 €, para contribuir aos gastos de mantemento e aluguer do seu local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade.

*Vigo, na data da sinatura dixital*
A técnica de administración xeral
Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
Carla Candia Paz

*Vigo, na data da sinatura dixital*
*O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá*
*Abel Losada Álvarez*

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL (M. CARLA CANDIA PAZ ) 2019-10-04T10:57:54+02:00 - CONCELLEIRO CULTURA EMPREGO E PARTIPACIÓN CIDADÁ (ABEL FERMIN LOSADA ALVAREZ ) 2019-10-04T12:20:05+02:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

CONCELLO DE VIGO

**SERVIZO DE FESTAS**

**INFORME SOBRE O CARÁCTER NOMINATIVO DAS SUBVENCIÓNS INCLUIDAS NO CAPÍTULO 4 (TRANSFERENCIAS CORRENTES) DO ORZAMENTO DO SERVIZO DE FESTAS. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.**

Como contestación á solicitude dun informe sobre o carácter nominativo das subvencións incluídas capítulo 4 (transferencias correntes) do orzamento do Servizo de Festas, polo Tesoureiro, D. Luis García Alvarez a esta xefatura, procédese á relación delas, así como dos datos relativos ao beneficiario, cif, aplicación orzamentaria e importe:

3380 470

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES, S.L.U. PARA A ORGANIZACIÓN DA XVIII EDICIÓN DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO".**
**Beneficiario: Ulisesproyect eventos especiales SLU**
**CIF: B-36.957.132**
**Aplicación presupostaria. 3380.470.0001 e 3380.470.0000**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 500.000 € (318.500,00 € orzamento do Servizo de Festas e 181.500,00 € Convenio Deputación).**

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos especiales SLU vén realizando a organización deste programa de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais. D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca "O Marisquiño" manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Como resultado dun acordo estre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra o servizo de Festas dispón dunha dotación de 181.500,00 €, na aplicación 3380.470.0000 do seu vixente orzamento. Así mesmo a aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) do Servizo de Festas dispón duha dotación de 318.500,00 €.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que Ulisesproyect Eventos especiales SLU ostenta os dereitos de uso da marca "O MARISQUIÑO".

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Este convenio está suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

máis obrigas respecto a esta actividade. Ulisesproyect Eventos especiales SLU asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubran a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguros de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do evento.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

3380 480

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN VECIÑAL CASCO VELLO PARA ORGANIZACIÓN DA FESTAS DA RECONQUISTA DE VIGO.**
**Beneficiario: Asociación veciñal e cultural Casco Vello**
**CIF: B-36.645.885**
**Aplicación presupostaria: 3380.480.0001**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 75.000,00 €**

Dende o ano 1994, a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co nº 49, vén colaborando co Concello de Vigo na organización e produción deste evento, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade declarada de interese polo consello da Xunta de Galicia o 26 de marzo de 2012. A entidade é propietaria da marca "Festa da Reconquista", conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo está en condicións de organizar a presente edición da Festa da Reconquista, conforme ao Programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos do texto do convenio.

Coa devandita iniciativa, contribúese a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico, fomentado a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo a este Barrio como alternativa cultural e de ocio.

No ámbito das súas competencias, esta Concellería ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade, onde existe unha contra-prestación directa para a mesma, tal como a conmemoración da Reconquista.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta estabeleza e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, toda vez que a organización desta festividade nas edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, que ostenta os dereitos de representación da marca en exclusiva.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O Servizo de Festas dispón no seu orzamento da partida orzamentaria 3380.480.0001 cun importe de 75.000 €

Non obstante ao anterior está prevista a xestión desde programa á "Concellería de Grandes Eventos" que é de nova creación.

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO.**
**Beneficiario: Agrupación de Centros deportivos e culturais + Federación de Peñas recreativas El Olivo**
**CIF: G-36.791.291 e G-36.704.666 (repectivamente)**
**Aplicación presupostaria: 3380.480.0002**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 85.000,00 €**

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

A xustificación deste convenio vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribuían a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

O expediente de referencia ten por obxecto a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo que se formalizará a través dun convenio.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007.

O servizo de Festas dispón na aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) se prevé a concesión nominativa e directa dunha subvención por importe de 85.000 €, para organización do Entroido.

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA:SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA A. COMERCIANTES DE NAVIA - FESTA VICUS SPACORUM**
**Beneficiario: Asociación de Comerciantes PAU de Navia**
**C.I.F. G-27.767.656**
**Aplicación presupostaria: 3380.480.0000**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 14.000,00 €**

Con esta iniciativa, contribúese a coñecer a historia dun xeito lúdico, fomentado a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo a este Barrio como alternativa cultural e de ocio.

O "VICUS SPACORUM" é un evento de ambientación histórica que se celebra no barrio vigués do PAU de Navia, e co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...)

Igualmente, con este evento promocionase este novo barrio da cidade, descoñecido por moitos habitantes de outras parroquias, que acoden a visitalo para participar nesta celebración que cada ano conta cunha maior participación dos cidadás.

A Asociación de Comerciantes del Pau de Navia é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar creada en xaneiro de 2012, que se rexe pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, co número 2012/016533 e no Rexistro municipal de Asociacións con núm. 1159-12.

O seu obxecto social consiste en "coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran", así como "potenciar o espíritu cooperativo" e establecer "relacións de colaboración con Entidades Oficiais e Privadas, nacionais ou estranxeiras, inspiradas en finalidades similares á Asociación".

O Concello de Vigo, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio das súas competencias propias que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe ás Administracións municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura, no seu artigo 25.2, letras h) e m), desexa promover e colaborar economicamente na execución do evento VICUS SPACORUM produto de turismo cultural co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...), así como facilitar o coñecemento do novo barrio do PAU de Navia ao resto dos veciños de Vigo.

A Asociación de Comerciantes del PAU de Navia está en condicións de organizar a VII edición do "VICUS SPACORUM", conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do evento desenvolverase os días 15 e 16 de setembro de 2018, con exposicións variadas, loitas, talleres, desfiles, música, espectáculos nocturnos para todos os públicos, gastronomía, cetrería, xogos romanos e celtas, encadrándose así mesmo dentro do programa "Vigo en Festas 2020".

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación de Comerciantes del Pau de Navia.

O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0000, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de **14.000,00 (catorce mil) euros,** a favor de "A. COMERCIANTES NAVIA-FESTA VICUS SPACORUM para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "VICUS SPACORUM 2018".

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA ORGANIZAICÓN DA BRINCADEIRA DE BOUZAS**
**Beneficiario:**
**CIF.:**
**Aplicación presupostaria: 3380.4800004**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 15.000,00 €**

Partida de nova creación da que á data da redacción deste informe non existe información no servizo.

**3380 489**

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA COMISIÓN FESTAS N.S. DA GUÍA PARA ORGANIZACIÓN DA FESTA SARDIÑA**
**Beneficiario: Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía**
**G-36.731.404**
**Aplicación presupostaria: 3380.489.0004**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 9.500,00 €**

A Festa Gastronómica da Sardiña ven organizándose nos últimos anos na carballeira do monte da Guía con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sido desenvolvido pola Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar as Festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa "Vigo en Festas" dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

polbo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio é o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía. O Concello de Vigo no seu orzamento para 2020, na aplicación 3380.489.0004, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa.

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA FED. PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA ORGANIZAICÓN DA FESTA MEXILLÓN**
**Beneficiario: Federación de Peñas recreativas El Olivo**
**CIF.: G-36.704.666**
**Aplicación presupostaria: 3380.489.0005**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 9.500,00 €**

A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sido desenvolvido pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia , e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”. O Concello de Vigo no orzamento previsto para 2020, na aplicación 3380.489.0005, prevé para 2020 a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa “Festas de Vigo 2018”

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO CENTRO VECIÑAL CULTURAL VALADARES PARA ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO**
**Beneficiario: Centro veciñal e cultural de Valadares**
**G-36.805.158**
**Aplicación presupostaria: 3380.489.0006**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2020: 9.500,00 €**

A Festa Gastronómica do Polbo ven organizándose nos últimos anos no Parque Forestal do Monte dos Pozos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sido desenvolvido polo Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Documento asinado

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2019-10-14T08:51:39+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Maria Del Carmen Lago Barreiro) 2019-10-14T08:59:48+02:00 -

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia , e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



imposibilidade da súa demora, motivo, acordo ou disposición que fai necesaria a modificación, incidencia se fose o caso da modificación no orzamento e a que poidan ter nos exercicios futuros, esta incidencia tamén será avaliada no caso de ser o recurso que financia a modificación orzamentaria o Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, aínda que, en cumprimento da Regra 19 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, o informe que emita a unidade de Contabilidade sobre o control contable do Remanente Líquido de Tesourería dispoñible e suficiente para garantir a existencia axeitada do recurso de financiamento, aínda que non é suficiente para garantir a sustentabilidade nos exercicios futuros. As unidades funcionais de gasto que tramiten a modificación orzamentaria, achegará un informe sobre a cuantificación do gasto que xera o investimento, tanto en termos de funcionamento como de mantemento.

As devanditas modificacións orzamentarias, financiaranse con algún tipo de recursos dos regulados no artigo 177.4 do TRLRFL e con cargo ao Fondo de Continxencia.

A memoria xustificativa pode recollerse na Resolución da Alcaldía Presidencia de incoación do expediente ou formar parte do expediente como documento separado.

En todo caso, os compromisos dos créditos deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.

3.- Acreditarase:

- A inexistencia de crédito adecuado no estado de gastos destinado a un gasto específico e determinado que motiva a modificación, ou a súa insuficiencia; tanto a inexistencia como a insuficiencia deberán referirse ao nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.
- Se o medio de financiamento corresponde con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, acreditarase que o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade.
- En cumprimento do previsto nos artigos 4 e 7 da Lei Orgánica 2/2012 e artigo 4 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, achegarase o informe de sustentabilidade, de tal xeito que o novo investimento ou servizo a implantar e sostible tanto no exercicio como no futuro, entendendo por sostibilidade a global da entidade e non o servizo singular.
- Entenderase que os ingresos véñense recadando con normalidade en termos xerais, tendo en conta os históricos dos dous anos inmediatos anteriores, e avaliando en conxunto para todos



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 12 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



os ingresos correntes, facéndose a avaliación en porcentaxes. Se as porcentaxes de recadación do período de referencia son equivalentes ou superan a media dos dous anos anteriores, entenderase que os ingresos se veñen recadando con normalidade, sendo por iso factible financiar a modificación orzamentaria con maiores ingresos. O órgano encargado de emitir este informe é o que teña ao seu cargo a función recadadora, e expedirá o mesmo previa solicitude feita polo Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Orzamentos e Facenda.

4.- Ao abeiro do previsto no artigo 55.2.a) da Lei 47/2003, Xeral Orzamentaria, tamén terán a cualificación de Crédito Extraordinario ou Suplemento de crédito, aqueles que sexan necesarios para atender obrigas de exercicios anteriores.

**BASE 9ª.- <u>Transferencia de créditos</u>.**-

1.- O Pleno e a Alcaldía-Presidencia poderán aprobar as transferencias de créditos entre distintas aplicacións do estado de gastos, dentro do ámbito da súa competencia, previa fiscalización:

a)Será competencia do Pleno, a aprobación de transferencias entre distintas Áreas de Gasto do orzamento, agás aquelas que afecten a créditos de persoal.

b)As demais transferencias poderán ser aprobadas pola Alcaldía-Presidencia ou Concelleira/o en que delegue.

c)Cando se trate de transferencias de crédito entre aplicacións do Capítulo I do estado de gastos, e a súa finalidade sexa a de incrementar as partidas de gratificacións ou as de produtividade, a Área de Recursos Humanos e Formación, con carácter previo á tramitación da transferencia de crédito, coa conformidade do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal, remitirá ao Pleno da Corporación, a autorización para incrementar a/as aplicación/s de gratificacións ou de produtividade. Coa autorización dada polo Pleno da Corporación, tramitará a modificación orzamentaria por transferencia de crédito de saldos de créditos dispoñibles para incrementar as citadas aplicacións, facendo constar, que os créditos que son obxecto da baixa, son dispoñibles e non necesarios, e por iso, poden destinarse a financiar o incremento nas citadas aplicacións. A citada modificación deberá ter a conformidade do/a Sr./Sra. Concelleiro/a de Persoal e a autorización do/a Sr./Sra. Concelleiro/a de Orzamentos e Facenda. No entanto o



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 13 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



anterior, se hai unha autorización global tal e como prevé a Disposición Adicional Sétima, tramitarase a modificación orzamentaria sen necesidade da autorización do Pleno, por estar esta xa autorizada dentro desa contía global.

2.- Nos expedientes de transferencias de créditos, dos que a súa aprobación sexa competencia do Pleno, seguirase a tramitación prevista nos artigos 169 e 171 do TRLRFL, aprobado polo RDL. 2/2004, de 5 de marzo, (de agora en diante TRLRFL) para a aprobación do orzamento xeral; nos expedientes en que a aprobación fose competencia da Alcaldía-Presidencia, bastará a resolución acordándoa, e o informe previo da Intervención. Na memoria do expediente faranse constar os pormenores que, para a tramitación dos expedientes de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, se esixe na Base 8ª.

3.- A área xestora que propoña a transferencia de créditos, deberá detallar na súa proposta a/as aplicacións que propón diminuír, debendo especificar na mesma que actividade ou servizos deixan de realizarse se fose o caso, e ademais, deberá acreditar que a baixa nas aplicacións que se propoñen non perturba o funcionamento normal do resto dos servizos do programa orzamentario en cuestión, e que o seu funcionamento está garantido en termos anuais. Será condición necesaria para propoñer a diminución de créditos nunha aplicación, que a mesma teña un crédito dispoñible polo menos pola contía que se pretende minorar e terá que respectar as limitacións contidas no art. 180 do TRLRFL en relación aos créditos.

Deberá igualmente detallarse a/as aplicacións que son obxecto de incremento co seu respectivo proxecto se fose o caso. A proposta deberá ser conformada polo/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a da área e autorizada polo/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Orzamentos e Facenda.

Se a modificación orzamentaria se financia con recursos afectados, a unidade tramitadora deberá incorporar a información sobre o proxecto que vai a ser receptor dos fondos aos efectos de control posterior.

**BASE 10ª.- <u>Xeración de créditos</u>.-**

1.- A competencia para aprobar os expedientes de xeración de créditos nos estados de gastos por ingresos de natureza non tributaria correspóndelle á Alcaldía-Presidencia ou Concelleira ou Concelleiro en que delegue.

2.- No expediente constará certificación, de ser o caso, do compromiso firme de achegas de ingresos por terceiras persoas, ou do ingreso realizado, ou do alleamento de bens; e tamén da efectiva



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 14 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



prestación de servizos por terceiros/as. Así mesmo, unirase informe da Intervención sobre recoñecemento de dereitos nos supostos de prestación de servizos e reembolso de préstamos, e da efectividade dos reintegros de pagamentos, segundo os casos. Se o compromiso de achega é a cargo de persoas ou entidades non públicas, a modificación orzamentaria queda condicionada a efectiva recadación dos compromisos.

3.- A tramitación de expediente seguirá o mesmo procedemento e trámites cos subliñados no parágrafo segundo do apartado 3 da Base 9ª.

4.- Nos supostos que a Entidade Local ou o seu Organismo Autónomo, obtiveran unha achega para financiar a totalidade ou parcialidade dun programa concreto de gasto corrente ou de investimento para o cal xa tivese financiamento no orzamento vixente, coa notificación da concesión das axudas ou co ingreso feito na Tesourería da Entidade, a unidade xestora do gasto poderá xerar crédito noutro proxecto ou actividade distinta, sempre e cando acredite no expediente, que a actividade, programa ou proxecto que foi obxecto da axuda xa foi executado ou está en fase de execución con recursos garantidos no orzamento vixente. Se o proxecto que é obxecto da achega correspóndese cunha operación de capital, o destino dos fondos recibidos teñen que adicarse a outro proxecto con esta mesma cualificación. Se a axuda financia un programa ou un gasto corrente, poderán destinarse os fondos recibidos a financiar máis gasto corrente ou operacións de capital. En calquera caso, deberá manterse o mesmo grupo de programa do gasto e asociar o gasto/ingreso a un proxecto contable.

En todo caso, a tramitación da modificación orzamentaria estará condicionada a fiscalización previa e ao cumprimento da Regra de gasto.

No caso de xeración de créditos financiados con recursos afectados, calquera que sexa o capítulo de emprego, deberá abrirse o preceptivo proxecto que posibilite unha contabilización separada e o cálculo en cada caso das desviacións de financiamento.

**BASE 11ª.- <u>Remanentes de crédito</u>.-**

1.- Os créditos para gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen mais excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL. Poderán incorporarse aos correspondentes créditos do orzamento de gastos do exercicio seguinte, sempre que existan para elo os suficientes recursos financeiros:



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 15 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as transferencias, que se concedan ou autoricen no derradeiro trimestre do exercicio anterior, sempre e cando estean os créditos na fase de compromiso de gasto.

b) Os créditos que amparen compromisos de gasto que fosen debidamente adquiridos en exercicios anteriores. Non serán incorporables os importes incluídos no capítulo VI do estado de gastos que sexan consecuencia de baixas de adxudicación, salvo petición expresa e motivada do centro xestor. No entanto o anterior, deberase ter en conta o previsto na Base 48ª, de tal xeito que as baixas do capítulo VI financiadas cunha operación de endebedamento non serán incorporables se os saldos non se atopan en fase de compromiso. Tampouco terán a condición de incorporables as cantidades non facturadas por un contrato que estivese finalizado e liquidado.

c) Os créditos por operacións de capital que se atopen en fase de compromiso, coa excepción dos recursos afectados distintos dos que estiveran financiados cunha operación de endebedamento.

d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.

e) Os créditos que se atopen na situación regulamentada no apartado 5 da DA décimo sexta do TRLRFL.

2.- Non serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os xa incorporados en exercicios anteriores.

3.- Os remanentes de crédito que, só poderán ser aplicados dentro do exercicio orzamentario seguinte, quedarán subordinados á existencia de recursos financeiros suficientes, e serán considerados como recursos os mencionados no art. 48 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

4.- Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, coa excepción feita para aqueles que son financiados con operacións de endebedamento, serán de incorporación obrigatoria, e non estarán suxeitos a limitación no número de exercicios, sen prexuízo de que se desista total ou parcialmente da execución do gasto ou se faga imposible a súa realización ou que o centro xestor non solicite a súa incorporación.

5.- A incorporación obrigatoria ou libre dos remanentes de crédito regulada no art. 182 do TRLRFL



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 16 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





e 47 do RD 500/1990, será obxecto do preceptivo expediente individual ou composto, e corresponderalle a súa aprobación á Alcaldía-Presidencia ou Concelleira ou Concelleiro en que delegue. A competencia indicada comporta a creación das aplicacións orzamentarias necesarias.

6.- Ademais dos supostos que se derivan do previsto no art. 182 TRLRFL e no art. 47 do RD 500/1990, poderán imputarse ao orzamento do exercicio corrente as obrigas seguintes:

a) As derivadas de compromisos de gasto, debidamente adquiridos en exercicios anteriores, que correspondan a expedientes de gasto instruídos durante estes e con créditos que se anulen ao final do exercicio por non terse recoñecida formalmente a obriga.

b) Os documentos representativos de gastos que se amparen en expedientes que fosen tramitados axeitadamente no ano anterior como contratos menores ao abeiro do regulado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que ao final do ano, por estaren os devanditos créditos en situación distinta da prevista nos subapartados 1º, 2º, 3º do apartado 1 e 4 desta Base, se anulase o crédito. O suposto que se está a prever, ten que recoller na Resolución do Órgano, no só a autorización do gasto, senón a favor de quen se está a facer o compromiso do mesmo, é dicir, ten que existir un compromiso do gasto adoptado polo órgano competente, sempre e cando quede saldo na fase de compromiso do gasto no ano en que se adoptou o acordo. Nestes casos, achegarase un informe xustificativo pola non tramitación en prazo das facturas ou documentos acreditativos que xustifican o dereito de terceiras persoas fronte á Administración, e ademais, se se propón a imputación do gasto ao orzamento vixente, deberá detallarse que servizos ou actividades deixan o poden deixar de prestarse se fose o caso, xustificando que a súa imputación ao orzamento vixente non perturba ao funcionamento do resto dos servizos en termos anuais.

c) Os compromisos de gasto derivados de contratos de tracto sucesivo, xa que se entende que o compromiso do gasto está debidamente adquirido coa perfección do contrato.

d) As obrigas pendentes de exercicios anteriores, nos casos en que figure dotado un crédito específico destinado a dar cobertura ás devanditas obrigas.

O artigo 34.3 da Lei Xeral Orzamentaria, establece que poderán aplicarse a créditos do exercicio corrente obrigas contraídas en exercicios anteriores, de conformidade co ordenamento xurídico, para as que se



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 17 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



anulase crédito no exercicio de procedencia.

7.- No expediente de incorporación de crédito seguiranse os seguintes trámites:

a) Solicitude razoada do centro xestor, dirixida á Alcaldía-Presidencia ou á Concellería delegada de Orzamentos e Facenda, motivando a necesidade e conveniencia da incorporación ante a imposibilidade ou dificultade de facer fronte a ditas obrigas con cargo ao orzamento do exercicio corrente. Para tal efecto, considerase como requisito indispensable xustificativo, a acreditación dos seguintes extremos:

- A especificación concreta e pormenorizada dos gastos que se prevén realizar con cargo aos créditos incorporados, co obxecto de garantir a xestión das dotacións durante o prazo anual de vixencia do orzamento.
- No concernente aos créditos por operacións de capital que amparen contratos de obra, será indispensable para decidir a incorporación dos respectivos créditos a existencia do proxecto así como a disposición dun programa de execución de obra, sempre e cando os créditos correspóndanse cun financiamento dos previstos no apartado 4 desta Base.

b) Resolución da Alcaldía pola que ordena a apertura do expediente.

c) Informe de Intervención sobre a existencia de créditos nalgunha das situacións enumeradas no parágrafo 1 desta Base.

d) Informe de Tesourería sobre os novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, se fose o caso.

e) Informe de Intervención no caso de incorporación de créditos con financiamento afectado, no que se acredite que se produciron excesos de financiamento nestas, ou que os dereitos recoñecidos no exercicio precedente foron superiores as obrigas contraídas, existindo polo tanto un exceso de financiamento afectado.

f) Para a incorporación de Remanentes financiados con Remanente Líquido de Tesourería, é preciso que este liquidado o orzamento do ano anterior a este, e polo tanto, cuantificado o devandito remanente.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 18 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



g) Informe da Intervención Xeral Municipal sobre o cumprimento da Estabilidade Orzamentaria de acordo o regulado na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o previsto polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, aínda que o abeiro do preceptuado no artigo 21.1 do RD 1463/2007, o non cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria non require a aprobación dun plan económico financeiro.

h) En todo caso, a incorporación de remanentes e un suposto excepcional, xa que si orzamento aprobado para o devandito ano esgotou o límite da regra fiscal de gasto, non é posible a incorporación de novos créditos, de ser así, tal circunstancia podería alterar o obxectivo de cumprimento da regra de gasto, por ser a evolución do gasto real superior que a TRCPIB aprobada para ese período, salvo que o servizo xestor do expediente, acredite que determinadas dotacións orzamentarias non serán executables na súa totalidade e por tanto non consumen capacidade aos efectos de cumprimento do obxectivo.

**BASE 12ª.- <u>Baixas por anulación</u>.-**

1.- A competencia para aprobar as baixas por anulación de créditos correspóndelle ao Pleno do Concello. A Alcaldía, tras o informe da Intervención, ordenará a incoación do oportuno expediente cando se estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo.

**BASE 13ª.- <u>Créditos ampliables</u>**

1.- Non obstante o previsto no apartado 2 do artigo 172 do TRLRFL, terán a condición de ampliables aqueles créditos que de modo taxativo se expliciten nas Bases de Execución do Orzamento, e poderán ser incrementadas as súas contías en función da efectiva recadación dos recursos afectados.

2.- Terán a consideración de ampliables os seguintes créditos:

| Aplicación | Concepto | P. ingreso | Concepto |
|---|---|---|---|
| 3331.2260906 | Programa do Auditorio Municipal | 344.02 | Ingresos entrada no Auditorio Mpal. |
| 9340.2270800 | Xestión A. Executiva | 391.20 | Multas de tráfico |



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 19 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



3.- A contía da ampliación, será como máximo polo importe que supere a recadación neta sobre as previsións orzamentarias engadíndose a recadación de orzamentos pechados.

4.- A unidade xestora do gasto, será a encargada de tramitar o expediente de modificación orzamentaria, debendo acreditar no mesmo a recadación que xustifica a ampliación do crédito orzamentario.

**PROCEDEMENTO XERAL DA EXECUCIÓN DO GASTO E PAGAMENTO**

**BASE 14ª.- <u>Fases de execución do gasto</u>**.-

1.- A xestión do orzamento de gasto realizarase nas seguintes fases:

a)Autorización do gasto.

b)Disposición do gasto.

c)Recoñecemento e liquidación da obriga.

d)Ordenación do pagamento, potestativa.

2.- Poderán acumularse nun só acto administrativo as fases de autorización e disposición, e da autorización, disposición e recoñecemento da obriga.

3.- Cos créditos dispoñibles, cando a contía do gasto ou a complexidade na preparación do expediente o aconsellen, e sempre no caso de gastos de investimentos, o/a Sr./Sra. concelleiro/a delegado/a da área xestora, solicitará unha retención de crédito cara a asegurar que os traballos administrativos preparativos do expediente, teñen crédito adecuado e suficiente para continuar a tramitación do mesmo. Recibida a solicitude na área de Xestión Contable, verificarase a suficiencia de saldo ao nivel que estea establecida a vinculación xurídica dos créditos, expedindo o oportuno documento contable de retención de crédito, sen prexuízo do previsto no art. 31.2 do Real Decreto 500/1990.

**BASE 15ª.- <u>Autorización do gasto</u>.-**

O órgano competente para autorizar o gasto será en cada caso, o previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (de agora en adiante LRBRL) na súa nova redacción dada pola Lei



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 20 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, así como nas resolucións de delegación de competencias feitas pola Alcaldía-Presidencia ou pola Xunta de Goberno Local de acordo as competencias de cada órgano.

**BASE 16ª.- <u>Normas de procedemento</u>.-**

1.- Agás nos casos das subvencións con consignación nominativa e individualizada no orzamento, a autorización do gasto requirirá a incoación do expediente correspondente.

O expediente iniciarase por Resolución da Alcaldía-Presidencia ou, de ser o caso, da concellería delegada que así o ordene, sen que medie proposta previa, ben a instancias da xefatura de área ou do servizo que houbera de dirixir, fiscalizar ou intervir na execución do acto que orixine o gasto e necesidade do contrato, con suxeición ao previsto no artigo 28 da LCSP.

2.- Recibida a resolución da Alcaldía ou da concellería delegada, o centro xestor a cursará, iniciando os procedementos de redacción da memoria e pregos cos criterios axustados ao procedemento de contratación. O inicio de tramitación dun expediente de gasto, sempre estará fundamentado na motivación das recomendacións que ten regulados o Servizo de Contratación.

3.- Será fundamento suficiente da necesidade do gasto a existencia de proxecto técnico das obras, acordo de creación do servizo, necesidade de ocupación dos bens e outros análogos para os que sexa preciso dispoñer de crédito bastante no futuro. En todo caso, os expedientes de gastos que non estean excluídos da LCSP, ben por razón de suxeito, obxecto ou outros supostos regulados nos artigos 4 a 11 da LCSP, tramitaranse coa motivación e requisitos regulados nesta norma.

4.- A resolución da Alcaldía-Presidencia ou concellería delegada e o informe proposta do servizo xestor ou de contratación, no caso de contratación centralizada, cos informes xurídicos preceptivos, remitiranse á Intervención Xeral Municipal para a súa fiscalización e a expedición do certificado de crédito dispoñible.

5.- O expediente así conformado, elevarase ao órgano competente, que adoptará o acordo de autorización do gasto.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 21 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



6.- Nos supostos de subvencións nominativas ás que se refire o apartado 1 desta base, o orzamento aprobado será causa habilitante para iniciar o procedemento do gasto, quedando en todo caso sometido ao previsto na Lei 38/2003, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, Ordenanza de Subvencións si estivese aprobada e Plan Estratéxico de Subvencións de cada unidade funcional.

7.- O acto de autorización poderá adoptarse conxuntamente co de disposición, nos casos previstos nestas bases.

8.- Cando a autorización do gasto proposta supere o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria, o servizo xestor de expediente deberá informar que os créditos da bolsa de vinculación son suficientes para facer fronte a todos os compromisos, ou de ser o caso, deberá indicarse que programa, gasto ou servizo dos previstos no programa orzamentario vaise a executar cun menor orzamento ou non se vai executar.

9.- Unha vez que o órgano competente na materia adopte o acordo de autorización do gasto, a unidade xestora do expediente o remitirá á unidade Central de Contabilidade para súa contabilización e expedición do documento contable de autorización "A".

10.- O Concello exercerá as competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias que regula o artigo 25 da Lei 7/1985 coas modificacións incorporadas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local e a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

Só poderá exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 22 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





**BASE 17ª.- <u>Disposición do gasto</u>.-**

1.- Será órgano competente para adoptar o acordo de disposición do gasto o que o fora para a súa autorización previa, conforme ao considerado nestas bases. Respecto da competencia dos/as Srs./Sras. concelleiros/as delegados/as en materia de disposición de gastos, estarase ao establecido nos acordos ou resolucións nas que se lles outorga a delegación polo órgano que a tivese.

2.- O procedemento para acordar a disposición de gastos acomodarase ás seguintes normas:

En xeral

a) Formulada proposta de adxudicación das obras, de adquisición do inmoble, de subvención e, en xeral, coñecida a persoa que resultará acredora a consecuencia do gasto, resolverá o órgano competente o acordo da súa disposición.

b) Para estes efectos, o servizo que formulase a proposta de gastos, coa conformidade do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a, remitirá o expediente (electrónico) á Intervención Xeral Municipal para a súa fiscalización con todos os informes preceptivos.

c) Co informe de fiscalización da Intervención, elevaráselle o expediente ao Órgano que adoptou o acordo de autorización previa, para os efectos previstos no apartado a) deste número.

d) A disposición do gasto efectuarase sobre o importe determinado, que nunca será superior ao de autorización.

e) O acto de disposición poderá adoptarse simultaneamente co de autorización, nos casos establecidos nestas bases.

f) Unha vez que o órgano competente na materia adopte o acordo de compromiso do gasto, o servizo xestor do expediente o remitirá á unidade Central de Contabilidade para a súa contabilización e expedición do documento contable "D".

En particular.

Nos expedientes de gastos que estean suxeitos a LCSP, Lei 9/2017, remitiranse á Intervención Xeral para a súa fiscalización con carácter previo a súa elevación ao Órgano de contratación competente para a súa adxudicación, sempre que xa fose incorporada a documentación requirida de acordo ao previsto no artigo



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 23 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



150.2 da LCSP.

**BASE 18ª.-** **Recoñecemento e liquidación da obriga.**-

1.- A competencia para o recoñecemento e liquidación da obriga dos compromisos ou disposicións de gastos legalmente contraídos, correspóndelle ao/á Sr./Sra. Concelleiro/a delegado/a da Área de Orzamentos e Facenda por delegación da Alcaldía-Presidencia segundo Resolución de data 18 e 26 de xuño de 2019 e o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño.

Corresponderalle ao Pleno da Corporación o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, de conformidade co previsto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril. En todo caso estarase ao previsto no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico del control interno nas entidades do Sector Público Local e a Base 28ª.

En cumprimento do previsto no artigo 3 da Lei 25/2013, a provedora ou provedor que haxa expedido a factura polos servizos prestados ou bens entregados a calquera Administración Pública, terá a obriga, a efectos do disposto nesta norma, de presentala ante un rexistro administrativo, nos termos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e obrigatoriamente na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación de servizos.

2.- A tramitación de recoñecemento de obriga axustarase ás seguintes normas:

a) Para todas as entidades que estean no ámbito regulamentado no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, as facturas de terceiras persoas acredoras de créditos presentaranse na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado. Para as entidades que non estean no ámbito subxectivo regulado no artigo 4 da devandita norma, poderán presentar o documento que xere o dereito no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera rexistro de acordo ao artigo 16 da Lei 39/2015. Calquera que sexa o rexistro no que se presenten as facturas (FACe, Rexistro Xeral o calquera outro), terán ao mesmo tempo a súa anotación no rexistro contable de facturas, do que se estará dando información en tempo real do estado da mesma.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 24 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



b) O aplicativo corporativo xestor de expedientes, repicará a información e porá en coñecemento das distintas unidades funcionais e servizos xestores, a existencia das facturas ou documentos de pago co fin de que a Xefatura preste a súa conformidade ou manifeste os reparos que procedan, sen prexuízo do regulado no artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais así como o cumprimento dos prazos de pagamento previstos no artigo 198 da LCSP, no Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se regula a metodoloxía de pago a provedores e provedoras das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

c) No primeiro caso estenderán certificación de "realizado o servizo e conforme" ou "recibido e conforme", segundo se trate de prestación de servizos ou subministración, indicarase tamén a aplicación orzamentaria con cargo á que se dispuxo o gasto, facéndose constar o número de documento de compromiso, de autorización, ou de ser o caso, do crédito retido. Para facilitar a tramitación da acta de recepción do servizo ou subministro, achegarase coa factura o documento acreditativo da prestación o certificado tipo que está implantado nesta Administración (a achega será no expediente electrónico).

d) Co obxecto de facilitar o debido cumprimento do exposto no apartado anterior, deberá existir un rexistro de recoñecemento de sinaturas autorizadas, que se actualizará por petición do órgano competente.

e) Terase en conta, en cada caso, a capacidade técnica para asinar os documentos xerados de obriga para o Concello.

f) A conformidade de facturas e/ou certificacións de obras será competencia exclusiva da xefatura da unidade funcional do gasto ou dependencia receptora do servizo ou da subministración; en caso de ausencia substituirá ao xefe ou xefa a empregada/a pública a quen lle corresponda asumir legalmente as súas funcións. No caso de dirección de obras, será competencia de quen exerza a dirección das mesmas co visado da xefatura do servizo ou a



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 25 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



persoa responsable do contrato.

g) Os demais documentos representativos de créditos a favor de terceiras persoas serán dilixenciados pola xefatura do servizo ou unidade funcional do gasto que entenda da tramitación segundo a natureza do gasto, con expresión da firmeza do acordo, resolución ou sentencia de que se trate.

h) Á Intervención, a quen se lle remitirán (electronicamente) os documentos orixinais xustificantes da obriga, comprobará a existencia de crédito suficiente e o cumprimento de formalidades administrativas e fiscais daqueles.

i) As persoas responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende o seu rexistro ou conformidade segundo o caso), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade á factura e remitir a mesma para súa fiscalización. En ausencia de responsable, deberase informar quen exercera a responsabilidade da sinatura. O devandito prazo non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do/a Sr./Sra. Concelleira/o Delegado/a, deberase dar de baixa na aplicación corporativa de tramitación de expedientes e comunicar os motivos da desconformidade a mercantil expedidora da mesma así como ao Servizo de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura. De non facer a comunicación ao servizo de Contabilidade, a persoa titular do dereito expedidora do documento mercantil, non poderá ter coñecemento da anulación da mesma a través da plataforma FACe, e polo tanto, estará a computar no cálculo do PMP.

j) Para garantir o control dos documentos cobratorios, en cumprimento do previsto no artigo 8 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, o servizo de contabilidade dispón do rexistro contable de facturas no que se reflicten os distintos estados nos que se atopa a mesma: Rexistrada (R) cando se produce a descarga do documento da plataforma FACe, co número de rexistro do



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 26 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



punto de entrada ou cando se produce a anotación no Rexistro Xeral, Enviada ao servizo xestor para a súa conformidade ou desconformidade (E), Devolución da mesma por desconformidade ( D), Anulada polo/a provedor/a (A), Verificada de conformidade (V), aprobada e Contabilizada ( C ) e Pagada (P). O servizo de Contabilidade dispón dun rexistro asociado ao aplicativo de seguimento de expedientes, que posibilita en tempo real, o seguimento destes documentos .

k) Unha vez fiscalizada e recoñecida a abriga polo órgano competente, a relación das mesmas pasará á unidade Central de Contabilidade para o seu rexistro e asentamento contable, pasando do estado V ao C e posteriormente ao estado P.

**BASE 19ª.- <u>Documentos xustificativos para o recoñecemento da obriga.-</u>**

1.- Todo acto de recoñecemento e liquidación da obriga basearase en documento ou documentos que acrediten o dereito de parte acredora ao correspondente pagamento, deberá estar unido aquel ou aqueles ao expediente que se tramite para o efecto, considerándose como xustificativos as certificacións de obra, facturas de provedores e provedoras, convenios con terceiros/as previa xustificación dos compromisos; acordos de concesión de subvencións xuntamente cos documentos xustificativos de aplicación dos fondos outorgadas, certificacións de acordos e resolucións de autoridades administrativas, testemuños de sentenzas xudiciais firmes e outros de natureza análoga que tiveran o carácter de executivos.

2.- As facturas serán orixinais ou electrónicas e conterán os seguintes datos:

a) Identificación de quen a expide, nome ou razón social e particularmente o NIF ou CIF.

b) Domicilio da persoa obrigada a expedir a factura como o da destinataria.

c) Servizo ou dependencia municipal que efectuou o encargo co DIR.

d) Número de factura e no seu caso serie.

e) Data da súa expedición, deberase ter en conta os prazos previstos no artigo 198.4 da LCSP.

f) As facturas electrónicas deberán suxeitarse ao contido da Orde HAP/1650/2015, de 31 de xullo, pola que se modifican a Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo e Orde HAP/1074/2014, de 24 de xuño.

g) As liñas das mesmas atendendo aos distintos conceptos. Validarase que o total importe



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 27 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



bruto da factura sea numérico e a dos decimais, por suma dos importes brutos das liñas.

h) Traballos ou subministracións que se facturan co detalle necesario para a súa identificación.

i) Prezo unitario ou total, en todo caso, coa descomposición dos servizos e prezos.

j) Impostos que procedan, con indicación do tipo de gravame e a cota resultante.

k) No caso de que a operación que se documenta nunha factura estea exenta do Imposto, unha referencia ás disposicións correspondentes da Directiva 2006/112/CE, de 28 de novembro, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido.

l) Recibido e conforme da xefatura da dependencia ou servizo, con certificación de terse prestado o servizo ou recibido de subministración, dentro do prazo de cinco días naturais dende o rexistro da mesma.

Os atrasos na tramitación da factura, da súa conformidade ou desconformidade, será responsabilidade da xefatura do Servizo ou Área á que corresponda o gasto, polo que, de producirse prexuízos para a Administración polo devengo de xuros, se se acredita culpa ou neglixencia, en última instancia, serán responsabilidade de quen os xerou.

3.- As certificacións de obras serán expedidas polo seu persoal técnico director, con expresión dos seguintes datos:

a) Datos relativos á obra que se certifica:

- Número de expediente.
- Denominación do proxecto.
- Número de certificación.
- Clase de certificación:

  Ordinaria. Por acopios. Certificación final. Certificación Liquidación.

- Mes á que corresponde.

b) Datos relativos á adxudicación:

- Importe da licitación (IVE aparte).



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 28 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





- Importe de adxudicación (IVE aparte).
- % de Baixa.
- Adxudicataria, Razón Social e CIF.
- Número de AD.
- Data de adxudicación, relativa ao acordo do órgano.
- Data de formalización do contrato.
- Data de comprobación de replanteo.
- Data de inicio das obras.
- Prazo de execución.

c) Datos relativos á Certificación:

- Certificada no período.
- Certificadas anteriormente.
- Total obra certificada.
- Acopios pendentes de descontar.
- Pendente de certificar.

d) Sinaturas da certificación:

- Dirección facultativa da obra (Persoa Responsable do Contrato, art. 62 LCSP).
- Conformidade da contratista.

e) Declaración de que procede o aboamento por executarse as obras conforme ás condicións establecidas, e coas reservas pactadas respecto a súa recepción.

f) De ser o caso, farase constar o endoso da certificación a favor de terceiro/a.

g) Na acta de recepción, farase constar a data de inicio da medición xeral.

h) No caso da certificación final de obras, seguirase o procedemento previsto na instrución



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 29 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





2/2015 da Intervención Xeral. Achegarase a preceptiva factura.

4.- Coa primeira factura, aos efectos de fiscalizar o procedemento, no visor do aplicativo corporativo de expedientes, relacionarase a copia do contrato, copia da garantía definitiva, acordo de adxudicación. Ademais, tratándose de contrato de obras, xuntarase acta de comprobación de replanteo, e en todos os supostos, certificación de conformidade das prestacións, nas que se fará constar o compromiso do gasto. Todos estes documentos que estarán no expediente electrónico, deberán ser comprobados no proceso de fiscalización da factura e certificación.

A persoa responsable do contrato será a quen lle corresponda emitir os informes intermedios.

5.- A dirección facultativa da obra expedirá certificación mensual dentro dos dez días seguintes ao mes que corresponda, e abarcará a obra executada no devandito período, aínda que non existan unidades de obra executadas no período, salvo que o prego de cláusulas administrativas prevexa outra cousa, a certificación mensual será obrigatoria. A certificación correspondente ao mes de decembro, expedirase dentro do mes de decembro e imputarase ao orzamento do ano, debéndose facer constar no PCAP esta circunstancia.

6.- En ningún caso se poderá iniciar a prestación do servizo/subministro ou execución da obra con anterioridade á formalización do contrato, coa excepción prevista no artigo 120 da LCSP, para a execución da tramitación dos procedementos por emerxencia. Nos demais casos, se houbera prestacións con anterioridade á sinatura do contrato ou ao prazo previsto de inicio das prestacións, as devanditas actuacións non formarán parte da relación contractual, e quedarán sometidas a validación ou a tramitación de procedementos excepcionais, seguindo os trámites previstos en cada caso. O prazo do contrato comenzará a contar a partir da data que figure no mesmo, todo elo sen prexuízo das responsabilidades que houbese pola iniciación dunha prestación sen que o contrato estivese formalizado.

Se se atrasase a data inicialmente prevista no PCAP para o comenzo da execución, a prórroga, tal e como establece o art. 29 da LCSP, ten que ter en conta que o prazo dos contratos de subministracións e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas. O prazo do contrato comenzará a computar dende a data que figure no PCAP, FEC ou no documento contractual. Tamén habería que estar ao previsto no art. 195 da LCSP, relativas aos atrasos por causas non imputables á contratista.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 30 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**BASE 20ª.- Ordes de pagamento.-**

1. A ordenación do pagamento é o acto mediante o cal a persoa ordenadora de pagos, baseándose nunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento.

2. A ordenación do pagamento do Concello é competencia da Alcaldía-Presidencia, quen poderá delegar de acordo coa normativa vixente. Mediante resolución de data 18 e 26 de xuño de 2019 o Alcalde delegou a ordenación formal e material do pagamento no Concelleiro Delegado da área de Orzamentos e Facenda.

3. A orde de pagamento poderá expedirse electronicamente independentemente ou en listaxes que recollan, cada unha das obrigas individuais, de conformidade co previsto no artigo 66 do Real Decreto 500/1990; admítese a utilización das relacións adicionais á orde de pagamento, nos casos aos que se refire o apartado 3 do mencionado artigo 66. En todo caso, e tendo en conta a Instrución de Contabilidade aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a ordenación do pagamento xa no é unha fase contable de execución do estado de gastos do orzamento, polo que a súa emisión quedará a criterio do que aprobe o órgano competente.

4. A expedición das ordes de pagamento acomodarase ao plan de disposición de fondos da tesourería aprobado por resolución Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de 01/03/2018, publicado no BOP nº 75 de 18/04/2018 e exposto no portal de transparencia do Concello de Vigo, e que recolle a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores. Pero sobre todo, a prioridade máxima dos créditos orzamentarios e da Tesourería son os destinados a satisfacer os pagamentos da débeda Pública (art. 135.3 da CE e art.14 da LOEPSF), a execución de sentenzas e as obrigas de exercicios pechados. A prelación de pagos está suxeita ao Plan de Disposición de Fondos vixente.

O plan de Tesourería deberá acomodarse ao previsto no apartado 6 do artigo 13 da LOEOeSF, modificado pola Lei Orgánica 9/2013.

En todo caso, tendo en conta a liquidez que ten a Entidade, todas as ordes de pago que se envían á Tesourería, son pagadas nun prazo medio de 11-13 días dende a conformidade da factura, de aí, que non se estea a aplicar ningún criterio de prelación.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 31 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**BASE 21ª.- <u>Acumulación de fases</u>.-**

1.- Poderán darse entre outros os seguintes casos de acumulación de fases:

a) Autorización-disposición poderá autorizarse nos supostos que se relacionan, aínda que na maioría dos supostos, ao existir un contrato, as fases contables están separadas.

- Validación de gastos.
- Gastos de auga, gas, electricidade, teléfono e, en xeral, todos aqueles nos que os prezos sexan aprobados de forma oficial ou sometidos a unha cotización e non sexa posible coñecer o importe do consumo ata liquidación mensual.
- Achegas a empresas e organismos municipais.
- Alugamentos de bens.
- Imputación ao orzamento en curso de contratacións de exercicios anteriores pendentes de factura en todo ou en parte .
- Imputación ao orzamento de contratos plurianuais, adxudicados en anos anteriores.
- Imputación ao orzamento en curso de prórrogas de contratos adxudicados en anos anteriores.
- Cambios de adxudicatarias/os.

b) Autorización-disposición-recoñecemento da obriga poderá autorizarse nos seguintes casos:

- Gastos de persoal.
- Realización de actividades formativas por parte persoal axuda de custo e outros gastos que se axusten a baremos previamente establecidos, previa retención crédito.
- Pagamentos de axuda de custo.
- Anticipos reintegrables.
- Xuros de operacións de crédito e amortización de pasivos financeiros.
- Recoñecemento de débedas, previa retención de crédito.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 32 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



- Fondos a xustificar, previa retención de crédito.
- Gastos extraordinarios por calamidades ou catástrofes públicas ou grave risco destes, e aqueloutros de carácter urxente e inaprazable que faga imposible seguir os trámites xerais de execución orzamentaria.
- Gastos que deriven de resolucións xudiciais.
- Gastos de representación municipal.
- Gastos de liquidacións tributarias.
- Gastos correspondentes aos grupos políticos previstos na Base 39ª.

2.- Ademais dos casos aos que se refire o número anterior, poderá levarse ao cabo a acumulación de fases naqueles outros casos de natureza análoga, nos que así o aconselle a economía e axilidade administrativa, tras o informe da Intervención ou órgano que teña a cargo a unidade de Contabilidade.

3.- De ser o caso, o órgano que adopte o acordo en que se acumulen as fases de execución do gasto, deberá ter competencia, orixinaria ou delegada, para acordar todas e cada unha das fases que se inclúan naquel.

**BASE 22º.- <u>Do pagamento</u>.-**

**Competencia.**

Corresponde á Tesourería municipal a realización efectiva do pagamento, como acto material de cumprimento da obriga derivada do gasto, que se realizará, en todo caso, tras a expedición do mandamento de pagamento ou relacións de ordes de pagamento expedidas polo Servizo de Contabilidade previa fiscalización.

Sen prexuízo da forma de pagamento que se empregue, os prazos de execución dos mesmos suxeitaranse ao previsto no apartado 4 do artigo 198 da LCSP, tendo en conta a modificación introducida pola Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e o número un da disposición final sétima



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 33 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





da Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao/á emprendedor/a e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Asi mesmo se terá en conta a modificación introducida pola Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público á Lei 2/2012, LOEOeSF en canto aos procedementos a iniciar no caso de incumprimento dos devanditos prazos e o Real Decreto 1040/2017.

A Administración terá a obriga de abonar o prezo dentro do trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 210.4 da LCSP , e se se demorase, deberá abonar á/ao contratista, a partires do cumprimento do devandito prazo de trinta días os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o/a contratista deberá de cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 210.4 e 243.1 da LCSP, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro do trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se a/o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura na plataforma FACe-Punto de entrada de facturas ou no rexistro administrativo se fose o caso, o devengo de xuros non se iniciará até transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente ou transcorrido o devandito prazo dende a conformidade da mesma. Unha vez transcorrido o devandito prazo, comenzará a devengar os xuros coa aplicación do interese comercial.

O prazo previsto polo Concello para a conformidade da factura, certificación ou documento acreditativo da débeda, é dentro dos cinco días seguintes a recepción do mesmo.

Aos efectos de cómputo de prazos, o RD 1040/2017 que modifica o RD 635/2014, establece que os días comenzan a partires da conformidade da mesma, aínda que se a mesma non esta conformada ao remate do mes, este comenzará a contar dende a presentación da certificación ou do rexistro da factura.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 34 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Delimitación das formas de pagamento.**

1. O pagamento das obrigas a cargo do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos efectuarase normalmente mediante transferencia bancaria contra a correspondente conta aberta polo Concello de Vigo nalgunha Entidade de Crédito debidamente autorizada.

2. No entanto, cando a persoa interesada o solicite expresamente por escrito, o/a Ordenador/a de Pagamentos poderá autorizar o pagamento mediante cheque nominativo non á orde. Neste suposto, cando a parte acredora non sexa unha persoa física, utilizarase o cheque nominativo cruzado, para o seu ingreso en conta corrente. En todo caso, os cheques emitidos deberán reunir os requisitos sinalados na Lei 19/1985, de 16 de xullo, Cambiaria e do Cheque.

3. Excepcionalmente, previa proposta razoada da Tesourería Municipal, admitirase o pagamento mediante cargo en conta corrente, sempre e cando previamente se fixera a expedición do correspondente mandamento de pagamento ou relacións de ordes de pagamento, e non supoña vulneración dos criterios establecidos no plan de disposición de fondos e, en todo caso, das prioridades legalmente establecidas no artigo 187 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo.

En particular, poderase empregar esta forma de pagamento para facer efectivas, a través da páxina web, as obrigas que o Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos manteñan coa Axencia Tributaria e outras Administracións Públicas, así como o cargo por pago de xuros e amortización de créditos que o Concello teña concertado con entidades de crédito e nas contas abertas exclusivamente a tal fin.

4. Así mesmo, poderanse cancelar as obrigas mediante pagos en formalización a conceptos do Orzamento de ingresos e a conceptos non orzamentarios, que non producirán variacións efectivas na tesourería.

**Disposicións de fondos.**

1. As disposicións de fondos para a execución das ordes de pagamento precisarán da autorización conxunta do/a Ordenador/a de Pagamentos, o/a Interventor/a e o/a Tesoureiro/a, ou quen, a proposta súa, teñan autorización como suplentes para os supostos previstos na normativa vixente.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 35 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Con todo, so será precisa a autorización do/a Tesoureiro/a, ou da persoa que o/a supla, cando os pagos se realicen con cargo aos fondos situados nas contas restrinxidas de pagamentos integradas na organización da Tesourería, abertas nas entidades de depósito que presten o servizo de Caixa da Corporación para o pagamento das retribucións do persoal activo e pasivo do Concello ("Contas de Habilitación do persoal"), ou para a realización de pagamentos de contía inferior a 1.200,00 euros correspondentes a gastos de natureza corrente e devolucións de ingresos ("Contas de Caixa da Corporación"). Estas contas correntes, abertas en substitución das tradicionais caixas de efectivo coa finalidade de facilitar o proceso de pagamentos, só poderán admitir ingresos do Excmo. Concello de Vigo, aprovisionándose dende as contas operativas coa autorización conxunta dos tres chaveiros.

2. Unicamente precisarán da autorización do/a Tesoureiro/a municipal as disposicións que teñan por obxecto o traspaso de fondos entre contas correntes abertas nunha mesma entidade financeira das que o seu titular sexa o Concello de Vigo.

3. Por razóns de seguridade e cumprimento de prazos, a autorización conxunta nos supostos de disposicións dos fondos naqueles pagamentos que se fagan por Internet, mediante adeudo en conta corrente, e que teñan por obxecto a satisfacción das obrigas que o Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos manteñan coa Axencia Tributaria e outras Administracións Públicas, substituirase pola acreditación da personalidade do Concello de Vigo mediante sinatura dixital para o que será preciso a previa instalación nunha terminal de tesourería dun certificado de persoa usuaria expedido por unha autoridade de certificación que conteña os datos identificativos do Concello de Vigo, actuando neste caso o pagador como representante do Concello.

**Pagamentos por transferencia.**

1. As ordes de pagamento mediante transferencia bancaria faranse de acordo co seguinte procedemento:

a) Todas aquelas que se expidan a favor de perceptores/as de pagamentos a xustificar ou anticipos de caixa fixa, nas correspondentes contas restrinxidas de pagamentos que deban ter abertas nas entidades financeiras a nome do Concello de Vigo.

b) O aboamento das transferencias expedidas a favor de persoas físicas, persoas xurídicas privadas,



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 36 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





entidades privadas sin personalidade xurídica e entidades e organismos públicos efectuaranse nas contas abertas a nome das anteditas acredoras que polas mesmas se designen. A estes efectos, será preciso que os datos sobre as contas designadas polas acredoras veñan certificados ou validados polas entidades financeiras onde se atopen abertas as citadas contas. Cando o/a acredor/a sexa unha persoa física, abondará para acreditar a titularidade unha fotocopia da cartilla, libreta de aforros ou calquera recibo ou extracto bancario onde conste o nome de quen sexa titular da conta e o código da conta corrente completo.

2. Non será preciso acreditar a representación para a simple designación de contas receptoras de transferencias bancarias.

3. Os pagamentos por transferencia realizaranse pola Tesourería Municipal, transferindo o importe líquido das respectivas ordes ás contas bancarias que corresponda en función do tipo de pagamento de que se trate, que deberán estar abertas a favor dos/as respectivos/as perceptores/as.

4. No suposto de que figuren varias contas bancarias a nome dun mesmo perceptor ou perceptora e, en ausencia de manifestación expresa da persoa interesada, o pagamento será realizado en calquera delas, sempre que non conste a previa cancelación da mesma. En calquera caso, o pago farase na conta que veña indicada na orde de pagamento.

5. As entidades de crédito aboarán nas contas dos/as beneficiarios/as os importes correspondentes ás transferencias ordenadas pola Tesourería Municipal nos termos establecidos polo Banco de España na circular correspondente.

Cando unha entidade de crédito non puidera cumprimentar o aboamento á conta beneficiaria no prazo máximo establecido polo Sistema Nacional de Compensación Electrónica (SNCE) , Subsistema Xeral de Transferencias, deberá proceder á devolución da transferencia no primeiro día hábil seguinte ao prazo indicado.

As transferencias devoltas reintegraranse provisionalmente ao orzamento ou ao concepto non orzamentario que determine a Unidade de Contabilidade do Concello de Vigo, segundo o procedemento regulado polas normas previstas na Disposición Adicional Cuarta destas Bases ata a subsanación dos erros que se produciran e o seu posterior pagamento, ou á declaración da súa prescrición cando se cumpra o prazo establecido na normativa vixente.

Todas as transferencias ordenadas ás entidades financeiras que non produzan os efectos indicados



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 37 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



nos parágrafos anteriores, entenderanse cumprimentadas nos seus propios termos.

**Pagamentos por cheque.**

1. No suposto de que o pagamento se efectúe mediante cheque nominativo, será precisa a presencia física no Negociado de Pagadoría da Tesourería municipal da persoa interesada ou de quen a represente con poder cumprido. Cando o importe líquido do pagamento non supere a cantidade de 5.000,00 euros, a parte acredora poderá autorizar por escrito a unha terceira persoa física para que reciba o cheque, debendo axustarse a autorización ao modelo facilitado pola Tesourería Municipal, acompañado do orixinal ou fotocopia autentificada do DNI da persoa autorizante e autorizada.

En calquera caso, a persoa perceptora do cheque deberá asinar o "recibín" na correspondente orde de pagamento, procedendo a comprobar a identidade do mesmo e, adicionalmente, consignarase no documento o número do NIF, quedando liberada, por conseguinte, a débeda da Administración.

2. Alternativamente, a parte acredora poderá solicitar a remisión do cheque por correo. Neste caso, utilizarase a modalidade de cheque nominativo cruzado, debendo adoptarse pola Tesourería as prevencións necesarias de xeito que se garanta a recepción material do mesmo.

**Descontos nos pagamentos en formalización.**

1. Os tributos ou descontos de calquera natureza que corresponda liquidar ou reter sobre o principal das ordes de pagamento, deduciranse do seu importe para a súa aplicación en formalización ás Contas do Plan Xeral de Contabilidade que en cada caso corresponda. Os efectos contables, orzamentarios e todos aqueles que procedan en relación cos descontos incorporados ás ordes de pagamento produciranse no intre no que se produza o pagamento, servindo a propia orde de pagamento como xustificación da aplicación destes descontos. En tanto non se produza o pagamento, as retencións que foron obxecto de contabilización, figuran en contas de orde, e só quedarán rexistradas na Conta Contable, cando se produza o pagamento.

2. O tipo de retención aplicable en cada caso, será o vixente no momento do pago.

3. Pagaranse en formalización todas aquelas ordes cuxo importe líquido sexa cero, xa sexa como



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 38 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



consecuencia de embargos, retencións, compensación de débedas ou calquera outra circunstancia que provoque a incorporación de descontos por un importe igual ao íntegro da orde de pagamento.

**Actuacións en caso de falecemento do/a acredor/a.**

Cando conste que a persoa acredora falecera, o aboamento realizarase aos/ás herdeiros/as, que deberán achegar a documentación seguinte:

- Fotocopias dos D.N.I. de tódalas partes interesadas.
- Certificado do acta de defunción do/a causante ou documento equivalente que acredite o falecemento do/a acredor/a.
- Copia autorizada do testamento ou, no suposto de que o/a causante non testara, declaración-de persoas herdeiras realizada por estas. Si é unha única persoa a herdeira, poderase aportar declaración ou escritura recoñecendo tal extremo.

**Das cesións de créditos.**

Os datos sobre as cesións de créditos contra o Concello de Vigo e as transmisións de certificacións de obras que se produzan contabilizaranse pola Unidade de Contabilidade. No caso de que a orde de pagamento xa fora remitida á Tesourería Municipal e aínda estivera pendente de realizar o pagamento efectivo, a citada oficina solicitará por escrito á Tesourería municipal a devolución da orde de pagamento de que se trate, para proceder a súa anulación.

O servizo xestor a cargo de quen corresponda o contrato que é obxecto da cesión de crédito, en cada un dos pagamentos que queden afectados pola cesión, fará constar tal circunstancia na factura que tramite, achegando unha copia do documento da cesión coa factura.

As cesións de créditos surtirán efecto a partires da súa notificación, afectando aos créditos que estivesen pendentes de pago.

Dos créditos cedidos e debidamente notificados, as relacións de pagamentos que conteñan créditos cedidos, estes serán excluídos da remisión que se fai á AEAT.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 39 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Compensación de débedas a petición das persoas interesadas.**

1. Corresponde á Tesourería Municipal a tramitación dos expedientes de compensación de débedas a petición das persoas que teñan a obriga de pagamento.

2. Cando unha terceira persoa, que sexa ao mesmo tempo debedora e acredora do Concello de Vigo, solicite a compensación dos respectivos débitos e créditos, suspenderanse os trámites para o aboamento dos créditos recoñecidos dos que se solicitan a compensación que se atopen pendentes de pagamento, sempre e cando a persoa interesada solicitara expresamente a referida suspensión e achegara os datos e documentación que esixe a normativa aplicable. Só procederá a retención dos pagamentos no suposto dos créditos que, na data da solicitude, estiveran recoñecidos en virtude de acto administrativo e, por conseguinte, atoparase recoñecida a obriga correspondente (fases O e P).

3. Unha vez que se dite polo órgano competente o acordo de compensación, pagarase en formalización a parte correspondente á compensación acordada, aplicando os descontos ao concepto que permita a posterior cancelación das débedas compensadas.

**Reintegro de pagos indebidos**

1. Considérase pagamento indebido, o que se realiza por erro material, aritmético ou de feito, a favor de persoa en quen non concorra dereito algún de cobramento fronte a Administración con respecto a dito pagamento ou en contía que excede da consignada no acto ou documento que recoñeceu o dereito da persoa acredora.

2. A persoa perceptora dun pagamento indebido total ou parcial queda obrigada a súa restitución.

3. O disposto neste apartado e nos seguintes aplícase á reposición de toda cantidade que se perciba indebidamente de acordo co disposto no apartado 1 con cargo ao estado de gastos do orzamento do Concello ou derivada de pagamentos extraorzamentarios, agás os reintegros de subvencións, que se rexerán polo disposto na súa normativa específica.

4. A revisión dos actos dos que se deriven reintegros distintos aos correspondentes aos pagamentos indebidos a que se refire o apartado 1 anterior, realizarase de acordo cos procedementos de revisión de



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 40 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



oficio de actos nulos ou anulables previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou de conformidade cos procedementos específicos establecidos nas normas reguladoras dos distintos ingresos, segundo a causa que determina a súa invalidez.

5. A efectividade dos ingresos por reintegro someterase ao disposto no artigo 2.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

6. Os reintegros poderán dar lugar á reposición de créditos, de acordo co que se dispoña nas Bases de Execución do orzamento.

7. O reintegro de pagamentos indebidos ao que se refire o apartado 1 reportará o xuro de mora previsto no artigo 17 da Lei Xeral Orzamentaria dende o momento no que produciu o cobro.

8. Unha vez que se teña coñecemento da realización dun pagamento indebido sen que se produza o seu reintegro voluntario á Tesourería, se o pagamento se realizase con cargo a unha conta da tesourería ou das persoas que teñan habilitación das contas restrinxidas de pagos, o poñerán en coñecemento das persoas interesadas para que, se é o caso, procedan ao seu ingreso, ou ben no prazo de quince días formulen alegacións ou acheguen cantos documentos ou xustificacións estimen oportunos.

Transcorrido o devandito prazo e instruído o procedemento que corresponda, darase traslado do expediente á Tesourería para que, se procede, eleve á persoa encargada de ordenar os pagos proposta de inicio do correspondente expediente de reintegro. O expediente incluirá a seguinte documentación:

a) Proposta de resolución de inicio de expediente de reintegro, no que se concrete a contía percibida indebidamente.

b) Datos identificativos da persoa interesada: nome e apelidos, ou razón social, se é o caso, número ou código de identificación fiscal e domicilio ou sé social.

c) Informe sobre a orixe da cantidade percibida indebidamente e que da lugar ao reintegro, o importe deste e a data do pagamento que o motiva. Co obxecto de identificar axeitadamente a orixe do posible reintegro, deberá reseñar a aplicación orzamentaria con cargo á que se realizou o pago, así como o exercicio ao que corresponda.

A notificación da resolución acompañarase do documento de ingreso ou carta de pagamento que deberá utilizar a persoa interesada para realizar o ingreso en calquera entidade colaboradora.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 41 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



O prazo máximo para adoptar e notificar a resolución expresa será de seis meses contados desde a data de adopción do acordo de iniciación do procedemento de reintegro.

As persoas interesadas poderán, en calquera momento do procedemento anterior á adopción da resolución de reintegro, ingresar as contías percibidas indebidamente sen devengo de xuros de mora.

Ditada e notificada a resolución, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de xestión de Recadación e de Inspección en canto á xestión recadadora.

Os reintegros das contías aboadas indebidamente ao persoal que continúe prestando servizos no Concello ou nos seus Organismos Autónomos realizaranse, con carácter preferente, mediante compensación de oficio coa nómina ou nóminas dos meses seguintes, aplicando en todo caso, os límites establecidos no artigo 607 da Lei 1/2000, de Enjuiciamiento Civil coa modificación introducida polo Real Decreto Lei 5/2012, de 5 de marzo. No entanto, a persoa interesada poderá solicitar a aplicación dunhas porcentaxes superiores as establecidas na citada Lei que supoñan unha redución do prazo de devolución da débeda respecto ao derivado da utilización das regras establecidas na mesma.

As cantidades que se aboen indebidamente como consecuencia do pago da nómina, en concepto de cota obreira da Seguridade Social ou outros descontos obrigatorios en nómina que non sexan susceptibles de compensación, deberán ser reclamadas ao organismo público que corresponda.

As retencións que en concepto de IRPF se abonen indebidamente, reintegraranse mediante compensación coas retencións a conta seguintes que deba ingresar na AEAT, sempre que sexa admitido dito instrumento no ámbito estatal.

**Información Trimestral**. Ao obxecto de dar cumprimento ao regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e a Disposición adicional cuadraxésima oitava e Disposición final décima da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de PXE, dentro dos primeiros 15 días do mes seguinte ao de cada trimestre natural, remitiranse por plataforma e coa ferramenta instalada, o informe trimestral dos pagos efectuados e os prazos dos mesmos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, coa finalidade de verificar se os mesmos están a dar cumprimento o previsto nas normas legais citadas.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 42 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**BASE 22ª.bis.- Deferimento do pago**

Ao amparo do previsto na Disposición Adicional Terceira, apartado 9 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, nos contratos que teñan por obxecto a adquisición de bens inmobles, o importe da adquisición poderá ser obxecto dun deferimento de até catro anos, con suxeición aos trámites previstos na normativa reguladora das Facendas Locais para os compromisos de gastos futuros.

A aplicación deste deferimento, deberá ter en conta ademais, se o financiamento que ten a adquisición no orzamento corrente e con recursos propios ou alleos, no suposto de recursos alleos, haberá que establecer o procedemento a seguir para o suposto de prórroga e os efectos que elo pode ter. Así mesmo, no deferimento se deberá ter en conta o cumprimento da Regra de Gasto.

**PROCEDEMENTOS ESPECIAIS**

**BASE 23ª.- Pagos para xustificar.-**

**Concepto**.

A tenor dos artigos 190 do TRLRFL e 69 do RD 500/1990, terán carácter de orde de pagamento "para xustificar" aquelas que no momento da súa expedición non poidan ir acompañadas dos documentos xustificativos que acrediten a realización da prestación ou o dereito da parte acredora, non sendo de aplicación este réxime para os supostos de que existan xa documentos que posibiliten a tramitación dunha orde de pagamento en firme.

**Ámbito de aplicación**.

1.- Poderán expedirse ordes de pagamento "para xustificar" nos supostos seguintes:

a) Cando os documentos de pagamento non poidan achegarse antes de efectuar as propostas de pago.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 43 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



b) Cando se considere conveniente a utilización deste sistema para axilizar de maneira significativa a xestión dos créditos, previa xustificación da unidade xestora, e tras o informe favorable da Intervención.

c) Cando non sexa posible xustificar de modo inmediato a contía do gasto.

d) Cando os documentos acreditativos do gasto non sexan entregados en tanto non se materialice o pago.

e) Cando as ordes de pagamento teñan por obxecto satisfacer gastos en localidades onde non existen dependencias municipais ou organismo autónomo do que se trate.

f) Cando os servizos ou prestacións aos que se refiren teñan lugar en territorio estranxeiro.

2.- Os conceptos orzamentarios aos que lle serán de aplicación son os que corresponden ó capítulo II do estado de gastos así como os premios ou bolsas do Capitulo IV no estado de gastos. No entanto o anterior, e tras o informe favorable da Intervención Xeral, poderán aplicarse a outros conceptos orzamentarios cando se dean as circunstancias indicadas nos epígrafes anteriores.

3.- Os fondos librados para xustificar teñen a condición de fondos públicos e forman parte da tesourería da entidade ata que a persoa habilitada pague ás acredoras/es finais. Polo tanto, as cantidades que se entreguen ás persoas habilitadas non supoñen unha saída de fondos da Tesourería Municipal, senón unha mera descentralización a unha conta restrinxida de pagos.

4.- Os saldos destas contas restrinxidas de pagos, formarán parte de Acta de Arqueo mensual, aínda que como establece a HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, o seu saldo non se terá en conta para o cálculo dos fondos líquidos aos efectos de obtención do Remanente Líquido de Tesourería.

5.- En canto a súa rendición no fin de ano, como é habitual, aprobaranse as normas sobre as operacións de peche do exercicio, na que se establecen as circunstancias e prazos para a súa rendición con independencia do prazo legal, en calquera caso, e coa finalidade de que a totalidade dos fondos líquidos computen para o cálculo do remanente de tesourería, tratarase, salvo especial xustificación, de que os fondos librados para xustificar estean rendidos ao remate do exercicio orzamentario.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 44 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Expedición das ordes de pagamento para xustificar**.

1.- A expedición das ordes de pagamento para xustificar acomodaranse ao plan sobre disposición de fondos do tesouro vixente, sempre tendo en conta a orden de prioridades establecidas legalmente para os pagamentos.

2.- Non se poderá expedir ordes de pagamento "para xustificar" a favor de persoas habilitadas, caixeiras ou pagadoras cando transcorrido o prazo regulamentario ou o de prórroga, se é o caso, non se xustificase o investimento dos fondos percibidos con anterioridade.

3.- As propostas de pago "para xustificar" expediranse baseándose na orde ou resolución da autoridade con competencia para autorizar os gastos aos que se refiran, e aplicaranse aos correspondentes créditos orzamentarios, coa súa especificación nos documentos contables.

4.- A fiscalización das ordes de pagamento para xustificar referirase aos extremos seguintes:

a) Se se basea en orde ou resolución da autoridade competente para autorizar o gasto.

b) Se existe crédito adecuado e suficiente.

c) Se se adapta ás normas a que se refiren estas bases.

d) Se a persoa habilitada, depositaria ou caixeira a quen se lle librou ao seu favor a orde de pagamento, xustificou o investimento dos fondos percibidos con anterioridade polos mesmos conceptos. En cada caso, de non ser así, suspenderase a tramitación de novas propostas con devolución dos documentos ao respectivo servizo, con indicación da data de pago, perceptor/a e importe pendente para xustificar.

Os apartados b) e d) xustificaranse con certificado acreditativo expedido pola oficina de contabilidade correspondente.

**Libramento e situación dos fondos.**

1.- As ordes de pagamento "para xustificar" expediranse a favor das persoas habilitadas, caixeiras ou pagadoras con base na orde ou resolución da autoridade con competencia para autorizar o gasto, despois da fiscalización da intervención.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 45 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



2.- O importe das ordes de pagamento que se expidan aboaranse por transferencia ás contas correntes abertas nunha entidade financeira a nome da habilitación, caixa ou pagadoría do servizo do que dependa ou se fose o caso á persoa habilitada que estea designada. Terase en conta o previsto no artigo 190 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que en ningún caso poderán expedirse novas ordes de pago a xustificar, polos mesmos conceptos orzamentarios, a perceptores ou perceptoras que tivesen aínda no seu poder fondos pendentes de xustificación. Cando se aprobasen varios gastos para unha mesma actividade, aínda que os mesmos teñan orixe en distintos expedientes, tramitarase unha única orde de pagamento a xustificar.

**Procedemento de xestión.**

Os gastos que teñan que atenderse con pagamento para xustificar deberán seguir a tramitación establecida en cada caso pola normativa vixente e conforme aos procedementos regulados, do que quedará constancia documental.

Existe un módulo específico para a tramitación, pagamento, contabilización por parte da persoa habilitada e xustificación da conta que se suxeita ao previsto nas Instrucións internas de funcionamento.

**Disposición de fondos**.

A disposición de fondos efectuarase mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizadas coa sinatura mancomunada da persoa habilitada, caixeira ou depositaria e concelleiro ou concelleira delegada da área á que estea adscrita a caixa pagadora, ou substitutos/as destas, sen que en ningún caso poida ser unha mesma persoa a que realice ambas substitucións.

**Das contas xustificativas.**

As contas dos fondos percibidos para xustificar incluirá no debe o importe recibido, e no haber o importe das obrigas satisfeitas con cargo a aquel. A cantidade non investida será xustificada coa carta de pagamento demostrativa do seu reintegro.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 46 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





A Intervención Xeral ou o órgano que teña atribuída a Contabilidade establecerá o modelo normalizado ao que deberán axustarse as contas xustificativas que conformará un módulo con repercusión no sistema contable, que terá que ser utilizado polas persoas habilitadas e que axustará aos rexistros o contido do regulamentado na Orde de EHA HAP/1781/2013, de 20 de setembro.

As contas serán formadas e rendidas polas persoas habilitadas, caixeiras ou pagadoras, quedando suxeitas as habilitadas as normas de contabilidade establecidas pola Instrución de Contabilidade.

Os fondos librados para xustificar só poden ser destinados aos fins para os que se autorizaron, debendo xustificarse con documentos orixinais, debidamente conformados.

Deberase ter en conta os principios orzamentarios clásicos de orzamento bruto e anualidade orzamentaria. Os gastos imputaranse polo seu importe íntegro, e a retención se a houbese, terá que reintegrarse xuntamente coa rendición da conta para o seu posterior ingreso no organismo titular.

**Intervención do investimento.**

A Intervención Xeral verificará o cumprimento da legalidade en canto á tramitación e documentos xustificativos do investimento.

**Aprobación das contas**.

Examinadas as contas e os documentos que os xustifiquen, a Intervención as devolverá, co informe correspondente, ao servizo para que este proceda:

a) Para corrixir as deficiencias ou alegar o que estime conveniente, comunicándoo no prazo de 15 días á Intervención Xeral.

b) Aprobadas estas, que se fará unha vez fiscalizadas en remitidas pola Intervención á Xunta de Goberno Local ou órgano que teña delegada a competencia, poñeranse a disposición do Consello de Contas xunto coa demais documentación e xustificantes relativos á xestión do orzamento, xestión patrimonial e de tesourería.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 47 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Xustificación dos fondos**.

As persoas habilitadas, caixeiras ou pagadoras quedarán obrigadas a xustificar a aplicación das cantidades recibidas no mes seguinte ao investimento destes e, en todo caso, no prazo de tres meses desde a percepción dos correspondentes fondos.

As e os habilitados, caixeiros, nos casos nos que houbese reintegro de fondos, estarán sometidos ás instrucións emanadas da Xefatura de Contabilidade de 27 de febreiro do 2008, relativas a datos sobre que tipo de reintegro, datos das retencións se as houbese, etc.

No suposto de retencións, estarase aos tipos vixentes en cada caso do que as e os habilitados teñen coñecemento. En canto á contabilización da rendición da conta, nos casos de reintegros, a Unidade de Contabilidade estará suxeita as normas de 4 de Xaneiro de 2008.

A Alcaldía-Presidencia, as persoas a cargo das presidencias ou xerencias dos organismos autónomos poderán, previo informe da Intervención, excepcionalmente ampliar este prazo ata seis meses, sempre por causas con motivación especial, non sendo causa especial, o atraso na execución das operacións ou a falta de execución total dos fondos recibidos. A proposta de ampliación do prazo de rendición terá que estar previamente fiscalizada.

As xefaturas das unidades coidarán que a xustificación definitiva se realice no prazo regulamentario, adoptando se é o caso, as medidas que ordena a lexislación vixente, basicamente a previsto no art. 190 do TRLRFL e 176 e seguintes da Lei 47/2003, Xeral Orzamentaria.

## BASE 24ª.- <u>Anticipo de caixa fixa</u>

**Concepto.**

1.- Enténdese por anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter extraorzamentario e permanente que se realicen a caixas, pagadorías ou habilitacións para a atención de gastos periódicos ou repetitivos, como os referentes a axuda de custo, gastos de locomoción, material non inventariable, conservación, tracto sucesivo e outros de similares características.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 48 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



2.- Os importes satisfeitos por tal concepto imputaranse contablemente ao concepto de operacións do tesouro-debedores, que determine a Intervención Xeral.

3.- O carácter permanente das provisións implica por unha banda, a non periodicidade das sucesivas reposicións de fondos, que se realizarán de acordo coas necesidades de Tesourería de cada momento, e por outra, o que non sexa necesario a cancelación dos anticipos de caixa fixa ao peche de cada exercicio.

**Ámbito de aplicación e límites**.

1.- A Alcaldía-Presidencia e as persoas a cargo das presidencias ou xerencias dos organismos autónomos poderán establecer, despois do informe da Intervención Xeral, o sistema de anticipos de caixa fixa, mediante acordo ou resolución. A súa contía global non poderá exceder do límite legalmente establecido.

2.- No acordo de adopción do sistema de anticipos de caixa fixa especificaranse como mínimo os seguintes aspectos:

a) Distribución dos anticipos por caixas pagadoras (caixas, habilitacións e pagadorías), centrais e periféricas, sempre dentro do límite legalmente establecido.

b) De ser o caso, autorización ás respectivas caixas para o mantemento de existencias en efectivo para atender necesidades, imprevistos e gastos de menor contía, así como o seu límite máximo.

c) Autorización, se é o caso, para a existencia de subcaixas dependentes dunha caixa pagadora central.

d) Réxime de aprobación das contas.

3.- No propio acordo de adopción do sistema de anticipos de caixa fixa ou ben en acordos posteriores, poderase especificar a distribución por caixas pagadoras do gasto máximo fixado para "conceptos e períodos determinados".

4.- No caso de que existan modificacións de crédito que diminúan os correspondentes ao capítulo destinado a gastos correntes en bens e servizos, será preciso un novo acordo co axuste da distribución por caixas pagadoras á nova situación, as caixas afectadas reintegrarán o que proceda, con aplicación ao concepto



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 49 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



extraorzamentario do que se efectúo a provisión. Se as modificacións dos créditos orzamentarios incrementasen o importe destes, poderase acordar o aumento do importe dos anticipos de caixa fixa concedido, especificando as caixas pagadoras afectadas e sempre co límite máximo establecido.

5.- Os fondos librados en concepto de caixa fixa teñen a condición de fondos públicos e forman parte da tesourería da entidade ata que a persoa habilitada pague os/ás acredores/as finais. Polo tanto, as cantidades que se entreguen ás habilitadas non supoñen unha saída de fondos da Tesourería Municipal, senón unha mera descentralización a unha conta restrinxida de pagos. Os saldos de estas contas restrinxidas de pagos, formarán parte de Acta de Arqueo mensual, e como establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, o seu saldo se terá en conta para o cálculo dos fondos líquidos aos efectos de obtención do Remanente Líquido de Tesourería.

**Concesión de anticipos.**

A Alcaldía-Presidencia e a presidencia ou xerencia dos organismos autónomos ordenarán os pagamentos non orzamentarios correspondentes aos anticipos de caixa fixa.

A expedición de ordes de pagamento resultantes de tales anticipos acomodaranse ao plan de disposición de fondos acordado para cada exercicio orzamentario.

**Situación dos fondos**.

O importe dos mandamentos de pagamento non orzamentarios será por transferencia ás contas correntes restrinxidas que as respectivas caixas pagadoras teñan abertas, despois da autorización da Alcaldía nas entidades de crédito.

**Procedemento de xestión**.

Os gastos que teñan que atenderse con anticipos de caixa fixa deberán seguir a tramitación establecida en cada caso, e da que quedará constancia documental.

Existe un módulo específico para a tramitación, pago e contabilización por parte do habilitado e



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 50 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



xustificación da conta que se suxeita ao previsto na Instrución de Contabilidade modelo normal.

**Disposición de fondos**.

A disposición de fondos efectuarase mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizadas coa sinatura mancomunada da ou do caixeiro pagador e o concelleiro ou concelleira delegada á que estea adscrita a caixa pagadora ou as persoas que as substitúan, sen que en ningún caso, poida ser unha mesma persoa a que realice ambas substitucións.

**Reposicións de fondos e imputación do gasto ao orzamento**.

1.- As reposicións de fondos faranse mediante documentos contables aplicados as aplicacións oportunas do orzamento de gasto, de acordo cos xustificantes de gastos integrados nas contas xustificativas.

2.- Unha vez comprobado pola Intervención Xeral que o importe total das contas xustificativas coincide cos documentos contables citados, elevará a rendición da conta á Xunta de Goberno Local ou órgano que teña a competencia para a súa aprobación ou Xunta Reitora en caso de OO.AA, para a súa aprobación.

Unha vez aprobada, expediranse os documentos contables de execución do orzamento de gasto que proceda.

As ordes de pagamento e o pagamento material efectuarase a favor da persoa caixeira, pagadora ou habilitada polo importe xustificado, sempre e cando se solicitase a reposición.

**Contas xustificativas**.

A Intervención Xeral emitirá informe no que poñerá de manifesto os defectos ou anomalías observados ou a súa conformidade coa conta. O devandito informe, xunto coa conta, será remitido ao órgano que aprobou a conta para o seu coñecemento, para achegala á conta xeral.

No caso de que o informe da Intervención Xeral faga constar defectos ou anomalías, o órgano xestor, no prazo de quince días, realizará as alegacións que estime oportunas, e se é o caso, corrixiraas deixando constancia disto, e trasladará o actuado ao/á Interventor/a no prazo de quince días.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 51 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



De non corrixirse os defectos adoptaranse as medidas legais para salvagardar os dereitos de Facenda municipal conforme ás disposicións de aplicación.

**BASE 25ª.- <u>Endosos e cesión de créditos.</u>**

Poderá tomarse razón de endosos e de cesións de crédito das certificacións e facturas como consecuencia da execución de contratos de obras, servizos e subministración, coas seguintes condicións:

a) Que se producise o recoñecemento da obriga correspondente á factura ou certificación da que se interesa o endoso e que xa se estendese a orde de pagamento (P) correspondente, se esta formase parte dos documentos que o órgano competente tivese establecidos. En canto á cesión dos créditos ou demais dereitos, deberán ser notificados os acordos de cesión, importes, así como a conta na que se farán os ingresos por parte da Administración. Para as cesións de créditos, deberá acreditarse se a mesma afecta a totalidade do contrato ou a unha mensualidade ou factura concreta.

b) Que as facturas ou certificacións das que se solicita o endoso, non sexan inferiores a 3.000 euros.

Para levar a cabo a toma de razón actuarase conforme á seguinte tramitación:

1.- A persoa endosante solicitará ante a dependencia ou oficina de quen dependa a contratación a toma de razón, e entregará orixinal e un mínimo de dúas copias da certificación ou factura, na que constará a dilixencia de endoso. Tamén poderá facer este trámite no servizo de Contabilidade.

2.- A persoa endosante e a cesionaria con poder cumprido, asinarán as dilixencias de endoso e acreditarán ante o/a funcionario/a da unidade de Contabilidade o poder que as habilita para elo, que comprobará a suficiencia de poder outorgado a favor da cedente para obrigarse neste acto.

3.- Unha vez practicadas as actuacións anteriores, o servizo de Contabilidade comprobará se existen con anterioridade embargos, ordes de retención xudicial ou débedas coa Facenda Local. De encontrarse conforme, tomarase razón co rexistro contable habilitado para tal efecto que queda conformado polo listado de endosos que se obtén da propia contabilidade, quedando constancia o número de operación, persoa



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 52 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



endosante, persoa endosataria, o importe, a data e outros datos de interese. No caso de que existise con anterioridade á cesión do crédito un expediente administrativo, tramitado ante esta Administración de embargo sobre os dereitos da cedente-endosante, comunicáraselle a imposibilidade da toma de razón, xa que os dereitos que se pretende ceder están embargados por unha dilixencia de embargo dunha institución ou dun mandato xudicial. Cando a cesión xa estivese comunicada e rexistrada na Entidade e con posterioridade fose notificada algunha dilixencia de embargo en relación á cedente-endosante, o Concello comunicará á autoridade, institución ou poder que tivese notificado a dilixencia de embargo, a situación dos créditos en cesión ou endosados aos efectos de que teñan coñecemento da titularidade dos dereitos, e mentres non reciba comunicación sobre os mesmos, reterá o crédito, non facendo o ingreso á persoa cesionaria ou endosataria.

4.- Non se tomará razón de cesións de crédito relativas a: expropiacións, convenios, subvencións ou facturas que conteñan sancións por incumprimento do prego de condicións ou base que regule a prestación. Tampouco nos factoring sin recurso.

5.- En casos excepcionais, tras a proposta razoada do servizo e co conforme da Intervención Xeral, o concelleiro/a delegado/a da Area de Orzamentos e Facenda poderá autorizar a toma de razón de cesións de crédito relativas a expropiacións, convenios e subvencións.

6.- No caso de cesións de crédito, en cumprimento do previsto no artigo 200 da LCSP, para que a cesión do dereito/s de cobro sexa efectiva fronte a Administración, será requisito imprescindible a notificación fehaciente do acordo de cesión, e só fornecerá os efectos perseguidos unha vez recibida a devandita notificación e a acreditación dos poderes do/a cedente e cesionario/a, por iso, os mandamentos de pagamento a nome do ou da cedente feitos con anterioridade á notificación da cesión, teñen poder liberatorio para a Administración.

7.- O servizo xestor de quen dependa o contrato que é obxecto da cesión de crédito, achegará con cada unha das facturas ou certificacións que se tramiten, unha copia da cesión de crédito, e fará constar no informe que emita sobre a factura, tal circunstancia. No suposto que o servizo xestor teña no seu poder unha notificación de embargo ou retención notificada e non houbese sido notificada ao servizo de Contabilidade para o seu rexistro, será responsable dos efectos que produza tal situación.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 53 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





**GASTOS PLURIANUAIS**

**BASE 26ª.-** **<u>Gastos plurianuais</u>.**-

1.- Poderán adquirirse compromisos de gastos que teñan que estenderse a exercicios posteriores; a súa realización subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

De non terse dotado o crédito ou estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizarase ata que quede cuberta a insuficiencia orzamentaria.

2.- Será requisito indispensable que a execución do gasto se inicie no propio exercicio e que se refiran aos supostos seguintes:

a) Investimentos e transferencias de capital.

b) Os demais contratos e os de subministración, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de alugamento de equipos, sometidos ás normas do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

c) Alugamento de bens inmobles.

d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos.

e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas corporacións locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

3.- O número de exercicios en que pode aplicarse o gasto nos supostos previstos nos apartados a), b) y e) anteriores e a contía das porcentaxes anuais nos casos considerados nos apartados letras a) e e), serán os previstos no artigo 174 do TRLRFL. Non entanto o anterior, ao abeiro do previsto no art. 174.3 do TRLRFL e Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da LCSP, a Xunta de Goberno Local poderá alterar as porcentaxes e ampliar o número da anualidades previstas no TRLRFL.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 54 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





**TRAMITACIÓN DOS GASTOS**

**BASE 27ª.- <u>Tramitación de gastos</u>.-**

Todo gasto, independentemente do expediente administrativo do que poida derivarse ou incardinarse, será obxecto do seu correspondente expediente de gasto sobre o que se exercerá o control fiscal independente e separado do control contable.

Unha vez que o órgano fiscalizador emitiu informe sobre o expediente, calquera documento que se incorpore ao expediente que sexa susceptible de alterar o sentido do informe de fiscalización, deberá ser obxecto dun control fiscal independente.

**BASE 28ª.- <u>Indemnización substitutiva de gastos e recoñecemento extraxudicial de créditos</u>**

1.- Os expedientes de gasto que non sexan obxecto da correspondente tramitación, autorización e fiscalización, e consecuentemente o recoñecemento das débedas a que dean orixe, e incluso as débedas adquiridas fora de calquera procedemento así como as nacidas fora do orzamento, serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente, e pola Xunta de Goberno Local, ou Xunta Reitora dos OO.AA., nos demais casos.

2.- No procedemento de indemnizacións substitutivas de gasto e recoñecemento extraxudicial de créditos, estarase ao seguinte:

Nos supostos nos que, con arranxo ao disposto no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, a función interventora fose preceptiva e houbésese omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos seguintes termos:

Se o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta. Este informe, que non terá natureza de fiscalización, porá de manifesto, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, polo menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 55 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ao que se imputa.

b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do/a interventor/a informante, producíronse no momento en que se adoptou o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais infrinxidos.

c) Constatación de que as prestacións se levaron a cabo efectivamente, que o seu prezo se axusta ao de mercado, para o que se terán en conta as valoracións e xustificantes achegados polo órgano xestor, que haberá de solicitar os asesoramentos ou informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

d) Comprobación de que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

e) Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo/a interventor/a en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializarase acudindo á vía de indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obriga ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

f) Non se considera a urxencia como causa habilítante para a xustificación destes procedementos.

g) No non previsto nesta Base, será de aplicación básica o contido do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

3.- O acordo favorable da Presidencia, do Pleno ou da Xunta de Goberno Local non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, no seu caso, houbese lugar.

4.- A unidade de Contabilidade na elaboración da memoria da Conta Xeral, informará sobre o número de expedientes que foron tramitados sen control fiscal, abarcando os tramitados por obrigas nacidas fora do orzamento, as obrigas nacidas dentro do orzamento pero que necesiten a sua validación para



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 56 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





convertelas en obrigas de pagamento, e por último as tomas de razón contable derivadas de acordos adoptados sen fiscalización.

5.- Polo/a Interventor/a Xeral, se certificará o peche do exercicio orzamentario, o número de expedientes e importe tramitado por obrigas nacidas fóra do orzamento e que foron convertidas en obrigas de pagamento por procedementos extraxudiciais de crédito así como as tramitadas sen fiscalización previa. Esta certificación forma parte da documentación a cubrir na plataforma de rendición da conta perante o Tribunal de Contas.

6.- As unidades xestoras, salvo acreditación contraria, serán responsables da tramitación de gastos sen suxeición aos requisitos que en cada caso establece o ordenamento xurídico.

7.- A imputación de obriga nacida fora do orzamento vixente, require informe da unidade xestora que acredite e detalle que programas ou actividades van deixar de realizarse por mor do xurdimento desta obriga de pagamento, debendo ademais xustificar, que a imputación de esta obriga ao orzamento vixente non perturba o funcionamento normal do resto dos servizos que se prestan con cargo o devandito programa orzamentario.

De non ser posible a imputación aos créditos do orzamento vixente, a unidade xestora impulsará a tramitación dunha modificación orzamentaria para esta finalidade.

8.- As unidades xestoras, deberán tramitar todas as obrigas con cargo ao orzamento dentro do exercicio orzamentario. De resultar algunha que por causa debidamente xustificada non se chegase a imputar, deberán comunicar á Intervención e a quen exerza a responsabilidade orzamentaria, o importe do gasto, a natureza do mesmo, memoria xustificativa pola que a mesma non se imputou ao orzamento, acredor/a e demais datos de interese, xa que a mesma, deberá formar parte do saldo da conta do Plan Xeral de Contabilidade Local 4130 ou 4131, tanto aos efectos do Balance como do cálculo do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto.

9.- No desenvolvemento da función interventora, si o órgano interventor ten coñecemento da existencia dalgunha débeda que reúna estas características, informará sobre a necesidade da inclusión da mesma na tramitación con carácter preferente sobre as demais, non prestando conformidade a tramitación doutro gasto en tanto non se faga a imputación dos que se encontren en situación de indemnización substitutiva ou recoñecemento extraxudicial de créditos.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 57 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



10.- Na tramitación destes procedementos, estarase ao regulamentado nos artigos 28 e 20 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, debendo quedar avaliada a existencia de culpabilidade ou non na proposta que se formule.

11.- A tramitación destes expedientes ten carácter excepcional e extraordinario, non debendo ser obxecto de prestación, ningún servizo, subministro ou obras sen a tramitación previa do expediente con suxeición ás preceptivas normas de contratación con suxeición aos principios de publicidade e concorrencia.

12.- Aos efectos de ter tramitados os expedientes nos prazos regulamentarios, estarase aos criterios aprobados e colgados na intranet sobre a tramitación dos expedientes de contratación.

**BASE 29ª.- <u>Expedientes anticipados de gasto e prorrogados</u>.-**

1.- Ao abeiro do previsto no artigo 117.2 da LCSP, de 8 de novembro, poderán tramitarse anticipadamente expedientes de gasto, cando estea presentado na Intervención Xeral o proxecto de orzamento xeral para o exercicio seguinte ao actual, así como no caso de modificacións de créditos. Tamén poderán tramitarse como expedientes anticipados de gasto no suposto que exista normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos e teña carácter de prorrogable por tratarse de gastos ou prestacións de tracto sucesivo. A tramitación dun expediente anticipado de gasto obriga a súa dotación orzamentaria, xa que agora non require que figure no PCAP a condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento, polo que resulta vinculante.

2.- Os expedientes de gasto iniciados nun exercicio e que, por calquera causa non se chegue a concretar a contía do compromiso para a realización da obra ou servizo, poderán terminarse no seguinte.

Non cómpre para iso repetir os informes emitidos e os trámites realizados, sempre que non se modifiquen as circunstancias de feito e de dereito existente no momento de emitilos ou realizalos e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

3.- En virtude do previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Ley 38/2003, Xeral de Subvencións, tamén se poderán tramitar como anticipados de gastos as convocatorias de subvencións, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade en que se procede á concesión, sempre e cando se cumpran as condicións que se explicitaron con anterioridade para o resto dos expedientes anticipados de gastos.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 58 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**BASE 30ª.- <u>Expedientes de contratación</u>.-**

Os expedientes de gasto que se tramiten para o contrato de obras, concesión de obras, concesión de servizos públicos, de subministracións, de servizos ou mixtos, así como os de obxecto distinto aos anteriormente expresados pero que teñan natureza administrativa especial, e os de carácter privado, deberán formarse conforme ao disposto na 117.2 da LCSP e demais disposicións aplicables en vigor.

Teranse en conta as instrucións vixentes sobre contratación administrativa:

- Criterios sociais e mediambientais nos procedementos de contratación.
- Documentación necesaria dos contratos a preparar polos servizos xestores.
- Informe sobre a necesidade e idoneidade dun contrato.
- Instrucións para a redacción da memoria xustificativa dun contrato.
- Instrucións para a preparación do prego de prescricións técnicas particulares.
- Modelo de informe valoración final de ofertas e clasificación.
- Prazo para emisión de informes solicitados pola mesa de contratación.

Así mesmo, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno de 6 de xullo de 2017, aos efectos de evitar que unha prestación dun servizo ou subministración quede sen cobertura contractual, o devandito órgano, a proposta da xefa do Servizo de Contratación, aprobou as Instrucións para a planificación da contratación municipal.

Non poderán adquirirse compromisos de gasto que despracen a exercicios futuros a cobertura orzamentaria de prestacións realizadas no exercicio corrente, salvo as excepcións previstas na LCSP.

En ningún caso poderá fraccionarse, baixo pena de nulidade, unha obra, servizo ou subministración co obxecto de diminuír a contía do contrato para os efectos de evitar a competencia para contratar; nin ao obxecto de diminuír a contía deste e eludir así os requisitos de publicidade, procedemento ou a forma de adxudicación que corresponda (art. 99.2 e 116.2 da LCSP).

Aos efectos de verificar un fraccionamento, haberá que estar a incorrer, na repetición do gasto para o



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 59 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



mesmo obxecto contractual, incluso no suposto de adxudicatarios/as distintos/as, sendo prevalente para que se este dando un posible fraccionamento, a existencia dunha unidade operativa funcional do gasto, é dicir, que exista un obxecto repetitivo no tempo como gasto recurrente.

O fraccionamento non ten que referirse ao ano orzamentario, senón hai que relacionalo co servizo no tempo, sempre e cando haxa unha similitude no obxecto contractual e na unidade operativa.

En todo caso, a verificación do mesmo suxeitarase aos criterios explicitados nos ditames da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia (1/2018) e a do Estado (41/2017, 42/2017, 5/2018) e na Resolución de 6 de marzo de 2019, da Oficina Independiente de Regulación e Supervisión da Contratación.

Por tanto, han de considerarse non só os fraccionamentos simultáneos senón os diferidos no tempo realizados a través de contratos sucesivos.

**BASE 31ª.- <u>Contratos menores</u>.-**

A tramitación dos contratos menores regulados no artigo 118 da LCSP, axustarase ao seguinte procedemento:

- Informe motivando a necesidade e idoneidade do contrato, art. 28.
- Obxecto do Contrato, art. 116.2
- Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto non apartado 3) do artigo 30 dá LCSP, nos contratos de servizos acreditarase que a Institución non dispón de medios para satisfacer as necesidades contidas non obxecto contractual.
- Informe de que non se está alterando o obxecto do mesmo para evitar a aplicación das regras de contratación, art. 118.3.
- Informe de que o importe está dentro dos límites cuantitativos que establece o art. 118.
- Que a contía, por obxecto e ano, non exceda das sinaladas no devandito artigo.
- Informe de que non estase a fraccionar o contrato para eludir os requisitos de publicidade ou os relativos aos procedementos de adxudicación, dando así cumprimento ao contido do regulamentado non apartado 2) do artigo 99 dá LCSP.
- Ao obxecto de evitar o fraccionamento do contrato, acreditarase na proposta que o



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 60 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



contrato é completo, garantindo así que se dá cumprimento ao contido do artigo 99 dá LCSP.

- Informe de que a parte contratista non subscribiu contratos menores por un VE que individual ou conxuntamente superan os 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros para contratos de subministracións e servizos. A estes efectos, estarase á interpretación transitoria do artigo 118.3 da Lei de contratos do sector público, expte. 102677/140 aprobada pola XGL na súa sesión ordinaria do 27/09/2018, do informe 1/2018, do 25 de abril de 2018, da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia sobre interpretación do apartado 3º do art. 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, números 41/2017, 42/2017 e 5/2018 e na Resolución de 6 de marzo de 2019, da Oficina Independiente de Regulación e Supervisión da Contratación, no que o fraccionamento hai que imbricalo no fraccionamento do obxecto contractual, non no suxeito.
- Seguindo a recomendaciónda OIReScon, deberase solicitar al menos tres ofertas.
- Deberase acreditar que o Contrato que se tramita non ten un prazo superior ao ano.
- Os devanditos contratos non poderán ser obxecto de prórroga.
- Non terán de revisión de prezos.
- Competencia do órgano de contratación, a capacidade de obrar e contratar da parte contratista adxudicataria (arts. 65, 66 e 84 da LCSP), a determinación do obxecto do contrato, a fixación do prezo e a existencia de crédito, ademais do anterior, a declaración xurada do ou da contratista do cumprimento do previsto no art. 71 da LCSP.
- Acreditación que a actividade ou prestación que se contrata non e ningunha das previstas no apartado 2 do artigo 95 do Real Decreto 439/2007, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, pero ademais, o/a empresario/a determina o rendemento con arranxo ao método de estimación directa. En caso contrario, e dicir, se é algunha das actividades do apartado 2 do art. 95, e ademais o/a empresario/a está no método da estimación obxectiva singular, estará suxeito/a a unha retención do 1 por 100, polo tanto, a unidade xestora deberá vixiar este extremo. Pola unidade de Contabilidade



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 61 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





xa se remitiu ás unidades xestoras no primeiro semestre do ano 2007, esta nova, facéndolle un desenvolvemento do proceso polo que se debía controlar esta obriga. As unidades xestoras xa son coñecedoras desta norma e a súa obriga de controlala.

- Tampouco os seus saldos serán obxecto de incorporación de créditos ao seguinte exercicio orzamentario. Non entanto o anterior, aqueles contratos que teñan un desenvolvemento ao longo dun ano e que teñan repercusión en máis dun exercicio orzamentario, se lle imputará ao ano corrente a parte do mesmo que se vai executar no ano e o orzamento do ano seguinte o resto, sempre dentro dos límites cuantitativos que regulamenta o art. 118.1 da LCSP.
- En todo caso, aqueles contratos que con independencia do seu prazo, teñan que pagarse dentro do ano corrente, a sua imputación ao orzamento será na sua totalidade ao orzamento corrente.
- A autorización, disposición e proposta de recoñecemento da obriga, será competencia do/a concelleiro/a delegado/a, tras a correspondente retención de crédito.
- Cando se trate de gastos de investimento ou doutro tipo de gastos, a proposta deberá determinar o prazo de garantía e a fianza, a forma da súa constitución ou dispensa da mesma que deberá estar motivada.

Os Contratos menores non están suxeitos a fiscalización previa (art. 219 del TRLRFL) quedando a súa execución suxeita aos controis de fiscalización que regulamenta o TRLRFL.

Aos efectos de control, quedarán sometidos a un control contable na fase de proposta do gasto no que se farán as advertencias de cumprimento desta Base.

As/os Concelleiras/os delegadas/os, mensualmente, darán conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor autorizados na súa área.

Aos efectos de avaliar o posible fraccionamento do obxecto contractual, estarase ao previsto na Base 30ª. Poderíase considerar que un contrato menor é contrario a dereito se o órgano de contratación, no momento de iniciar a tramitación do contrato, ten coñecemento certo - ou podería telo, se se aplicasen os principios de programación e boa xestión- da necesidade de contratar unha prestación determinada de carácter ou natureza unitarios, perfectamente definida, cuxas características esenciais non varían de maneira



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 62 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



substancial, que se ten que levar a cabo necesariamente ano tras ano e que responde a unha necesidade continuada no tempo (recorrente), e aínda así, tramítanse diferentes contratos menores e elúdese as normas máis esixentes de publicidade e procedemento.

Os expedientes que requiran a aprobación dun proxecto ou relación valorada das obras, o órgano competente para a súa aprobación será o mesmo que teña a competencia para a autorización do gasto.

Os actos de formalización do contrato e devolución de garantías constituídas, serán competencia dos/as Concelleiro/as delegados/as.

**NORMAS ESPECÍFICAS SOBRE A REALIZACIÓN DE DETERMINADOS GASTOS**

**BASE 32ª.- <u>Fiscalización dos gastos de persoal</u>.-**

1.- En virtude do previsto no artigo 214 do TRLRFL, aos gastos de persoal ao igual que todo o gasto coas excepcións previstas no artigo 219 , están suxeitos ao réxime de fiscalización previa.

1.1. A fiscalización previa de obrigas ou gastos incluídos na presente base realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

a) A existencia de crédito orzamentario, e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propón contraer.

b) Que as obrigas ou gastos se xeran polo órgano competente.

c) Aqueles extremos adicionais que, atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes se conteñen na presente base.

1.2. Sen prexuízo do previsto no apartado 1.1, o órgano interventor, formulará as observacións ou reparos que considere axustados a dereito de acordo ao contido do artigo 215 do TRLRFL, artigo 12 do RD 424/2017 e RD 128/2018, tendo en conta o seguinte procedemento:

2.- Nos expedientes de contratación de persoal laboral, os extremos adicionais aos que se refire o



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 63 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



apartado 1.1.c) da presente base, serán os seguintes:

2.1. Proposta de contratación de persoal laboral fixo:

a) A incorporación do certificado acreditativo, expedido por órgano competente, de que as prazas figuran na Plantilla e os postos a cubrir figuran detallados na respectiva relación de postos de traballo aprobados polo órgano competente e estean vacantes e que a RPT este aprobada.

b) Bases da convocatoria e temario axeitado aos postos a cubrir, así como a composición da comisión ou órgano de selección.

c) Ser realizado o requisito de publicidade das correspondentes convocatorias no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, nos termos establecidos no artigo 10 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño.

d) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo órgano competente.

e) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.

f) Que as retribucións que se sinalen no contrato se axusten ao convenio colectivo que resulte de aplicación e, se se trata dun contrato fóra do convenio, que exista autorización do órgano competente.

2.2. Proposta de nomeamento de funcionariado interino e/ou contratación de persoal laboral temporal nas modalidades previstas no marco legal vixente:

a) Autorización do órgano competente.

b) Que o contrato, se fose o caso, se axusta ao prazo regulamentado no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos/as Traballadores/as.

c) Que o nomeamento de funcionariado interino responda a algunha das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do/a Empregado/a Público/a, nos supostos de persoal interino sen praza, ou, no caso de contratación en



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 64 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



réxime laboral temporal, con suxeición ao disposto no RD Lexislativo 1/1995 ou normativa de concordante aplicación.

d) Con carácter xeral, a selección de efectivos non permanentes para a prestación de servizos no Concello de Vigo realizarase con suxeición ao Dereito Administrativo do emprego público, nas modalidades e figuras que se contemplen no marco legal que resulte aplicable ao efecto, sendo o recurso á contratación en réxime laboral excepcional, a salvo do establecido para o persoal beneficiario da actividade de fomento do emprego, nos termos do que se contemple nos programas concretos.

e) Ser cumprimentado os requisitos de selección establecidos polo órgano competente nos termos previstos na disposición adicional segunda do R.D. 896/1991, do 7 de xuño.

f) Acreditación dos resultados do proceso selectivo expedida polo órgano competente. Cando selección corresponda ao Servizo Público de Emprego da Xunta de Galicia, comunicación do devandito organismo na que se conteña o nome das persoas seleccionadas.

g) Adecuación do contrato que se formaliza co disposto na normativa vixente.

h) Comprobación que o contrato ten cuantificada a indemnización por remate do mesmo.

i) No suposto de contratación de persoal con cargo aos créditos de investimentos, verificarase a existencia de informe xurídico, sobre a modalidade de contratación temporal utilizada e sobre a observancia, nas cláusulas do contrato, dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.

j) Que as retribucións que se sinalan no acto administrativo de nomeamento ou contrato laboral se axustan ao marco legal orzamentario contemplado nas LPGE e no seu caso ao convenio colectivo que resulte de aplicación.

k) A contratación laboral, e no seu caso os interinajes, quedan sometidos as limitacións que en cada caso impoña a Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra normativa



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 65 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



que lle sexa aplicable.

l) A execución de programas de carácter temporal, non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do RDL 5/2015.

m) Coa antelación que regula o ET, nos casos de contratos laborais, deberá procederse a facer a notificación do remate do contrato, de non facelo, estarase ao regulamentado no artigo 49 do RDL 1/1995.

2.3. Os expedientes de prórroga de contratos laborais ou nomeamentos de persoal interino, estarán suxeitos a fiscalización previa; verificarase neles ademais dos requisitos a) e b) do apartado 1.1, que a duración do contrato non supera o prazo previsto na lexislación vixente.

Para os contratos do persoal laboral temporal, comprobarase que non se incorre nos supostos que produzan encadeamentos de contratos de servizos similares, e que o contrato non entre en colisión co regulamentado no número 5 do art. 15 do Estatuto dos/as Traballadores/as: os/as traballadores/as que nun período de trinta meses estivesen contratados/as durante un prazo superior a vinte e catro meses, con ou sin solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa, mediando dous ou máis contratos temporais, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinadas, adquirirán a condición de persoal fixo. Tamén se deberá comprobar con independencia do axente financiador do gasto, se o contrato está aplicado a un proxecto concreto e determinado e non á prestación de servizos que se consideran ordinarios ou permanentes por execución das competencias locais, todo elo con independencia da duración do contrato. Verificarase en todos eles que non concorren as circunstancias de cesión ilegal de traballadores/as.

Para os nomeamentos de persoal funcionario interino, a prórroga só será posible na modalidade de plans ou programas temporais, cando a súa duración inicial fose inferior a 3 anos e até ese límite máximo, e no caso dos/as interinos/as por acumulación e por substitución, se foron nomeados/as por un período inferior aos 6 meses, no primeiro caso, ou se a data de incorporación da persoa funcionaria substituída se atrásase por causas alleas á vontade da Administración (p.e: prórroga dunha incapacidade, etc).

No caso de sentenzas nas que se declaren relacións laborais indefinidas, deberase avaliar se as prestacións realizadas polo citado persoal son de carácter extraordinario vinculadas estritamente a un



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 66 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





programa, ou teñen carácter de prestacións ordinarias e estables.

No suposto de prestacións estritamente vinculadas a un programa, unha vez extinguido o mesmo, non procederá obxectivamente manter a relación laboral indefinida coa Entidade, estando por elo ante a posibilidade dun despido por causas económicas, técnicas, organizativas ou produtivas reguladas nos arts. 51 e seguintes do Estatuto dos/as Traballadores/as, máis concretamente, un despido por causas obxectivas regulado nos arts. 52 y 53 del ET, procedendo por elo a notificar o despido deste persoal coa preceptiva indemnización.

No caso de que os e as traballadoras veñan desempeñando prestacións de tipo ordinario e estables da administración, deberán crearse as praza/s, modificación de plantilla, salvo que xa existan coa finalidade de executar a sentenza. En este caso, os citados postos deberanse incluír na primeira Oferta de Emprego que se execute sempre que sexa posible, garantindo os principios constitucionais regulados no art. 103.3 da CE, de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. Os e as traballadoras que se atopen nesta situación xurídica, terán a obriga de presentarse ás prazas que se convoque que respondan ao seu grupo de clasificación, de non facelo, perderán a condición de relación laboral indefinida.

En canto ao réxime de extinción do vínculo contractual, amortización de praza e posto de traballo, indemnizacións procedentes e demais aspectos, estarase ao previsto non marco legal que resulte de aplicación ao efecto para ou persoal ao servizo do sector público local.

En todo caso, estarase aos límites da reforma laboral aprobada polo Real Decreto Lei 3/2012, de 10 de febreiro.

A aplicación 9200.1430001 que reflicta a dotación para este tipo de situacións (relacións laborais indefinidas), conterá a contía necesaria para facer fronte ao gasto de todo o exercicio orzamentario.

2.4. Nos nomeamentos de persoal interino estarase ao regulado no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do/a Empregado/a Público/a. Os extremos adicionais aos que se refire o apartado 1.1.c) da presente base, serán os seguintes:

a) A existencia de prazas vacantes e non sexa posible a sua cobertura por persoal funcionario de carreira.

b) Que se trata dunha substitución transitoria do/a titular.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 67 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



c) Que se trata da execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, en todo caso, nas condicións previstas na Lei 15/2014, do 16 de setembro e normativa que resulte de aplicación.

d) Que a xustificación ou acumulación de tarefas é por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

e) Que a selección do funcionariado interino faise mediante procedementos áxiles, pero que se está a respectar os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

f) Que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas que se derivan do contrato.

g) A aplicación 9200.1400000, está vinculada consigo mesma, polo que, o informe de existencia de crédito acreditará que existe dispoñibilidade na devandita aplicación para a totalidade do gasto do/s contratos imputables ao ano orzamentario. De ser insuficiente o crédito, o expediente será devolto a Área de RR.HH e Formación para tramitar a preceptiva modificación orzamentaria si é posible. A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes.

h) Que a proposta está motivada, e que hai que acudir a este procedemento de provisión de postos.

Sempre que sexa posible, na contratación temporal, utilizaranse as modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do/a Empregado/a Público/a.

2.5. No caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fóra da xornada laboral, aos efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local, cuantificando o número máximo de xornadas, custe de cada unha delas e custe total, mapa de eventos, obxectivos a perseguir, número de horas necesarias. Unha vez aprobado o Plan anual, o servizo xestor estará obrigado a tramitar o preceptivo expediente para verificar a súa adaptación ao Plan e informar



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 68 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte as xornadas que se queren executar. Con posterioridade, comprobarase para a súa fiscalización, que se achega a certificación da xefatura do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado/a que executou as horas ou a xornada, día en que se fixo, o evento a cubrir, referencia sucinta das necesidades a cubrir, as horas feitas se se trata de gratificación, ou xornadas se se trata de reforzos. Todo elo sen prexuízo que se poidan establecer modelos para acreditar a autorización do gasto e a súa execución. Se achegará para a súa inclusión na nómina do mes que corresponda, a proposta do gasto feita pola Área de RR.HH e Formación e o acordo adoptado de recoñecendo a obriga (Resolución do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal), ao que se unirá, o acordo de autorización das xornadas.

3.- Os contratos temporais, así como os nomeamentos de persoal interino, poderanse cubrir ademais cos procedementos selectivos que garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade artellados para cada un dos procedementos de provisión, pola existencia previa de bolsas de emprego conformadas previamente por procedementos selectivos con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Nestes casos, conformaranse bolsas para cada un dos grupos ou categorías se fose o caso, e solo en casos excepcionais coa motivación que require o caso excepcional, poderase cubrir un posto de categoría inferior por un aprobado que figure noutra bolsa que pertenza a unha categoría superior, sempre e cando esta decisión non supoña ir en contra do principio de igualdade, e exista unha relación funcional entre as categorías ou oficios, entendéndose que non é contrario aos principios de igualdade á cobertura temporal ou por interinaje un posto de auxiliar C2 con un C1, o mesmo entenderase cando se trate de persoal de oficios.

A lista que conforma a bolsa en cada unha das categorías, será utilizada na orde de puntuación que obtiveran as persoas candidatas, e salvo renuncia expresa dalgunha das persoas que a conforman, a provisión de postos con integrantes da devandita bolsa non poderá alterarse. Así mesmo, na convocatoria para formación da/s bolsa/s de provisión nos supostos previstos, deberá preverse a vixencia temporal da mesma, que non será superior a tres anos. Por último, estas listas estarán a disposición dos/as interesados/as, que en cada caso poderán solicitar información sobre as incorporacións feitas até a data. Para a súa publicidade deberá incorporarse ao portal de transparencia regulado pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 69 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



4.- Nas nóminas de retribucións do persoal ao servizo do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, os extremos adicionais aos que se refire o apartado primeiro 1.1.c) da presente base serán os seguintes:

a) Que as nóminas estean asinadas polo/a Sr./Sra. Tesoureiro/a como responsable da súa formación ou administrador/a ou persoa competente nos OO.AA.

b) No caso das de carácter ordinario e as unificadas de período mensual, comprobación aritmética que se realizará efectuando o cadre do total da nómina co que resulte do mes anterior máis menos a suma alxebrista das variacións incluídas na nómina do mes de que se trate.

c) Xustificación documental limitada aos seguintes supostos de alta e variación en nómina, co alcance que para cada un deles se indica:

c.1. Persoal eventual e de confianza: copia do acordo de nomeamento ou documento no que se indique a data da súa publicación oficial, e verificación das retribucións. Comprobarase que o seu número non supera os límites establecidos no artigo 104 bis da Lei 7/1985, modificado pola Lei 27/2013.

c.2 Persoal en réxime estatutario de novo ingreso e en supostos de promoción a outros postos mediante concurso ou libre designación: acordo de nomeamento, dilixencia da correspondente toma de posesión e verificación de que as retribucións estean de acordo co grupo e posto de traballo.

c.3 Persoal laboral de novo ingreso: copia do expediente sobre o que se exerceu a fiscalización do gasto.

5.- Comprobarase que existe certificación da prestación, e polo tanto os traballadores e as traballadoras que conforman o corpo da nómina son os/as que teñen dereito aos devengos que nela figuran.

6.- En cumprimento do regulamentado na Disposición adicional septuaxésima primeira da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de PXE, comprobarase si se está a informar sobre o cumprimento da xornada xeral de traballo, ben en termos mensuais ou anuais.

7.- Nos expedientes de aprobación e recoñecemento da cota patronal á Seguridade Social



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 70 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



comprobaranse os extremos previstos nas letras a) e b) do apartado 1.1, e de ser o caso, apartado 9 desta base.

A unidade responsable da Área de Recursos Humanos e Formación, informará mensualmente sobre as liquidacións feitas pola Seguridade Social e comprobará que os TCs recollen todas as incidencias do período. Comprobará igualmente as diferenzas que se poñan de manifesto entre as entregas a conta e a liquidación que se faga ao mes seguinte. Tamén se verificarán as desviación entre a contía total das entregas a conta coa liquidación definitiva que se faga dentro do primeiro trimestre do ano seguinte.

8.- As obrigas ou gastos sometidos a fiscalización pola tramitación do corpo da nómina mensual, tan so conterán as incidencias que previamente foran fiscalizadas pola Intervención, coas excepcións das variacións contidas polas liquidacións e axustes aplicados pola TXSS e as antigüidades.

9.- Para todo tipo de expediente efectuaranse, de ser o caso, ademais das comprobacións que se determinan nos apartados anteriores, as seguintes:

9.1. A competencia do órgano de contratación cando o devandito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

9.2. Cando dos informes preceptivos aos que se fai referencia nos diferentes apartados desta base se deduce que se omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que para a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos ás arcas municipais ou a terceiros/as, examinarase exhaustivamente o documento ou documentos obxecto do informe e, se, a xuízo do/a interventor/a se dan as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado nos artigos 215 e 216 do TRLRFL.

9.3. Nos expedientes de recoñecemento de obrigas deberá comprobarse que responden a gastos aprobados e fiscalizados favorablemente.

10.- Comprobarase que existe Resolución do órgano competente para aprobación da nómina e do gasto que a mesma orixina.

11.- Cando se tramite unha modificación orzamentaria dun plan de emprego ou outra figura, farase a comunicación ao negociado de nóminas das persoas que o conforman, así como o programa e partidas sobre as que se imputarán os gastos das retribucións.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 71 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



12.- Se o gasto ten financiamento afectado, comunicarase ao negociado de nómina o código do proxecto creado para incorporar no programa de nómina o mesmo e imputar os gastos das retribucións ao devandito proxecto.

**BASE 33ª.- <u>Tramitación da nómina de persoal</u>.-**

1.- Tramitación ÁREA DE RECURSOS HUMANOS e FORMACIÓN-INTERVENCIÓN

Os actos que dean lugar a incidencias no importe mensual da nómina de persoal do Concello de Vigo, remitiranse para a súa fiscalización á Intervención Xeral no seu documento orixinal (parte de alteración, acordo, etc...), que deberá figurar no expediente electrónico.

Unha vez fiscalizados, estes documentos serán postos en coñecemento da Área de Recursos Humanos e Formación para a súa proposta ao órgano competente. Da decisión que adopte o órgano, trasladarase certificación á Intervención para a súa toma en consideración e á unidade que ten a seu cargo a formación técnica da nómina municipal para a súa inclusión no mes o que corresponda.

As certificacións dos acordos adoptados tramitadas pola Área de Recursos Humanos e Formación ata o 12 de cada mes ou primeiro día hábil posterior, remitiranse á unidade de formación de nómina para a súa inclusión no mes. As que non se atopen tramitadas nesas datas, terán efectos na nómina do mes seguinte.

Si a incidencia afectase a un número importante de persoas (máis dun 5% do persoal que estea prestando servizos para o Concello, calquera que sexa o tipo de contrato) e tivese repercusión nas cotizacións de meses anteriores, a data de remisión para a súa inclusión na nómina do mes en curso farase ata o día 10 ou primeiro hábil posterior do devandito mes. A Área de RR.HH e Formación someterá a proposta ao órgano competente coa debida antelación aos efectos de garantir a súa inclusión na formación da nómina do mes en curso.

Este axuste de data ven determinada pola aplicación do Sistema de Liquidación Directa. Unha reforma do sistema de cotización e recadación impulsado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) que modificou os trámites e xestións a través do uso intensivo de medios telemáticos e que supuxo pasar dun sistema no cal as empresas/administración autoliquidaban as cotizacións a un sistema no cal a TGSS vai facturar ás empresas/administracións cotizantes, simplificando os procesos e reducir os erros.

En casos moi excepcionais, coa motivación que require, a Alcaldía, ou Concelleiro/a en quen delegue,



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 72 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



poderá resolver a excepcionalidade dos prazos referenciados, cuxa execución quedará condicionada a posibilidade material técnica e de recursos humanos para aplicala ao mes correspondente da nómina que se está a artellar coa finalidade de formar unha nómina única. En ningún caso haberá a posibilidade de formar nóminas extraordinarias, a excepcionalidade, tan só será aplicable, se a nómina que se está a artellar non está pechada, e sempre dentro dos prazos en que sexa posible a súa remisión para pagamento en prazo. Se o servizo responsable da súa formación non garante, que a inclusión da excepcionalidade non pon en risco a formación, fiscalización, contabilización e pago da nómina no prazo legal, a excepcionalidade non será incorporada á nómina dese mes, e terá unha tramitación ordinaria na do mes seguinte.

As solicitudes de certificación de crédito formuladas pola Área de Recursos Humanos virán cuantificadas e cualificadas nos seguintes termos:

- Importe total.
- Soldo, coa especificación do grupo.
- Retribucións complementarias:
  - Complemento de destino, especificación do grupo
  - Complemento específico, especificación do grupo
- Antigüidade.
- Programa orzamentario ao que afecta.
- Outros.

Todas as incidencias ou alteracións que se produzan con independencia da súa contía económica, terán o mesmo tratamento, tendo que comunicarse as xubilacións, baixas e supostos análogos, tendo todos eles repercusión na fiscalización do cadre da nómina en relación co período precedente.

Co obxecto de evitar que figure en nómina algunha incidencia que non fose obxecto de fiscalización e aprobación polo órgano competente, a Area de Recursos Humanos e Formación, remitirá a documentación de cada unha das incidencias tramitadas á unidade de formación de nóminas, pola súa banda, a Intervención Xeral confeccionará o resume das incidencias fiscalizadas que tamén remitirá á unidade de nóminas, tendo que ser coincidente coa información comunicada pola Área de Recursos Humanos e Formación.

Cando se produzan propostas que teñan como obxecto traslados de persoal dun posto a outro de distinto programa orzamentario e no programa de destino non houbese posto vacante, a Área de Recursos



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 73 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Humanos e Formación, impulsará a preceptiva modificación orzamentaria, que enviará á oficina orzamentaria ou quen teña atribuída a función de artellamento e control orzamentario, na que se especificarán os seguintes datos:

- Programa orzamentario de onde sae a persoa empregada pública e á cal vai destinada.
- Importe das retribucións básicas, antigüidade e complementarias (CD e CE) que son obxecto da modificación orzamentaria, así como os custes da Seguridade Social a cargo do/a empleador/a.

Unha vez que a modificación orzamentaria estivese aprobada, procederá:

- Someter a proposta a fiscalización. De resultar favorable.
- Resolución do Órgano competente.
- Remisión ao negociado de nóminas.

As solicitudes de modificacións orzamentarias tramitaranse con anterioridade ao día 12 de cada mes, evitando deste xeito que poidan producirse cargos de nómina en programas distintos que aqueles onde a persoa traballadora está prestando efectivamente o servizo. A proposta que faga a Área de Recursos Humanos e Formación, poderá abarcar a totalidade das solicitudes e necesidades, tramitando un único expediente de modificación orzamentaria por mes. A modificación orzamentaria será previa ao acordo que se propoña, en caso contrario, sería nulo.

De non tramitar a preceptiva modificación orzamentaria, a unidade de formación de nóminas non poderá incorporar na formación da mesma a devandita/s resolucións, por falta de crédito suficiente, e o persoal afectado, seguirá devengando as retribucións nos programas orzamentarios que se viñan aplicando, xerando polo tanto, unha imputación de custes errónea, coa súa repercusión na avaliación do custe efectivo dos servizos e na avaliación dos centros de custes e custes das actividade, non fornecendo efectos o acordo adoptado polo órgano que teña a competencia.

2.- UNIDADE (negociado) DE NÓMINAS

Para a fiscalización global da nómina, a unidade de nóminas remitiralle á Intervención Xeral a documentación ata o día 24 de cada mes ou anterior hábil. A documentación que achegará será a seguinte:



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 74 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



- Listaxe nominal do persoal para cada unha das nóminas que se confeccionen, certificada por órgano competente, tanto en canto as prestacións e as persoas traballadoras como á xornada laboral.
- Relación de incidencias que conteña a nómina do período, que deberán coincidir coas fiscalizadas pola Intervención Xeral e as enviadas pola Área de Recursos Humanos e Formación, coas excepcións das incidencias que xorden da propia información que remite a Tesourería Xeral da Seguridade Social, as xeradas por antigüidade e outras que teñen a súa imputación directa.
- Cadre en relación co mes precedente.
- Relación das retencións practicadas.

3.- INTERVENCIÓN

En canto á fiscalización dos gastos de persoal, teñen fiscalización previa. En cumprimento do regulado no apartado 3 da Base 33ª, a Intervención fiscalizará a nómina. O servizo de Contabilidade, expedirá os correspondentes recoñecementos das obrigas e ordes de pagamento (relación) se fose o caso ata o 27 de cada mes ou o primeiro día hábil seguinte. Así mesmo, cargará o soporte do corpo de nómina remitido polo negociado de nóminas e resolverá, si son da súa competencia as incidencias que se produzan, facendo a contabilización das retencións (IRPF, SS, Retencións Xudiciais, Sindicais, alimentos, por xornada laboral, polos anticipos concedidos e outras).

A nómina do mes de decembro, estará axustada aos prazos que regulen as instrucións de peche que serán aprobadas antes da entrada do mes de novembro.

Aos efectos de garantir a seguridade xurídica do procedemento, para que a tesourería realice o pago mensual da nómina en prazo, a relación de obrigas que conforma o corpo da nómina, asinado polo Sr./Sra. Interventor/a Xeral, deberá estar a disposición da Tesourería con data límite 27 de cada mes ou o primeiro día hábil seguinte.

Se xurdise algunha observación ou reparo, non poderá achegarse a relación para o seu pago, sendo unha das a funcións da Tesourería a de pagar as obrigas remitidas pola Intervención. A orde de transferencia da nómina non se executará pola Tesourería entanto non se teña a conformidade de fiscalización favorable.

As incidencias aprobadas polo órgano competente e remitida a certificación á unidade de nóminas e á



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 75 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Intervención Xeral con posterioridade ao día 12 de cada mes ou o seguinte hábil, custodiaranse na unidade de nóminas para a súa inclusión na nómina do mes seguinte, sen prexuízo de que os seus efectos se produzan dende a data do acordo. Se houbese algunha incidencia excepcional fora deste prazo, como xa se expresou no apartado 1.- desta Base, se tramitaría dentro do mesmo mes se se cumpren os requisitos sinalados.

Deberase ter en conta as incidencias que afecten ás cotizacións de meses anteriores, que se estará neste caso á data prevista no apartado 1 desta base.

4.- DOCUMENTACIÓN PARA ENVIAR

Será a que para cada suposto se indica na base reguladora do réxime de fiscalización. Ademais, haberá que achegar, a documentación que en cada caso permita ao órgano fiscalizador, facer as revisións e observacións que se regulan na Base 32ª así como a función de fiscalización plena.

**BASE 34ª.- <u>Procedementos de reasignación e readscripción de efectivos</u>.**-

O concurso é o procedemento normal de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario, consistente na valoración de méritos, capacidades e aptitudes das persoas candidatas conforme ás bases da convocatoria.

O artigo 92 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a provisión de postos por libre designación, tendo as administración públicas unha autonomía para facer a súa regulación interna, sempre tendo en conta a normativa que sexa de aplicación en cada caso.

En canto a provisión de postos de traballo polo sistema de libre designación estarase ao seguinte:

1.- Órganos directivos e órganos de colaboración, asociados a postos reservados a funcionariado con habilitación de carácter nacional: estarase ao disposto na normativa específica de aplicación.

2.- Órganos directivos asociados á función pública ordinaria das AA.PP, nos termos do previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril: estarase ao previsto na indicada lei e Regulamentos municipais ao efecto. En todo caso, a súa designación atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 76 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



3.- Xefaturas de Área e Servizo que teñan un carácter singularizado xustificado: estarase ao disposto non marco legal vixente e na correspondente RPT.

4.- Nos restantes postos de traballo, estarase ao disposto non marco legal vixente e na correspondente RPT, en todo caso, tomando como regra xeral o procedemento de provisión por concurso.

Os postos clasificados como de libre designación estarán sometidos a dispoñibilidade horaria nos termos que se establezan regulamentariamente.

De acordo ao previsto no artigo 95 da Lei 2/2015, de 29 de abril, o persoal funcionario de carreira e o laboral que accedeu ao seu posto de traballo polo procedemento de libre designación pode ser removido discrecionalmente.

Ao persoal funcionario trasladado asignaráselles outro destino provisional, ao careceren de dereito a reserva de posto, consonte ao disposto no artigo 95 da Lei 2/2015, de 29 de abril, e artigo 58 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo da Administración do Estado.

O funcionariado que ocupe postos de traballo non singularizados, entendendo por tales os que non se individualicen ou distingan dos restantes postos de traballo polo seu contido ou condicións específicas para o seu exercicio, poderá ser adscrito por necesidades do servizo a outro da mesma natureza, nivel de complemento de destino e específico, por cambio de adscrición, segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 93/91, do 20 de marzo, da Xunta de Galicia concordante co artigo 61 do Real decreto 364/95, do 10 de marzo.

No caso anterior, tendo en conta que as dotacións orzamentarias do capítulo I (Gastos de Persoal) fanse por programas orzamentarios de acordo co persoal adscrito ao mesmo, calquera acordo que de lugar a cambios de persoal por adscrición, traslado a outro programa orzamentario, deberá ser executado coa tramitación da preceptiva modificación orzamentaria, que deberá indicar a unidade orixe coa delimitación de baixa nas retribucións básicas, complementarias, antigüidade e seguridade social, e se fose persoal laboral, a contía a detraer na aplicación orzamentaria, así como a unidade de destino.

Estas modificacións orzamentarias tramitaranse dentro do mes con anterioridade ao día 12 de cada mes, e sempre con caráter previo a adopción do acordo.

De non tramitar a preceptiva modificación orzamentaria, a unidade de nóminas non poderá incorporar na formación da mesma as devandita/s resolucións por falta de crédito, o persoal afectado, seguirá devengando as retribucións nos programas orzamentarios que se viñan aplicando antes da Resolución o que



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 77 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



xerará unha imputación errónea de custes aos efectos do cálculo do custe efectivo (Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro) e a resolución adoptada se fose o caso, quedaría se efecto ao ser nula por falta de crédito, o que requeriría un acordo posterior á existencia do crédito.

**Expedientes de encomendas de funcións e acumulación de tarefas.**

Con independencia do expresado no primeiro parágrafo desta Base, a Alcaldía-Presidencia poderá acordar encomendas provisionais de funcións por necesidades operativas derivadas do servizo, nos termos e condicións xerais previstas na lexislación de procedemento administrativo e máis concretamente no art. 73.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do/a Empregado/a Público/a, sempre tendo en conta o grado e categoría e por un tempo indispensable para facer fronte a unha situación excepcional, en ningún caso, unha acumulación ou unha encomenda, pode consolidarse no tempo, e non deberá ter unha duración superior a un ano, prorrogable con acordo expreso, tempo de tramitación e execución das Ofertas de Emprego e dos sistemas de promoción interna e concursos de traslados.

En casos excepcionais, as encomendas de funcións poden ter prazos superiores, sempre e cando non se acumulen estas a outro posto ou se cree un para esas funcións. As excepcións poden estar xustificadas nas limitacións nas TRE, pola redución de custes ou pola falta de aprobación do Regulamento Orgánico Municipal.

Sen prexuízo do anterior, as propostas de encomenda ou de acumulación, deberán ser obxecto de fiscalización con carácter previo ao acordo, verificando que a encomenda ten xustificación, que as funcións encomendadas son efectivamente necesarias, ademais sendo requisito necesario que se garanta o crédito orzamentario a partires da adopción do mesmo, dando prevalencia sempre aos acordos adoptados sobre outros supostos de retribución variable. A encomenda supón a reserva de crédito para o período que conste na proposta (corrente e futuro).

No caso de acumulación de funcións de dous postos de traballo, se verificará os tempos de desenvolvemento, que parte das tarefas son desenvoltas fora da xornada ordinaria de traballo e o sistema de control da mesma. No caso de que a execución non requira a utilización de xornada extraordinaria, non procedería aplicar un complemento retributivo, salvo que se xustifique na maior responsabilidade asumida pola acumulación das tarefas do posto que se acumula, circunstancia esta que será sometida a fiscalización.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 78 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



En consecuencia, o procedemento de tramitación é o seguinte:

- Polo servizo xestor, tramitarase a xustificación das necesidades, co desenvolvemento inequívoco das tarefas concretas encomendadas.
- O servizo xestor formulará unha proposta para tramitar a encomenda.
- Se fose o caso, establecerá a xornada extraordinaria necesaria para o desenvolvemento das tarefas acumuladas.
- Resolución da Alcaldía ou Concelleiro/a delegado/a resolvendo sobre o inicio da tramitación do expediente da encomenda.
- Remisión do expediente á Área de RR.HH e Formación, que formulará proposta cuantificada e cunha delimitación temporal, pronunciándose sobre a xornada extraordinaria necesaria e o sistema de control que se fará da mesma, se fose o caso.
- Aplicación orzamentaria, que non terá porque ser cualificada de produtividade, senón que poderá imputarse ás aplicacións que se correspondan co posto que acumula ou sobre o que se fai a encomenda.
- Remisión do expediente á Intervención para fiscalización.
- Remisión do mesmo para acordo da Xunta de Goberno Local ou órgano en que estea delegada a competencia, que se pronunciará sobre a proposta de gasto o prazo de tempo da encomenda e a forma de liquidación. Sendo o acordo que se propón xerador dun gasto, a delegación nun órgano distinto, ten que ser dada por aquel que ten a competencia orixinaria, neste caso, a delegación terá que ser feita pola Xunta de Goberno Local.
- No caso en que estivese xustificada na autorización a realización de xornadas extraordinarias pola acumulación da encomenda ás tarefas propias do posto, deberase achegar para a formación da nómina, a acreditación das mesmas.
- Remisión a Intervención e a unidade de formación de nóminas para a súa inclusión no mes que corresponda.

Naqueles casos en que as competencias estean delegadas, serán exercidas polo órgano que as teña



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 79 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



delegadas.

Cos acordos e procedementos anteriores, as retribucións que se devenguen mensualmente, serán incorporadas á nómina, salvo que a Área de RR.HH e Formación formule algunha observación sobre a encomenda ou acumulación, non requirindo máis acordos que os adoptados, xa que o acordo adoptado polo órgano competente, despregará os seus efectos durante o prazo aprobado ou se fose o caso, ata que o mesmo órgano poña fin a mesma se esta se producise con anterioridade ao prazo inicialmente previsto.

As encomendas ou acumulacións, con independencia da aplicación orzamentaria á que se aplique o gasto, o mesmo non ten a cualificación dunha produtividade, xa que se está retribuíndo con carácter estable e pola mesma contía mensual unha acumulación ou encomenda de funcións, polo que o seu devengo a partires da adopción do acordo é estable ata que o órgano se pronuncie sobre o seu remate ou ata que se teña producido o remate da mesma por terse expirado o prazo para a que se acordou.

**BASE 35ª.- <u>Retribucións das e dos integrantes da Corporación</u>.-**

A concesión de dedicación exclusiva e de dedicación parcial implicará a alta correspondente no réxime da Seguridade Social, así mesmo, acreditarase o cumprimento dos requisitos que sexan esixibles pola lexislación que lle sexa de aplicación, extremos que se verificarán pola Área de Recursos Humanos e Formación.

O acordo de concesión de dedicación parcial determinará a xornada mínima a realizar e, de ser o caso, o réxime de compatibilidade con outras actividades conforme á lexislación vixente, que deberán quedar rexistradas no rexistro ao efecto, e que serán notificadas ao Tribunal de Contas no seu requirimento anual.

O réxime de dedicación exclusiva e o de dedicación parcial serán incompatibles coa percepción de axudas de custo por asistencia aos órganos colexiados do Concello e dos Organismos Autónomos ou empresas dependentes.

Ó réxime de dedicación exclusiva e parcial seralle de aplicación o acordo do Concello-Pleno adoptado en sesión de data 1 de xullo de 2019.

Alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 69.218,38 euros/ano.

Concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva: 59.582,74 euros/ano

Concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 41.137,16 euros/ano.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 80 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ao servizo do Concello.

Ademais do alcalde-presidente realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

10 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

1 concelleiro/a do Grupo Municipal Popular.

Realizarán as súas funcións en réxime de dedicación parcial con unha dedicación mínima de 26 horas os seguintes cargos da Corporación:

1 concelleiro do Grupo Municipal Socialista

1 concelleiro/a do Grupo Municipal Mixto.

Se se producise algún tipo de regulación en canto ao número de dedicacións exclusivas así como as súas retribucións, de supoñer algún axuste a baixa tanto en número como en retribucións, estas axustaranse de forma automática aos límites fixados pola normativa reguladora no seu caso.

As retribucións do/a Alcalde/sa e dos/as Sres./Sras. Concelleiros/as, para o ano 2020, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985 (LBRL), incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un/ha Secretario/a de Estado, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos.

De igual xeito, darase cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros ou concelleiras con dedicación exclusiva e de persoal eventual.

En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros ou concelleiras como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), o Pleno da data fixada, acordou ademais da dedicación do Alcalde, a de 11 dedicacións exclusivas máis (12 total) e dúas parciais. En canto ao persoal eventual, hai 20 postos creados, aínda que non están todos ocupados.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 81 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Asistencias a sesións de órganos colexiados**

O réxime das indemnizacións dos concelleiros/as que non ostenten dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004, coas limitacións do número de sesións que serán indemnizadas, recolléndose as contías na Base 36ª das de Execución do Orzamento do ano 2003, que se reproducen:

Pleno ordinario 360,61 euros. Pleno extraordinario 180,30 euros. Xunta de Goberno Local, so se pagarán 4 ao mes, Presidencia sen dedicación 300,51 euros, os demais integrantes sen ningunha dedicación, 90,15 euros. Xunta de voceiros e voceiras sen dedicación 90,15 euros. Comisións informativas, para integrantes sen dedicación, Presidencia 300,51 euros, demais integrantes sen dedicación, 90,15 euros.

Aos efectos da inclusión na nómina de cada mes, pola Secretaría do Pleno ou da Xunta de Goberno, remitirase a preceptiva certificación de asistencia aos órganos colexiados.

**BASE 36ª.- <u>Indemnizacións por razón do servizo</u>.**-

1.- As axudas de custo a percibir polos/as integrantes da Corporación, funcionariado e demais persoal do Concello para satisfacer os gastos que orixine o desprazamento e a estancia fóra da residencia oficial adaptaranse ao disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións complementarias. O persoal funcionario que teña asignado o nivel 30 de complemento de destino, incluiranse no Grupo 1º de clasificación de persoal e axuda de custo que figura nos anexos I, II e III da citada normativa.

As indemnizacións por residencia eventual só poderán ser aplicadas ás comisións de servizo nas que a finalidade sexa a de comisión de traballo ou estudio, de ningún xeito aplicarase para a asistencia a cursos, xornadas, seminarios ou actividades de natureza análoga.

Os e as integrantes da Corporación non percibirán axudas de custo de aloxamento e manutención por razón de desprazamento fóra do termo municipal, senón que se lles abonarán os gastos efectivamente realizados xustificados e aprobados polo órgano competente, podendo percibir, con todo, anticipos a conta "para xustificar" con anterioridade ao inicio da viaxe ou desprazamento.

A xustificación destes gastos e os de viaxe ou locomoción, efectuaranse segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 82 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



En ningún caso se librará cantidade a favor dos e das compoñentes da Corporación distinta das que figuran nestas Bases, agás as dietas ou gastos por asistencia a tribunais.

O funcionariado e demais persoal do Concello poderá ser resarcido dos gastos de locomoción e manutención que por razón do servizo se veña obrigado a realizar dentro do termo municipal. Nos casos de gastos de locomoción por poñer o vehículo para o desempeño de funcións propias do Concello (inspección, control, vixilancia, xestión, etc), os gastos suxeitaranse aos límites por quilómetro que está a regular o RD 462/2002 e súa verificación e conformidade, estará residenciada na xefatura de servizo ou de área.

En canto aos gastos fóra do termo municipal, no día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, en que se percibirá o 100 % de ditos gastos, porcentaxe que se reducirá ao 50 % cando a devandita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vinte e dúas horas.

No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso percibirase, con carácter xeral, unicamente o 50 % dos gastos de manutención. En todo caso, nos supostos de desprazamento que teñen a súa chegada a cidade antes da 15,00 horas, tampouco se devengará dereito a media axuda.

En casos excepcionais, na que a hora de regreso do viaxe ou comisión de servizo sexa posterior as vinte e dúas horas, e por iso obrigue a realizar a cea fóra da residencia habitual, farase constar na Orden da comisión, abonándose adicionalmente o importe, en un 50 % da correspondente axuda de custo de manutención, previa xustificación coa factura ou o recibo do correspondente establecemento, de non aportarse este documento, non haberá dereito a esta media axuda.

Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Se o autorizar a comisión de servizo non se determinase expresamente o medio de transporte, o/a comisionado/a poderá empregar os medios regulares dispoñibles, de acordo co previsto no Real Decreto 462/2002.

Cando, excepcionalmente, así se determine no acordo, poderase utilizar vehículos particulares ou outros medios especiais de transporte nos casos previstos na normativa en cada momento vixente.

No caso de estar autorizado o uso de vehículo particular, e de haber autoestrada no traxecto, esta será sempre utilizable, sendo o seu custo un gasto indemnizable, coa acreditación dos xustificantes.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 83 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Os tíckets da autoestrada serán a xustificación do uso do vehículo, e polo tanto o dereito da persoa comisionada a que se lle abone o prezo quilómetro previsto en cada momento. No caso que haxa autorización de máis dun/ha empregado/a para asistir a/as xornadas, para ter dereito a ser resarcido/a polo custo do quilometraxe, terán que acreditar o gasto da autoestrada, en caso contrario, o custo do quilometraxe tan só será resarcido a aquel empregado ou empregada que acredite o mesmo cos tíckets da autoestrada.

No suposto de utilización de taxis ou vehículos de alugueiro con ou sen condutor/a, poderase autorizar excepcionalmente na orden da comisión que o importe a percibir polos gastos de viaxe sexa o realmente gastado e xustificado. Se se utilizan taxis, a xustificación indicará orixe e destino da carreira, identificando o nº de taxi e data do servizo.

Cando a orde da comisión o autorice, serán asi mesmo indemnizables como gastos de viaxe, una vez xustificados documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos e o lugar de destino da comisión ou lugar da residencia oficial, segundo se trate de ida ou volta, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, relacionadas co servizo de que se trate.

Cando a empregada ou empregado vaia en representación da Administración con mandato expreso da Alcaldía-Presidencia, e sexa un acto non relacionado con cursos, xornadas ou conferencias de interese para a/o empregada/o, o gasto no que incorra, non estará sometido aos límites establecidos no Real Decreto 462/2002. En todo caso, esta circunstancia deberá quedar reflectida na autorización que a Alcaldía-Presidencia faga, que podería establecer un límite ao gasto, que estará sometida a fiscalización previa co obxectivo de comprobar que se trata dun acto de tipo institucional no ámbito dos cargos electos.

En relación co órgano competente para a autorización da asistencia e do gasto, estarase ás delegacións do Sr. Presidente ou Sra. Presidenta e da Xunta de Goberno Local.

**BASE 37ª.- <u>Persoal que presta servizos en entidades dependentes ou vinculadas a Corporación.-</u>**

O persoal que preste servizos de secretaría, intervención ou realice funcións de administración e contabilidade ou de asesoría xurídica na Mancomunidade, Área Metropolitana, Consorcio Casco Vello de Vigo, Organismos Autónomos, empresas públicas ou entidades dependentes ou vinculadas coa Corporación, será



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 84 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



recompensado con cargo ao orzamento da entidade que lle corresponda, pola asistencia a xuntas, sesións ou consellos de administración mediante as axudas de custo por asistencia que de ser o caso lle correspondan, así como polas demais indemnizacións ou gratificacións que por razón do servizo ou por acumulación de funcións se xeren.

A contía das axudas de custo e das gratificacións serán as establecidas polos consellos de administración ou órganos reitores dos organismos e demais entidades e actualizaranse anualmente en función da evolución da porcentaxe de incremento salarial do persoal ao servizo das administracións públicas. As indemnizacións non terán a cualificación de retribucións, senón de indemnizacións con cargo ao capítulo 23 da estrutura orzamentaria vixente.

**BASE 38ª.- <u>Subvencións</u>.-**

A tramitación do expediente da concesión, obxectivos a alcanzar, procedemento de selección, réxime de outorgamento, obrigas do/a beneficiario/a, causas de extinción das subvencións e todo o réxime de control, estarán suxeitos a seguinte normativa:

**Normativa de aplicación.**

•Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

•Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

•Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, plo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro de 2003, Xeral de Subvencións

•Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

•Ordenanza Xeral de Subvencións a partires da súa aprobación.

•Bases de Execución do Orzamento.

•Plan Estratéxico de subvencións que este vixente.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 85 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



O Plan estratéxico de subvencións vixentes en cada ano, determinará:

- Obxectivos estratéxicos, Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación, vixencia, custes o fontes de financiamento, procedemento de concesión, réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan.
- O Plan Estratéxico de Subvencións establecerase para cada unha das Áreas de Goberno e terá carácter programático.

O Concello de Vigo e os seus entes dependentes, concederán subvencións, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ou excepcionalmente, a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidade de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos ou actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

**Procedemento para a súa concesión:**

•Subvenciones concedidas en réxime de concorrencia competitiva.

•Subvencións nominativas previstas no orzamento coa tramitación de convenio ou sin convenio.

•Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública coa tramitación dun convenio ou sin convenio.

•Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Vigo por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

1.- Requisitos para ser beneficiario/a ou entidade colaboradora



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 86 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Poderán ser beneficiarias as persoas ou entidades que se atopen na situación que regulan as bases ou convocatoria das mesmas.

Non terán a condición de beneficiarias ou de entidade colaboradora, aquelas nas que concorra algunha das seguintes causas ou as que figuren nas bases ou convocatoria:

Ter sido condenadas por sentenza firme que leve aparellada a perda da posibilidade de obter subvencións, ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación da caudais públicos, tráfico de influencias, fraudes, exacción ilegais ou delitos urbanísticos.

Estar en situación de concurso, agás que exista convenio, as declaradas insolventes ou inhabilitadas. Ser declaradas culpables por resolución dun contrato con calquera administración pública.

Non estar ao correntes nas obrigas fiscais, tributarias ou fronte á Seguridade Social. Non estar ao corrente nas obrigas de reintegro de subvencións.

As que estean nalgún dos supostos regulados na Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio de alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades, da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de decembro, do Réxime Xeral Electoral e Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Ou calquera das causas reguladas na normativa reguladora de subvencións ou de outras normas que impidan ter a condición de beneficiaria de subvencións.

2.- Concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva:

Suxeitaranse ao previsto na Ordenanza que este aprobada, ao PES, ao contido das bases xerais o específicas que rexan e a súa convocatoria, á Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ao Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, a Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galiza e o previsto nestas bases, sendo beneficiarias das mesmas, as persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Terá a consideración de beneficiaria de subvencións a persoa ou entidade que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 87 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



concesión, segundo as liñas estratéxicas contidas no Plan Estratéxico de subvencións con sé ou delegación no Municipio de Vigo.

A porcentaxe do financiamento de cada actuación obxecto de subvención será a que se estableza nas bases da convocatoria ou acordo de concesión adoptado polo órgano municipal competente.

3.- As axudas a familias por marxinación, malos tratos, saída da casa de acollida ou pisos de asistencia extraordinaria, bono-taxi, euro-taxi e outras de carácter análogo.

Rexeranse polas propias Bases sempre con suxeición á Ordenanza si estivese aprobada e ao PES vixente.

Tamén quedarán suxeitas ás Bases propias, as axudas económicas para alugamento de vivendas tramitadas pola Área de Benestar Social, previo informe xustificativo e motivado da Área, correspondendo a esta realizar os seguimentos que procedan, en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos/as perceptores/as das referidas axudas, debendo emitirse informe pola citada Área, con periodicidade mensual, especificando persoas perceptoras, importe da axuda, causa e finalidade co visto e prace do/a Concelleiro/a Delegado/a. O proceso que regulen as Bases e convocatoria, estarán no marco xeral da Ordenanza si está aprobada e o contido do PES.

Quedarán suxeitas a Bases propias, as axudas para a adquisición de libros e becas de comedor, que serán tramitadas pola Área de Benestar Social e previamente informadas pola Intervención Xeral.

4.- Outras axudas ou subvencións, coa excepción do regulado no apartado 4 para a concesión de axudas directas:

Os/as perceptores/as de outras axudas ou subvencións non incluídas nos epígrafes anteriores deberán:

A) Acreditar como mínimo e con carácter previo á percepción das mesmas, estar ao corrente das súas obrigas tributarias da seguridade social, con arranxo ao seguinte procedemento:

- Mediante certificación expedida polos Órganos correspondentes que ostenten a xestión



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 88 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



recadatoria, Axencia Tributaria e Tesourería Territorial da Seguridade Social, ou ben mediante obtención de certificados dixitais vía telemática, sen prexuízo do previsto nos artigos 28 de 53 da Lei 39/2015 de PAC.

- Mediante declaración xurada da beneficiaria só e exclusivamente cando a modalidade anterior no sexa factible habida conta das circunstancias específicas do caso, sempre e cando non exista constancia nos ficheiros aos que se refire o apartado anterior, extremo que se acreditará no expediente que será aprobado por Resolución motivada do órgano competente.

B) Xustificar a realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento polo que se concedeu a subvención, como requisito previo ao pagamento, sendo este efectivo coa presentación dos xustificantes orixinais da aplicación dos fondos concedidos. Cando a beneficiaria solicite a devolución do xustificante orixinal por superar este o importe para xustificar ou a porcentaxe que se fixou nas bases da convocatoria, farase constar no documento que se devolve, que parte do mesmo foi tido en conta para a xustificación da subvención. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custe total foi de... euros.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ao estampillado de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 89 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do da beneficiaria, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello.

A beneficiaria poderá utilizar os sistema de xustificación por medios electrónicos regulamentado no artigo 81 do Regulamento de Subvencións, sempre que este previsto nas bases e convocatoria.

C) Proceder ao reintegro das cantidades percibidas, así como dos xuros de mora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos contemplados no art. 37 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

A xustificación das subvencións concedidas a organismos internacionais, quedarán suxeitas o que se estableza nas bases da convocatoria, e de non regularse ou tratarse dunha axuda de concorrencia non competitiva, deberase acreditar que os fondos recibidos foron aplicados ao proxecto que se presentou e que foi considerado para o seu outorgamento. A xustificación da aplicación dos fondos será a cargo da organización que tramitou as axudas.

5.-Subvencións outorgadas directamente

5.1.- Todos os procedementos de outorgamento de subvencións deberán estar regulados por algún tipo de bases previamente aprobadas polo órgano competente, que estarán vixentes en tanto non se adopte acordo en contrario, sen prexuízo de que a súa convocatoria sexa anual, en función dos prazos, contías, etc.

5.2.- No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, en cumprimento do regulado nos artigos 65 e 67 do Real Decreto 887/2006, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

O convenio ou a resolución de outorgamento deberá incluír a lo menos os seguintes extremos:

- Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios ou beneficiarias.
- Obxectivos a conseguir.
- Crédito orzamentario.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 90 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



- Porcentaxe de cofinanciamiento pola persoa ou entidade beneficiaria.
- Compromisos das partes.
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas ou outros recursos para a mesma finalidade. Para iso deberá acreditarse no expediente, que non existen outras axudas ou outros ingresos que financian a devandita actividade. De existir, se deberá acreditar a insuficiencia destes para facer fronte a totalidade do orzamento da actividade. En ningún caso a contía da axuda pode superar o importe do gasto menos as axudas ou ingresos que haxa recibido pola actividade obxecto da axuda.
- Prazos e modo de pagamento, garantías se fose o caso, e periodicidade do evento subvencionado.
- Prazo e forma de xustificación por parte da beneficiaria. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de... euros.
- En todo o non regulado e previsto especificamente nesta Base, nas propias bases reguladoras específicas, na convocatoria da subvención ou bases xenéricas, estarase ao disposto con carácter xeral na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 e Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, estarase ao contido da Ordenanza que este aprobada, así como o previsto no PES para este tipo de subvencións.
- Nos supostos previstos no art. 67 do Real Decreto 887/2006, o órgano xestor achegará unha memoria xustificativa do carácter singular e das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario da mesma. A devandita memoria pode ter a consideración de documento individualizado ou pode formar parte da proposta que se formule ao órgano competente.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 91 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



6.- Supostos de exclusión do ámbito de aplicación da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006 así como da Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, e do PES.

As subvencións aos grupos políticos municipais que teñen regulación no artigo 73 da LBRL, as transferencias aos OO.AA. dependentes da Entidade Local, as transferencias feitas ás Fundacións que formen parte do perímetro de consolidación da Entidade ou que dependan dela, as transferencias á Concesionaria do Servizo de Transporte Público Colectivo pola axuda no custe do billete aos usuarios e usuarias, as transferencias á Mancomunidade de Municipios da Área Intermunicipal de Vigo, a Entidade Local Menor de Bembrive, as que resulten obrigatorias para a Entidade en aplicación dunha norma, e aquelas outras que tivesen un carácter análogo.

En relación coas subvencións ou transferencias que se fagan ás Fundacións e Consorcios, se a achega anual figura nos compromisos estatutarios, non estarán suxeitas ao ordenamento xurídico precitado (sistemas de financiamento incondicionado estable). Se os compromisos foran acadados de forma particular e con carácter anual ou plurianual, estes terán o tratamento regulado no art. 22 da Lei 38/2003, se regularán cun convenio. Neste caso, a súa concesión e xustificación pode desenvolverse sobre o contido das bases de presentación das contas que regulamenta a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de interese galego.

Transferencias aos entes que forman parte do grupo de Consolidación Concello de Vigo.

Aos efectos de que os entes do perímetro de consolidación poidan facer fronte aos pagamentos dentro dos prazos que regula o RD 635/2014 coa modificación incorporada pola RD 1040/2017 e a Lei 3/2004 coa modificación incorporada pola Lei 15/2010, as entregas a conta se faran ao principio de cada trimestre, e a achega dos xustificantes por estes entes (Fundacións), achegaráse con caracter previo ao seguintes anticipos.

O acordo ou convenio de financiamento para o ano (n), deberá estar aprobado antes do remate do ano (n-1), e as entregas a conta, faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre.

Será a persoa responsable do servizo ou Área se fose o caso de quen dependa a Fundación que impulse ante a Concellalía Delegada, o procedemento para dar cumprimento a este obxectivo, que ten por finalidade, non causar un prexuízo no prazo global de pago do grupo de consolidación.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 92 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -

Documento asinado



7.- Anticipos

En supostos excepcionais, tras a motivación que o xustifique, polo órgano competente poderanse outorgar subvencións con xustificación diferida ata o límite do 50% do importe concedido; queda condicionada a liquidación desta á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade. A segunda entrega e liquidación da mesma, está condicionada a xustificación total do gasto, tendo en conta a aplicación a finalidade prevista como gasto elixible e a presentación da documentación xustificativa.

Cabe a posibilidade de establecer nas bases ou se fose o caso na convocatoria un segundo ou posteriores anticipos, sempre e cando teña xustificado o primeiro ou anterior, non excedendo cada un deles o 50% da contía concedida pendente de xustificar.

8.- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas fiscais

Con anterioridade a ditarse a proposta de concesión das subvencións, en cumprimento do regulado no art. 14 da LXS, as beneficiarias acreditarán atoparse ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, tendo en conta nos casos en que lle sexa de aplicación o réxime simplificado de acreditación regulado no art. 24 do Real Decreto 887/2006. En canto a súa xustificación, será unha obriga para todas as beneficiarias, a achega dunha declaración responsable do cumprimento destas obrigas conforme ao previsto no art. 31.7 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

9.- Xustificación de subvencións, comprobacións do xestor

Sen prexuízo de previsto para cada caso e de acordo ao previsto nas Bases reguladoras e na convocatoria, a xustificación da subvención pola beneficiaria poderá revestir calquera das seguintes modalidades, aínda que serán as bases reguladoras ou a convocatoria a que determine a forma de xustificación e o contido da conta xustificativa.

9.1.- Comprobación formal

- Simplificada:

1. Importe inferior ou igual a 3.000 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 93 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



2. Pago a posteriori (Conta xustificativa).
3. Previa ao recoñecemento da obriga.
4. Comprobación dentro dun prazo máximo de 4 anos dunha mostra.

- Plena:

1. Importe superior a 3.000 euros.
2. Comprobación de todos os requisitos previstos na convocatoria ou convenio con carácter previo ao recoñecemento da obriga.
3. Recoñecemento da obriga polo importe do gasto elexible.
4. Reaxuste do acordo adoptado.

9.2.- Comprobación material

- Verificación da realización da actividade subvencionada para investimentos.
- Reintegro pola diferenza, se fose o caso, entre o pago e a comprobación material.

9.3.- Comprobación de valores

- Verificación de que o gasto subvencionado e menor que o valor de mercado (informe de comprobación polo servizo impulsor do expediente).

- Conta xustificativa de xustificantes de gasto, que deberá conter:
  a) Memoria de actuación.
  b) Memoria económica.
  c) Declaración responsable acreditativa dos extremos que fixen as bases reguladoras ou a convocatoria.
- Conta xustificativa simplificada. Aplicable a aquelas subvencións que o seu importe non supere os 3.000 euros.
- Presentación de estados contables, cos requirimentos e especificación que fixen as bases ou a convocatoria.
- Se as Bases ou convocatoria fixasen o cumprimento de indicadores, deberán achegarse e informar sobre o seu cumprimento.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 94 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Conta xustificativa

As Bases, a convocatoria, a Ordenanza cando este aprobada e o PES, determinarán a forma de presentación da conta.

A conta xustificativa da subvención será clara e axustará os xustificantes da mesma ao obxecto do seu outorgamento, o servizo xestor non incluirá aqueles xustificantes que non se correspondan de forma inequívoca co obxecto da súa concesión e só serán computables aqueles xustificantes que que se consideren gasto elixible.

O servizo xestor velará porque a aplicación da mesma sexa para os fins que se estableceu como gasto elixible na súa concesión.

O informe de xustificación, fará referencia á convocatoria, convenio ou o procedemento seguido, órgano que a outorgou, importe, finalidade, data de xustificación, obxectivos, facendo unha relación dos documentos acreditativos do gasto, facendo constar expresamente, se fose o caso, que os mesmos son axeitados e suficientes en relación co obxecto da subvención. De non ser así, fará constar aqueles que se consideran non axustados á finalidade da subvención.

Verificará e expresará igualmente no devandito informe, que a beneficiaria está a dar cumprimento aos requisitos de estar ao corrente nas obrigas tributarias de todo tipo e fronte a Tesourería da Seguridade Social.

De ser o caso, formulará proposta de liquidación de acordo aos xustificantes que se consideren como gasto elixible, facendo constar que se deu prazo á beneficiaria para a subsanación da documentación presentada. O informe deberá facer constar, se fose o caso, as deficiencias detectadas e axuste ou redución que se propón tendo en conta as porcentaxes de financiamento de cada un dos axentes intervenientes.

De terse feito pagos anticipados, deberá facerse constar a contía dos mesmos. Así mesmo, tamén se fará contar no informe, se xa se teñen producido xustificacións parciais.

10.- Fiscalización

A Lei Xeral de Subvencións, establece como compatibles e non excluíntes os controis sobre as



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 95 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



subvencións que realizan o órganos xestores e a Intervención. Adicionalmente o título III da LXS, aplicable directamente as EE.LL pola DA décimo cuarta da lei, establece un control engadido sobre as subvencións a realizar pola Intervención sobre as beneficiarias e no seu caso, sobre as entidades colaboradoras para verificar a adecuada e correcta obtención da subvención por parte da beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas na xestión e aplicación dos fondos, a adecuada e correcta xustificación, a realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas beneficiarias e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención e a adecuada e correcto financiamento das actividades subvencionada e a existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polas beneficiarias e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, a adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

11.- Prazo de xustificación

Con carácter xeral, as subvencións e axudas que se outorguen, xustificaranse no prazo previsto nas Bases da convocatoria ou no acordo de concesión no suposto de que as mesmas non estivesen suxeitas aos procedementos de concorrencia competitiva. De non xustificarse nos prazos previstos, a beneficiaria perderá o dereito sobre a mesma.

Quen exerza a responsabilidade das unidades funcionais do expediente xestoras das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas con suxeición aos requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da beneficiaria o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro, e a súa remisión á Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente. Aos efectos anteriores, o prazo de xustificación da subvención e a posta a disposición do servizo de fiscalización da documentación, estará regulada nas normas de peche que anualmente aprobe o/a Sr./Sra. Concelleiro/a de Orzamentos e Facenda. No prazo límite da segunda semana do mes de novembro, está a incluír a proposta da xefatura do Servizo e a documentación a disposición do servizo de fiscalización.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 96 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





Non caberá a posibilidade que unha subvención concedida no ano poida ser incorporada como remanente ao orzamento do ano seguinte, polo que, se a beneficiaria non xustificou dentro do prazo, perderá o dereito, e se o servizo xestor non tramitou a xustificación no ano do outorgamento, a imputación orzamentaria farase con cargo ao crédito do ano seguinte, diminuíndo a dispoñibilidade de crédito dese ano, sempre e cando o/a perceptor/a non perdese o dereito a mesma por incumprimento do prazo de xustificación, de concorrer ese suposto, non procederá a tramitación do seu pagamento.

12.- Publicidade

Ademais do anterior, todas as subvencións quedarán sometidas ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, de 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao portal de transparencia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web os seguintes contidos:

As convocatorias de subvencións; a tales efectos, en todas as convocatorias suxeitas a esta Lei, as administracións concedentes comunicarán á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola Base de Datos. A BDNS dará traslado ao diario oficial correspondente do extracto da convocatoria, para a súa publicación, que terá carácter gratuíto. A convocatoria dunha subvención sen seguir o procedemento indicado será causa de anulabilidad da convocatoria.

As subvencións concedidas; para a súa publicación, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións as subvencións concedidas con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A regulación contida no artigo 20.8 da LXS, foi operada pola disposición transitoria décima da Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, con entrada en vigor a partires do un de xaneiro de 2016.

Todas as aplicacións orzamentarias que conteñan subvencións e transferencias, serán obxecto de unha



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 97 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



relación que será achegada como documentación orzamentaria.

Prezos bonificados

Aquelas prestacións que realice a Entidade en xestión directa ou indirecta, adxudicadas a un empresario ou empresaria que resulte suxeito de IVE polas mesmas, que consistan en prestar servizos á cidadanía de carácter cultural, deportivos, social e outros, non terán a condición de subvención para o mesmo. O prezo cobrado ás persoas usuarias do servizo prestado, terá a condición de prezo público, que deberá ser aprobado polo órgano competente cando se someta o expediente a súa consideración.

**BASE 39.- <u>Dotación económica para os Grupos políticos municipais</u>.**

De acordo ca redacción dada ao art. 73.3 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola Lei 11/1999, de 21 de abril, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2019, asignoulle unha dotación económica aos grupos políticos municipais de 98.850,15 euros, importe que figura na aplicación 9120.489.00.01 (Dotación Grupos Políticos) do Orzamento do Concello de Vigo, que terá a natureza xurídica de transferencia corrente.

Cada Grupo Político disporá dunha dotación determinada en función dunha compoñente fixa (1.500 euros por grupo) e un compoñente variable (3.494,45 euros por concelleiro/a). A distribución do importe total despois da constitución da Corporación o 15/06/2019, é o seguinte:

| | |
|---|---|
| Grupo Mixto | |
| Compoñente fixa (so grupo mixto): | 1.500,00 euros |
| **Variable Bloque Nacionalista Galego (1 Concelleiro)** | **3.494,45 euros** |
| **Variable Marea de Vigo (2 concelleiros/as)** | **6.988,90 euros** |
| **Grupo Popular:** | **15.477,80 euros** |
| Compoñente fixa: | 1.500,00 euros |
| Variable (4 concelleiros/as) | 13.977,80 euros |
| **Grupo Socialista:** | **71.389,00 euros** |
| Compoñente fixa: | 1.500,00 euros |



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 98 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Variable: (20 concelleiros/as) 69.889,00 euros

As citadas cantidades libraranse de forma SEMESTRAL a partes iguais, podendo modificarse a periodicidade e o importe parcial a solicitude do Grupo interesado, e tramitaranse nun solo acto administrativo que acumulará as tres fases do gasto (autorización, disposición e recoñecemento da obriga), utilizando o documento contable ADO. A solicitude para a tramitación periódica das dotacións farase a través da oficina administrativa da Alcaldía, que remitirá oficio coa solicitude de cada un dos grupos municipais á unidade de contabilidade para a súa tramitación e remisión á Tesourería Municipal para o seu pago na conta bancaria que o seu efecto teña o grupo municipal.

Cada Grupo Político deberá levar unha contabilidade especifica da súa dotación, que porá a disposición do Pleno da Corporación sempre que este a pida.

O control interno desta dotación efectuarase pola Intervención Xeral mediante un sistema de fiscalización diferida ou control financeiro sobre o investimento ou destino dos fondos, que se realizará perante o exercicio inmediato seguinte previa solicitude de algún grupo político municipal. En todo caso, das contías pagadas a cada grupo político municipal, dáse conta ao Tribunal de Cuentas del Reino, cos efectos que rexe para o control e financiamento dos partidos políticos.

A dotación económica poderase destinar a seguinte clase de gastos:

20.Alugamento.

- 204. Material de transporte
- 205. Mobiliario e aparellos.
- 206. Equipos para procesos de información.

22.Material, abastecementos e outros,

- 220. Material de escritorio.
  - 220.00 Ordinario non inventariable.
  - 220.01 Prensa, revistas, libros e outras publicacións.
  - 220.02 Material informático no inventariable.
- 222. Comunicación (todos os subconceptos).
- 223. Transportes
- 226. Gastos diversos



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 99 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



226.01 Atencións protocolarias e representativas.

226.02 Publicidade e propaganda.

226.04 Xurídicos.

226.06 Reunións e conferencias.

227.Traballos realizados por outras empresas.

227.02 Valoracións e peritaxes.

227.06 Estudios e traballos técnicos.

227.99 Outros traballos profesionais.

Os gastos aplicables a cada concepto serán os que se describen na Orden de EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

**BASE 40ª.- <u>Convenios</u>.-**

1.- Excluídos do ámbito subxectivo

En aplicación do previsto no artigo 6.1 da LCSP, os convenios de colaboración que estableza o Concello e os seus organismos autónomos con outras administracións ou entes de dereito público, quedarán fóra do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público.

Quedarán excluídos así mesmo, os convenios de colaboración que se establezan con particulares, persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido nos contratos regulados na Lei de Contratos do Sector Público, ou en normas administrativas especiais (art. 6.2).

2.- Competencia

Os convenios serán subscritos, en representación do Concello, pola Alcaldía-Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue. No caso de organismos autónomos ou entes de dereito público, poderán ser subscritos polo concelleiro/a-presidente/a destes.

Se supoñen gasto para o Concello, o órgano competente para aprobar o texto, será a Xunta de Goberno Local ou o órgano que ostente a delegación.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 100 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



3.- Informes preceptivos

Con anterioridade a súa aprobación, os textos dos convenios serán obxecto, en todo caso, de informe xurídico, e se tivesen transcendencia económica estarán sometidos a informe preceptivo de fiscalización previa. Para o suposto de que o mesmo teña impacto en orzamentos futuros, requirirá, segundo a Resolución de 18 e 26 de xuño de 2019, da autorización previa do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.

4.- Esquema e estrutura dos convenios

Conforme ao previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 49 da Lei Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os convenios axustaranse a un esquema formal que comprenderá os seguintes elementos:

a) Partes que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha .

b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela.

c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada unha das partes para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbese, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.

g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 101 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



h) Os convenios que regulen gastos que teñan a consideración de subvencións ou transferencias, a súa xustificación someterase á presentación de documentación e xustificantes esixidos con carácter xeral para o réxime de subvencións, quedando sometido o mesmo ao contido do previsto no artigo 65 e 67 do Real Decreto 887/2006, á Lei 38/2003, a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, a Ordenanza de Subvencións si está aprobada, a Base 38ª das de Execución do Orzamento e ao PES.

i) O expediente deberá incorporar as preceptivas certificacións de estar ao corrente nas obrigas de pagamento coa Tesourería Xeral da SS., AEAT e Tesourería Municipal e si fose o caso, cos OO.AA dependentes da mesma.

j) As partes poderán acordar axustes nas anualidades aos efectos de acomodar a execución do mesmo co seu financiamento, sempre e cando o axuste sexa posible en función dos gastos comprometidos no exercicio seguinte.

k) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, agás que normativamente prevéxase un prazo superior.

2. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, as partes asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

5.- Xustificación

As propostas de recoñecemento da obriga e pagamentos en execución do convenio, remitiranse á Intervención Xeral para a súa fiscalización (expediente electrónico) coa seguinte documentación:

- Copia do convenio asinado.
- Acordo do órgano municipal que aprobou o texto do convenio.
- Certificación do centro xestor que acredite ou xustifique o cumprimento do convenio nos termos establecidos. Cando o convenio regule subvencións, a súa xustificación queda sometida ao que regule o articulado do propio convenio, e en todo caso, ao previsto na Lei



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 102 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



38/2003, Real Decreto 887/2006, e 9/2007 así como o contido da Base 38ª e a Ordenanza de Subvencións se existise.

- Fase e número do documento contable emitido como consecuencia da fiscalización efectuada.
- Proposta de aprobación.

6.- Extinción

As causas de extinción serán as previstas no texto do mesmo e as reguladas no artigo 51 da Lei 40/2015.

7.- Remisión ao Tribunal de Contas

Dentro do tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros, estes deberán remitirse electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda.

Igualmente comunicaranse ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda, as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

8.- Publicidade

O convenio quedará suxeito as normas de transparencia que regula a Lei 19/2013 , de 9 de decembro.

9.- Protocolos e acordos marco

En ningún caso terá a cualificación de convenio, aqueles textos que non establezan os compromisos económicos anuais, o prazo de pagamento e a súa vixencia temporal, que deberá acomodarse ao previsto no artigo 174.2 do TRLRFL e os prazos que fixa o artigo 49 da LRXSP. De ter un contido xenérico que non supoña a



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 103 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



delimitación das contías e prazos de pago, o texto terá a cualificación de protocolo ou acordo marco suxeito a un desenvolvemento posterior non xerando dereitos e obrigas para as partes asinantes do texto.

A Lei Orgánica 2/2012, nos artigos 3 e 7, regula o principio de estabilidade orzamentaria e o principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das distintas partes comprendidas no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación das distintas partes incluídas no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De non estar delimitada a contía nin a temporalización dos compromisos, a intervención non podería fiscalizar sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente, sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin do cumprimento da regra de gasto.

## III. DOS INGRESOS

**BASE 41ª.- <u>Fiscalización de ingresos</u>**

A fiscalización previa dos dereitos substituirase pola inherente toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral Municipal por procedementos de mostraxe.

O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 104 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**BASE 42ª.- Contabilización dos cobros**

Os ingresos de calquera tipo, en tanto non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, se contabilizarán como Ingresos Pendentes de Aplicación, integrándose, desde ese momento na Caixa única.

A Tesourería controlará que non exista ningún abono en contas bancarias pendentes de formalización contable.

Cando os centros xestores teñan información sobre a concesión de subvencións, iniciarán o expediente de aceptación da mesma, e a partir da súa aceptación poderán iniciar a modificación orzamentaria se fose o caso, coa excepción prevista na Base 10ª, para aqueles casos que se require o ingreso efectivo na Tesourería Municipal.

En todo caso, en aplicación do artigo 12 da LOEPSF, as modificacións de tipo cuantitativo, só serán posible, coa excepcionalidade de recursos finalistas doutras administracións, se non se alcanzou o límite de crecemento gasto (TRCPIB) aprobado para o conxunto do ano, en caso contrario, non será factible a súa tramitación.

**BASE 43ª.- Devolución de ingresos indebidos.-**

A devolución de ingresos indebidos realizarase de conformidade co procedemento legalmente establecido polo Real Decreto 1163/1990 e polo Real Decreto 520/2005, e tras a censura de conformidade do/a interventor/a ou en quen delegue esta función.

**BASE 44ª.- Unidade de Caixa.-**

A Tesourería municipal rexerase polo principio de unidade de caixa; os fondos e valores xerados centralizaranse por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.

**BASE 45ª.- Plan de Tesourería.-**

De acordo ao previsto no artigo 196 do TRLRFL, a disposición de fondos realizarase de conformidade co plan de distribución que se estableza para o efecto.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 105 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Aos efectos anteriores, en cumprimento do regulado no apartado 6 do artigo do artigo 13 da LOEOeSF, incorporado pola Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público, cando o período medio de pagamento supere o prazo fixado pola normativa sobre morosidade, o Plan de Tesourería deberá prever a contía que que no devandito plan se establece para axustar o período medio de pagamento. Tendo en conta o exceso de liquidez, non se confecciona o plan de tesourería, sendo de aplicación en canto a prioridade do Plan de Disposición de Fondos.

**BASE 45ª bis.-<u>Información Trimestral</u>.**-

En cumprimento do regulamentado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e a Disposición Adicional cuadraxésima oitava e disposición final décima da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de PXE, dentro dos primeiros 15 días do mes seguinte ao de cada trimestre natural, a Intervención do Concello e a dos seus OO.AA, remitirán por procedemento telemático e coa ferramenta instalada, o informe trimestral dos pagamentos efectuados e os prazos dos mesmos ao Ministerio de Facenda, coa finalidade de verificar se os mesmos están a dar cumprimento o previsto nas normas legais citadas. Así mesmo, manterán a información en formato individualizado aos efectos da súa remisión ao Tribunal de Contas.

Información a comunicar para o cumprimento de obrigas contempladas na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, deberase remitir información co detalle que se fixe por Orde do Ministerio de Facenda as actualizacións do Plan de Tesourería, que incluirá as previsións de ingresos e pagamentos mensuais por rúbricas, o saldo da débeda viva, vencementos a curto e largo prazo da débeda, as necesidades de endebedamento, evolución do saldo de obrigas de exercicio corrente e pechados, vencementos da débeda para os próximos 10 anos, nestas Bases vaise a establecer o calendario das obrigas de remisión de información.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 106 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**BASE 46ª.- <u>Excedentes temporais de tesourería</u>**

De conformidade con disposto no artigo 199.2 do TRLRFL, o Concello e os seus Organismos Autónomos, poderán rendibilizar excedentes temporais de tesourería mediante investimentos que reúnan as condicións de liquidez e seguridade.

Os contratos que se subscriban para a adecuada rendibilización destes excedentes, ao amparo do regulado no art. 10 da LCSP, quedan excluídos do seu ámbito de aplicación, quedando suxeitos en todo caso aos principios de igualdade e publicidade.

Facúltase á Xunta de Goberno Local para ditar normas e instrucións necesarias para o desenvolvemento desta Base a proposta do/a Sr./Sra. Tesoureiro/a Municipal coa conformidade do Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Orzamentos e Facenda.

A rendibilización dos excedente, actualmente foron adxudicados á entidade xestora seleccionada por un procedemento de contratación aberto, no que un dos criterios de valoración era o tipo de retribución ofertado en termos de porcentaxe por encima do custe de financiamento do Estado vixente en cada caso para períodos de tres e doce meses.

**BASE 46.bis.- <u>Plan de Disposición de Fondos</u>**

Os pagamentos feitos pola Tesourería Municipal, axustaranse á prelación establecida no Plan de Disposición de fondos aprobado por Resolución do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda de data 01/03/2018, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en sesión do 09/03/2018, publicado no BOP nº 75 de 18/04/2018 e que figura no portal de transparencia do Concello de Vigo en normas e ordenanzas municipais.

**BASE 47ª.- <u>Movementos internos de tesourería,</u>**

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 196.1.c) do TRLRFL, unha das funcións da Tesourería é a distribución no tempo das dispoñibilidades diñeirarias para facer fronte ás obrigas. A realización de movementos internos de tesourería están sometidos a fiscalización previa coa excepción prevista na Base



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 107 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



22ª (Disposición de fondos), e tramitaranse por instrución da Alcaldía-Presidencia ou Concelleiro/a en quen delegue a proposta do Sr./Sra. Tesoureiro/a.

**BASE 48ª.-<u>Operacións de crédito</u>.-**

**a) A curto prazo**

Establécense como previsións orzamentarias ao abeiro do disposto no artigo 51 do TRLRFL, as seguintes:

Poderán ser concertadas operacións de crédito a curto prazo polo Concello durante o ano 2020, ata o límite conxunto do 30 por 100 dos ingresos liquidados por operacións correntes do exercicio anterior, salvo que a operación se concertase no primeiro semestre do ano sen que se aprobara a liquidación do orzamento, neste caso tomarase en consideración a liquidación do exercicio anterior a este último.

Dentro das previsións ás que se refire o apartado anterior, o procedemento para a concertación das mencionadas operacións ao amparo do regulado no art. 10, da LCSP, quedan excluídos do seu ámbito de aplicación, quedando sometida a súa contratación aos principios de igualdade, publicidade e concorrencia.

**b) A longo prazo.**

En canto a contía na concertación de operacións de Préstamo-Crédito a longo prazo, estarase ao previsto no acordo adoptado polo Pleno da Corporación para aprobación do orzamento anual ou a modificación orzamentaria para financiar o crédito extraordinario ou suplemento de crédito. En todo caso, a concertación de novo endebedamento quedará condicionado ao cumprimento do principio de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto e sostibilidade da débeda financeira.

A Disposición Final sétima da LOEOeSF, fixa os límites de endebedamento do SPL para o 1 de xaneiro do ano 2020 no 3% do PIB , polo que, as distintas administracións nese prazo deberán desenvolver as políticas de endebedamento axeitadas para dar cumprimento ao previsto no artigo 13 da Lei Orgánica. O obxectivo de débeda é do 2,5% para o ano 2020. En canto ao obxectivo de endebedamento para cada unha das entidades que conforman o SPL, estarase en cada caso ao previsto na Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Lei 20/2011 de 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 108 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



para a Corrección do Déficit Público, a cal foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, quedando establecidos os límites porcentuais para o cálculo do índice de endebedamento:

1) Se o volume total de capital vivo non excede do 75 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, só terán que cumprir os requisitos previstos no TRLFL e normativa de estabilidade orzamentaria.

2) Se o volume total de capital vivo se atopa entre o 75% e 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, ademais do anterior, deberá contar cunha autorización previa do órgano competente en materia de tutela financeira. Sendo necesario ademais, haber liquidado o exercicio anterior cun aforro neto positivo, e estar destinado o recurso ao financiamento de investimentos.

Haber liquidado o exercicio inmediato anterior, nos termos do artigo 53.1 do TRLRFL, con aforro neto positivo, calculado conforme ao establecido na Disposición Final 31ª da Lei de Orzamentos do Estado do ano 2013.

Que o nivel de débeda viva en termos consolidados non supere o 110 % dos recursos correntes calculados conforme ao establecido en la Disposición Final 31ª da Lei de Orzamentos do Estado do ano 2013.

A concertación das operacións de crédito a longo prazo, estará condicionada á aprobación dunhas bases específicas, que substituirán ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como o modelo de contrato a subscribir pola entidade financeira que resulte adxudicataria. A aprobación das bases e do contrato correspóndelle a Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobadas as Bases, invitarase polo menos a tres entidades financeiras, remitíndolle ou poñendo a súa disposición na páxina web do Concello a documentación a todas elas, dándolle un prazo non inferior a cinco días para formalizar a oferta. A documentación que se deberá enviar ou poñer a disposición das entidades financeiras será a seguinte: Resumo por capítulos da última liquidación aprobada, detalle da débeda que o Concello tivese concertada, certificación do aforro neto, certificación do nivel de endebedamento, certificación da estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Resultado orzamentario, Conta do resultado económico patrimonial, e se as entidades o solicitasen, o Balance. Tanto a liquidación do estado de



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 109 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



gastos como o de ingresos, así como o Balance e a Conta de Resultado económico-patrimonial se referirá aos estados consolidados, estes dous últimos estados, so estarán a disposición se a Conta Xeral está formada, en caso contrario, serán os estados do ano anterior os que se entreguen. As bases especificarán o día ou días que deberán transcorrer dende a súa publicación nun ou varios diarios, para fixar o día de apertura das propostas feitas polas entidades financeiras. A documentación que se relaciona, estará dispoñible para as entidades financeiras na páxina web do Concello, información económica, liquidación do ano 2019, ou se esta non está aprobada, liquidación do ano 2018.

Constituirase unha Mesa para a apertura das ofertas, e avaliaranse as mesmas en función dos criterios que se establezan nas bases previamente aprobadas pola Xunta de Goberno Local, adxudicándose por este órgano á mellor oferta.

Co fin de dar cumprimento ao principio de anualidade orzamentaria e ao principio de especialidade temporal previsto no artigo 163 do TRLRFL, e en aplicación e establecemento de medidas de control e eficacia previstas no artigo 213 do TRLRFL, os créditos que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados, deberán alcanzar polo menos a fase de compromiso na execución orzamentaria no ano que se concertou a operación de endebedamento.

No caso de que esta fase non se alcanzase, a operación de crédito consolidará exclusivamente polo importe da suma total dos compromisos que estean contabilizados.

Para este efecto, dentro do primeiro trimestre do ano inmediatamente seguinte ao de concertación da operación, o órgano competente notificaralle, a través da unidade de Contabilidade, á entidade financeira coa que se concertou a operación o importe para consolidar, que coincidirá coa suma dos compromisos contabilizados ao peche do exercicio económico do ano en que se formalizou a operación, ou se algún dos proxectos tivese tramitado o gasto que é consecuencia dunha modificación do proxecto que aínda non está adoptado o acordo de adxudicación, o devandito gasto terá sido en conta aos efectos da consolidación da operación.

Os gastos comprometidos que non estean afectados ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas e financiados con este recurso afectado, incorporaranse ao orzamento de gastos do exercicio seguinte, e o seu destino será exclusivamente aquel para o que fose comprometido o gasto.

A primeira anualidade de amortización da operación será o 30 de decembro do ano seguinte ao que se



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 110 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



formalice.

A información relativa ao endebedamento, amortizacións, capitais dispostos e dispoñibles, estará a disposición do MINHAP mediante a actualización da información na Central de Información de Riscos Local.

O artigo 48 bis do TRLRFL, introducido polo apartado un da disposición final primeira do R.D-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, establece que todas as operacións financeiras que subscriban as Corporacións Locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

**BASE 49ª.- Remanente de Tesourería**

O Remanente de Tesourería está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio.

O remanente de tesourería será obxecto dun control contable que permita determinar en cada momento o saldo disposto e o dispoñible para financiar gasto, constituíndo este último o remanente líquido de tesourería libre.

O remanente de Tesourería dispoñible para a financiamento de gastos xerais determinarase minorando do remanente de tesourería total o importe dos dereitos pendentes de cobro que, o fin do exercicio, se consideren de difícil ou imposible recadación.

## IV. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

**BASE 50ª.- Organismos autónomos municipais.-**

Os organismos autónomos municipais de carácter administrativo réxense en canto á xestión orzamentaria e execución de gastos e ingresos polas presentes bases, sen prexuízo das normas específicas que se conteñan nas disposicións ditadas para a súa creación, nos estatutos que regulan o seu funcionamento e, de ser o caso, nas bases particulares de execución dos seus orzamentos.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 111 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



A competencia para os actos de autorización, disposición, recoñecemento das obrigas e ordenación de pagamentos será a que lles estea atribuída aos seus órganos de goberno nas normas polas que se rexen.

**BASE 51ª.- Xestión de ingresos en vía de constrinximento**

O procedemento de execución en vía de constrinximento, iniciarase no seu caso polo Organismo Autónomo cunha proposta á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación e posterior cargo á Tesourería Municipal para a súa tramitación e execución no seu caso.

Os ingresos aplicaranse a unha divisionaria da conta 414 por servizos de tesourería en constrinximento para o Organismo Autónomo, e procederase ao seu reintegro á/ao titular con liquidacións trimestrais, que poderán se tramitadas de oficio ou a instancia do Organismo Autónomo.

**BASE 52ª.- Ingresos da Xerencia de Urbanismo.-**

Os ingresos orzamentarios serán liquidados, recadados e contabilizados polos servizos deste organismo autónomo, sen prexuízo da colaboración puntual que poida prestar a Administración Xeral do Concello.

A recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. Á proposta do/a Xerente, o/a Tesoureiro/a ditará a correspondente providencia de constrinximento.

As garantías impostas pola Xerencia, calquera que sexa a súa forma de constitución (metálico, aval ou contrato de seguro de caución) serán ingresadas, custodiadas e devoltas polo Concello que as contabilizará de forma independente.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 112 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



## V. NORMAS DE CONSOLIDACIÓN

**BASE 53ª.- <u>Normas específicas de consolidación e Contas anuais</u>**

1.- Para efectuar a consolidación do orzamento da propia entidade con todos os orzamentos dos Organismos Autónomos dependentes dela e das sociedades mercantís, estarase con carácter xeral ao seguinte procedemento:

a) Deberán harmonizarse, se fose o caso, os orzamentos dos OO.AA. e os Estados de Previsión das Sociedades Mercantís co orzamento da propia entidade.

b) Deberán efectuarse as eliminacións das operacións internas: transferencias, subvencións, achegas de capital e outras de natureza análoga.

2.- A consolidación dos ingresos e gastos da entidade, dos seus OO.AA. e das sociedades mercantís, efectuarase segundo o modelo da estrutura orzamentaria establecida pola Orde do Ministerio de Orzamentos e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

3.- Eliminaranse dos estados de gastos e ingresos as operacións que afectan a construción da imaxe fiel, é dicir, todas aquelas que teñen orixe e aplicación entre os estados que son obxecto de consolidación:

a) Transferencias correntes e de capital.

b) Subvencións correntes e de capital.

c) Gastos e ingresos derivados de cesións ou adscrición de persoal.

d) Outros gastos e ingresos de natureza análoga.

4.- A consolidación dos orzamentos farase tanto a nivel capítulo como o nivel de máxima desagregación con que figure nos respectivos orzamentos.

5.- A consolidación dos estados de liquidación farase a nivel capítulo, artigo e a nivel de Área de Gasto, Política de Gasto e Grupo de Programas, sen prexuízo dun desenvolvemento ao máximo nivel de desagregación.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 113 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



6.- En canto á liquidación dos orzamentos pechados, estarase aos mesmos criterios, sendo obxecto de consolidación tamén a recadación e pagamentos de exercicios pechados.

7.- Nos estados e contas anuais, tamén serán obxecto de consolidación o balance, así como o resultado económico-patrimonial tanto da Entidade Local como dos seus Organismos Autónomos.

8.- Nos estados orzamentarios, a Consolidación abarcará ao Remanente de Tesourería e o Resultado Orzamentario.

## VI. CRITERIOS DE DOTACIÓN AOS SALDOS DE DEREITOS DE COBRO DE DUBIDOSO OU IMPOSIBLE RECADACIÓN E CRITERIOS DE AMORTIZACIÓN

### BASE 54ª.- Criterios de dotación a saldos de dubidoso cobro.

A Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 27/2013, engade o artigo 193 bis no TRLRFL, regulando a dotación mínima das dotacións a saldos de dubidoso cobro. O precitado artigo, ao igual que se viña facendo neste Concello, tamén exclúe de dotación aos dereitos pendentes de cobro os correspondentes ao exercicio anterior ao da Liquidación.

O artigo 193 bis do TRLRFL, establece as porcentaxes mínimas a dotar:

Para os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento.

O exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento.

O cuarto e quinto, nun 75 por cento.

Os superiores cinco anos, nun 100 por cento.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 114 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Porcentaxes fixadas pola Entidade:

| **Real Decreto Lexislativo 2/2004, art.193 bis** | | | **Base 54 de Execución do Orzamento** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Antigüidade** | % | Anos | **Antigüidade** | % | Anos | Capítulos |
| X≥1 | 25,00% | 2018-2017 | X = 1 | 80,00% | 2018 | Todos |
| X = 3 | 50,00% | 2016 | X = 2 | 85,00% | 2017 | Todos |
| X≥4 | 75,00% | 2015-2014 | X = 3 | 90,00% | 2016 | Todos |
| X> 5 | 100,00% | 2013 | X = 4 | 95,00% | 2015 | Todos |
| | | | X> 5 | 100,00% | 2014 | 1, 2, 3, 5 |

O exercicio corrente non será obxecto de dotación, xa que non ten a consideración de pechado, pero ademais, ao ser a maior parte dos ingresos pendentes de cobro do IBI e do IAE, e tendo o período de cobranza destes dous tributos no último cuadrimestre do ano, non se pode dicir, que teñan unha antigüidade suficiente como para ser obxecto de provisión algunha.

As porcentaxes de dotación que está a facer a Entidade Local e a XMU, son superiores cas previstas tanto no Real Decreto-lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros así como o regulamentado no artigo 193 bis do TRLRFL.

**BASE 55ª.- <u>Coeficientes de dotación para amortización de activos non financeiros</u>**

| **Tipo de Ben** | **%** |
|---|---|
| Edificios | 2 |
| Elementos transporte | 10 |
| Maquinaria, instalacións e utillaje | 10 |
| Mobiliario | 10 |
| Equipos informáticos | 20 |
| Inmobilizado inmaterial | 50 |



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 115 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



## VII.- FISCALIZACIÓN

**BASE 56ª.- Ámbito obxectivo**

1.- O exercicio da función interventora comprenderá as seguintes fases:

a) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.

b) A intervención do recoñecemento das obrigacións e intervención da comprobación material do investimento.

c) A intervención formal da ordenación do pago.

d) A intervención material do pago.

2. A función interventora exercerase nas súas modalidades de intervención formal e material.

O órgano interventor recibirá o expediente electrónico completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente.

O órgano interventor fiscalizará o expediente no prazo de dez días hábiles. Este prazo reducirase a cinco días hábiles cando se declarou urxente a tramitación do expediente.

**BASE 57ª.- Fiscalización dos procedementos**

Sobre os procedementos de fiscalización, as Bases 9ª a 13ª, regulan a tramitación das modificacións orzamentarias.

Da 16ª a 20ª, a fiscalización das distintas fases de execución do gasto.

A Base 23ª, a fiscalización dos fondos a xustificar.

A Base 28ª, as indemnizacións substitutivas e Recoñecementos Extraxudiciais de Crédito.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 116 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



A Base 31ª os contratos menores e os controis sobre os mesmos, distintos dos de fiscalización.

As Bases 32 a 35, regula a fiscalización dos gastos de persoal, nómina, reasignación e readscripcion de efectivos e retribucións das/os compoñentes da Corporación.

A Base 38ª, as Subvencións.

A Base 39ª, as transferencias aos Grupos Políticos municipais.

A Base 40ª, os convenios.

A Base 41ª, a regulación da toma de razón dos ingresos e informe posterior.

A Base 47ª, os movementos internos de tesourería.

A Base 48ª, a concertación de operacións de préstamo.

En relación coa comprobación material dos investimentos, estarase ao previsto no artigo 20 do RD 424/2017.

Os procedementos de control e fiscalización reflicten o contido do regulamentado no RD 424/2017, de 28 de abril.

Quedan exentas de fiscalización previa os supostos regulados no artigo 17 do RD 424/2017.

**BASE 58ª.- Reparos**

1. Se o órgano interventor manifestásese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito.

2. Se o reparo afectase á aprobación ou disposición de gastos, recoñecemento de obrigas ou ordenación de pagos suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos casos establecidos no artigo 216.2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

3. No suposto previsto no apartado c) do artigo 216.2 citado, procederá a formulación dun reparo suspensivo nos casos seguintes:



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 117 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



a) Cando o gasto se propoña a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.

b) Cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obrigación ou non se acredite suficientemente o dereito do seu perceptor.

c) Cando se haxan omitido requisitos ou trámites que puidesen dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da Entidade local ou a un/ha terceiro/a.

4. Cando o órgano ao que se dirixa o reparo acépteo, deberá emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor no prazo de quince días. Cando o órgano ao que se dirixa o reparo non o acepte, iniciará o procedemento descrito no artigo 15 do RD 424/2017.

5. No caso de que os defectos observados no expediente derivasen do incumprimento de requisitos ou trámites que non sexan os considerados esenciais nin o resto dos incluídos no artigo 216.2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a Intervención poderá emitir informe favorable, pero a eficacia do acto quedará condicionada á subsanación dos devanditos defectos con anterioridade á aprobación do expediente. O órgano xestor remitirá ao órgano interventor a documentación xustificativa de emendarse devanditos defectos.

De non solventarse polo órgano xestor os condicionamentos indicados para a continuidade do expediente considerarase formulado o correspondente reparo, sen prexuízo de que nos casos nos que considere oportuno, poderá iniciar o procedemento descrito no artigo 15 do RD 424/2017.

As resolucións e os acordos adoptados que sexan contrarios aos reparos formulados conforme ao previsto neste apartado remitiranse ao Tribunal de Contas de conformidade co artigo 218.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**BASE 59ª.- Discrepancias.**

1. Sen prexuízo do carácter suspensivo dos reparos nos termos previstos no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as opinións do órgano interventor respecto ao cumprimento das normas non prevalecerán sobre as dos órganos de xestión. Os informes emitidos por ambos teranse en conta no



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 118 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





coñecemento das discrepancias que se expoñan, as cales serán resoltas definitivamente pola Presidencia da Entidade local ou polo Pleno, de acordo co previsto no artigo 217 e no apartado 2 do artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e nos apartados seguintes

2. Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora exporá á Presidencia da Entidade local unha discrepancia.

Non obstante o disposto no apartado anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

b) Refíranse a obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

3. No prazo de quince días desde a recepción do reparo, as discrepancias exporanse á Alcaldía-Presidencia ou ao Pleno da Corporación Local, segundo corresponda, e, no seu caso, a través das presidencias ou persoas que ostenten a máxima responsabilidade dos organismos autónomos locais, e organismos públicos nos que se realice a función interventora, para a súa inclusión obrigatoria, e nun punto independente, na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

A resolución da discrepancia por parte da Alcaldía-Presidencia ou o Pleno será indelegable, deberá recaer no prazo de quince días e terá natureza executiva.

4. A Presidencia da Entidade local e o Pleno, a través da citada Presidencia, previamente á resolución das discrepancias, poderán elevar resolución das discrepancias ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

Nos supostos de omisión de fiscalización que reflicte o artigo 28 do RD 424/2017, o procedemento está reflectido na Bases 28ª das de Execución.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 119 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**BASE 60ª. Observacións**

O órgano interventor poderá formular as observacións complementarias que considere convenientes, sen que as mesmas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes. Respecto destas observacións non procederá a formulación de discrepancia. Se estará ao Modelo de control eficaz que estableza a Intervención Xeneral Municipal.

## VIII. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

**PRIMEIRA.- Normas contables para tramitación de embargos.**

Aos efectos de garantir o cumprimento das notificacións de embargos feitas á Entidade Local, cando se reciba a notificación preceptiva, a tramitación dos dereitos que o/a terceiro/a embargado/a teña fronte a Entidade Local quedarán suxeitos ás normas vixentes elaboradas pola Xefatura de Contabilidade e aprobadas pola Sra. Concelleira Delegada de Orzamentos e Facenda con data 10 de abril de 2008. Se procederá de forma inmediata a realizar a anotación contable do embargo coa finalidade de evitar que se produza algún pagamento con carácter posterior á notificación da dilixencia.

Farase unha comunicación da situación dos créditos ou da relación comercial que o embargado ten coa Entidade.

De existir pagos pendentes, poranse a disposición da institución que notificou a dilixencia de embargo.

**SEGUNDA.- Normas sobre o tratamento de recursos xestionados doutros Entes Públicos.**

O tratamento contable dos recursos xestionados e recadados doutros entes públicos (ROE), estarán suxeitos as normas elaboradas pola Xefatura de Contabilidade e aprobadas pola Sra. Concelleira Delegada de Orzamentos e Facenda de data 4 de xaneiro de 2008.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 120 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**TERCEIRA.- Criterios sobre provisión de fondos e anticipos a avogados/as e procuradores/as.**

Sobre a provisión de fondos e anticipos por litixios en curso a favor de avogados/as e procuradores/as, estarase aos criterios elaborados pola Sra. Concelleira Delegada de Orzamentos e Facenda e polo Sr. Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 3 de maio de 2008.

**CUARTA.- Incidencias en Pagamentos e tratamento contable.**

As incidencias nos reintegros sobre devolución de ingresos indebidos e outras incidencias, estarán suxeitos ás normas elaboradas pola Xefatura de Contabilidade e aprobadas pola Sra. Concelleira Delegada de Orzamentos e Facenda de data 4 de xaneiro de 2008.

**QUINTA.- Normas sobre a gravación de datos na Base de Terceiros/as.**

En canto ás operacións de modificación, alta ou calquera operación a facer na base de datos de terceiros/as, suxeitaranse as normas elaboradas pola Xefatura de Contabilidade e aprobadas pola Sra. Concelleira Delegada con data 11 de xaneiro de 2008 revisadas e actualizadas no ano 2017.

**SEXTA.- Normas de peche do exercicio orzamentario.**

Antes de comezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos para xustificar e rendición, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos ou anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc..), coa finalidade de garantir os prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

**SÉTIMA.-Contía máxima para o ano 2020 a distribuír polos complementos de produtividade, gratificacións e horas extraordinarias.**

Ao obxecto de dar cumprimento ao regulado nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril e facelo executable co previsto no artigo 127.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, os complementos máximos



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 121 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



polos conceptos de gratificacións e produtividade para o ano 2020 serán os seguintes:

O complemento de produtividade e o seu equivalente para o persoal laboral non excederá a contía de 3 millóns de euros, o de gratificacións para persoal funcionario e horas extraordinarias para o persoal laboral os 1,7 millóns de euros, ambos os dous límites deben estar dentro das porcentaxes que fixa o artigo 7 do Real Decreto 861/1986 do 30 e 10 por 100 respectivamente da masa salarial, sobre a base de restar á masa retributiva global presupostada, a referida ao persoal laboral e a correspondente ás retribucións básicas e ao complemento de destino do persoal funcionario.

Para a formación da Masa salarial, teranse en conta os seguintes conceptos orzamentarios:

Retribucións Básicas (120).

Retribucións complementarias (121).

Retribucións do persoal laboral fixo (130).

Incentivos ao rendemento (150,151).

Prestacións sociais (161).

A análise do cumprimento das porcentaxes fixadas que establece o artigo 7 do Real Decreto 861/1986, se verificará tendo en consideración o seguinte:

| Partida económica |
|---|
| 120, Retribucións Básicas |
| 12100, Complemento de Destino |
| 12101, Complemento Específico |
| 130, Retribucións Laborais persoal fixo |
| 150 Produtividade |
| 151 Gratificacións |
| 161 Prestacións sociais. |
| Masa Retributiva Global |
| (-) 120, R. Básicas |
| (-) 12100, Compl. Destino |
| (-) 130, Retribucións Laborais persoal fixo |
| Base de cálculo |
| 30%, máximo compl.produtiv |
| 10%, máximo compl. gratif. |
| 75% Complemento específico |



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 122 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



Ata acadar a devandita contía, o órgano competente poderá incoar as modificacións orzamentarias necesarias dentro do capítulo I dos orzamentos, tendo en conta os postos dotados e os efectivos cubertos, sen que en ningún caso o gasto do capitulo I do estado de gastos do orzamento poida experimentar incremento como consecuencia das devanditas modificacións orzamentarias . No caso de precisar un incremento das contías sinaladas, deberá ser o Pleno da Corporación quen autorice aumentar estes complementos.

Para os OO.AA tamén será de aplicación a dotación ou incremento da masa de produtividade, sempre dentro do créditos do capítulo I, ata o límite do 3 por 100 da contía aprobada do capítulo I. No suposto de existir dotación aprobada na aplicación 150, e esta tivese unha dotación inferior que o 3% do capítulo I, poderanse aprobar propostas de distribución por unha contía ata chegar a ese límite. No caso de que non exista dotación algunha, poderanse facer propostas de distribución con cargo a aplicación 150 que se creará dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos. A partires desa porcentaxe, será o Pleno da Corporación quen autorice o incremento desa masa.

En ningún caso será obxecto de incremento o capítulo I, polo que, os incrementos serán con cargo a diminución doutras aplicacións deste capítulo.

En consecuencia co anterior, o capítulo I terá mesma contía, coa excepción que a Lei de Orzamentos establecese unha variación retributiva, aínda así, terá que estar dentro dos límites da Regra de Gasto.

## VIII. DISPOSICIÓNS FINAIS

**PRIMEIRA.- Efectos da entrada en vigor do orzamento.**

O Orzamento xeral, unha vez aprobado, produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2020. Os créditos que nel se inclúen, terán a consideración de créditos iniciais e imputaráselles os gastos autorizados con cargo aos créditos do orzamento prorrogado; deberán efectuarse os axustes necesarios no caso de que non houbese o mesmo crédito no orzamento prorrogado ou de que, habéndoo, a súa dotación resultase insuficiente, mediante a transferencia de crédito necesaria para dar cobertura ás operacións.

As modificacións de créditos realizadas sobre o orzamento enténdese feitas sobre o orzamento definitivo.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 123 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**SEGUNDA.- Aplicación xeral das Bases**

As presentes Bases rexerán conxuntamente co Orzamento xeral para o exercicio de 2020, e serán de aplicación ao orzamento do Concello e o dos seus Organismos Autónomos sen prexuízo das bases específicas que puidesen aprobar os organismos autónomos. Neste caso, as Bases xerais, terían a condición de norma supletoria.

**TERCEIRA.- Prórroga**

Se ao iniciarse o exercicio económico de 2021 non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do ano anterior ata o límite global dos seus créditos iniciais como máximo.

De ningunha maneira terán singularmente a consideración de prorrogables as modificacións de créditos nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con créditos ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, fosen a percibirse no devandito exercicio.

Para estes efectos decláranse prorrogables os créditos para gastos dos capítulos I, II e III, coa excepción dos créditos do capítulo II que afecten a servizos ou programas específicos do ano 2020 e que nel conclúan. En canto ao capítulos III serán prorrogables as dotacións.

Capítulo IV. A prórroga automática só comprende os créditos que se refiren ao funcionamento regular ou ordinario dos servizos públicos, é dicir ao núcleo esencial do orzamento, polo que a prolongación mecánica dos orzamentos do ano anterior non pode estenderse aos créditos para subvencións destinadas ao fomento de calquera actividades. Así, non cabe prorrogar "per se" todas as subvencións nominativas senón que deberá estudarse a posibilidade de prorrogar o crédito en cada caso concreto.

No ámbito da Administración Xeral do Estado, a circular 1/2019 da IGE, conclúe o siguinte: todos aqueles créditos que figuren nos estados de gastos do orzamento prorrogado relativos a subvencións con asignación nominativa, que habilitaron a concesión directa das citadas subvencións no exercicio anterior perden os beneficios da "nominatividad" no orzamento prorrogado.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 124 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



En consecuencia, hai que avaliar aqueles supostos nos que o acordo de concesión abarque unha axuda plurianual, e só neste caso, sería prorrogable.

As dotacións orzamentarias que conteñan axudas xenéricas suxeitas a concurrencia competitiva, poderán ser prorrogables.

En canto os créditos do capítulo VI e VII financiados con recursos propios, poderán ser prorrogables os correspondentes as transferencias de capital ao OA, e ademais, poderán ter a mesma condición, todos aqueles que teñan financiamento propio e teñan a condición de xerais (investimentos en parroquias, mobiliario, equipos informáticos, investimentos no patrimonio, servizo contraincendios, etc).

**CUARTA.- Regulación residual**

Para o non previsto nestas Bases de Execución estarase ao disposto con carácter xeral pola vixente lexislación para o ámbito local, pola Lei Xeral Orzamentaria, Lei Xeral Tributaria, Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e demais normas da Administración Xeral do Estado que sexan aplicables.

**QUINTA.- Interpretación das Bases**

O Pleno da Corporación faculta á Alcaldía-Presidencia ou Concellalía en quen delegue para a interpretación das presentes Bases de Execución, e o autoriza para que dite cantas resolucións considere necesarias co fin do desenvolvemento e aplicación das mesmas.

**SEXTA.-**

**Rendición de información**

A Entidade Local, o seu O.A e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, quedan sometidos a rendición de información que regulamenta a LOEOeSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 125 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



O Grupo de Consolidación Concello de Vigo, está integrado aos efectos do SEC-2010 polos seguientes entes:

Entidade Local.

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Fundación MARCO.

Fundación CONVENTION BUREAU.

Fundación FAIMEVI.

**Calendario**

**Antes do 31 de xaneiro**

Remisión da información ANUAL en materia Orzamentaria, relativa aos Orzamentos aprobados e estados financeiros iniciais do exercicio anterior, de conformidade co artigo 15.2 da Orde HAP/2105/2012 e 169.4 do TRLRFL.

Remisión da información TRIMESTRAL da execución do Orzamento de conformidade co artigo 16 da Orde HAP/2105/2012. Datos relativos aos meses de outubro, novembro e decembro do ano anterior.

Remisión da información relativa ao artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, artigo 16.6 da Orde HAP/2105/2012.

**Con periodicidade mensual, antes do remate do mes seguinte ao que se está dando información**

Remisión da información sobre o Período Medio de Pago (PMP), RD 635/2014 e 1040/2017 de conformidade co artigo 16.8 da Orde HAP/2105/2012, soamente para EE.LL incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do TRLHL.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 126 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





**Antes do 1 de marzo.**

As Entidades Locais deberán confeccionar a Liquidación do Orzamento do exercicio anterior, de conformidade co artigo 191.3 TRLRHL.

**Antes do 15 de marzo**

Remisión da información sobre o Plan Orzamentario (Marco Orzamentario) de medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais, de conformidade co artigo 6 da Orde 2105/2012

**Antes do 31 de marzo**

Remisión da información ANUAL en materia Orzamentaria relativa á Liquidación do exercicio anterior incluída no art. 15.4 da Orde 2105/2012, en relación co art. 193.5 do TRLRHL.

**Antes do 30 de abril.**

Remisión da información sobre PERSOAL (ISPA) de conformidade co artigo 7.4 da Orde HAP/2105/2012. Información a 31 de decembro do ano anterior sobre os efectivos de persoal e as súas retribucións.

**Información Trimestral, antes do remate do mes seguinte ao trimestre que se está informando.**

Remisión da información TRIMESTRAL da execución do Orzamento de conformidade co artigo 16 da Orde HAP/2105/2012.

Remisión da información relativa ao artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, artigo 16.6 da Orde HAP/2105/2012.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 127 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Antes do 15 de maio**

De conformidade co artigo 212.1 do TRLRHL, os Estados e Contas da Entidade Local Serán rendidas pola súa PRESIDENCIA.

**Antes do 1 de xuño**

A Conta Xeral será sometida a informe da COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS da Entidade Local, que estará constituída por compoñentes dos distintos grupos políticos integrantes da corporación, de conformidade co artigo 212.2 do TRLRHL.

**Antes do 30 de xuño**

Remisión da información relativa ao ESFORZO FISCAL das Entidades Locais.

**Antes do 15 de setembro**

Remisión das Liñas fundamentais dos Orzamentos, de conformidade co art. 15.1 da Orde HAP.

**Antes do 1 de outubro**

A Conta Xeral, acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, someterase ao PLENO da Corporación, para a súa aprobación, de conformidade co artigo 212.4 do TRLRHL.

**Antes do 15 de outubro**

A PRESIDENCIA da Corporación, informada por Intervención, remitirá ao PLENO o Orzamento, para a súa aprobación, emenda e devolución, de conformidade co artigo 168.4 do TRLRHL.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 128 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Antes do 31 de outubro**

Remisión da información anual en materia Orzamentaria, relativa á Conta Xeral, Contas Anuais e Persoal incluída no art. 15.4 da orde 2105/2012.

**Antes do 1 de novembro**

Remisión do CUSTE EFECTIVO dos servizos públicos prestados pola EE.LL, de conformidade co art. 15.2 da Orde HAP 2105/2012 e da Resolución de 23 de xuño de 2015, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

**Antes do 31 de decembro**

A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo PLENO da Corporación, que haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse de conformidade co artigo 169.2 do TRLRHL.

En relación ás datas, haberá que ir adaptando a información e a periodicidade da mesma aos cambios normativos que se vaian producindo.

**Para as Entidades dependentes do mercado**

Estarase ao calendario que afecta a Morosidade trimestral, aprobación dos Orzamentos e Liquidación dos mesmos.

Neste caso concreto, a información coa periodicidade sinalada, obriga ás seguintes Fundacións:

Fundación LISTE.

Fundación VIDE.

Fundación LAXEIRO.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 129 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**Obxectivos de cumprimento das regras fiscais**

Obxectivos aprobados polo Consello de Ministras e Ministros en sesión do 7 de xullo de 2017 para o trienio 2018-2020 para o Sector Público Local, acordo que está prorrogado.

| Regra fiscal | Obxectivos, % sobre PIB (±) | | |
|---|---|---|---|
| | 2018 | 2019 | 2020 |
| Estabilidade | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| Endebedamento/PIB | 2,70% | 2,60% | 2,50% |
| Regra de gasto TRCPIB | 2,40% | 2,70% | 2,80% |

**SÉTIMA.- Portal de transparencia**

En relación coa información xurídica, económica, orzamentaria e estatística, a Entidade Local deberá dar cumprimento aos requirimentos que regula a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e de bo goberno.

En relación co cumprimento do previsto no apartado 6 do artigo 13 da LOEOeSF, incorporado pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no Sector público, tanto a información sobre o cumprimento da morosidade como do Período Medio de Pagos, faise a súa publicidade, no primeiro caso, trimestral e no PMP, mensual.

O Plan de Disposicion de fondos será o aprobado por Resolución de 1 de marzo de 2018, do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de marzo, publicándose no BOP nº 75 de 18 de abril de 2018. En relación co plan de tesourería que incluirá, polo menos, información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade, non se require, por ter a institución unha liquidez que garante o pagamento de todas as débedas nun prazo que pode mediar entre 10 e 12 días. As Administracións Públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 130 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



**OITAVA.-**

**Prudencia financeira.**

O Artigo 48 bis do TRLRFL, introducido polo apartado un da disposición final primeira do R. D-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, establece que todas as operacións financeiras que subscriban as Corporacións Locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

O artigo 4.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que para dar cumprimento ao principio de sustentabilidade financeira, as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

Enténdese por prudencia financeira o conxunto de condicións que deben cumprir as operacións financeiras para minimizar o seu risco e custo.

En consecuencia coa normativa de aplicación, as operacións de débeda que se concerten, tanto as de longo prazo como as de curto, así como as de tesourería, quedarán suxeitas ao principio de prudencia financeira.

**NOVENA.-**

**Transparencia e bo goberno**

Con data 10 de decembro de 2013, publicouse a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Disposición Final novena regula a entrada en vigor, outorgando un prazo máximo de dous anos ás Comunidades Autónomas e Entidades Locais para adaptarse ás obrigas da Lei.

A información que a Entidade está obrigada a publicar queda regulada nos artigos 6, 7 e 8 do precitado corpo legal.

En relación coa información económica, orzamentaria e estatística, publicarase:

a) Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso se publicou, o número de licitadores/as participantes no procedemento e a identidade do ou da adxudicataria, así como as



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 131 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -



modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desestimento e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente.

Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.

b) A relación dos convenios subscritos, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións e, no seu caso, as obrigacións económicas convidas. Igualmente, publicaranse encoméndalas de xestión que se asinen, con indicación do seu obxecto, orzamento, duración, obrigas económicas e as subcontratacións que se realicen con mención das ou dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe da mesma.

c) As subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarias.

d) Os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das Administracións Públicas.

e) As contas anuais que deban renderse e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control externo que sobre eles se emitan.

f) As retribucións percibidas anualmente polas persoas que ostenten altos cargos e sexan máximas responsables das entidades incluídas no ámbito da aplicación deste título. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

g) As resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten ás persoas empregadas públicas así como as que autoricen o exercicio de actividade privada ao cesamento de altos cargos da Administración Xeral do Estado ou asimilados segundo a normativa autonómica ou local.

h) As declaracións anuais de bens e actividades dos e das representantes locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Cando o regulamento non fixe os termos en que han de facerse públicas estas declaracións aplicarase o disposto na normativa de conflitos de intereses no ámbito da Administración Xeral do Estado. En todo caso, se-omitirán os datos relativos á localización concreta dos bens inmobles e garantirase a privacidade e seguridade de quen teña a súa titularidade.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 132 de 133
Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:24+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:26+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:04:49+02:00 -





i) A información estatística necesaria para valorar o grao de cumprimento e calidade dos servizos públicos que sexan da súa competencia, nos termos que defina cada administración competente.

j) A relación de bens inmobles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten dereitos reais.

Segundo o previsto no artigo 3, están suxeitos a obriga de publicar os datos, tamén as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

En consecuencia, a plataforma que se desenvolva estará aberta aos servizos implicados, de tal xeito que sexa a persoa responsable de cada servizo a que incorpore os datos que afectan ao mesmo e asuma a responsabilidade de dar cumprimento aos requirimentos da Lei, sen prexuízo do nomeamento dunha persoa responsable da plataforma, a quen lle corresponderá ditar as normas e procedementos a seguir para garantir o cumprimento da norma.

LG/

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación do 18-26/06/2019): Jaime Aneiros Pereira

O ALCALDE-PRESIDENTE: Abel R. Caballero Alvarez



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 133 de 133 |
| Expediente 62/142 | CSV: 22ECCC-EA4HEE-BE3DD2-2DU2ZY-PGW8M5-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

**CONCELLO DE VIGO**
**ALCALDÍA**

Expediente 62/142

**MEMORIA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2020**

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no art. 168.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Alcalde-Presidente que subscribe ao amparo das delegacións vixentes, encomendou ao Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda a formación do proxecto de Orzamento Xeral desta Entidade correspondente ao exercicio de 2020, cuxo contido, en resumo, desagrégase nos seguintes parágrafos.

Aos efectos de consolidación, en cumprimento do previsto no artigo 166.1.c) do TRLRFL, o Orzamento Xeral do Concello de Vigo esta conformado polo da propia Entidade Local e o organismo autónomo administrativo dependente da mesma, en consecuencia, esta integrado por:

- Entidade Local.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

En aplicación do previsto no artigo 2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o perímetro de consolidación alcanzaría ás Fundacións: Marco, Convention Bureau e FAIMEVI. A Fundación FAIMEVI non presenta anexo orzamentario por estar en Liquidación. O Orzamento das Fundacións MARCO e Convention Bureau, están contidas nun anexo e forman parte da análise contida na Memoria.

*Orzamento que se presenta en relación coas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

*EMPREGOS*

En relación co estado de gastos, as liñas fundamentais enviadas ao Ministerio de Facenda estaban a prever unha contía do capítulo 1 de 74.413.504,41 euros. O orzamento consolidado nos termos previstos no TRLRFL, ascende a unha contía de 75.451.540,74 euros, sendo a causa da variación a aplicación do Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, que supuxo un incremento no custe da Seguridade Social do 8,84% sobre a base de cotización, 0 representando unha variación de 1.100.000 euros.

| Capítulo | Entidade | Or. Aut. XMU | Fund. Marco | Fund.CB | Total 2020 | Total 2019 | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 70.028.171,00 | 5.423.369,74 | 295.044,96 | 181.383,00 | 75.927.968,70 | 72.428.340,30 | 3.499.628,44 |

As liñas fundamentais tiñan previsto unha variación do 2,4% no capítulo I , un 2,8% no capítulo II, un 0,68% no capítulo IV, e uns investimentos que deberían acadar entre o 12% e 14% dos empregos correntes non financeiros. Non estaba prevista operación ningunha para concertar novos pasivos financeiros.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 1 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

As directrices de formación do orzamento mantiveron os criterios previstos para a formación do Orzamento, con axuste á alza no capítulo de investimentos polo tanto, están dentro das previsións contidas.

Empregos correntes non financeiros

| GCNF | Entidade | Or. Aut. XMU | Fund. Marco | Fund.CB | Axust. Cons. | Total 2020 | L. fundamentais | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 232.704.283,10 | 7.358.567,29 | 798.306,82 | 477.000,00 | -6.834.965,00 | 234.503.192,21 | 230.684.842,37 | 3.819.349,83 |

Xustificación

1.- Convenio asinado coa Excma. Deputación de Pontevedra polo financiamento que lle corresponde que afecta ao gasto corrente non financeiro por unha contía de 1.339.000,00 euros.

2.- Pola subvención outorgada pola Administración Central ao programa de inserción laboral que ten unha anualidade no ano 2020 de 1.019.454,30 euros.

3.- O resto, queda explicado polo crecemento do custe da Seguridade Social a cargo do empregador pola aplicación do Real Decreto 1449/2018.

Empregos de capital non financeiro

| GCNF | Entidade | Or. Aut. XMU | Fund. Marco | Fund.CB | Axust. Cons. | Total 2020 | L. fundamentais | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 32.424.148,97 | 388.038,02 | | | | 32.812.186,99 | 31.146.027,00 | 1.666.159,99 |

Xustificación

Convenio asinado coa Excma. Deputación de Pontevedra polo financiamento que lle corresponde que afecta aos Empregos de capital non financeiro por unha contía de 3.161.000,00 euros.

*Recursos*

En canto ao estado de ingresos, o capítulo I axústase ao contido das ordenanzas, axustando ademais, os padróns ás variacións tendenciais da conxuntura económica.

En relación coa variación do imposto cedido polo Estado en relación co IRPF, a súa variación estaría en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada, manténdose a previsión coas entregas a conta do ano 2019.

Esta mesma condición aplícase para a cesión do IVE e II.EE, así como para o FCF, que se reflicten no capítulo 2 e 4 do estado de ingresos.

Sobre a variación se fará a explicación no epígrafe correspondente aos ingresos.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 2 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Comparativa do orzamento consolidado en termos do previsto na Lei Orgánica 2/2012 e as liñas fundamentais do orzamento enviadas ao MINHAC.

Recursos correntes non financeiros

| ICNF | Entidade | Or. Aut. XMU | Fund. Marco | Fund.CB | Axust. Cons. | Total 2020 | L. fundamentais | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 246.583.508,58 | 7.746.605,31 | 831.046,81 | 477.000,00 | -6.834.965,00 | 248.803.195,70 | 246.414.058,20 | 2.389.137,50 |

Xustificación

1.- Convenio asinado coa Excma. Deputación de Pontevedra polo financiamento que lle corresponde que afecta aos recursos correntes non financeiros por unha contía de 1.339.000,00 euros.

2.- Pola subvención outorgada pola Administración Central ao programa de inserción laboral que ten unha anualidade no ano 2020 de 1.019.454,30 euros.

O capítulo II, coa excepción do ICIO, non hai variación en relación coa previsión do ano precedente.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, as previsións son coincidentes coas entregas a conta do ano 2019.

O capítulo III, ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, fanse os axustes de tipo técnico sempre tendo en conta a Liquidación aprobada do ano 2018 e a previsión de Liquidación do orzamento do ano 2019, sendo a variación en termos consolidados dun 2,54%.

Capítulo IV. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento e na Participación nos tributos da Comunidade Autónoma, Lei de dependencia e a axuda recibida polo transporte urbano colectivo, o convenio coa Deputación Provincial para o financiamento do Plan de asfaltado e actividades deportivas e feiras, así como a concesión pola Administración do Estado do proxecto Vigo pola inserción laboral .

En canto ao FCF, a súa previsión e a mesma que as entregas a conta.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma tense en conta as achegas feitas e a liquidación de acordo cos anos anteriores, sendo a contía prevista o resultado das entregas a conta mensuais máis a mesma contía da liquidación do ano 2018 ingresada no ano 2019.

En relación coa subvención para o servizo de Axuda no fogar mantense a mesma contía ca prevista para o ano 2019. Hai que ter en conta, que no ano 2020, prestarase o número de horas máximo concedido, polo que, tomando en conta a contía cofinanciada pola Xunta de Galicia por hora, as previsións están dentro da



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 3 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

normalidade. Para o servizo do CEDRO mantense a mesma previsión ca do ano 2019, estando incluída a liquidación anual.

A subvención ao transporte público colectivo urbano prevese a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste.

*Principios reitores do orzamento que se presenta*

O proxecto orzamentario que se presenta para o ano 2020, caracterízase polo seu equilibrio e Combustibilidade, marcado pola procura da máxima eficiencia dos recursos públicos e os seus empregos, garantindo non só a prestación de servizos públicos e os investimentos, senón a Sustentabilidade orzamentaria e financeira, constituíndo esta condición o paradigma da garantía nas prestacións e na calidade das mesmas, ademais de asegurar que as empresas que prestan os servizos e executan as obras municipais, cobren nuns prazos por debaixo dos 15 días, condición que se está a cumprir os últimos anos.

Este Orzamento responde aos obxectivos e actuacións que fundamentan a mellora dos servizos sociais, especialmente os destinados a facer fronte a crise, fomento do emprego, as políticas de Educación, as políticas culturais, Servizos sociais e promoción social, promoción deportiva, e en xeral, os servizos públicos básicos.

En continuidade coa política estratéxica e os efectos de revitalización da economía da cidade xerada a través dun orzamento expansivo, o orzamento de 2020 incorpora políticas proactivas que impulsen a recuperación económica e posibilita afianzar unhas bases sólidas dunha recuperación sostida do emprego, ademais dunha ampla cobertura social, de aí, que se produza unha mellora nas políticas públicas de servizos sociais.

*Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo*

En canto ao Orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, foi sometido a proposta ao Consello da Xerencia e preséntase por separado. En cumprimento do previsto no art.166.1.c) do TRLRFL, sen prexuízo da súa individualización, preséntase un estado consolidado conformado polo orzamento da Entidade Local e o Organismo Autónomo, así como os anexos dos demais entes que conforman o perímetro de consolidacións aos efectos da Lei Orgánica 2/2012. O orzamento da XMU ten a dotación necesaria para facer fronte á actividade que foi obxecto de desconcentración polo Pleno da Corporación, e estará vixente ata que se produza a súa integración no Concello, se fose o caso.

Os aspectos salientables na estrutura do orzamento reflíctense na dotación para dar cobertura ás necesidades relativas aos proxectos de desenvolvemento no ámbito da xestión urbanística, nos que merecen especial consideración, a redacción do planeamento para un novo PXOM, desenvolvemento urbanístico, redacción do Plan da Panificadora, desenvolvemento do Corredor do Lagares, así como o de facer fronte a procesos de expropiación pendentes.

O capítulo I reflicte a totalidade dos custes pola RPT completa de todos os traballadores que prestan os servizos no Organismo Autónomo, así como os os custes totais da Seguridade Social a cargo do empregador.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 4 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Hai unha variación nos custes do capítulo 1 que a súa vez son minorados no capítulo 4, xa que os traballadores da RPT da Entidade que estaban adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo, devengaban as súas retribucións con cargo ao Orzamento da Entidade (capítulo 1) e a Xerencia de Urbanismo reintegraba eses custes mediante transferencia (capítulo 4). Na formación do Orzamento do capítulo 1 para o ano 2020, procedeuse a súa regularización, de tal xeito que todos os traballadores que prestan os servizos na XMU, forma parte da RPT do Organismo.

Hai un incremento de 1.356.421,74 euros no capítulo 1 e unha minoración no capítulo 4 de 1.368.856,73 euros, trátase polo tanto dun axuste de tipo cualitativo que non ten impacto no conxunto dos empregos correntes non financeiros.

Tamén se reflicte no capítulo 1, os efectos da Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo publicadas no BOE nº 74, de 26 de marzo. O orzamento reflicte a actualización prevista para o ano 2020, que se estima nun 2,46%, tendo en conta a parte fixa (2%) máis a variable (1% en función dun PIB para o ano 2019 do 2,5%, axustable en función do PIB real). Esta actualización só será efectiva a partires de que se aprobe o instrumento legal que posibilite a actualización salarial.

O capítulo II, experimenta un crecemento do 2,31%, aínda que termos cuantitativos de escas a importancia incrementándose a dotación para a segunda anualidade da redacción do PXOM e dotándose un crédito para a redacción de de proxectos e traballos urbanísticos.

O capítulo 4 do estado de gastos desaparece, xa que non procede reintegro a Entidade polo persoal adscrito, por pasar a formar parte dos custes do capítulo 1.

En canto ao capítulo 6, investimentos reais, por unha contía de 328.038,02 euros, ten a anualidade para o corredor do Lagares, para expropiacións de sistemas dotacionais, e outros de funcionamento operativo.

O capítulo 7, está dotado con 60.000 euros, sendo a súa finalidade a convocatoria de axudas para accesibilidade en edificios e a iluminación de edificios históricos, cunha dotación de 50.000 e 10.000 euros respectivamente.

Tanto a memoria orzamentaria como o informe económico financeiro, pon de relevancia as variacións tanto nos recursos como nos empregos en relación co orzamento precedente.

En relación cos ingresos, tendo en conta a evolución económica, se prevé un incremento do 7,22% no capítulo 3. A esta data, os ingresos liquidados por licencias representan o 105% dos previstos para todo o ano, polo que, as previsións están feitas sobre a base real do ano 2019.

En relación ao capítulo 4, ten reflectida a transferencia de funcionamento da Entidade Local por 5.829.965 euros e 473.489,60 euros de subvención autonómica, como financiamento afectado para o coofinanciamento da redacción do PXOM e da oficina de rehabilitación.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 5 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2019- 2020**

| CAPÍTULO | Estado de Gastos | | | Estado de Ingresos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 5.423.369,74 | 4.066.948,00 | 33,35% | | | |
| 2 | 1.935.197,55 | 1.891.506,45 | 2,31% | | | |
| 3 | | | | 1.442.150,71 | 1.345.100,00 | 7,22% |
| 4 | ,00 | 1.368.856,73 | -100,00% | 6.303.454,60 | 6.348.980,00 | -0,72% |
| 5 | | | | 1.000,00 | 10.000,00 | -90,00% |
| **Op. Corr. NF** | **7.358.567,29** | **7.327.311,18** | **0,43%** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** |
| 6 | 328.038,02 | 326.768,82 | 0,39% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 60.000,00 | 50.000,00 | 20,00% | | | 0,00% |
| Op. Cap. NF | 388.038,02 | 376.768,82 | 2,99% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| **T. Op. N.F** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** |
| 8 | 32.000,00 | 25.000,00 | 28,00% | 32.000,00 | 25.000,00 | 28,00% |
| **Total** | **7.778.605,31** | **7.729.080,00** | **0,64%** | **7.778.605,31** | **7.729.080,00** | **0,64%** |

Sobre a contía dos estados iniciais que se someteron á consideración do Consello e posteriormente serán propostos ao Pleno da Corporación, tramitaranse as preceptivas modificacións orzamentarias, das que merece especial relevancia, a incorporación de remanentes é o convenio sobre rehabilitación de vivenda que se asina tanto coa Xunta de Galicia como co Ministerio de Fomento para o Casco Vello, Casco de Bouzas e a rehabilitación de Coia. Así mesmo, tamén será obxecto de modificación orzamentaria con cargo ao Remanente de Tesourería Afectado polo PMS a dotación necesaria para facer fronte aos compromisos relacionados co Plan de Recuperación da Panificadora, do corredor do Lagares e as expropiacións da Avd. Europa.

Unha vez aprobado o proxecto polo Consello de Administración, e previa a súa aprobación polo Pleno da Corporación, si se considera oportuno, poderán incorporarse axustes de tipo cualitativo ou cuantitativo sempre dentro dos equilibrios legais preceptivos.

*Orzamento da Entidade Local e estados consolidados*

Sen prexuízo dos informes preceptivos sobre os ingresos e a súas bases de cálculo, así como sobre o estado de gastos e a suficiencia das dotacións para facer fronte aos compromisos adquiridos (contratos, gastos de persoal, anualidades de investimentos por compromisos adquiridos, etc), a memoria do Orzamento fará unha análise das principais variacións en relación co ano anterior, así como os principais obxectivos do Orzamento.

Os estados de gastos e ingresos do orzamento da Entidade Local e os consolidados son os seguintes, resumidos por capítulos, comparados co ano anterior, amosando as variacións por capítulos de gastos e Áreas:



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 6 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2019-2020**

| CAPÍTULO | Gastos Entidade | | | Ingresos Entidade | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 70.028.171,00 | 67.882.697,30 | 3,16% | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98% |
| 2 | 128.215.073,84 | 123.267.438,51 | 4,01% | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54% |
| 3 | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% | 40.156.209,00 | 39.271.725,53 | 2,25% |
| 4 | 33.882.508,26 | 33.968.597,81 | -0,25% | 81.735.182,76 | 80.193.073,39 | 1,92% |
| 5 | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% | 2.687.000,00 | 3.020.200,00 | -11,03% |
| Operc. Corr.N.F | 232.729.283,10 | 225.722.263,62 | 3,10% | 246.583.508,58 | 239.939.324,92 | 2,77% |
| 6 | 30.781.098,51 | 29.812.598,54 | 3,25% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 1.618.050,46 | 980.748,24 | 64,98% | 18.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| Operacións N.F | 265.128.432,07 | 256.515.610,40 | 3,36% | 265.128.432,07 | 256.515.610,40 | 3,36% |
| 8 | 646.000,00 | 646.000,00 | 0,00% | 646.000,00 | 646.000,00 | 0,00% |
| 9 | ,00 | | 0,00% | ,00 | | 0,00% |
| Total | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% |

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2019-2020**

| CAPÍTULO | Gastos dos estados consolidados | | | Ingresos dos estados consolidados | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 75.451.540,74 | 71.949.645,30 | 4,87% | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98% |
| 2 | 130.150.271,39 | 125.158.944,96 | 3,99% | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54% |
| 3 | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% | 41.598.359,71 | 40.616.825,53 | 2,42% |
| 4 | 28.052.543,26 | 28.028.597,81 | 0,09% | 82.208.672,36 | 79.233.196,66 | 3,76% |
| 5 | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% | 2.688.000,00 | 3.030.200,00 | -11,29% |
| Operac. Corr.N.F | 234.257.885,39 | 225.740.718,07 | 3,77% | 248.500.148,89 | 240.334.548,19 | 3,40% |
| 6 | 31.109.136,53 | 30.139.367,36 | 3,22% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 1.678.050,46 | 1.030.748,24 | 62,80% | 15.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| Operacións. N.F | 267.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,95% | 264.045.072,38 | 256.910.833,67 | 1,04% |
| 8 | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04% | 678.000,00 | 671.000,00 | 3,94% |
| 9 | ,00 | | 0,00% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| Total | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% | 264.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 7 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2019-2020**

| Área | Descrición | Entidade | | % var. | Consolidado | | % var. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2020 | 2019 | | 2020 | 2019 | |
| 0 | Débeda Pública | ,00 | ,00 | 0,00% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 1 | Servizos Públicos básicos | 133.640.589,22 | 130.930.124,19 | 2,07% | 135.589.229,53 | 131.350.347,46 | 3,23% |
| 2 | Actuación de protección e promoción social | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% |
| 3 | Produción B. públicos carácter preferente | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% |
| 9 | Actuacións de carácter Xeral | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03% | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03% |
| Total | | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |

**FUNDACIÓNS**

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (MARCO)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |
| G. Persoal | 295.044,96 | 303.688,00 | -8.643,04 | Ingresos actividade | 66.046,81 | 50.000,00 | 16.046,81 |
| Cons. eléctrico | 68.168,00 | 68.168,00 | ,00 | Subv. doazóns | 740.000,00 | 740.000,00 | ,00 |
| Exposicións | 164.116,86 | 147.000,00 | 17.116,86 | Achegas usuarios | 15.000,00 | 15.000,00 | ,00 |
| Outros g. Activ. | 270.977,00 | 270.977,00 | ,00 | Patrocinio La Caixa | 10.000,00 | 10.000,00 | ,00 |
| G.Financeiros | 1.000,00 | 1.000,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Amortiza. Inmv. | 31.739,99 | 24.167,00 | 7.572,99 | | | | |
| Operac. N.F | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 | | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 |

CONVENTION BUREAU (CB)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |
| G. Persoal | 181.383,13 | 177.826,60 | 3.556,53 | | | | |
| Cons. e gast. xestión | 10.500,00 | 9.504,24 | 995,76 | Subv. doazóns | 218.000,00 | 218.000,00 | ,00 |
| Publ.mat. Promoc. | 17.601,87 | 2.954,16 | 14.647,71 | Achegas socios | 9.000,00 | 14.000,00 | -5.800,00 |
| Acc. promoción | 264.000,00 | 289.000,00 | -25.000,00 | Out. ingresos | 250.000,00 | 250.000,00 | ,00 |
| P. outros entes | 3.515,00 | 3.515,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Operac. N.F | 477.000,00 | 482.800,00 | -5.800,00 | | 477.000,00 | 482.000,00 | -5.800,00 |



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 8 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS

A análise particularizado de cada un dos capítulos e Áreas de Gasto, faise dun xeito xenérico, coa excepción que poida requirir algunha variación salientable, a súa avaliación polo miúdo, analízase no informe económico que forma parte do expediente do orzamento.

*Capítulo 1, Gastos de persoal*

A Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo publicadas no BOE nº 74, de 26 de marzo, establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2020 do 2,00%.

En canto ao incremento variable, no ano 2020, fíxase nun 1,00% adicional sempre e cando se alcance un crecemento do PIB 2,5%, que será axustable á baixa en función da porcentaxe da variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. Esta variación se devengaría se fose o caso a partires do 1 de xullo. As previsións dos distintos organismos é distinta, oscilando entre un 2,3% e 1,9%. o $PIB_{2019}$ utilizado para o cálculo da parte variable foi do 2,30%. Ademais, tamén se contempla un incremento do 0,30% da masa salarial.

O Orzamento previsto para o capítulo I, nas aplicacións que resultan obxecto de revisión está reflectir un incremento retributivo total do 2,46%. O incremento desta porcentaxe non se aplicou a conceptos tales como Fondo Social, Plan de pensións, produtividade, gratificacións, Seguro de vida e accidentes, formación e outras que non terían a condición de actualizables. Tamén se inclúe unha dotación no Programa 9200, partidas 1310010 e 1600010, para acometer o gasto de xestión do Programa FEDER DUSI e no programa 2410, as partidas 13100001, 1310002 para facer fronte aos programas de inserción de mulleres vítimas da violencia de xénero e para a primeira experiencia laboral para menores de 30 anos, representado estas dotacións unha contía de 500.000,00 euros. En resumo, o gasto nos estados de gastos consolidados incrementa nun 4,87%.

A variación máis salientable ten causa no Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, que supón un incremento aplicable sobre a base de cotización do 8,84%.

En canto a actualización salarial non será de aplicación ata que se aprobe a norma que permita facer a actualización retributiva, mentres tanto, manterán a mesma contía ca do ano anterior, non sendo aplicable a revalorización.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron ao longo do ano 2019, así como as vacantes que se foron producindo no período e as correspondentes á Oferta/s de Emprego Público pendentes de execución.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Concello-Pleno en sesión de data 1 de xullo de 2019:



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 9 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 69.218,38 euros/ano.

Concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva: 59.582,74 euros/ano

Concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 41.137,16 euros/ano.

Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Sres. Concelleiros, para o ano 2020, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-l 1/2014.

De igual xeito, dáse cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual.

En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

Ademais do alcalde-presidente realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

10 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

1 concelleiro/a do Grupo Municipal Popular.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004 e reflectido na Base 35ª das de Execución do Orzamento.

En canto ao persoal eventual, hai 20 postos creados, aínda que non están todos ocupados.

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (Orde EHA/3565/2008 e Orde HAP/419/2014), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desagregación atendendo aos grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 do TREBEP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O devandito capítulo da Entidade Local, reflicte unha dotación orzamentaria de 70.028.171 euros, cunha variación do 3,16%. Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 26,35% e un 30,09% sobre os gastos correntes non financeiros.

Os custes do capítulo dos estados consolidados para a RPT vixente, é de 75.451.540,74 euros, cunha variación do 4,87 %, representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 28,18% e un 32,21% sobre os



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 10 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

gastos correntes non financeiros.

No capítulo I do estado de gastos, segue a manterse o Plan de Emprego de inserción dotado con 1,5 millóns de euros, englobando o custe salarial e o de Seguridade Social. Ademais destas dotacións, incorporáranse ao orzamento do ano 2020 por modificación de orzamentos os acordos que se asinen coa Comunidade Autónoma e con Fondos Europeos en materia de emprego, obradoiros, etc., que posibilitan a contratación de novos traballadores, que axudan a amortecer os efectos negativos da situación económica actual.

Capítulo 2, *Gastos en bens correntes e servizos*

O capítulo II do estado de gastos reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo dos servizos, figurando dotados todos estes compromisos de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento das prestacións.

As aplicacións que forman este capítulo teñen reflectida as actualizacións contractuais nos casos que procedan por estar así previstas nos PCAPs reguladores do contrato.

Análise funcional do gasto

Área de gasto 1, comprende esta área todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios. Hai catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente. Esta área teñen un crecemento do 2,07% na Entidade e dun 3,23% nos estados consolidados. Os servizos de competencia municipal manterán un alto nivel de calidade e chegarán a máis cidadáns. O obxectivo é unha xestión máis eficiente dos recursos orzamentarios e os seus empregos, priorizándose os empregos e garantindo a calidade e cantidade das prestacións.

Os servizos públicos básicos que reflicte os servizos de Seguridade e Orde Público, Servizos de extinción de incendios, xestión e tratamento de residuos, limpeza viaria, urbanismo, medio ambiente, servizo de alumeado, mantemento de parques e xardíns, parques infantís, espazos forestais e vías públicas, representa 50,65% do gasto dos estados consolidados, evidentemente, os servizos públicos básicos constitúen a estrutura básica desta entidade, na que se sustentan a totalidade dos servizos fundamentais que se prestan aos cidadás e reflicten a totalidade dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A Área de gasto 2, a constitúen as actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego, teñen un crecemento do 9,27% nos estados consolidados. Nesta área, están as becas de comedor, axudas para libros, axuda para alugueiros, alimentos e carencia enerxética, axudas a familias e fondo de emerxencia para desafiuzamentos e políticas de igualdade de xénero. O programa de Servizos Sociais ten un crecemento do 9,18% e o fomento de emprego un 13,10%. A política de gasto 23, ten un crecemento 8,62%.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 11 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O programa, DUSI Vigo, que ten a súas dotación nos programas orzamentarios 1539, 2310, 2410 e 9207, ten empregos nos capítulo 1, 2 e 6. Na Área de gasto 2 hai unha dotación na aplicación para procesos de mellora de xestión do servizo, 2310.2270611 por unha contía de 300.000,00 euros e unha dotación na aplicación 2310.6320010 para reestruturación do servizo no centro urbano, por unha contía 490.00,00 euros e outra para a mellora do centro de formación 2310.6320011 por 400.000 euros En todos os casos nomeados, esta é unha segunda anualidade, polo que as restantes dotacións serán no 2021.

No programa de emprego, hai unha dotación para emprendedores e PEMES que é coofinancia con fondos DUSI, aplicación, 2410.2270610 por 400.000 euros.

O programa de Axuda no Fogar, pasa dunha previsión de gasto de 5.892.873,55 euros no ano 2019 a 6.387.000,00 euros no ano 2020, un incremento do 8,38%.

Como notas destacadas, na área de gasto de bens públicos de carácter preferente, están as políticas de gasto en educación. No funcionamento dos centros de ensinanza, dótase unha partida de 750 mil euros para facer fronte a cubrición de patios de colexios. No programa da UNED, increméntase a transferencia como consecuencia dunha maior oferta formativa e polo gastos de funcionamento, (máis grados). Dótase un crédito de 350.000,00 euros para o asinamento dun convenio coa Universidade de Vigo para a axuda a becas de comedor, transporte e outras actividades relacionadas coa calidade da ensinanza universitaria.

Na Área de gasto 3, ademais da educación, está a política de cultura e deporte.

A dotación en aulas internacionais (inmersión lingüística pasou de 700 mil euros no ano 2015 a 2.046 mil euros no ano 2020. O convenio coa FOAMPA, maten a dotacións.

A Política 32, Educación, ten un incremento do 6%.

Na política 33, de cultura, as dotacións, cos axustes de funcionamento basicamente polas anualidades de investimento, mantéñense as do ano precedente, producíndose incrementos nesta política do 6,94%.

A promoción do deporte e instalacións deportivas, que se reflicte na política 34, seguen a manter as dotacións tanto no capítulo 2 e 4 na promoción do deporte, con máis axudas ao deporte, que supón pasar dos 1.465.500 euros do ano 2015 aos 2.029.000,00 euros para o ano 2020.

O deporte está a ter un tratamento moi favorable, tendo unha dotación de 12.032.490,48 euros.

A análise que se fai sobre a variación das políticas ou programas, computa a variación en todos os capítulos de gasto.

Como resume na memoria do gasto por políticas de Gasto, en xeral, hai unha constante anual no aumento das dotacións orzamentarias nas políticas que benefician directamente ao cidadá.

A táboa que se amosa, reflicte a contía dotada ás políticas de gasto de acordo ao contido da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, rexistrando tanto a variación porcentual como a contía. A síntese que se fai por políticas de gasto, posibilita facer unha avaliación obxectiva e comprobar cal é o destino final



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 12 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

dos recursos públicos, respondendo a esa pregunta: ¿en que se gasta/para que se gasta?

Políticas de gasto

| Política pública | Concepto | Importe ano |
|---|---|---|
| 13 | Mobilidade e seguridade cidadá | 36.695.432,71 |
| 15 | Vivenda e urbanismo | 35.624.598,89 |
| 16 | Benestar comunitario | 51.677.433,31 |
| 17 | Medio ambiente | 11.591.764,62 |
| 22 | Outras prestacións a favor dos empregados | 1.342.556.49 |
| 23 | Servizos sociais e promoción social | 18.993.248,59 |
| 24 | Fomento de emprego | 6.051.074,50 |
| 31 | Sanidade | 2.265.022,03 |
| 32 | Educación | 14.941.801,19 |
| 33 | Cultura | 13.659.968,81 |
| 34 | Deporte | 12.032.490,48 |
| 43 | Comercio e Turismo | 6.155.895,43 |
| 44 | Transporte Público | 12.646.400,00 |
| 49 | Outras actuacións de carácter económica | 684.187,21 |
| 91 | Órganos de Goberno | 4.603.426,28 |
| 92 | Servizos de carácter xeral | 22.543.666,80 |
| 93 | Administración tributaria y financeira | 15.755.911,24 |
| 94 | Transferencias a outras admin. públicas | 458.193,80 |
| Total | | 267.723.072,38 |

Análise económico

O Proxecto de orzamentos do Capítulo II da Entidade ascende a 128.215.073,84 euros, que supón unha variación positiva do 4,01% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, e representa un 48,24% respecto do total do orzamento e un 56,09% sobre os gastos correntes non financeiros.

Nos estados consolidados, este capítulo ascende a 130.150.271,39 euros, supón unha variación positiva do 3,99% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, representa o 48,61% sobre o orzamento total e o 55,56% sobre os gastos correntes non financeiros.

A orixe no incremento está na mellora das prestación de determinados contratos que foron obxecto de adxudicación no ano 2019 como e o de mantemento e mellora da rede semafórica, o aumento de prestación no SAF, a nova licitación do contrato de xardíns e parques infantís, asi como o Convenio asinado coa Excma.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 13 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Deputación de Pontevedra polo financiamento que lle corresponde que afecta ao gasto corrente non financeiro por unha contía de 1.339.000,00 euros, e pola subvención outorgada pola Administración Central ao programa de inserción laboral que ten unha anualidade no ano 2020 de 1.019.454,30 euros. Tamén hai que engadir o procedemento de contratación que se está a artellar para a apertura e peche das instalación deportivas do extrarradio.

*Custes financeiros do servizo de débeda*

Ao Capítulo III do estado de gastos se lle atribúe unha consignación de 3.530 euros, dótase unha contía para facer fronte a calquera eventualidade de xuros por depósito de garantías, xa que ao non haber débeda financeira, non hai custe do servizo de débeda.

*Transferencias e subvencións correntes*

A cantidade prevista para atender ao gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes deste Concello para o ano 2020 é de 33.882.508,26 euros, cunha variación do -0,25% en comparación co orzamento anterior e unha ponderación no total de gastos do 12,75%, e do 14,56% sobre os empregos correntes non financeiros.

En canto aos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, xa que unha parte importante deste capítulo é a transferencia corrente que a Entidade fai ao seu Organismo Autónomo, que se elimina no proceso de consolidación.

A contía destinada a esta finalidade é de 28.052.543,26 euros, representa un 10,48% sobre o total do orzamento e un 11,97% sobre os empregos correntes non financeiros.

Neste Capítulo están incluídas, entre outras, as seguintes dotacións:

- Transferencia a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Transferencias a Entidade Local de Bembrive.
- Compensacións, polo concepto de diferenza de prezo do billete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta social, tarxeta verde, pensionistas e xubilados cunha renda que non supere o SMI polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Convenio FOAMPA.
- Transferencia a Mancomunidade de Municipios de Vigo.
- Subvencións convocadas polas distintas áreas xestoras (Participación Cidadá, Cultura, Deportes, Benestar Social, etc).
- Convocatoria das axudas ao emprego, creación de empresas.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 14 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Outros convenios de emprego.
- Convocatoria de axudas a alugueiros, alimentos e carencia enerxética.
- Transferencias nominativas para determinados clubs de elite.
- Convenios de cooperación do programa de Benestar Social.
- Transferencias de financiamento ás Fundacións: MARCO, LISTE, VIDE, LAXEIRO, PROVIGO, CONVENTION BUREAU.
- Subvencións aos Grupos Políticos Municipais.
- Axuda ao terceiro mundo.
- Axudas humanitarias.
- Convenio UNED.
- Convenio Universidade de Vigo

Achégase información sobre a composición de todas as dotacións do capítulos 4.

Polo concepto de diferenza do prezo do billete aprobado e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta PASVIGO polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro, o Concello subvenciona estes usos.

Nas axudas ao deporte base hai unha variación do 8,82%. Outros programas que viron aumentadas as súas dotacións para esta finalidade son as políticas culturais, cuxas contías veñen determinadas na relación das políticas de gasto.

Nas axudas a colectivos sociais a cargo do programa de benestar social, tamén hai unha variación positiva.

Tal é como se fixo constar na análise por políticas de gasto, todas melloraron a súa capacidade para facer fronte ás demandas sociais.

*Investimentos*

O cadro de investimentos, reflicte a composición do financiamento para cada unha das operacións de capital non financeiro. O Concello enfróntase ao financiamento sen concorrer ao mercado de débeda, con financiamento propio e cos compromisos doutras administracións.

*Proxectos estratéxicos do goberno con dotación orzamentaria*

Hai un conxunto de investimentos que conforman a estrutura de cambio da cidade, uns que conforman o Orzamento do ano 2020 e outros en tramitación que teñen anualidade no Orzamento do 2020.

Peonalización da Porta do Sol.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 15 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Accesibilidade da Gran Via.

Accesos á estación do Ave.

Antigua estrada provincial.

Estadio Balaidos.

Muralla Castro.

Humanización Avd. De Madrid.

Plan de asfaltado de barrios e parroquias.

Plan de beirarrúas.

*Estado consolidado dos investimentos reais*

Achégase o plan de investimentos e unha relación de proxectos, no que se reflicten accións tanto en zonas urbanas como rurais, que responde as necesidades e demandas dos cidadás e a vocación de adecuar a cidade a un uso mais sostible.

Así mesmo, incorpórase o plan de investimentos e financiamento (PAIF) a facer nos próximos catro anos. A necesidade de achega dun plan para o período descrito, ademais dos investimentos previstos para o ano 2020, ven imposta polo desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Inestabilidade Financeira.

Os investimentos previstos para o ano 2020, son os seguintes:

| Aplicación | Proxecto | Investimento | 2020 | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Rc propios | F. allea, |
| 1320.6290000 | 20132000 | Compra de armas | 6.000,00 | |
| 1320.6290005 | 20132005 | Equipamento de Ximnasio | 5.000,00 | |
| 1330.6250000 | 20133000 | Compra de mobiliario | 2.000,00 | |
| 1360.6220000 | 20136000 | 1ª Anual. construción P.Bomb en. Bouzas[1] | 800.000,00 | |
| 1360.6260000 | 20136002 | Equipos de seguimento de vehículos | 40.000,00 | |
| 1360.6290000 | 20136020 | Adquisición de equipos | 50.000,00 | |
| 1360.6320000 | 20136001 | Investimentos de mellora nos inmobles | 60.000,00 | |
| 1360.6330010 | 20136010 | Compra de reposición de aparataxe | 50.000,00 | |
| 1510.6000000 | 20151000 | Compras e expropiacións de chan | 100.000,00 | |
| 1510.6090000 | 18151011 | Investimento Corredor do Lagares | 135.280,00 | |
| 1510.6230000 | 20151009 | Maquinaria e Instalacións | 3.000,00 | |
| 1510.6250000 | 20151003 | Compra de mobiliario | 12.000,00 | |
| 1510.6260000 | 20151002 | Compra de equipos informáticos | 15.000,00 | |
| 1510.6320000 | 20151004 | Investimentos mellora no edificio da XMU | 6.000,00 | |

1 C. Especiais que financian todos os investimentos do servizo de extinción de incendios



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 16 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1510.6810100 | 20151005 | Cuotas de urbanización | 40.000,00 | |
| 1510.6810300 | 20151006 | Investimentos en chan do PMS | 16.758,02 | |
| 1532.6090090 | 19153290 | Obras túnel acceso a estación Intermodal [2] | 2.166.297,05 | 8.202.164,96 |
| 1532.6190004 | 18153204 | Humanización Ronda de Don Bosco | 990.000,00 | |
| 1532.6190010 | 22153210 | Novas humanizacións | | |
| 1532.6190006 | 20153206 | Plan de Beirarrúas en Barrios | 296.250,00 | 1.185.000,00 |
| 1532.6190009 | 18153209 | C. Dep. Pontevedra, Estrada Beade-Garrida | 100.000,00 | |
| 1532.6190014 | 20153214 | C. Dep. Pontevedra, S.Avendaño, Areal-R.Castro | 54.000,00 | 216.000,00 |
| 1532.6190015 | 20153215 | C. Dep. Pontevedra, T. Leal, D. Bosco-Venezuela | 70.000,00 | 280.000,00 |
| 1532.6190016 | 20153216 | C. Dep. Pontevedra, Hispanidade Zamora -P.Colmeiro | 160.000,00 | 640.000,00 |
| 1532.6190056 | 20153256 | 1ª Anualidade human. e carril bici-Avd.Europ | 100.000,00 | |
| 1532.6190091 | 19153291 | Hum. Avd. Madrid (Seminario Pza. España) | 748.958,61 | 1.497.617,69 |
| 1532.6190062 | 17153262 | 2ª Fase humanización Rúa Colombia | ,00 | |
| 1539.6190003 | 17153903 | DUSI PORTA DO SOL, OT4/OT6[3] | 1.980.000,00 | |
| 1621.6330000 | 20162100 | Investimento reposición colectores soterrados | 15.000,00 | |
| 1650.6330000 | 20165000 | Investimento alumeado e reposición maquinaria | 50.000,00 | |
| 1710.6090000 | 20171000 | Mobiliario Urban | 80.000,00 | |
| 1710.6190000 | 20171010 | Mell. Instalacións deportivas en parques | 80.000,00 | |
| 1710.6190003 | 20171003 | Recuperación de zonas verdes e P. Públicos | 100.000,00 | |
| 1710.6190015 | 20171015 | Parques infantís e biosaudables | 900.000,00 | |
| 1706190016 | 20171016 | Arranxo de palcos en alamedas | 15.000,00 | |
| 1710.6230018 | 20171018 | Maquinaria xardíns | 6.000,00 | |
| 1720.6290000 | 20172000 | Elementos dotacionais en praias | 8.000,00 | |
| 2310.6250000 | 20231000 | Mobiliario centro multiusos | 6.000,00 | |
| 2310.6320010 | 20231010 | DUSI,OT9,LA21,Restrut.A.Social, centro cidade | 98.000,00 | 392.000,00 |
| 2310.6320011 | 20231011 | DUSI, OT9, LA 17,80% Inv.P. FORM/ ESPEC.COLECT. RIS | 80.000,00 | 320.000,00 |
| 2410.6230000 | 20241000 | Maquinaria programas de emprego | 10.000,00 | |
| 2410.6250000 | 20241001 | Mobiliario programas de emprego | 10.000,00 | |
| 2410.6260000 | 20241002 | Equipos informáticos programas de emprego | 10.000,00 | |
| 3230.6220005 | 20323005 | Cubrición de patios en colexios | 150.000,00 | 600.000,00 |
| 3230.6250000 | 20323000 | Mobiliario para colexios | 15.000,00 | |
| 3230.6290000 | 20323001 | Instrumentos musicais | 3.000,00 | |
| 3230.6310000 | 20323010 | Investimentos en patios colexios | 5.000,00 | |
| 3231.6220000 | 20323100 | Obras adaptación centro UNED | 6.000,00 | |

2 Ano 2019: Sólo reflicte a porcentaxe de asistencia técnica
Ano 2020: 7.637.169,33 euros Adif, Concello 2.166.297,05 euros, Xunta de Galicia 564.995,63 euros
Ano 2021: 3.944.437,41 euros Adif, Concello 1.239.068,53 euros, Xunta de Galicia 843.554,52 euros
As obras do Ramal de conexión Estación autobuses coa AP-9, por unha contía de 4.804.255,51 euros, son financiadas por Adif: ano 2019: 280.017,95, 2020: 2.380.152,61, 2021: 140.008,98, Xunta, ano 2019: 200.407,60, 2020: 1.703.464,57, 2021: 100.203,80 euros.

3 Coordinación seguridade; 117.000 euros. Indemnización por diminución de 7 prazas na planta 2ª e inutilización de 13 durante as obras no 1º andar, 175.000 euros, Dirección de obra 280.000 euros, adxudicación das: 13.479.969 euros.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 17 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3231.6250000 | 20323101 | Mobiliario e dotacións | 5.000,00 | |
| 3231.6290000 | 20323102 | Outro inmobilizado | 5.000,00 | |
| 3241.6230000 | 20324100 | Maquinaria instalacións e utillaxe | 3.000,00 | |
| 3241.6250000 | 20324101 | Mobiliario aula e talleres, EMAO | 3.000,00 | |
| 3241.6260000 | 20326102 | Sistemas informáticos, EMAO | 2.000,00 | |
| 3241.6320000 | 20324103 | Mellora no edificio, EMAO | 11.000,00 | |
| 3321.6230000 | 20332100 | Sistemas de seguridade en Bibliotecas | 5.000,00 | |
| 3321.6230001 | 20333101 | Bomba de calor Casa G. da Cultura | 18.000,00 | |
| 3321.6290002 | 23332102 | Estantes da Casa G. da Cultura | 16.000,00 | |
| 3321.6290003 | 23332103 | Equipamentos bibliotecas | 5.000,00 | |
| 3330.6230001 | 20333001 | Adquisición SAI e protección sobretensións | 22.000,00 | |
| 3330.6250002 | 20333002 | Adquisición mostrador e dúas cadeiras | 4.000,00 | |
| 3330.6320000 | 20333000 | Investimentos reposición en Museos | 25.000,00 | |
| 3360.6190000 | 19336000 | Obras relacionadas coa Muralla do Castro | 65.000,00 | |
| 3360.6890000 | 20336010 | Recup. e posta en valor do Patri. etnográfico | 20.000,00 | |
| 3371.6220000 | 20337100 | Novas instalacións, Zoo | 10.000,00 | |
| 3371.6290000 | 20337101 | Compra de animais, Zoo | 2.000,00 | |
| 3371.6320000 | 20337102 | Investimentos de reposición no recinto, Zoo | 5.000,00 | |
| 3420.6220010 | 21342010 | Novas infraestruturas deportivas | ,00 | |
| 3420.6230000 | 20342004 | Caldeiras e equi. técnicos en insta. deportivas | 170.000,00 | |
| 3420.6250000 | 20342000 | Mobiliario en instalacións | 1.000,00 | |
| 3420.6260000 | 20342002 | Informatización instalacións do IMD | 12.000,00 | |
| 3420.6290000 | 20342003 | Equipamento deportivo | 70.000,00 | |
| 3420.6320014 | 20342014 | Mellora céspede e instalacións campos fútbol | 60.000,00 | 240.000,00 |
| 4312.6320000 | 19431200 | Modernización Mercado de Teis | 50.000,00 | |
| 9120.6890000 | 20912000 | Adquisición de obra | 15.000,00 | |
| 9202.6230001 | 20920201 | Adquisición de maquinaria | 1.000,00 | |
| 9202.6240000 | 20920200 | Adquisición de vehículos | 15.000,00 | |
| 9202.6340000 | 20920210 | Grandes reparacións de flota | 20.000,00 | |
| 9203.6290000 | 20920300 | Adquisición medios arquivo municipal | 10.000,00 | |
| 9206.6250000 | 20920600 | Adquisición de mobiliario | 40.000,00 | |
| 9207.6260000 | 19920700 | Adquisición equipos informáticos | 95.000,00 | |
| 9207.6260003 | 18920703 | DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, equipos | 11.599,22 | 46.396,88 |
| 9207.6400005 | 18920715 | DUSI,OT2, LA4, Plataf. smart city, Inmaterial | 38.689,04 | 154.756,16 |
| 9207.6400004 | 18920714 | DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá, inmaterial. | 17.479,12 | 69.916,48 |
| 9207.6400003 | 18920713 | DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, inmaterial | 400,00 | 1.600,00 |
| 9207.6400002 | 18920712 | DUSI, OT1, LA1, Ad. Electr. Ad. Lei 39- 40/2015 | 67.474,66 | 149.898,64 |
| 9207.6400006 | 18920716 | DUSI, OT2, LA5, Open Goberment, inmaterial. | 31.000,00 | 124.000,00 |



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 18 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9240.6250002 | 20924002 | Mobiliario oficinas descentralizadas | 15.000,00 | |
| 9240.6320005 | 20924005 | Investimento de mellora do C.C de Valadares | 69.600,00 | |
| 9330.6220003 | 19933003 | Biblioteca-Sá de Lectura e usos múltiples Teis | 50.000,00 | |
| 9330.6320000 | 20933000 | Investimento mellora no Patrimonio Municipal | 100.000,00 | |
| 9330.6320002 | 20933002 | Proxecto de invest. Reposición P. Baixa | 150.000,00 | |
| 9330.6320010 | 14933010 | Investimento mellora E. Balaídos | 2.200.000,00 | 3.800.000,00 |
| Subtotal | | | 13189785,72 | 17919350,81 |
| Total | | | | 31.109.136,53 |

Resume de investimentos por grupo de programa

| G. de programa | Investimento | |
|---|---|---|
| | Xestor | Importe |
| 132 | Seguridade e Orde Público | 11.000,00 |
| 133 | Ordenación tráfico | 2.000,00 |
| 136 | Servizo de extinción de incendios | 1.000.000,00 |
| 151 | Urbanismo | 328.038,02 |
| 153 | Fomento | 18.686.288,31 |
| 162 | Recollida de RSU | 15.000,00 |
| 165 | Alumeado | 50.000,00 |
| 171 | Parques e Xardíns | 1.181.000,00 |
| 172 | Protección e mellora do M. ambiente | 8.000,00 |
| 231 | Acción Social | 896.000,00 |
| 241 | Fomento de emprego | 30.000,00 |
| 323 | Promoción educativa | 789.000,00 |
| 326 | Servizos complementarios educativos | 19.000,00 |
| 332 | Bibliotecas e arquivos | 44.000,00 |
| 333 | Museos | 51.000,00 |
| 336 | Patrimonio histórico | 85.000,00 |
| 337 | Ocio e tempo libre | 17.000,00 |
| 342 | Instalacións deportivas | 553.000,00 |
| 431 | Comercio | 50.000,00 |
| 912 | Órganos de goberno | 15.000,00 |
| 920 | Administración xeral | 894.210,20 |
| 924 | Participación cidadá | 84.600,00 |
| 933 | Xestión do patrimonio | 6.300.000,00 |
| Total | | 31.109.136,53 |



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 19 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Os empregos dos recursos públicos pretende abarcar distintos ámbitos de competencias e actividades do marco local, tratando de conseguir un desenvolvemento harmónico e equilibrado, así como destinar os recursos necesarios para mellorar o funcionamento operativo dos servizos públicos.

A contía dos investimentos consolidados é de 31.109.136,53 euros, representa un 11,62% do orzamento total.

O coeficiente de investimentos financiados con recursos propios nos estados consolidados, representa un 42,4% da totalidade dos empregos.

En aplicación do outorgamento ao Concello de Vigo do programa DUSI, no Orzamento reflíctese o cofinanciamento que lle corresponde ao Concello en cada un dos obxectivos (anualidade 2020) e os compromisos correspondentes ao financiamento do FEDER que foi enviado e axustado.

No PAIF, defínense os proxectos que conforman este programa. Ademais, incorpóranse gastos do capítulo 1 e 2, que forman parte do programa DUSI. O financiamento é do 20% e 80%.

Así mesmo, incorpóranse as dotacións para facer fronte ao cofinanciamento dos convenios asinados coa Excma. Deputación de Pontevedra, nos que as contías están pechadas e os empregos tamén. A participación nas obras do Estadio de Fútbol de Baláidos é do 50% e o resto, está nun cofinanciamento 20% e 80%, coa excepción dos eventos: Marisquiño, o financiamento da Deputación é dun 36,3%, Feira SeaFest, 33,33%, Padel Tour, 40,74%.

En relación co financiamento do convenio asinado con ADIF-Xunta, en relación coas obras de acceso á Estación do AVE e Intermodal, o Concello financia un 20,77%.

En canto ao Convenio asinado co Ministerio de Fomento para as obras de humanización da Avd. De Madrid, o Cofinanciamento é 33,33% Concello e 66,67% Ministerio.

En consecuencia, o proxecto de orzamento que se está a tramitar, reflicte os proxectos financiados con recursos propios e cofinanciados por outras administracións, por estar garantidos os mesmos, tanto na súa contía como no seu emprego.

*Subvencións de capital*

Son as achegas que fai a Entidade Local e a XMU sen contraprestación directa do axente perceptor, con destino a financiar operacións de capital, ascende á cantidade de 1.678.050,46 euros, que supón unha variación do 62,80%, cunha ponderación do 0,63% sobre o total do Orzamento.

As dotacións que figuran neste capítulo orzamentario son as seguintes:



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 20 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Aplicación | Proxecto | Emprego | 2020 |
|---|---|---|---|
| | | | Rc. propios |
| 1510.7670000 | 20151030 | Transferencia para o Plan Actuación CCVV | 44.444,00 |
| 1510.7800000 | 201510 | Axudas accesibilidade nos edificios | 50.000,00 |
| 1510.7800001 | 201510 | Axudas iluminación edificios históricos | 10.000,00 |
| 1532.7700050 | 20153250 | Convenio Concesionaria O. Pública estación intermodal e Ave,P. básico | 100.000,00 |
| 1610.7230090 | 19161090 | Convenio Concello, Aguas de Galicia, Confederación Hidrográfica Miño-Sil | 63.333,50 |
| 2310.7800000 | 20231000 | Subvención a mellora de fogares | 50.000,00 |
| 3330.7800003 | 20333003 | Arranxo cuberta e edificio MARCO | 50.000,00 |
| 3360.7200000 | 19336000 | Convenio Ministerio Cultura, mellora Muralla do Castro | 160.272,96 |
| 3360.7800010 | 20336010 | Subvención mellora do Patrimonio Histórico Artístico/Relixioso | 100.000,00 |
| 3420.7700000 | 20342000 | Subvención instalacións deportivas centros educativos | 150.000,00 |
| 3420.7800011 | 20342011 | Axudas a melloras en Instalacións deportivas | 150.000,00 |
| 4910.7230000 | 20491000 | Entidade Pública Empresarial Red.es, Prox. Edificios intelixentes | 500.000,00 |
| 9240.7200001 | 20924001 | Convenio Ministerio de Interior | 100.000,00 |
| 9240.7800010 | 20924010 | Subvencións de capital as Asociacións sin fins de lucro | 150.000,00 |
| Total | | | 1.678.050,46 * |

Empregos do financiamento alleo

| Aplicación | Proxecto | Emprego | Axente financiador, contía do seu financiamento | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | DUSI | Adif | Xunta | M.Fomento | A.Central | D.Ponteved. |
| 2310.6320010 | 20231010 | DUSI,OT9,LA21,Restrut. A.Social | 392.000,00 | | | | | |
| 2310.6320011 | 20231011 | DUSI, OT9, LA 19,80% Inv.P. COLECT. RIS | 320.000,00 | | | | | |
| 9207.6260003 | 18920703 | DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, equipos | 46.396,88 | | | | | |
| 9207.6400005 | 18920715 | DUSI,OT2, LA4, Plataf. smart city, Inmaterial | 154.756,16 | | | | | |
| 9207.6400004 | 18920714 | DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá, | 69.916,48 | | | | | |
| 9207.6400003 | 18920713 | DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, | 1.600,00 | | | | | |
| 9207.6400002 | 18920712 | DUSI, OT1, LA1, Ad. Lei 39- 40/2015 | 149.898,64 | | | | | |
| 9207.6400006 | 18920716 | DUSI, OT2, LA5, Open Goberment | 124.000,00 | | | | | |
| 2410.2270610 | 18241051 | DUSI, OT9: LA18 Emprendedores e E PYMES | 320.000,00 | | | | | |
| 2310.2270611 | 18231051 | DUSI, OT9: LA20 Mell. procesos xest interna | 240.000,00 | | | | | |
| 1539.2260200 | 18153900 | DUSI, comunicación, obxectivos -liñas | 65.572,68 | | | | | |
| 1532.6090090 | 19153290 | Obras túnel acceso a estación Intermodal | | 7.637.169,33 | 564.995,63 | | | |
| 2310.2279901 | | Lei dependencia, Plan concertado, X. Galicia | | | 3.743.907,00 | | | |
| 3112.2279901 | | CEDRO, Xunta de Galicia | | | 729.746,00 | | | |
| 1532.6190091 | 19153291 | Hum. Avd. Madrid (Seminario Pza. España) | | | | 1.497.617,69 | | |



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 21 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2410.2279920 | 20241020 | PROXECTO VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL | | | | | 1.019.454,30 | |
| 4411.4700001 | | Subvención ao transporte urbano colectivo | | | | | 1.295.527,00 | |
| 1532.6190006 | 20153206 | Plan de Beirarrúas en Barrios | | | | | | 1.185.000,00 |
| 1532.6190014 | 20153214 | C. Dep. S.Avendaño, Areal-R.Castro | | | | | | 216.000,00 |
| 1532.6190015 | 20153215 | C. Dep. , T. Leal, D. Bosco-Venezuela | | | | | | 280.000,00 |
| 1532.6190016 | 20153216 | C. Dep. , Hispanidade Zamora -P.Colmeiro | | | | | | 640.000,00 |
| 3230.6220005 | 20323005 | Cubrición de patios en colexios | | | | | | 600.000,00 |
| 3420.6320014 | 20342014 | Mellora céspede e instalacións c. fútbol | | | | | | 240.000,00 |
| 9330.6320010 | 14933010 | Investimento mellora E. Balaídos | | | | | | 3.800.000,00 |
| 1532.2100004 | 20153214 | Plan de asfaltado en barrios | | | | | | 1.040.000,00 |
| 2410.4700002 | 20241002 | Feira SEAFEST | | | | | | 50.000,00 |
| 3380.4700001 | 20338001 | Marisquiño | | | | | | 181.500,00 |
| 3410.2279901 | 20341001 | Celebración Word Padel Tour | | | | | | 55.000,00 |
| 3410.2279903 | 20341003 | Outros eventos internacionais | | | | | | 12.500,00 |
| Total | | | 1.884.140,84 | 7.637.169,33 | 5.038.648,63 | 1.497.617,69 | 2.314.981,30 | 8.300.000,00 |

*RECURSOS*

Os datos que reflicte a memoria, están a facer referencia aos estados consolidados, que no caso desta entidade, afecta ao capítulo 3 do estado de ingresos.

Os ingresos totais segundo o Proxecto do Orzamento do Concello para 2020, ascende a 265.774.432,07 euros, o que supón unha variación á alza do 3,35%. Os estados consolidados ascenden a 267.723.072,38 euros, tendo unha variación á alza é do 3,94%.

*Capítulo 1, Imposición directa*

Para o ano 2020, aprobouse a actualización impositiva, polo que, os ingresos adicionais teñen causa nos procedementos de xestión e na actualización de bases e tipos.

A variación positiva dos Impostos directos e o IRPF cedido é dun 3,98%. As previsións deste capítulo son de 113.296.218,00 euros. En relación co imposto cedido, non hai variación en relación co ano anterior.

A capítulo 1 do estado de ingresos está a representar o 45,59% dos recursos correntes non financeiros e un 42,32% sobre a totalidade do Orzamento.

Os Impostos directos do IBI, IAE e IVTM, son obxecto de actualización nominal. Tamén hai unha mellora no censo de feitos impoñibles.

O Imposto sobre Bens Inmobles xuntamente co de características especiais (IBI,BICES), ten unha previsión de 71.610.000,00 euros, representa un 28,82%% da totalidade dos ingresos correntes non financeiros e un 26,75% sobre a totalidade do orzamento consolidado.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 22 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A previsión feita para os Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) por unha contía de 15.015.000,00 euros, ten unha variación en relación ca do ano anterior dun 2,49%, representa o 5,61% do total do orzamento consolidado e o 6,04% sobre os ingresos correntes non financeiros dos estados consolidados.

O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana, ten unha previsión de 7.400.000 euros, incrementa a previsión do ano precedente nun 15,6%. Na súa previsión, estase a ter en conta a fórmula de cálculo de determinación da base impoñible con suxeición ao establecido na Sentenza do Tribunal Coe constitucional de data nº 59/2017, de 11 de maio. Esta previsión ten unha ponderación do 2,98% sobre os ingresos correntes non financeiros e do 2,76% sobre o orzamento total dos estados consolidados.

O Imposto sobre actividades económicas (IAE) ten unha previsión de 13.901.000,00 euros, tendo unha variación en relación ao orzamento do ano 2019 do 2,21%, e está a representar un 5,59% sobre os ingresos correntes non financeiros e un 5,19% sobre o orzamento total consolidado.

En relación co imposto cedido en parte polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada, establecéndose unha previsión igual que as entregas a conta comunicadas como consecuencia da aprobación do Orzamento Xeral do Estado para o ano 2018.

Os ingresos pola cesión do IRPF, son por unha contía de 5.320.218 euros, sen variación en relación co ano 2019, tendo unha ponderación do 2,14% sobre os ingresos correntes non financeiros e un 1,99% sobre o orzamento total consolidado.

*Capítulo 2, Imposición indirecta*

Os impostos indirectos conteñen unha previsión de 8.708.898,82 euros, cunha variación do 2,54%. Este capítulo ten unha ponderación sobre os ingresos correntes non financeiros do 3,51%, e sobre os ingresos totais consolidados dun 3,25%.

Este capítulo o conforma o IVE, II.EE e o ICIO, que ten unha previsión 1.800.000,00 euros, cunha variación do12,5% en relación ca do ano precedente. Como todos os anos, non se reflicte inicialmente a contía que xorde dos procesos de regularización do Imposto pola vía de xestión.

A cesión do IVE, cunha previsión de 5.260.917 euros, non ten variación en relación co ano 2019. A cesión dos II.EE, cunha previsión de 1.646.981,82 euros, teñen unha variación do 0,89% en relación ca do ano 2019.

*Capítulo III, Taxas, prezos públicos e outros ingresos*

As Taxas e Prezos Públicos, teñen unha previsión de 41.598.359,71 euros nos estados consolidados, medran nunha porcentaxe do 2,42%. As previsións deste capítulo representan un 15,54% do total do orzamento e un 16,74% dos ingresos correntes non financeiros consolidados. As variacións son por axustes técnicos que teñen a súa orixe nas liquidación efectivas do ano 2018 e nas previsións de liquidación do ano 2019.

As contías orzamentadas teñen a súa análise, nos históricos e máis concretamente, nas liquidacións dos dous



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 23 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

últimos anos e a previsión de liquidación que se achega como documentación do orzamento.

No informe económico de ingresos hai un maior detalle explicativo das variacións.

*Capítulo 4, Financiamento doutras Administracións*

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2020, teñen a súa base de cálculo nas entregas a conta do ano 2019, xa que, a esta data, non foi feita notificación polo Ministerio de Facenda (Secretaria de Estado de Facenda e Orzamento) das contías correspondente ao ano 2020.

A subvención ao transporte público colectivo, mantén a mesma contía que a do ano 2019.

Se reflicte o proxecto de inserción laboral, cunha anualidade de ingresos de 1.019.454,30 euros.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma faise a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación. Os ingresos que se van a rexistrar no ano 2019 son por unha contía de 6.954.576,70 euros, e os previstos para o ano 2020, son pola mesma contía.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar mantense a contía do ano 2019, xustificada no aumento das horas de servizo que se van a prestar, os ingresos recibidos ata a data e o cofinanciamento polas horas adicionais para o ano 2020, é o que xustifica a contía prevista (a Xunta financia 9,7 euros hora de dependencia), para un total de 449.740,22 horas, das que 46.466 horas de libre concorrencia que teñen un cofinanciamento menor (1,37 euros). Ao devandito cálculo, hai que engadir a liquidación extraordinaria do ano 2019 polo incremento de horas. A previsión que se está a facer non ten variación en relación ca do ano 2019.

Para o servizo do CEDRO mantense a mesma contía que a se ingresa no ano 2019.

Neste capítulo tamén se está a reflectir os convenio asinados coa Excma. Deputación de Pontevedra e coa Administración do Estado que financia empregos afectados que se relacionan a continuación

| Aplicación | Proxecto | Investimento | 2020 | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Rc propios | F. Deputación e A.C |
| 1532.2100004 | 20153214 | Plan de asfaltado en barrios | 260.000,00 | 1.040.000,00 |
| 2410.4700002 | 20241002 | Feira SEAFEST | 100.000,00 | 50.000,00 |
| 2410.2279920 | 20241020 | PROXECTO VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL | | 1.019.454,30 |
| 3380.4700001 | 20338001 | Marisquiño | 318.500,00 | 181.500,00 |
| 3410.2279901 | 20341001 | Celebración Word Padel Tour | 80.000,00 | 55.000,00 |
| 3410.2279903 | 20341003 | Outros eventos internacionais | 30.000,00 | 12.500,00 |
| 4411.4700001 | | Subvención ao transporte urbano colectivo | | 1.295.527,00 |
| Total | | | 788.500,00 | 3.653.981,30 |

*Capítulo 5, Ingresos patrimoniais*

Neste capítulo prodúcense axustes de distinto tipo. Axustes á baixa no concepto de xuros de depósito, axustes á baixa nos rendementos de alugueiros. A baixa deste capítulo é do 11,29%.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 24 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

As previsións representan un 1,08% dos recursos correntes non financeiros e un 1% do total do orzamento.

*Subvencións de Capital recibidas*

Este capítulo ten unha importancia moi significativa neste Orzamento, que como se fixo constar nas variacións do capítulo de investimentos, hai varios axentes financiadores relevantes:

| Aplicación | Proxecto | Emprego | Axente financiador, contía do seu financiamento | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | DUSI | Adif | Xunta | M.Fomento | A.Central | D. Pontevedra |
| 2310.6320010 | 20231010 | DUSI,OT9,LA21,Restrut. A.Social | 392.000,00 | | | | | |
| 2310.6320011 | 20231011 | DUSI, OT9, LA 19,80% Inv.P. COLECT. RIS | 320.000,00 | | | | | |
| 9207.6260003 | 18920703 | DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, equipos | 46.396,88 | | | | | |
| 9207.6400005 | 18920715 | DUSI,OT2, LA4, Plataf. smart city, Inmaterial | 154.756,16 | | | | | |
| 9207.6400004 | 18920714 | DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá, | 69.916,48 | | | | | |
| 9207.6400003 | 18920713 | DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, | 1.600,00 | | | | | |
| 9207.6400002 | 18920712 | DUSI, OT1, LA1, Ad. Lei 39- 40/2015 | 149.898,64 | | | | | |
| 9207.6400006 | 18920716 | DUSI, OT2, LA5, Open Goberment | 124.000,00 | | | | | |
| 2410.2270610 | 18241051 | DUSI, OT9: LA18 Emprendedores e E PYMES | 320.000,00 | | | | | |
| 2310.2270611 | 18231051 | DUSI, OT9: LA20 Mell. procesos xest interna | 240.000,00 | | | | | |
| 1539.2260200 | 18153900 | DUSI, comunicación, obxectivos -liñas | 65.572,68 | | | | | |
| 1532.6090090 | 19153290 | Obras túnel acceso a estación Intermodal | | 7.637.169,33 | 564.995,63 | | | |
| 1532.6190091 | 19153291 | Hum. Avd. Madrid (Seminario Pza. España) | | | | 1.497.617,69 | | |
| 1532.6190006 | 20153206 | Plan de Beirarrúas en Barrios | | | | | | 1.185.000,00 |
| 1532.6190014 | 20153214 | C. Dep. S.Avendaño, Areal-R.Castro | | | | | | 216.000,00 |
| 1532.6190015 | 20153215 | C. Dep. , T. Leal, D. Bosco-Venezuela | | | | | | 280.000,00 |
| 1532.6190016 | 20153216 | C. Dep. , Hispanidade Zamora -P.Colmeiro | | | | | | 640.000,00 |
| 3230.6220005 | 20323005 | Cubrición de patios en colexios | | | | | | 600.000,00 |
| 3420.6320014 | 20342014 | Mellora céspede e instalacións c. fútbol | | | | | | 240.000,00 |
| 9330.6320010 | 14933010 | Investimento mellora E. Balaídos | | | | | | 3.800.000,00 |
| Total | | 18.544.923,49 | 1.884.140,84 | 7.637.169,33 | 564.995,63 | 1.497.617,69 | 0,00 | 6.961.000,00 |

Os compromisos destes axentes ao capítulo de investimentos unha vez deducidos os empregos correntes non financeiros, representan un 6,69% dos orzamentos consolidados e o 57,60% dos investimentos reais.

*Concertación de pasivos financeiros*

Nos últimos 30 anos, o plan dos investimentos sempre estivo asociado con un financiamento de débeda financeira. Por sexto ano consecutivo, o orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais.



ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 25 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Ao longo destes últimos anos, púxose de manifesto que o servizo de débeda estaba a supoñer unha carga que xeraba unha repercusión negativa para a prestación de servizos, consumindo recursos que limitaban o destino a empregos alternativos, polo que, no período (2013-2016), levouse a cabo unha amortización extraordinaria de débeda financeira por unha contía de 44.825.788,57 euros, e unha amortización ordinaria no mesmo período de 24.620.600,51 euros. Así, con data 30 de xuño de 2016, fíxose a última amortización da débeda financeira que quedaba pendente por unha contía de 9.931.101,33 euros, polo que, a esta data, non hai servizo de débeda que atender, e tampouco está a consumir recursos, o que posibilita que se poidan destinar na súa totalidade as políticas de gasto social, protección e promoción, así como ao financiamento do plan de investimentos.

*Conclusión*

O proxecto de orzamentos que se presenta, garante a prestación da totalidade dos servizos, os programas de contido social como: a promoción e benestar social, axuda no fogar, axudas a estudos na lingua estranxeira, becas de comedor, axudas a libros, gasto en educación, gasto en comedores sociais, centro de emerxencia, fomento de emprego, programas de axuda a alugueiros, alimentos e carencia enerxética, promoción do deporte de base, o desenvolvemento cultural, etc, aumentan en algún programa de forma significativa as porcentaxes do ano anterior, o que hai que considerar non só importante pola súa contía, senón pola decisión de facer fronte a situacións especialmente difíciles pola aplicación das políticas orzamentarias.

É un orzamento solidario, social, equilibrado, responsable, e sobre todo, é sostible.

En canto ao gasto en investimentos, estase a dedicar un 11,62% do orzamento consolidado a estes empregos, sen endebedamento asociado.

O orzamento, é unha ferramenta que permite actuar como un mecanismo redistributivo da riqueza, por iso, utilizase para facer fronte ás necesidades máis perentorias e ao desenvolvemento e mellora das infraestruturas que xeran un efecto positivo no emprego e na calidade de vida dos cidadás.

A xestión eficiente no manexo dos recursos públicos, un custe CERO do servizo de débeda e un menor custe efectivo dos servizos, concrétase na posibilidade de presentar un proxecto de orzamentos que da resposta as necesidades dos cidadás en particular e as necesidades da cidade en xeral.

Estes son as señas identitarias deste proxecto, formado sobre os seguintes principios: rigoroso, responsable, sostible, solidario, social e inversor, que se presenta ao Pleno da Corporación para o seu estudo e aprobación, que rexería para todo o ano 2020.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereria (Delegación Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019).

O ALCALDE PRESIDENTE: Abel R. Caballero Álvarez




ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-10-16T11:34:30+02:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2019-10-17T12:05:10+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 26 de 26
Expediente 62/142 | CSV: 25EAC8-E446EH-B44EB4-3W6Q86-3AN3YV-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

Ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, preséntase o informe económico de gastos no que se acredita a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

*Réxime xurídico de aplicación*

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Regulamento (CE) n° 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).


Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 1 de 30 |
| Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

I.- *Consideracións xerais*

O artigo 165 do TRLRFL, regula o contido dos orzamentos integrantes do orzamento xeral, establecendo no seu apartado 1, que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeneral de Estabilidade Orzamentaria.

Pola súa parte, o artigo 3 da LOEOSF, regula o principio de estabilidade orzamentaria, establecendo que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 12 da LOEOSF, regula a Regra de gasto, establecendo que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, nos requirimentos de información, establece que no prazo fixado, antes do 31 de xaneiro, remitiranse os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta Orde, dos investimentos previstos realizar no exercicio e no tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento (PAIF), e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.

Achegarase igualmente a información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, SEC-2010.

O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda.

Non resulta por tanto obrigatorio que o Orzamento que se aprobe estea dentro da variación da TRCPIB, quedando este cumprimento para a Liquidación do mesmo.

O artigo 15 da LOEOSF, estable que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, coa proposta do Ministro de Facenda e Administracións Públicas e previo informe do



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 2 de 30 |
| Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

En relación á TRCPIB, prorrogaranse os obxectivos correspondentes ao acordo do Consello de Ministros da sesión do 7 de xullo de 2017, aprobadas polo Congreso dos Deputados no Pleno do 11 de xullo de 2017, e polo Senado no Pleno do 12 de xullo de 2017, polo que se establecían os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e TRCPIB referidos ao período 2018-2020. A esta data non hai outro acordo.

Non entanto, aínda que non se aprobasen os obxectivos propostos, ao subsector local non afectarían, xa que os obxectivos de estabilidade e de TRCPIB son os mesmos. En canto ao obxectivo de débeda, o obxectivo prorrogado é menos esixente que o proposto.

| Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento, % sobre PIB | | | |
|---|---|---|---|
| **Subsectores** | **2018** | **2019** | **2020** |
| Administración Central | -0,70% | -0,30% | 0,00% |
| Seguridade Social | -1,10% | -0,90% | -0,50% |
| Comunidades Autónomas | -0,40% | -0,10% | 0,00% |
| Entidades Locais | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| Total | -2,20% | -1,30% | -0,50% |


| Débeda segundo Protocolo de Déficit Excesivo, % sobre PIB | | | |
|---|---|---|---|
| **Subsectores** | **2018** | **2019** | **2020** |
| Administración Central e Seguridade Social | 70,80% | 69,50% | 67,60% |
| Comunidades Autónomas | 24,10% | 23,30% | 22,40% |
| Entidades Locais | 2,70% | 2,60% | 2,50% |
| Total | 97,60% | 95,40% | 92,50% |



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 3 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

| Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB) | | | |
|---|---|---|---|
| **Subsector** | **2018** | **2019** | **2020** |
| Entidades Locais | 2,40% | 2,70% | 2,80% |

| Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB) | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Subsector** | **2018** | **2019** | **2020** | **Subsector** |
| Entidades Locais | 2,40% | 2,70% | 2,80% | Entidades Locais |

O Orzamento do ano 2020, formouse nun escenario de estabilidade dos ingresos propios, aínda que houbo variacións por novas altas e pola actualización das Ordenanzas Fiscais reguladoras dos Tributos. A variación do PIB segundo distintas fontes para o ano 2020 é do 1,7%.

Non se prevén variacións na cesión de Tributos nin no FCF, de aí que se mantivesen as contías das entregas a conta do ano 2019.

A $TRCPIB_{2020}$ aprobada é do 2,8% do PIB, e o IPC interanual maio $_{(2017\text{-}2019),}$ tomado anualmente para a revisión de tipos nas Ordenanzas Fiscais foi do 2,9%, polo que a capacidade dos recursos correntes non financeiros da Entidade Local en termos reais tería que variar nunha porcentaxe aproximada, entre o 2,8% e o 2,9%, sendo a contía da actualización fiscal bastante por debaixo destes indicadores (IBI o 1%).

A variación pola cesión de Tributos do Estado e a contía do Fondo Complementario de Financiamento en relación co ano 2019 non ten variación, xa que as previsións de variación do PIB non prevén unha maior recadación polos ITE, polo tanto, non se fai axuste á alza sobre este recurso.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior e faise unha previsión de liquidación positiva, xa que as entregas a conta mantéñense invariables dende hai bastantes anos.

En relación aos ingresos correspondentes ao Plan Concertado, está relacionado coa prestación dun maior número de horas. O número de horas estase a axustar á solicitude da propia Comunidade Autónoma, producíndose un incremento importante no custe do contrato da prestación.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 4 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

Como resume en relación cos recursos a mellora está relacionada cos convenios de outras administracións que financiarán empregos correntes e de capital non financeiro. Así mesmo, tamén se produce unha mellora nos recursos propios con orixe na xestión e na actualización fiscal, incorporando ao Padrón os novos feitos impoñibles que xorden no ano 2018/2019 polos procedementos de inspección e xestión.

*II.- Análise económico do estado de gastos*

A análise vaise facer para os estados consolidados co criterio de consolidación do TRLRFL, é dicir, Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, se prexuízo da incorporación ao informe das magnitudes que representan as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación nos termos que regulamenta a Lei Orgánica 2/0012.

O estado de gastos das operacións correntes non financeiras teñen un crecemento do 3,10% en relación co do ano anterior, os estados consolidados, crecen un 3,77%. Este aumento que será explicado e xustificado, ten orixe no incremento do contrato de prestación do SAF, o prezo revisado do contrato de Tratamento integral de residuos, a prestación correspondente ao novo contrato de xardíns e P. Infantís, o contrato de incorporación de novas tecnoloxías e mantemento da rede semafórica, o programa de inmersión lingüística, o programa de emprego Vigo pola inserción Laboral da Administración Central e o programa de melloras viarias no rural cofinanciado pola Deputación de Pontevedra, novo contrato de vixilancia e asistencia sanitaria en praias, en en xeral, a actualización dos prezos dos contratos en vigor.

Non entanto, a variación importante ven determinada pola aplicación da Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público (2,46%) e a aplicación do Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, que supón un incremento aplicable sobre a base de cotización do 8,84%.

En canto as operacións de capital, a súa variación é dun 5,21% no Orzamento da Entidade e dun 5,19% nos estados consolidados.

A variación dos empregos non financeiros é dun 3,20% na Entidade Local e dun 3,95% nos estados consolidados. A variación total do orzamento en relación co ano 2019, é do 3,35% na Entidade Local e dun 3,94% nos estados consolidados.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 5 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

*III.- Análise funcional do gasto*

Os créditos ordénanse segundo a súa finalidade, con arranxo á clasificación por áreas de gasto, políticas de gastos, grupos de programas e programas. A análise que se achega o fai a nivel políticas de gasto, por conformar uns empregos homoxéneos que posibilita determinar de xeito inequívoco para que se gasta. A información está a reflectir os estados consolidados. A táboa que se amosa, reflicte a variación das políticas de gasto de acordo a estrutura da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, rexistrando tanto a variación cuantitativa.

| Polít. pública | Concepto | Importe ano | Variación ± Importe |
|---|---|---|---|
| 13 | Mobilidade e seguridade cidadá | 36.695.432,71 | 2.299.746,36 |
| 15 | Vivenda e urbanismo | 35.624.598,89 | 1.254.697,22 |
| 16 | Benestar comunitario[1] | 51.677.433,31 | -372.339,30 |
| 17 | Medio ambiente | 11.591.764,62 | 1.131.777,79 |
| 22 | Outras prestacións a favor dos empregados | 1.342.556,49 | 30.750,00 |
| 23 | Servizos sociais e promoción social | 18.993.248,59 | 1.507.157,07 |
| 24 | Fomento de emprego | 6.051.074,50 | 700.992,64 |
| 31 | Sanidade | 2.265.022,03 | 49.516,25 |
| 32 | Educación | 14.941.801,19 | 845.500,61 |
| 33 | Cultura | 13.659.968,81 | 886.809,17 |
| 34 | Deporte[2] | 12.032.490,48 | -4.012.400,45 |
| 43 | Comercio e Turismo[3] | 6.155.895,43 | -341.675,30 |
| 44 | Transporte Público | 12.646.400,00 | ,00 |
| 49 | Outras actuacións de carácter económica | 684.187,21 | 495.970,66 |
| 91 | Órganos de Goberno[4] | 4.603.426,28 | -173.655,54 |
| 92 | Servizos de carácter xeral | 22.543.666,80 | 869.767,79 |
| 93 | Administración tributaria y financeira[5] | 15.755.911,24 | 4.968.429,94 |
| 94 | Transferencias a outras admin. públicas | 458.193,80 | 193,80 |
| Total | | 267.723.072,38 | 10.141.238,71 |

1 Polo desconto aplicable dende xaneiro do ano 2019 por Sogama
2 A variación ven determinada no capítulo de investimentos que pasan 4.847.047,77 euros a 533.000 euros
3 Axuste nas previsións contractuais na promoción económica da cidade en soportes aéreos
4 A redución en retribucións por dedicacións exclusivas e parciais é de 225.428,10 euros
5 Investimentos no Estadio de Balaídos



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 6 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

A análise por programas reflíctese na memoria.

Incorpóranse ao informe os estados orzamentarios resumidos por Áreas de Gasto e por capítulos, tanto da Entidade Local como os consolidados, establecéndose os estados comparativos en relación cos do orzamento do ano 2019. A finalidade é a de conseguir unha visión simplificada da información orzamentaria, que con independencia da análise técnica que se desenvolva no informe, posibilite unha visión concluínte, tendo en conta os estados comparativos.

Inclúese no informe e nos estados que forma parte do mesmo, a información consolidada. O expediente artellouse de acordo cos requirimentos que establece TRLRFL, é dicir, completos, pero aínda así, considérase necesario para facilitar a transparencia dos datos, a inclusión das cifras consolidadas e a súa análise.

Amósanse de seguido os cadros comparativos da distribución Orzamentaria atendendo á natureza económica e por Áreas de gasto, tendo en conta a estrutura aprobada pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS 2020 E COMPARATIVA CO ANO 2019**

| CAPÍTULO | Gastos Entidade | | | Gastos estados consolidados | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 70.028.171,00 | 67.882.697,30 | 3,16% | 75.451.540,74 | 71.949.645,30 | 4,87% |
| 2 | 128.215.073,84 | 123.267.438,51 | 4,01% | 130.150.271,39 | 125.158.944,96 | 3,99% |
| 3 | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% |
| 4 | 33.882.508,26 | 33.968.597,81 | -0,25% | 28.052.543,26 | 28.028.597,81 | 0,09% |
| 5 | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% |
| Operc. C.N.F | 232.729.283,10 | 225.722.263,62 | 3,10% | 234.257.885,39 | 225.740.718,07 | 3,76% |
| 6 | 30.781.098,51 | 29.812.598,54 | 3,25% | 31.109.136,53 | 30.139.367,36 | 3,22% |
| 7 | 1.618.050,46 | 980.748,24 | 64,98% | 1.678.050,46 | 1.030.748,24 | 62,80% |
| Operac. N.F | 265.128.432,07 | 256.515.610,40 | 3,36% | 267.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,95% |
| 8 | 646.000,00 | 646.000,00 | 0,00% | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04% |
| 9 | ,00 | | 0,00% | ,00 | | 0,00% |
| Total | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 7 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

No seguinte cadro vaise amosar a variación en relación aos últimos cinco anos das Operacións Non Financeiras, que engloban o gasto corrente e as operacións de capital dos capítulos 6 e 7.

A análise faise para os estados consolidados, eliminando así o sesgo que se puidese incorporar pola variación dos Organismos Autónomos, aínda que estes tiveron a sua integración nos orzamentos do ano 2016

O orzamento da Entidade, reflicte a totalidade do gasto tanto da Entidade como o dos Organismos Autónomos disoltos (IMD, Vigo ZOO e EMAO), integrados con programa propio e de xestión centralizada, polo que, os custes do servizo de persoal, contratación, contabilidade, fiscalización, secretaria, orzamentario, tesourería e demais que se consideran transversais, pasaron a ser desenvolvidos polos servizos municipais, o que supón un aforro na estrutura de custes.

| Empregos | Anos | | | | | % | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | | |
| ONF.Correntes | 212.747.391,00 | 215.845.236,00 | 220.109.389,00 | 225.740.718,00 | 234.257.885,39 | 10,11% | 21.510.494,00 |
| ONF. De Capital | 9.783.676,00 | 16.576.498,00 | 35.762.327,00 | 31.170.116,00 | 32.787.186,99 | 224,90% | 23.003.511,00 |
| Total | 222.531.067,00 | 232.421.734,00 | 255.871.716,00 | 256.910.834,00 | 267.045.072,38 | 80,00% | 44.514.005,00 |
| O. Financeiras | 3.399.919,00 | 672.860,00 | 671.000,00 | 671.000,00 | 678.000,00 | | |

A variación por empregos non financeiros, capítulos 1 a7 do estado de gastos, foi dun 80,00%.

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2019-2020**


| Área | Descrición | Entidade | | % var. | Consolidado | | % var. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2020 | 2019 | | 2020 | 2019 | |
| 0 | Débeda Pública | ,00 | ,00 | 0,00% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 1 | Servizos Públicos básicos | 133.640.589,22 | 130.930.124,19 | 2,07% | 135.589.229,53 | 131.350.347,46 | 3,23% |
| 2 | Actuación de protección e promoción social | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% |
| 3 | Produción B. públicos carácter preferente | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% |
| 9 | Actuacións de carácter Xeral | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03% | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03% |
| Total | | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 8 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

**FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN**

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |
| G. Persoal | 295.044,96 | 303.688,00 | -8.643,04 | Ingresos actividade | 66.046,81 | 50.000,00 | 16.046,81 |
| Cons. eléctrico | 68.168,00 | 68.168,00 | ,00 | Subv. doazóns | 740.000,00 | 740.000,00 | ,00 |
| Exposicións | 164.116,86 | 147.000,00 | 17.116,86 | Achegas usuarios | 15.000,00 | 15.000,00 | ,00 |
| Outros g. Activ. | 270.977,00 | 270.977,00 | ,00 | Patrocinio La Caixa | 10.000,00 | 10.000,00 | ,00 |
| G.Financeiros | 1.000,00 | 1.000,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Amortiza. Inmv. | 31.739,99 | 24.167,00 | 7.572,99 | | | | |
| Operac. N.F | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 | | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 |

CONVENTION BUREAU (CB)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |
| G. Persoal | 181.383,13 | 177.826,60 | 3.556,53 | | | | |
| Cons. e gast. xestión | 10.500,00 | 9.504,24 | 995,76 | Subv. doazóns | 218.000,00 | 218.000,00 | ,00 |
| Publ.mat. Promoc. | 17.601,87 | 2.954,16 | 14.647,71 | Achegas socios | 9.000,00 | 14.000,00 | -5.800,00 |
| Acc. promoción | 264.000,00 | 289.000,00 | -25.000,00 | Out. ingresos | 250.000,00 | 250.000,00 | ,00 |
| P. outros entes | 3.515,00 | 3.515,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Operac. N.F | 477.000,00 | 482.800,00 | -5.800,00 | | 477.000,00 | 482.000,00 | -5.800,00 |

Non se inclúe a FAIMEVI por estar en proceso de liquidación, unha vez que xa hai sentenza sobre os aspectos que foron recorridos, só remata a liquidación formal e a súa comunicación ao Ministerio de Hacienda e aos órganos de Control Externo.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 9 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

**IV.- CAPITULO I.- GASTOS DE PERSOAL.**

| Capítulo | Entidade | Or. Aut. XMU | Fund. Marco | Fund. CB | Total 2020 | Total 2019 | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 70.028.171,00 | 5.423.369,74 | 295.044,96 | 181.383,00 | 75.927.968,70 | 72.428.340,30 | 3.499.628,44 |

Este Capítulo recolle a totalidade das retribucións do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo.

Reflicte tódolos conceptos retributivos previstos nos artigos 1 a 6 do Real Decreto 861/1996, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local e artigos 21 a 30 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as retribucións do persoal laboral que forma parte do cadro de persoal. Por outra banda, tamén se consignan os gastos de formación e todos aqueles derivados do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No Programa 9120, reflíctense as retribucións dos Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva e parcial e as do persoal eventual, tanto os de gabinete como os asesores dos grupos políticos municipais. Estas dotacións están reflectidas, partidas 1000000, 1100000 e 1600001. Están dotados para todo o ano os postos vacantes que figuran na RPT vixente. Tamén os custes da Seguridade Social a cargo do Concello.


Figuran neste capítulo, as dotacións para o Plan Emprego de inserción coofinanciado polo FEDER, programa DUSI, así como os programas de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero e o programa da primeira experiencia laboral para menores de 30 anos que figuran no programa 2410. No programa 9200, están dotados os gastos para os contratos de apoio á xestión do programa DUSI, así como as dotacións para outras modalidades de contratación, a dotación para as relacións laborais indefinidas por sentenza, os complementos variables destinados a Produtividade e Gratificacións. No programa 2210, dótase o Fondo Social, o Seguro colectivo de vida e accidentes, a asistencia médica do persoal e a achega municipal ao Fondo de Pensións. En canto á formación, salvo os plans de formación anual, que se dota no programa 9201, as demais, cada programa ten a súa propia dotación, que ten por finalidade a de facer fronte aos gastos de inscrición nas xornadas ou cursos específicos.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 10 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

Tendo en conta o número de postos da RPT vacantes, dotados orzamentariamente para todo o ano, as prazas que non están incluídas en ningunha OEP por limitacións legais, poderán conformar recursos para suplementar se fose necesario as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento.

Tamén as dotacións dos postos vacantes, poderán ser utilizados, previa tramitación da modificación orzamentaria, para outros empregos deste Capítulo.

Respecto das prazas vacantes dotadas presupostariamente e que non figuran incluídas nas Ofertas de Emprego aprobadas, non poden ser cubertas baixo ningunha modalidade das previstas na vixente lexislación.

En relación coa posibilidade de tramitar as preceptivas modificacións orzamentarias para suplementar as aplicacións orzamentarias referenciadas co financiamento dos recursos xerados polas vacantes que non están asociadas a ningunha OEP aprobada, ou estando aprobadas están pendentes de executar, poderíase acometer unha racionalización da plantilla, facendo unha amortización das prazas que non poden ser incluídas en ningunha OEP ou transformando algunhas para axustar a estrutura da plantilla ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración electrónica, xerando uns recursos que poderían destinarse no proceso de formación do Orzamento anual a dotar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000 coas estimacións anuais de gasto. De non acometer este proceso de racionalización, tendo en conta o principio económico de recursos escasos, así como o de eficiencia de gasto, no é posible dotar ao mesmo tempo todas as vacantes, a sabendas que non se poden cubrir, e a dotación para o financiamento das devanditas aplicacións, polo que, o financiamento que suplemente as devanditas aplicacións, sempre será con cargo a vacantes, salvo que se acometa un proceso de racionalización.

A Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo publicadas no BOE nº 74, de 26 de marzo, establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2020 do 2,00%.


En canto ao incremento variable, no ano 2020, fíxase nun 1,00% adicional sempre e cando se alcance un crecemento do PIB 2,5%, que será axustable á baixa en función da porcentaxe de variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. Esta variación se devengaría se fose o caso a partires do 1 de xullo. Segundo as previsións de distintos organismos, o $PIB_{2019}$ prevese que varíe entre un 2,00% e un 2,20%. Ademais, tamén se contempla un incremento do 0,30% da masa salarial.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 11 de 30 |
| Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

O Orzamento previsto para o capítulo I, nas aplicacións que resultan obxecto de revisión está reflectir un incremento retributivo total do 2,46%. O incremento desta porcentaxe non se aplicou a conceptos tales como Fondo Social, Plan de pensións, produtividade, gratificacións, Seguro de vida e accidentes, formación e outras que non terían a condición de actualizables. Tamén se inclúe unha dotación no Programa 9200, partidas 1310010 e 1600010, para acometer o gasto de xestión do Programa FEDER DUSI e no programa 2410, as partidas 13100001, 1310002 para facer fronte aos programas de inserción de mulleres vítimas da violencia de xénero e para a primeira experiencia laboral para menores de 30 anos, representado estas dotacións unha contía de 500.000,00 euros. En resumo, o gasto nos estados de gastos consolidados incrementa nun 4,87%.

A variación máis salientable ten causa no Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, que supón un incremento aplicable sobre a base de cotización do 8,84%.

De non ser legalmente efectiva a actualización dos salarios na porcentaxe fixada, as retribucións que se devenguen e paguen, manterán a mesma contía ca do ano anterior, non sendo aplicable a revalorización prevista. A actualización no mes de xaneiro do ano 2020, terá que ser aprobada pola norma que permita facer efectivo o 2,00%.

En relación coa Taxa de Reposición de Efectivos, estase a manter o previsto no artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos do Estado para o ano 2018. As Administracións Públicas que no exercicio anterior (2019) haxan cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto, terán unha taxa de reposición do 100 por cen. Adicionalmente, poderán dispor dunha taxa do 8 por cento destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos, sempre dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas. Para as entidades locais, os límites de débeda serán os que fixen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.


A porcentaxe de taxa adicional será do 10 por cento para as entidades locais que, ademais dos requisitos anteriores, tivesen amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio anterior. En resume, se se dan todas as circunstancias, a TRE pode chegar ao 110%.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 12 de 30 |
| Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

As Administracións Públicas que non cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e de regra do gasto terán unha taxa de reposición do 75 por cento, coa excepción dos ámbitos de actuación regulamentados no apartado UN.3 do artigo 19 da Lei 6/2018.

Para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía Autonómica e Policías Locais a taxa de reposición será do 115 por cento.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial

No gasto orzamentado están incluídas as vacantes asociadas ás Ofertas de Emprego Público aprobadas pendentes de executar.

Nas instrucións para a elaboración do capítulo I e cadro de persoal, recóllense as modificacións que se acordaron ao longo do ano 2019, así como as vacantes que se foron producindo no período e as correspondentes á Oferta/s de Emprego Público pendentes de execución.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Concello-Pleno en sesión de data 1 de xullo de 2019:

Alcalde-Presidente en réxime de dedicación exclusiva: 69.218,38 euros/ano.

Concelleiro/a en réxime de dedicación exclusiva: 59.582,74 euros/ano.



Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 13 de 30
Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

Concelleiro/a en réxime de dedicación parcial de 26 horas: 41.137,16 euros/ano.

Ademais destas limitacións, as retribucións do Alcalde e dos Sres. Concelleiros, para o ano 2020, non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado.

O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, na que se atopa Vigo, nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos. O Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-l 1/2014.

De igual xeito, dáse cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual.

En relación con ambos límites máximos para a cidade de Vigo (18 concelleiros como máximo en dedicación exclusiva e 27 eventuais), estase a cumprir coas dúas limitacións.

Ademais do alcalde-presidente realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos da Corporación:

10 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista.

1 concelleiro/a do Grupo Municipal Popular.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non teñan dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004 e reflectido na Base 35ª das de Execución do Orzamento.

En canto ao persoal eventual, hai 20 postos creados, aínda que non están todos ocupados.

Neste capítulo, en aplicación da estrutura orzamentaria (Orde EHA/3565/2008 e Orde HAP/419/2014), as retribucións, tanto básicas como os complementos de destino, específico e antigüidade son obxecto de desagregación atendendo aos grupos de clasificación do persoal funcionario establecidos no artigo 76 do TREBEP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:37 | Páxina 14 de 30 |
| Expediente 62/142 | CSV: 2AEDCC-EC41EE-B64622-G9WJK5-2VHPLW-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-10-16T11:57:35+02:00 - CONCELLEIRO ORZAMENTOS E FACENDA (JAIME ANEIROS PEREIRA ) 2019-10-16T12:42:31+02:00 -



**INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2020**

Expediente: 62/142

O devandito capítulo da Entidade Local, reflicte unha dotación orzamentaria de 70.028.171,00 euros, cunha variación do 3,16%. Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 26,35% e un 30,09% sobre os gastos correntes non financeiros.

Os custes do capítulo dos estados consolidados para a RPT vixente, é de 75.451.540,74 euros, cunha variación do 4,87 %, representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 28,18% e un 32,21% sobre os gastos correntes non financeiros.

**V.- CAPITULO II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.**

| Capítulo | Entidade | Or. Aut. XMU | Fund. Marco | Fund.CB | Total 2020 | Total 2019 | Variación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 128.215.073,84 | 1.935.197,55 | 503.261,86 | 295.616,87 | 130.949.150,12 | 125.946.548,40 | 5.002.601,76 |

Análise económico

Xustificación das variación máis salientables

1.- Convenio asinado coa Excma. Deputación de Pontevedra polo financiamento que lle corresponde que afecta ao gasto corrente non financeiro por unha contía de 1.339.000,00 euros.

2.- Pola subvención outorgada pola Administración Central ao programa de inserción laboral que ten unha anualidade no ano 2020 de 1.019.454,30 euros.

3.- Variación importante en contratos:

Novo estudo de custes a licitar para a prestación do servizo de parques e xardíns e parques infantís, incremento 1.708.819,76 euros.

O aumento de custe na prestación do SAF e novo contrato que entrará en vigor en novembro do ano 2020, 494.126,45 euros.

Outro dos contratos cun aumento importante é do mellora tecnolóxica e mantemento da rede semafórica, 881.746,24 euros.


| **E.C** | **Descripción** | BASICASPTO | ANT. PTO | CD PTO | CE PTO | **TOTALFIJAS** | SEG SOC | **TOTALPSTO** |
| 2 | PERSONAL LABORAL | 3.112.071,32 | 574.793,36 | 1.852.942,56 | 3.744.690,32 | 9.284.497,56 | 3.208.836,84 | 12.493.334,40 |
| 4 | PERSONAL DE LIBRE DESIGN | 637.532,98 | 1.970,54 | | | 639.503,52 | 192.874,92 | 832.378,44 |
| F1 | Funcionarios grupo A1 | 1.550.065,54 | 384.688,58 | 1.154.322,82 | 2.727.034,80 | 5.816.111,74 | 1.247.574,00 | 7.063.685,74 |
| F2 | Funcionarios grupo A2 | 1.547.631,80 | 290.297,20 | 1.074.835,30 | 1.992.909,38 | 4.905.673,68 | 1.341.379,32 | 6.247.053,00 |
| F4 | Funcionarios grupo C1 | 5.926.635,00 | 1.256.858,18 | 3.750.283,88 | 6.670.258,56 | 17.604.035,62 | 5.971.866,84 | 23.575.902,46 |
| F5 | Funcionarios grupo C2 | 2.429.532,28 | 403.355,92 | 1.439.114,88 | 4.258.997,26 | 8.531.000,34 | 2.821.450,92 | 11.352.451,26 |
| F7 | Funcionarios grupo E | 284.600,40 | 30.340,42 | 158.279,52 | 338.073,54 | 811.293,88 | 226.898,76 | 1.038.192,64 |
| *Total general* | | *15.488.069,32* | *2.942.304,20* | *9.429.778,96* | *19.731.963,86* | *47.592.116,34* | *15.010.881,60* | *62.602.997,94* |

Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 33833/220

CSV: 29E7CC-5A3B83-A9CD2C-HV3CAP-TWY14B-H1

Data impresión: 07/10/2019 09:13

Páxina 1 de 1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO

**CADRO DE PERSOAL PRESUPOSTARIO E RELACION DE POSTOS DE TRABALLO PARA O EXERCICIO DE 2020**

CORPORACION: CONCELLO DE VIGO

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

(1) ART. 25 DA LEI 30/84, DE 2 DE AGOSTO.
(2) ART. 158 E SEGUINTES DO R.D. LEXISLATIVO 781/86, DE 18 DE ABRIL.

| DENOMINACION DA PRAZA | NUMERO PRAZAS | GRUPO (1) | ESCALA (2) | SUBESCALA (2) | CLASE (2) | CATEGORÍA (2) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SECRETARIO/A XERAL PLENO CORPORACION | 1 | A1 | HABILITACION NACIONAL | SECRETARIA | PRIMEIRA | SUPERIOR |
| SECRETARIO/A DO GOBERNO LOCAL | 1 | A1 | HABILITACION NACIONAL | SECRETARIA | PRIMEIRA | SUPERIOR |
| SECRETARIO/A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL | 1 | A1 | HABILITACION NACIONAL | SECRETARIA | PRIMEIRA | SUPERIOR |
| INTERVENTOR/A XERAL | 1 | A1 | HABILITACION NACIONAL | INTERVENCION-TESOURERIA | PRIMEIRA | SUPERIOR |
| INTERVENTOR/A ADXUNTO/A | 1 | A1 | HABILITACIÓN NACIONAL | INTERVENCIÓN-TESOURERIA | PRIMEIRA | SUPERIOR |
| VICEINTERVENTOR-A ADXUNTO/A | 1 | A1 | HABILITACIÓN NACIONAL | INTERVENCIÓN-TESOURERIA | PRIMEIRA | SUPERIOR |
| TESOUREIRO/A | 1 | A1 | HABILITACION NACIONAL | INTERVENCION-TESOURERIA | | |
| TITULAR ASESORIA XURIDICA | 1 | A1 | ORGANO DIRECTIVO LEI 57/2003 | | | |
| PRESIDENTE/A ORGANO RECLAMACIONS ECO-ADMTIVA | 1 | A1 | ORGANO INSTITUCIONAL LEI 57/2003 | | | |
| SECRETARIO/A ORGANO RECLAMACIONS ECO-ADMTIVA | 1 | A1 | ORGANO INSTITUCIONAL LEI 57/2003 | | | |
| VOCAL ORGANO RECLAMACIONSS ECO-ADMTTVAS | 1 | A1 | ORGANO INSTITUCIONAL LEI 57/2003 | | | |
| TITULAR TRIBUNAL RECURSOS CONTRACTUAIS LOCAL | 1 | A1 | ÓRGANO INSTITUCIONAL LEI 9/2017 | | | |
| TECNICO/A DE ADMINISTRACION XERAL | 37 | A1 | ADMINISTRACION XERAL | TECNICA | SUPERIOR | |
| ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACION XERAL | 101 | C1 | ADMINISTRACION XERAL | ADMINISTRATIVA | | |
| AUXILIAR ADMINISTRACION XERAL | 89 | C2 | ADMINISTRACION XERAL | AUXILIAR | | |
| SUBALTERNO/A | 19 | E | ADMINISTRACION XERAL | SUBALTERNA | | |
| LICENCIADO/A EN DEREITO | 2 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL | 4 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS | 3 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| ENXEÑEIRO/A DE MONTES | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| ENXEÑEIRO/A DA EDIFICACIÓN | 1 | A1 | ADMINISTRACIÓN ESPECIAL TÉCNICA | | SUPERIOR | |
| TECNICO/A SUPERIOR/A ARQUIVOS | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| TECNICO/A SUPERIOR/A BIBLIOTECAS | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| PSICOLOGO/A | 3 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| ARQUEOLOGO/A | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| MEDICO/A | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| ANALISTA DE LABORATORIO | 5 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| VETERINARIO | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| ECONOMISTA | 6 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| TECNICO/A EN ACTIVIDADES SOCIAIS | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | SUPERIOR | |
| TECNICO/A DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURISTICAS | 2 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| ARQUITECTO/A TECNICO/A-APARELLADOR/A | 3 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL | 38 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| AXUDANTE TECNICO/A SANITARIO/A | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| ENXEÑEIRO/A TECNICO/A INDUSTRIAL | 5 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| ENXEÑEIRO/A TECNICO/A OBRAS PUBLICAS | 2 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A MONTES | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| TOPOGRAFO/A | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| TECNICO/A MEDIO/A LABORATORIO | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| TECNICO/A MEDIO/A BIBLIOTECAS | 2 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| TECNICO/A MEDIO/A ARQUIVOS | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | MEDIA | |
| TECNICO/A AUXILIAR DE BIBLIOTECAS | 2 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | AUXILIAR | |
| DELINEANTE | 8 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA | | AUXILIAR | |

ASINADO POR: Técnico Organización E Planificación De Rr.hh. (Ezequiel Fernández Carpintero) 2019-10-04T19:46:03+02:00 -

Documento asinado

| DENOMINACION DA PRAZA | NUMERO PRAZAS | GRUPO (1) | ESCALA (2) | SUBESCALA (2) | CLASE (2) | CATEGORÍA (2) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| TECNICO/A AUXILIAR LABORATORIO | 1 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | TECNICA | AUXILIAR | |
| AUXILIAR DE LABORATORIO | 3 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | TECNICA | AUXILIAR | |
| AUXILIAR BIBLIOTECAS | 6 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | TECNICA | AUXILIAR | |
| TECNICO/A DE SISTEMAS | 5 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS | 6 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A NORMALIZACION LINGUISTICA | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| XERENTE/A | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A SUPERIOR FORMACION E EMPREGO | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TÉCNICO/A CONSERV.MUSICA RADICIONAL GALEGA | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVIZOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A PREVENCION RISCOS LABORAIS | 2 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A DE XESTION | 13 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A RELACIÓNS LABORAIS | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A MEDIO/A SERVICIOS ECONOMICOS | 9 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A RELACIONS PUBLICAS | 3 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A ORGANIZACION E XESTION DE RECURSOS HUMANOS | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A MEDIO/A SISTEMAS | 2 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| ANALISTA INFORMATICA | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A MEDIO/A ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS | 4 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A MEDIO/A IGUALDADE | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| EDUCADOR/A SOCIAL | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| CONSERVADOR | 1 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| MESTRE FORMACIÓN | 6 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| PROGRAMADOR/A INFORMATICA | 8 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| AXUDANTE TECNICO/A ELECTROMECANICOS | 1 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A MANTEMENTO INFORMATICA | 1 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| TECNICO/A AUXILIAR SEGURIDADE | 3 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A OBRAS,SERVIZOS E INFRAESTRUCTUR. | 7 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A SANIDADE | 1 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS | 6 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A SEGURIDADE E MOBILIDADE | 1 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A CONSUMO | 2 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A MEDIO AMBIENTE | 4 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| ENCARGADO/A OBRAS MEDIOAMBIENTAIS | 1 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| ENCARGADO/A SERVIZO CEMITERIOS | 1 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| OFICIAL CONSERXE (A EXTINGUIR) | 3 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| OPERADOR/A INFORMATICA | 2 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A AUXILIAR URBANISMO | 1 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A AUXILIAR OBRAS, SERV. E INNFR. | 1 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A AUXILIAR MEDIO AMBIENTE | 1 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| INSPECTOR/A AUXILIAR SERVIZOS | 2 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| MONITOR/A TALLER MANUALIDADES | 1 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| MONITOR/A EDUCACION FISICA | 1 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS | 7 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| ALGUACIL | 6 | E | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | COMETIDOS ESPECIAIS | |
| SUPERINTENDENTE POLICIA LOCAL | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | POLICIA LOCAL | SUP.INTENDEN |
| INTENDENTE | 2 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | POLICIA LOCAL | OFICIAL |
| INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICIA LOCAL | 4 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | POLICIA LOCAL | INSP.PRINCIP |
| INSPECTOR/A POLICIA LOCAL | 15 | A2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | POLICIA LOCAL | INSPECTOR |

ASINADO POR: Técnico Organización E Planificación De Rr.hh. (Ezequiel Fernández Carpintero) 2019-10-04T19:46:03+02:00 -

Documento asinado

| DENOMINACION DA PRAZA | NUMERO PRAZAS | GRUPO (1) | ESCALA (2) | SUBESCALA (2) | CLASE (2) | CATEGORÍA (2) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OFICIAL POLICIA LOCAL | 34 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | POLICIA LOCAL | OFICIAL |
| POLICÍA LOCAL | 347 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | POLICIA LOCAL | POLICÍA |
| OFICIAL EXTINCION INCENDIOS | 1 | A1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | EXTINCION DE INCENDIOS | OFICIAL |
| SUBOFICIAL EXTINCION INCENDIOS | 4 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | EXTINCION DE INCENDIOS | SUBOFICIAL |
| SARXENTO EXTINCION INCENDIOS | 6 | C1 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | EXTINCION DE INCENDIOS | SARXENTO |
| CABO EXTINCION INCENDIOS | 12 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | EXTINCION DE INCENDIOS | CABO |
| CONDUCTOR/A-BOMBEIRO/A | 41 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | EXTINCION DE INCENDIOS | CONDUCTOR |
| BOMBEIRO/A | 86 | C2 | ADMINISTRACION ESPECIAL | SERVICIOS ESPECIAIS | EXTINCION DE INCENDIOS | BOMBEIRO |

**B) PERSOAL LABORAL FIXO**

| DENOMINACION DO POSTO DE TRABALLO | NUMERO | TITULACION ESIXIDA |
|---|---|---|
| DIRECTOR DE REXIME INTERIOR | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1 |
| TÉCNICO EDUCACIÓN FÍSICA | 3 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1 |
| PROFESOR LINGUAS COMUNIDADE AUTONÓMA | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1 |
| MESTRE OFICIOS | 2 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2 |
| TECNICO/A MEDIO/A EDUCACION FÍSICA | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2 |
| MESTRE FORMACIÓN | 4 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1 |
| ADXUNTO COORDENADOR | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1 |
| ENCARGADO XERAL | 1 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1 |
| CAPATAZ | 12 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1 |
| OFICIAL | 221 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2 |
| AXUDANTE | 45 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E |
| OPERARIO/A | 13 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E |
| ADMINISTRATIVO (A EXTINGUIR) | 6 | A PROPIA DOS FUNCIONARIOS DO GRUPO C1 |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (A EXTINGUIR) | 25 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2 |
| AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS | 7 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2 |
| ORDENANZA | 4 | A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E |

**C) PERSOAL EVENTUAL**

| DENOMINACION DO POSTO DE TRABALLO | NUMERO |
|---|---|
| DIRECTOR/A GABINETE DA ALCALDIA | 1 |
| ADXUNTO/A DIRECTOR/A GABINETE DA ALCALDIA | 1 |
| SECRETARIO/A DO ALCALDE | 1 |
| DIRECTOR/A COMUNICACIÓN ALCALDIA | 1 |
| ASESOR/A RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PROTOCOLO | 1 |
| ASESOR/A ALCALDIA | 8 |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A EVENTUAL | 7 |

==========

**TOTAL CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL EXERCICIO DE 2020: 1409 PERSOAS**

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O TECNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÒN DE RR.HH..- Ezequiel Fernández Carpintero

ASINADO POR: Técnico Organización E Planificación De Rr.hh. (Ezequiel Fernández Carpintero) 2019-10-04T19:46:03+02:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-10-02T14:47:44+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-10-02T16:28:43+02:00 -



**ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA 06.09.2019**

Na sala de xuntas anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello de Vigo, e co consenso de todas as partes convocadas, iníciase a reunión da Mesa Xeral de Negociación Colectiva sendo as doce horas e trinta minutos do día seis de setembro do ano dous mil dezanove, reúnese en sesión extraordinaria a Mesa Xeral de Negociación Colectiva, notificada de xeito regulamentario aos membros da mesma, baixo a Presidencia de **Dª ELENA ESPINOSA MANGANA,** concelleira-delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal por Resolución de Alcaldía de data 18.06.19, actuando como secretaria **Dª Susana Gallardo Fariña**, secretaria de Admon. Municipal, segundo a orde do día fixada pola Presidencia, coa asistencia das persoas que de seguido se relacionan:

PRESIDENTE DO COMITÉ DE PERSOAL

- D. Pergentino Martínez Pampillón

COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

- D. Luís Alberto Riobó Veiga
- Dª Mª Concepción Cousiño Sendín

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

- D. Carlos Igrexas Martínez
- D. Fernando Sovleira de la Fuente

UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

- D. José Carlos Montemuiños Santos
- Dª Laura Ámez Muras

SINDICATO IND. DO CONCELLO DE VIGO (SICO)

- D. Santiago J. Martínez Pardo
- D. Abraham González Acea
- D. Dámaso Pena González

- SINDICATO CSI-CSIF
- D. Jerónimo Fernández Vicente



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:20 | Páxina 1 de 3 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 23E1C4-5E42BA-5124DC-RL6NUR-TBMM5C-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Asisten tamén, de conformidade cos *"Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo"*, aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 04/12/2015:

XEFA DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

- Dª María Dapena Gómez

TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN RR HH

- D. Ezequiel Fernández Carpintero

TÉCNICA DE FORMACIÓN E AVALIACIÓN RR HH

- Dª Sonia Estrada Ibáñez

Asiste tamén o interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso e o tesoureiro municipal e director superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez.

## 1.- CAPÍTULO I: PRESUPOSTOS 2020. EXPTE 33833/220.

Pola **Presidencia (Sra. Espinosa Mangana)** iníciase o tratamento deste asunto, di que a intención e pospoñer o debate pero que se mantivo a convocatoria pola necesidade de explicar os motivos.

Indica que hai unha serie de problemas de carácter técnico que obrigan á modificación dos datos que no seu momento se remitiron, pon como exemplo o que atinxe ao Fondo de Adecuación, xa que de se aprobar o Fondo do ano 2019, terá impacto nos Orzamentos do 2020 e iso modificará os números. Por outra banda, detectáronse disfuncións nos datos da Seguridade Social xa que por vez primeira no Exercicio 2020 non existe un programa informático que unificando os datos dos seguros sociais e os salarios do persoal faga un cálculo automático; agora hai que facer un cálculo individual para as cotizacións da SS e xorden discrepancias nas comprobacións por parte dos servizos.

Dados estes dous casos, cre que non paga a pena tratar este asunto nestes momentos e que de estar todos de acordo se revisarán con detalle todos os datos e se convocará unha nova reunión o máis axiña posible para o que se remitirá a pertinente información



ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-10-02T14:47:44+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-10-02T16:28:43+02:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:20 | Páxina 2 de 3
Expediente 34455/220 | CSV: 23E1C4-5E42BA-5124DC-RL6NUR-TBMM5C-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O **Sr. Martínez Pampillón** (Presidente Comité) indica que solicitaron a convocatoria de reunión urxente da Mesa de Negociación para tratar o Fondo de Adecuación e o asunto da Policía; entende que ambos temas inciden nos orzamentos polo que deberían tratarse antes da elaboración dos mesmos.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión da Mexa Xeral de Negociación Colectiva, sesión extraordinaria do seis de setembro do ano dous mil dezanove, sendo as doce horas e trinta minutos. Do que eu, secretaria, dou fe, co visto e prace da Presidenta, concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

SGF/rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA-SUSANA GALLARDO FARIÑA

Vº e Pr.: PRESIDENTA-ELENA ESPINOSA MANGANA.

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-10-02T14:47:44+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-10-02T16:28:43+02:00 -

Documento asinado



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:20 | Páxina 3 de 3 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 23E1C4-5E42BA-5124DC-RL6NUR-TBMM5C-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -



**ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DATA 08.08.2019**

Na sala de xuntas anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello de Vigo, e co consenso de todas as partes convocadas, iníciase a reunión da Mesa Xeral de Negociación Colectiva sendo as once horas e vinte minutos do día oito de agosto do ano dous mil dezanove, reúnese en sesión extraordinaria a Mesa Xeral de Negociación Colectiva, notificada de xeito regulamentario aos membros da mesma, baixo a Presidencia de **Dª ELENA ESPINOSA MANGANA,** concelleira-delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal por Resolución de Alcaldía de data 18.06.19, actuando como secretaria **Dª Mª Concepción Campos Acuña**, secretaria do Goberno Local, segundo a orde do día fixada pola Presidencia, coa asistencia das persoas que de seguido se relacionan:

PRESIDENTE DO COMITÉ DE PERSOAL

- D. Pergentino Martínez Pampillón

COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

- D. Luís Alberto Riobó Veiga
- Dª Mª Concepción Cousiño Sendín

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

- Dª Marta del Castillo Fernández Pacheco
- D. Juan José Santiago González

UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

- D. José Carlos Montemuiños Santos
- Dª Laura Ámez Muras

SINDICATO IND. DO CONCELLO DE VIGO (SICO)

- D. Santiago J. Martínez Pardo
- D. Abraham González Acea

- SINDICATO CSI-CSIF
- D. Jerónimo Fernández Vicente



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 1 de 11 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Asisten tamén, de conformidade cos *"Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo"*, aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 04/12/2015:

XEFA DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

- Dª María Dapena Gómez

  TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN RR HH
- D. Ezequiel Fernández Carpintero

  TÉCNICA DE ADMON. XERAL RR HH
- Dª Beatriz Domínguez Pereira

Asiste tamén por parte da Intervención Xeral Municipal Dª Olga Gómez Corbal, viceinterventora do Concello de Vigo e como responsable presupostario, tesoureiro e director superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez.

A presente reunión estaba prevista inicialmente para ás 10:15 horas, segundo a preceptiva orde do día remitida, nembargantes, por motivos institucionais convocouse novamente, co mesmo contido, para as 11:15 horas. Informouse deste cambio de hora mediante correo electrónico o mesmo día 08/0819, figurando na xestión de expedientes como trámite CRO, nº 95 do expte. 34455/220.

## 1.- CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2020. EXPTE. 33833/220.

Abre o debate **A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA)** pedindo, en primeiro lugar, desculpas polo atraso da reunión, debido á visita do Ministro Ciencia e Tecnoloxía, a quen tivo que acompañar, circunstancia esta que lle obrigou a cambiar a súa axenda.

Indica que a finalidade do Punto único da orde do día é comezar coas negociacións sobre Capítulo I dos Orzamentos municipais para o ano 2020. En dito sentido lembra que estaba prevista unha reunión máis de carácter informativo hai uns días para presentar dúbidas que finalmente non se realizou. En todo caso, esta sesión será unha primeira toma de contacto que continuará con outra serie de reunións nos primeiros días do mes de setembro.

A continuación, limitarase a explicar as características principais do Capítulo I para o 2020, e, a seguir, abrirase unha quenda de intervencións para a presentación de distintas cuestións ás que tentará responder, senón se fará na seguinte convocatoria. Expón que é importante o incremento de case o 2,46% de retribucións para o persoal e tamén o incremento de cotizacións á Seguridade Social, en termos globais sería un 3%, pero dependerá das bases de cotización de cada persoa.

Como un tema de observación, aparecen tres programas que tamén se contemplaban os outros anos: EDUSI, Inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero e, o



Documento asinado
ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 2 de 11 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

terceiro, de experiencia laboral para menores de 35 anos, que dependen dunha concellería concreta pero que obrigatoriamente se incorporan a este orzamento.

Ao longo de exercicios anteriores xa se falou e se negociou para separar o cadro de persoal da XMU e do Concello, para o facer máis transparente e non ter que estar con continuas transferencias de partidas cando se produce algún cambio de organismo; este tema está practicamente pechado, agás por algunhas prazas que constan no segundo parágrafo da nota 1 que se lles entregou aos presentes. Isto non significa que algún traballador perda os seus dereitos, senón que é para tratar de ser máis transparentes e de encaixar a cada persoa dentro do posto que ocupa.

Sen máis, dá inicio a unha rolda de intervencións coa intención de ir respondendo logo ás distintas cuestións que se presenten.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Explica que non puido asistir á reunión pasada, pero que no Comité lle preguntaron polo funcionamento das convocatorias da Mesa de Negociación, e que cos criterios aprobados en Xunta de Goberno que ten da súa man, non foi quen de dar unha explicación razoable. Solicitaron que se incluísen dous asuntos a maiores na orde do día, pero non se incluiron. Non coñecen a razón de que non sexa unha convocatoria ordinaria ou, polo menos, que se incluísen asuntos que demanda a parte social e que afectan aos orzamentos: Fondo de adecuación 2019, que de se consolidar tería que repercutir nos Orzamentos do 2020, e os acordos sobre a Policía Local. Pregunta se se van tratar con posterioridade.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Responde que se trata de separar temas, de ser áxiles nas reunións e de centrar asuntos; do mesmo xeito que o outro día se fixo unha reunión polo asunto de bombeiros e non se meteu na mesma reunión, aquí igual, a idea é aprobar os orzamentos, dun modo independente, sen prexuízo doutras reunións por aspectos que lle poidan interesar ao Comité de Empresa. Tratou de transmitilo así, pero sinte que non se lle entendese. A Mesa dos orzamentos é algo que ten vida propia, o que non significa que se realicen as reunións necesarias para tratar outros aspectos que lle poidan interesar ao Comité de Empresa.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Nesta situación concreta, entenden que o acordo sobre toma de coñecemento de amortización de prazas debería terse incluído na reunión de orzamentos de 2020, porque se non é así vólvese ao momento inicial, agás que haxa un financiamento adicional reflectido noutra partida. De ser así non terían problema.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Estes orzamentos recollen todos os acordos que existen, pero non poden recoller os que non existen, o que non significa que non se poidan sentar a falar todas as veces que sexa necesario. O que non está recollido nun acordo, non está recollido nestes Orzamentos. Pon o exemplo da OPE para o 2019, que nestes intres está en trámite na Intervención; este é un acordo aprobado recentemente. Na reunión anterior da Mesa á que se están a referir, se tratou só dunha toma de coñecemento dun informe, pero iso non foi un acordo.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** É unha cuestión de interpretación. Naquela Mesa de Negociación, presidida pola boa fe e a intención de negociar se nos presentou un documento para unha toma de coñecemento e sobre el se certificou un acordo que a parte sindical cre que no debería quedar en nada. Trátase do acordo sobre a amortización de 39 prazas, esa toma de coñecemento existe e está certificado. Todos os que estiveron na



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 3 de 11 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

reunión daquela Mesa entenderon que esas amortizacións eran para o financiamento do acordo da Policía.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Insiste en que defenderá calquera acordo que estea adoptado e agarda que se hai algún máis llo fagan chegar pero, cuestión distinta, son as intencións porque unha intención non é un acordo. En todo caso, logo sempre haberá a posibilidade de modificar os orzamentos. Afirma que o 100% dos postos de traballo están incluídos nos orzamentos.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Afirma que si que dispón do acordo no que a parte sindical acepta a amortización de 39 prazas para financiar ese teórico acordo da Policía Local.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Repite que está na disposición de falar dese tema, pero nada máis, e que logo se conta coa posibilidade de modificar os orzamentos, non hai problema.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Non é o mesmo que se nos dixo durante todo o ano. Aconsellóusenos que ese acordo estivese reflectido nos orzamentos, daí a nosa insistencia. Non ten sentido que nunha reunión da Mesa se inclúa un documento como toma de coñecemento, se adopte un acordo e a intención sexa non o levar a cabo. Houbo un acordo sobre esa toma de coñecemento e así se certificou, pero está claro que foi para nada. Non sei cal é o momento adecuado desa amortización, se non a vai haber ou non se vai recoller nos orzamentos.

**SR. RIOBÓ VEIGA (CC OO):** Indica que podería ser que nas seguintes reunións se poidan ir trasladando os posibles acordos.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Insiste na posibilidade de realizar outras reunións nas que non tería inconveniente en tratar o tema da Policía e, no seu caso, veríase a modificación dos orzamentos.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Non atopan o motivo de que a convocatoria sexa con carácter extraordinario e de que non se inclúan os asuntos propostos pola parte sindical.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Explica que existe normativa para convocar un tipo de sesión u otra. A última reunión convocouse de xeito extraordinario porque non se cumprían os días necesarios para convocar reunión ordinaria. Coñecen que existen eses prazos, e persoalmente realizou unha reunión informal cos representantes sindicais na que se falou doutra serie de reunións que habería que ter e, para iso, se deron datas estimadas e aproximadas. É consciente de que para esas reunións teñen que dispoñer da pertinente documentación .

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Dando por boa a convocatoria, só piden incluír os temas sinalados. Refírese ao tema da certificación da sesión extraordinaria do 25 marzo de informe de amortización e fai lectura literal da mesma, e indica que con ela se pretendía a amortización de 39 prazas para financiar o acordo da Policía Local e que así está certificado. Si houbo ese acordo e non se inclúe nos orzamentos, outra cousa non ten sentido.



Documento asinado
ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 4 de 11 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA):** Quere precisar que estamos a falar dunha certificación de toma de coñecemento da existencia dese informe, non consta na mesma ningún acordo sobre o fondo do asunto porque non se adoptou acordo en particular sobre a amortización que, de ser así, debería finalizar con votación de acordo ou non acordo e, aínda así, deberíase ser adoptado outro acordo polo órgano competente para tomar a decisión correspondente, ben Xunta de Goberno, Pleno ou, no seu caso, Resolución de concellería por delegación do Alcalde, que son os órganos que teñen atribuídas competencias de carácter resolutorio, necesario, en todo caso, para a efectividade do anterior acordo da Mesa, que é sobre a negociación. A Mesa é un órgano de negociación, non un órgano resolutorio con capacidade de decidir. Non se poden certificar intencións porque non o permite a lei.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** O que se está a dicir é que se trouxo á Mesa para nada.

**SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA):** Iso tense que preguntar a quen o trouxo. A certificación di que a Mesa de Negociación tomou coñecemento dun informe, dese informe, pero nada máis.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Dun informe que certifica que se pretende amortizar un número de prazas para implementar un acordo de policía.

**SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA):** A Mesa tomou coñecemento diso.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Parece que se está inventando, pero existe un informe que di que se pretenden amortizar prazas para financiar o acordo da Policía. A intención desa toma de coñecemento é amortizar unhas prazas para implementar un acordo. Se se trae algo coa "intención de", será para o levar a cabo.

**SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA):** Di que non é ela a interlocutora e que de reproducir o que se está gravando, se dirá que se certificou o coñecemento dun informe.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** O equipo de goberno que trouxo esa proposta o fixo así para nos facer crer que iso sería posible, para non o levar a cabo. Se esa foi a intención, non e el quen está xogando a "*trilero*". Se alguén esta facendo desaparecer a boliña non é el porque está o acordo que se levou á Mesa cunha intención.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Insiste en que se queren unha reunión para tratar o asunto da policía a terán, unha ou as que sexan necesarias.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Queremos que esa reunión vaia vinculada a orzamentos. A persoa que trouxo este asunto, que falaba no nome do equipo de goberno, á Mesa en marzo segue estando no goberno e pode verificar a información que estamos expoñendo nesta reunión. Non poden negociar orzamentos que non recollen acordos adoptados. Mentíuselle ao Comité, díxoselle unha cousa e se está a facer outra, fíxoselle crer mesmo na existencia dun informe externo; unha tomadura de pelo. O Comité non pode aceptar a negociación duns orzamentos que non recollen acordos aos que, entenden, se chegaron cos traballadores.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Pide que se retiren ás alusións a que "se lle mentiu ao Comité", porque as interpretacións poden ser erradas pero sen mala intención por algunha das dúas partes e iso non significa mentir.



ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 5 de 11
Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Estase a dicir que houbo a intención, máis aló do que poida constar nun texto, de amortizar 39 prazas para implementar o acordo da Policía. Se non había esa intención se nos estaba mentindo, se a había, non entende que non se inclúa este asunto na reunión.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Insiste en que está disposta a manter as reunións necesarias para tratar o asunto da Policía.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Aínda que teñan vida propia, querería incluír na reunión o tratamento deses dous puntos. Afirma que lle é difícil de entender a regulación do Concello de Vigo sobre convocatorias de Mesa. Se lles debería aclarar por que non se queren incluír na orde do día eses dous puntos.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Dixo en numerosas ocasións que se ía realizar unha reunión de orzamentos, única e exclusivamente para ese tema e, tamén outras sobre temas de prevención, pero agardan á incorporación do persoal responsable porque está de vacacións; falouse de realizar reunións dos asuntos de bombeiros e tamén de policía, así como doutras que puidesen xurdir. Por iso non sabe por que agora se está cuestionando un tema diferente ao que se falou en dúas reunións pasadas.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Responde que poden falar por separado dos diversos temas, pero que o que non entenden é que os orzamentos vaian á marxe desas negociacións. Tratáronse os orzamentos nunha primeira toma de contacto, pero evidencia que faltan partidas, que se deberán incluír as necesarias para implementar o acordo plenario de 5 de abril de 2018 e non entenden que non se queira facer. Pregunta se se van incluír xa en orzamentos 2020, xa que fan de seu a petición do Alcalde naquel Pleno instando ao goberno da Nación a incluír nos Orzamentos xerais do Estado a adecuación retributiva das policías nacionais e os gardas civís cos mossos de esquadra, pero parece que no seu Concello non se quere facer; non entendemos o criterio.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Ninguén dixo que non se quixera facer, son palabras de seu, ou polo menos pola súa parte.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Se efectivamente se vai incluír en orzamentos, asume que se está a equivocar. Pregunta se se vai incluír ou non en orzamentos.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Non vai contestar por non se repetir; cre que foi clara nas súas explicacións.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Quedoulle claro que se pretende aprobar os orzamentos sen incluír esas partidas e nun futuro modificar os orzamentos para incluír o acordo. Piden que se inclúa en orzamentos, igual que o fixo o Alcalde para os Orzamentos Xerais do Estado; fan de seu a petición do alcalde. É un acordo, intención ou nada, pero debe estar recollido en orzamentos porque senón o outro acordo non ten vida. Non saben que se pretende negociar xa que se nos di que os orzamentos non van avalar ese acordo de ningún xeito, non van estar de acordo. Queren que se lles diga se os orzamentos, e parece que se dixo que non, que será nun futuro, recollen o acordo da policía, senón non van estar conformes porque cando se tratou na anterior Mesa pensaban que se estaba a falar dun acordo, dunha intención e de querer facer as cousas, pero agora nos atopamos que non hai ren de ren. Igualmente consideran que o Fondo de adecuación retributiva do 2019, debería recollerse no Orzamento do 2020 .



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 6 de 11 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

*A continuación A PRESIDENCIA dálle á palabra ao responsable presupostario, tesoureiro municipal e director superior contable e orzamentario, D. Luís García, para a explicación e resposta ás preguntas feitas.*

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** Cando se produzan os acordos que supoñan compromisos incorporaranse aos orzamentos así será, pero de todos os xeitos, pola vía de sucesivas adecuacións se incrementou a partida en torno a un millón de euros, fóronse subindo específicos por riba do que marcan as leis de orzamentos. Por outra banda, calquera modificación fóra do marco normativo non se pode incluír, no seu momento haberá un instrumen80to que contemple o 2,49%, debe estar nese marco, conforme cos criterios legalmente establecidos.
A fundamentación dunha modificación debe ser técnica e esa posibilidade ten que estar amparada nun informe técnico, non sei se interno ou externo, debería ser externo, e cando iso exista sería o momento de introducir a modificación, polo que non se podería incluír unha partida específica en orzamentos e require na documentación do orzamento un informe legal sobre o dito extremo, para amparar a excepcionalidade ante posibles contenciosos porque sabemos que hai sentencias anulatorias. Segue explicando que no seu momento el mesmo emitiu un informe sobre a marxe para se mover. Non hai ninguén nesta Mesa que puidese xustificar esa amortización de postos de traballo para dotar unha partida, en base a que motivación, pregunta. Só se non se necesitaran os recursos, se houbera un informe dos xefes de servizo dicindo que non se necesitan esas prazas para facer eficientes os recursos públicos. A amortización de prazas é un tema distinto de amortizar para dotar algo que non ten informe técnico que o xustifique. Trátase dun procedemento complexo que precisa dun camiño técnico e legal que se debería iniciar cunha valoración xustificando que se dan esas condicións excepcionais en base a unha maior responsabilidade, complexidade, penosidade.... Ese informe non o temos, haberá que solicitalo e cando chegue o momento se fará. Tamén aclara que en calquera momento pode o Pleno adoptar un acordo de modificación de cadro de persoal cos mesmos requisitos de aprobación dos orzamentos. Lembra que o Alcalde pretendía que a igualdade fose a equiparación da Policía Nacional e Garda Civil con Mossos de Esquadra e, engade que a nosa policía ten uns salarios bastante superiores aos que tiña a Policía Nacional.

**SR. MONTEMUIÑOS SANTOS (UXT):** Existe un acordo plenario de abril de 2018, ratificado noutro acordo plenario de abril de 2019 por unanimidade de todos os membros da Corporación; son dúas ratificacións. Como dixo o tesoureiro, é unha cuestión de vontades; ten que haber vontade por ambas partes. A cuestión é que ao longo do 2018 se presentaron distintas alternativas para conseguir ese acordo da Policía, falouse coa parte de xestión contable, con RR HH e ao final o que se presentou foi a amortización de prazas

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** Fai a corrección de que só se convirte nunha cuestión de vontade, cando haxa unha fundamentación xurídica e técnica.

**SR. MONTEMUIÑOS SANTOS (UXT):** Dá a impresión de que que ao final para 2020 tampouco se vai contemplar. Aquí fálase de contratar unha empresa externa para a elaboración do informe, pero o que parece é que estiveron xogando con nós de mala maneira.



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 7 de 11 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Coma paréntese, a Sra. Dapena Gómez pode achegar información a día de hoxe sobre o expediente de contratación das empresas, e a emisión de informes ao respecto, apuntar que, además, buscáronse empresas con experiencia noutros concellos que poidan facer o estudo.

**SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH):** Hai un expediente aberto para a realización dun contrato menor de asistencia técnica que nos permitirá contar cun informe, pero cunha nova Corporación e os pertinentes cambios nas delegacións de competencia atrasouse un pouco; solicitouse algún orzamento máis para contar cun bo equipo que utilice a mellor metodoloxía nun tema tan complexo coma este. Fíxose unha modificación para ter crédito orzamentario. Sinala que no mes de setembro poderiamos estar en condicións de adxudicar un contrato que nos permita realizar o estudo deste tema.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Sobre o Fondo de adecuación no houbo acordo, pero si foi dotado orzamentariamente no 2019. Pregunta concretamente que se de haber acordo, si non debería vir recollido o incremento que supón nos orzamentos do 2020.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** Se hai acordo, evidentemente si.

**SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH):** Puntualiza que ese expediente rematou sen acordo en canto ao Fondo de adecuación retributiva.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Aínda que non houbo acordo en canto ao documento que se trouxo á Mesa, o concelleiro dixo que igualmente o ía aplicar.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** A iso non pode responder, porque non estaba, pero se compromete a mirar ese asunto para a próxima reunión.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Explica que o Fondo de adecuación é de 220.000 euros, cantidade que parece que está para os traballadores, pero que volve non estar.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** Un Fondo de adecuación, cando se adoptan os acordos, pasa a formar parte dos orzamentos do ano seguinte. Se hai un acordo de aplicación do Fonde de adecuación terá impacto nos seguintes orzamentos e devengará a partir do momento no que se adopte o dito acordo.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Son os orzamentos do 2020 os que se están a negociar e entenden a urxencia por tema de prazos. Insisten en que propuxeron incluír na orde do día da Mesa o Fondo de adecuación porque cren que debe ser negociado se queren que teña impacto e porque senón o van perder, pero a sorpresa foi que non se incluíu. Entenden tamén que se se inclúe unha proposta é porque está avalada por informes técnicos. Solicitarán outra Mesa coa mesma urxencia para o asunto da Policía.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** Indica que non sabe se nestes momentos hai algún posto no cadro de persoal que requira a previsión, o que non quere dicir que concorran as circunstancias para aplicar ese Fondo.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Non saben se concorren ou non esas circunstancias, pero si que pola parte política se lles presentou unha proposta que dicía que estaba avalada por informes técnicos, e por iso entenden que concorren esas circunstancias. De aí a reiteración da importancia de telo incluído na orde do día desta Mesa, senón solicitarán outra reunión xa que se trata dun punto moi importante. En canto



Documento asinado
ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 8 de 11
Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

ao tema da Policía explica que se deron varias reunións e, se efectivamente non existía o informe técnico, esa garantía legal, teñen que cuestionar a intención política.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** Unha cousa é concretar a cantidade, pero á marxe diso, hai que iniciar o camiño para o facer posible legalmente. Sempre dixemos que tiñan que concorrer as circunstancias de excepcionalidade e singularidade, el mesmo o dixo por escrito, incluíndo a consideración de que non concorren. Se hai un informe técnico que o xustifique se pode levar a cabo, se non o hai... Primeiro, facer o expediente fundamentándoo xuridicamente, e a partir de aí virán os acordos políticos.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** O expediente 31799/220 creouse no mes de maio de hai un ano, ten 324 trámites, se con todo iso non se foi capaz de ver a legalidade do mesmo é que algo pasa.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Estanse confundindo as cousas, porque unha cousa é un acordo plenario, outra unha declaración de intencións e outra cousa son os expedientes administrativos. Se se confunden, por moi boas intencións que haxa polas dúas partes, non nos imos entender.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Mesmo se nos dixo que o informe de amortización de prazas está avalado polo secretario do Pleno, o Sr. Riesgo Boluda, pero que non se pode utilizar porque non é da súa área. Con todos estes datos fixémonos unha composición de lugar. Nós preguntamos por esa legalidade e o secretario, o Sr. Riesgo Boluda, fixo un informe avalándoo aínda que non se pode aplicar por cuestión de organización municipal, porque non é a súa área e porque non lle competía, pero nese informe nos quixeron trasladar que era legal e nós o crimos.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** No Concello hai varios departamentos e cada un deles ten a súa responsabilidade. En ocasións podemos equivocármonos sen malas intencións, nin mentiras, sinxelamente non se estaba facendo ben. Houbo acordos históricos que logo tiveron informe desfavorable de RR HH; é mellor para todos evitar esa situación.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** ***Lembra que a***demais se acordou a retroactividade, pero semella que todo foi unha ilusión.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** Puntualiza que a retroactividade, á marxe doutras cuestións, ten unha serie de límites xurídicos.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Nunha anterior Mesa o interventor nos dixo textualmente: *"excepcionalmente se poderá outorgar eficacia retroactiva aos actos cando se diten en situación de actos anulados, sempre que produzan efectos favorables aos interesados sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa á data..."* . Con esta situación, a Presidencia daquela dixo que a seguía mantendo. Era un punto no que non se podía pero se recolleu o compromiso.

**SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH):** O fácil tería sido que o primeiro trámite fose un informe desfavorable, e non estar intentando dar viabilidade ao expediente. Solicitáronse informes aos servizos sobre a viabilidade desa amortización e cando se analizou o grave impacto na organización apuntou ás dificultades de recorrer a esa implementación práctica. A base de todo acordo retributivo debe ser a análise das disfuncións do posto de traballo, alteración do contido funcional, que xustifiquen a modificación das condiciones retributivas. Indican



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 9 de 11 |
| Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

que intentan traballar con lealdade institucional e que en canto á retroactividade, pola súa parte tamén pediu a palabra para dicir que tal e como está na LPAC se aplicará ou non, que habería que estudar e analizar para determinar se se retrotraen os actos ou non en función da concorrencia dos supostos legalmente establecidos.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Informa de que convocarase outra reunión. Tentou resumir para abrir rolda de preguntas pero se consumiu o tempo noutros temas.

**SRA. COUSIÑO SENDÍN (CC OO):** Toma a palabra para indicar que sería bo crear unha praza de técnico/a de Prevención, xa que hai un informe de Inspección de Traballo que sinala que deberían ser 5 dada a cantidade de persoal e de servizos que hai no Concello, e só hai 2 prazas.

**SR. RIOBÓ VEIGA (CC OO):** Hai 311 prazas vacantes, imaxina que incluídas as convocadas, descontando as de policía e outras, pregunta cantas, pode haber en total.

**SR. FERNÁNDEZ CARPINTERO (RR HH):** Responde que poderían ser sobre 80-90, pero que o terán que ver e facilitarán os datos.

**SRA. DEL CASTILLO FERNÁNDEZ-PACHECO (CIG):** Pregunta se no Capítulo II hai unha partida para a privatización de pabellóns deportivos. O Concello non amortizou ningunha praza co que no Cap I se siguen mantendo, pero sí se limitou a taxa de reposición de efectivos e hai que buscar fórmulas que garantan a apertura das instalacións deportivas.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Hai unha solicitude de aumento de prazas por parte da Concellería, ao redor de 16, pero aínda non houbo tempo para examinar este asunto. Tamén informaremos.

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Pregunta como afecta o traspaso de prazas da XMU.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Explica que dita modificación realízase a efectos contables, pois se tiñan que facer transferencias de salarios e Seguridade Social; trátase de normalizar esta situación. A efectos laborais no ten repercusión.

**SRA. ÁMEZ MURAS (UXT): 80**Indica que algunha repercusión si que tivo, xa que na Xerencia non se está cobrando o Fondo de adecuación polo persoal administrativo.

**SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH):** Integraranse esas prazas na RPT da XMU, quedan en situación de servizos noutra administración, por aplicación da lei declárase automaticamente sen necesidade de solicitude. Non obstante, se queren participar en procesos de convocatoria do Concello xa equivale ao reingreso.

**SR. MONTEMUIÑOS SANTOS (UXT):** Explica que lles gustaría ver o informe xurídico que avala ese traspaso, pero tamén que non saben que dicirlles aos traballadores que teñen dúbidas, non poden asumir esa responsabilidade sin máis información.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Na XMU existen informes do traspaso do persoal do Concello á Xerencia.



ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 10 de 11
Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ):** Pregunta se vai ser obrigatorio aínda que se queira seguir sendo persoal do Concello. Eles trasladan aos sindicatos que teñen dúbidas sobre como quedarían nesta situación, o Comité non ten inconveniente, pero por se hai algún traballador desconforme teñen que tomar todas as garantías.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Pediranse as actas da Xerencia.

**SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH):** Así se fixo xa noutras ocasións, tanto coa XMU como con outros OO AA.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** O Concello está computando uns gastos dol Capítulo I que non son de seu, e a Xerencia ten un cadro de persoal con menor custe do que lle corresponde e, como non son parte da súa RPT, non pode adoptar acordos de xestión en torno á mesma. Haberá que estudar a fórmula. O Consello de Contas xa advertiu que hai unha disfunción de custes.

**SR. FERNÁNDEZ VICENTE (CSIF):** Por outra banda, comenta que existe un acordo administración/sindicatos con respecto ás retribucións que é do 2,50%, e non do 2,46%.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** A aplicación das retribucións do ano 2020 non está aprobada. O acordo tense que transformar en norma, o que hai fixo é o 2%, e un 1% validable en función do cumprimento de obxectivos, ademais se aplicaría á metade de ano, con devengo a 1 de xuño, co cálculo do PIB 2019, sobre a base dunha estimación do 2,2 ou 2,3% e así se recolle no Acordo regulador.

**SR. FERNÁNDEZ VICENTE (CSIF):** A previsión es un 2,4 e sobre ela subida é do 2,80, si se cumpre el obxectivo de déficit do 2020, case a un 3,85% cumprindo todos os obxectivos. No nome do CSIF solicita que se cumpra e que quede constancia.

**SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO):** O Capítulo I ten a marxe de todos os postos que quedan asociados a prazas non incluídas na OEP, pero indica que canto máis se amortice menos marxe haberá para outras cousas dentro dese Capítulo I.

**A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA):** Empraza aos presentes para unha próxima convocatoria o 3 de setembro coa finalidade de seguir co tratamento dos orzamentos.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión da Mexa Xeral de Negociación Colectiva, sesión extraordinaria do oito de agosto do ano dous mil dezanove, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos. Do que eu, secretaria, dou fe, co visto e prace da Presidenta, concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

CCA/rs.
Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA-Mª CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.

Vº e Pr.: PRESIDENTA-ELENA ESPINOSA MANGANA.



ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2019-09-03T14:23:10+02:00 - TTE ALCALDE CONC. EMPRESA ECONOMIA SEGURIDADE E ORG. MUNICIPAL (ELENA ESPINOSA MANGANA ) 2019-09-03T17:55:39+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 13:22 | Páxina 11 de 11
Expediente 34455/220 | CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

CONCELLO DE VIGO

ÀREA DE RECURSOS HUMANOS
E FORMACIÓN

**INFORME DA XEFATURA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN AO CAPÍTULO I DE GASTOS DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2020 (EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 33.833/220)**

En relación ao anteproxecto de orzamentos municipais para o exercicio económico 2020, e con especial referencia ao Capítulo I do mesmo -relativo ás dotacións orzamentarias correspondentes aos gastos de persoal- pola funcionaria suscribinte emítese o presente informe no marco da tramitación administrativa do expediente electrónico nº 33.833/220, iniciado mediante instrucción do servizo da Concellería-delegada competente en materia de persoal asinada electrónicamente o 08/04/2019.

Como cuestión previa, resulta imprescindible deixar constancia expresa do feito de que esta funcionaria ordenou o pasado 02/07/2019 (trámite 19 do expediente) a elaboración do borrador técnico de proxecto de Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2020, en cumprimento da instrucción do servizo da Concellería-delegada correspondente, incoatoria do expediente, e tras ter sido solicitada á oficina orzamentaria do Concello informe respecto da calendarización da actividade de aprobación dos Orzamentos, a efectos de abordar o adecuado dimensionamento do traballo na Área-. Na mesma orde indicábase a determinación da máxima prioridade sobre calquera outro asunto na elaboración do documento solicitado.

A documentación completa, en formato electrónico, necesaria para a emisión do presente informe (incluindo as correspondentes actas dos acordos adoptados en



Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 1 de 39 |
| Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Mesa Xeral de Negociación celebradas en datas 08/8/2019 e 06/09/2019) non estivo a disposición da funcionaria suscribinte ata o día de hoxe, 07/10/2018 (trámite 85 do expediente electrónico, 10:24h) tendo sido comunicada a falta de disposición da documentación preceptiva en prazo na sede procedente.

Sen prexuízo do anterior, déixase constancia expresa de que, sendo plenamente consciente da necesidade de disposición en prazo duns Orzamentos Municipais que permitan a correcta xestión pública municipal da cidade; e por lealdade institucional co Concello de Vigo, a suscribinte procede á emisión do preceptivo informe coa urxencia que demanda a necesidade de aprobación dos Orzamentos en prazo, en aras a facilitar a acción de goberno nun aspecto tan esencial para a cidade como é o marco orzamentario municipal. Informe cuxo obxecto se concreta na documentación técnica obrante en expediente electrónico n.º 33.833/220 que foi sometido a negociación colectiva coa representación sindical do persoal en datas 08/08/2019 e 06/09/2019, segundo certificacións incorporadas ao expediente electrónico. E informe que, dada a extrema brevidade do prazo asignado, emítese con todas as salvedades legais oportunas, e obviamente a salvo do que poda resultar dun estudio máis profundo tanto da documentación técnica obrante no expediente electrónico como do marco normativo de aplicación; sendo imprescindible que incidencias como a descrita non se xeneren con reiteración en sucesivas fases preparatorias dos Orzamentos para futuros exercicios económicos, debendo procederse á súa reorientación e eliminación. Deben, por tanto, respetarse os prazos legais de emisión de informe para a totalidade do persoal funcionario -en garantía do previsto no artigo 14 CE 1978- e deben eliminarse as dinámicas xeneradoras de dilacións na tramitación administrativa no contexto da mellora e axilidade nas tarefas técnicas de elaboración do documento económico-contable e demáis anexos ao expediente.

Lémbrase que a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no seu artigo 80.2 a obriga de emisión dos informes a través de medios electrónicos e dacordo cos requisitos que sinala o artigo 26, no prazo de dez días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor.



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 2 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Os **documentos** dos que se dispón para a emisión do presente informe -elaborado o 10/10/2018- e que figuran no expediente electrónico de referencia, son os seguintes:

1.- Instrucción do servizo da Concellería-delegada competente en materia de persoal de data 08/04/2019 ordenando a incoación do expediente administrativo;

2.- Solicitude de informe á oficina orzamentaria en data 10/04/219 sobre calendarización do procedemento de aprobación do anteproxecto de Orzamentos Municipais 2020;

3.- Solicitude de informe técnico pola Xefatura da Área de data 02/07/2019 (trámite 19 do expediente) ao persoal técnico de organización asignado á Area.

4.- Borrador técnico-informe sobre o Anteproxecto do Capítulo I do Orzamento de gastos para o ano 2020, rematado en data 07/10/2019, recollendo a cuantificación económica desglosada por partidas orzamentarias dos gastos de persoal previstos en canto ao Capítulo I para o exercicio económico 2020, estimadas nun montante total de **70.028.171,00€.**

5.- Actas da Mesas Xerais de Negociación celebrada os días 08/08/2019 e 06/09/2019 entre o Sr. Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal e os sindicatos con representación no Concello de Vigo, ao abeiro do disposto no artigo 37 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no cal se establece a obriga de someter a negociación colectiva, entre outras materias, a aplicación do incremento das retribucións do personal ao servizo das Administracións Públicas que se estableza na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e das Comunidades Autónomas, a determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios e as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos (apartado 1, letras a), b) e c) do dito precepto).



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 3 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

6.- Documentos técnicos incorporados ao expediente electrónico (cadro de persoal para 2020, totais por programas e importes por partidas e oficinas, borrador técnico e cuantificación e desglose por partidas orzamentarias, entre outros).

7.- Informe técnico de sostibilidade da cuantificación e orzamentación efectuadas, sobre o documento orzamentario do Capítulo I de gastos para o exercicio 2020, emitido o 07/10/2019 (trámite 85 do expediente).

A diferencia do que xa se sinalou en anteriores informes ao Capítulo I dos Orzamentos Municipais -concretamente nos informes ao Capítulo I dos Orzamentos Municipais para os exercicios económicos 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012[1]- cómpre salientar que o documento orzamentario do Capítulo I obxecto do presente informe resposta fundamentalmente ao marco legal relativo aos gastos de persoal ao servizo do sector público, consonte ás previsións da vixente Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, actualmente en situación de prórroga.

En calquera caso, resulta de inexcusable cumprimento o previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, aspecto éste que deberá ser verificado durante a tramitación do proxecto de Orzamentos Municipais para o ano 2020.

En consecuencia, e sempre nos termos das incidencias indicadas, dos prazos proporcionados en atención á calendarización de tramitacións dos orzamentos, así como da documentación entregada e dispoñible na data de emisión do presente informe, o Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2020 en relación aos gastos de persoal estructúrase no xeito descrito a continuación:

**I. Retribucións do persoal municipal:**

No documento se consigna unha contía global **de 48.392.116, 34 euros** (fronte aos 47.868.104, 92 euros do exercicio 2019) abranguendo a mesma as retribucións básicas dos funcionarios (soldo base en 14 pagas e antigüidade) e

[1] Exercicios económicos nos que os acordos froito da negociación colectiva atopaban o seu reflexo no documento económico-contable do Capítulo I.



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 4 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

complementarias (complemento de destino, complemento específico) que debe respetar en todo caso os límites ao incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público recollida na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, en cuxo artigo 18. Dos, epígrafe "Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público" contempla expresamente que:

***"Dos.*** *En el año 2018, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 1,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2017, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.*
*Además de lo anterior, si el incremento del Producto Interior Bruto (PIB) a precios constantes en 2017 alcanzara o superase el 3,1 por ciento se añadiría, con efectos de 1 de julio de 2018, otro 0,25 por ciento de incremento salarial.*

*A los efectos de lo dispuesto en este apartado, en lo que a incremento del PIB se refiere, se considerará la estimación avance del PIB de cada año publicada por el Instituto Nacional de Estadística (INE).*

*Una vez publicado el avance del PIB por el INE y, previa comunicación a la Comisión de Seguimiento del Acuerdo para la mejora del empleo público y de condiciones de trabajo de 9 de marzo de 2018, mediante Acuerdo del Consejo de Ministros se aprobará, en su caso, la aplicación del incremento. Del citado Acuerdo se dará traslado a las Comunidades Autónomas, a las Ciudades Autónomas y a la Federación Española de Municipios y Provincias.*

*Además, se podrá autorizar un incremento adicional del 0,2 por ciento de la masa salarial para, entre otras medidas, la implantación de planes o proyectos de mejora de la productividad o la eficiencia, la revisión de complementos específicos entre puestos con funciones equiparables, la homologación de complementos de destino o la aportación a planes de pensiones. En las Administraciones y resto de entidades del sector público definido en este artículo en situación de superávit presupuestario en el ejercicio 2017, este incremento adicional podrá alcanzar el 0,3 por ciento."*



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 5 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En igual senso, dentro da mesma partida 1, contémplanse as retribucións do persoal laboral, cuantificadas nun importe total de 9.284.497,56 euros fronte aos 9.100.776,14 euros do exercicio 2019.

A efectos de elaboración do borrador técnico de Capítulo I de gastos obxecto de tramitación, debe indicarse que o persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación ten seguido as directrices proporcionadas pola Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación municipais, encargada da elaboración do documento de Proxecto de Orzamentos Municipais, segtundo instrucción de data 24/06/2019, que obra incorporada como trámite 15 do expediente electrónico 33.833/220.

As dotacións orzamentarias consignadas para o persoal eventual –cuxo número é réxime corresponde determinar á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos termos e condicións da configuración efectuada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local- ascenden a un importe total de **639.503,52 euros** fronte aos 623.763,76 euros contemplados no exercicio 2019.

Debe lembrarse que este artigo 18 LPGE 2018 ten carácter básico, como así salienta o apartado Once do precepto contido na norma analizada, en idéntica liña ás sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, dado que se dicta ao abeiro do título competencial atributivo de competencia exclusiva do Estado consignado no artigo 149.1.13ª (bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica) e 156.1 (principios de autonomía financeira das facendas autonómicas, coordinación e solidariedade) da Constitución de 1978, así como do articulado do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Polo que respecta ás contías destinadas a facer fronte ás retribucións complementarias de carácter fixo e periódico (complemento de destino e complemento específico) o artigo 22. Un, D) da mesma norma, en canto ao réxime retributivo dos funcionarios do Estado incluidos no ámbito de aplicación da Lei



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 6 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, nos termos do previsto na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, contempla nos seus apartados C) e D) é o complemento específico que no seu caso esté asignado ao posto de traballo que se desenvolva, cuxa contía anual,sen prexuízo do disposto no artigo 18.siete da Lei, incrementarase na porcentaxe prevista no artigo 18. Dous, respecto da vixente a 31 de decembro de 2017.

Pola súa banda, o complemento de destino deberá axustarse ás táboas de niveis ou intervalos legalmente establecidas ao efecto, en función do posto de traballo desempeñado, consignadas no artigo 22. Un, apartado C).

As previsións legais de incremento retributivo no ámbito do emprego público deben ser contextualizadas no marco da recuperación económica e da mellora do estado financeiro das entidades locais, a diferencia das previsións contidas na lexislación orzamentaria correspondente a exercicios económicos anteriores.
As partidas orzamentarias de gratificacións e de productividade figuran dotadas respectivamente cunhas contías de 400.000 euros e 400.000 euros respectivamente (idénticas ás dotacións do presente exercicio 2019 e tamén ás do exercicio 2018) as cales deberán ser suficientes para afrontar as obrigas contraídas co persoal municipal coas condicións e alcance indicados, sen prexuízo do cal efectúanse idénticas recomendacións en materia de xestión retributiva e medidas de mellora ás contidas nos informes ao Capítulo I dos Orzamentos emitidos por esta Xefatura de Recursos Humanos en relación aos exercicios económicos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013, 2014, 2016, 2017, 2018 e 2019 (fomento da mobilidade interdepartamental e da rotación do persoal ao servizo da Administración Municipal; reasignación de efectivos, reconfiguración e reorganización do funcionamento e dinámicas de traballo dos servizo e unidades, realizando os correspondentes estudios de avaliación de necesidades, establecendo indicadores obxectivos e estándares de tolerancia que permitan a análise e reorientación as cargas de traballo, aos efectos de evitar infradotacións ou superdotacións de efectivos; capacitación, actualización e formación permanente dos efectivos en función do subgrupo de titulación, desempeño efectivo de funcións de carácter directivo ou predirectivo; nivel de responsabilidade inherente ao posto de traballo, funcións propias do mesmo,



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 7 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

capacidades e competencias, nos termos do establecido nos artigos 14.g) e 52 a 54 do TREBEP; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e normativa de concordante aplicación.

A tal efecto, e en canto á execución orzamentaria levada a cabo durante o presente 2018, efectuase unha remisión expresa ao informe técnico de sostibilidade do borrador técnico do Capítulo I de gastos para o 2020, de data 7/1/2019, incorporado ao expediente.

Polo que respecta á xestión dos devengos retributivos en materia de gratificacións e de productividade, efectúase unha remisión expresa aos informes emitidos aos Capítulos I dos Orzamentos correspondentes aos exercicios 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2016, 2017, 2018 e 2019, sen prexuízo de que as Bases de Execución dos orzamentos municipais para o vixente exercicio expresamente contemplan o recurso ás modificacións orzamentarias dentro do Capítulo I nos termos do disposto no Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debendo en calquera caso lembrar ás diferentes áreas e servizos administrativos a recomendación da necesidade de contención do gasto en ambos conceptos, así como en relación as indemnizacións por razón do servizo xeneradas pola utilización de vehículos particulares e amparadas polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razón do Servizo, nos termos das observacións contidas nos informes técnicos citados.

Polo que respecta ao control do gasto en materia de productividade, e sen prexuízo da necesidade de reorientación por parte dos responsables dos servizos administrativos do desempeño de funcións de categoría superior e dos supostos de acumulación temporal de dous postos de traballo, debe sinalarse, polo que respecta á xestión do sistema de reforzos dos efectivos adscritos ao Corpo de Policía Local, a aprobación dun Programa de Reforzos, destinado a xestionar as incidencias retributivas derivadas das necesidades de prestación do servizo policial e de garantía da seguridade cidadá, que sen dúbida permite unha mellora no control das incidencias do servizo, así como do gasto estimado, en relación con exercicios económicos anteriores.



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 8 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Resulta especialmente relevante salientar nestes aspectos a colaboración e cooperación da Dirección da Contabilidade e Orzamentación municipal -residenciada na Tesourería Municipal- na procura e articulación de mecanismos de mellora na xestión económica do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais.

Como conclusión ao antedito, e en coherencia cos informes emitidos aos últimos 10 exercicios orzamentarios, debe indicarse que a Área de Recursos Humanos e Formación responsabilizarase da xestión dos citados créditos sempre en tanto que se respeten os contidos establecidos dos informes técnicos emitidos ao presente expediente, o que necesariamente demandará a implicación dos órganos municipais competentes na xestión económico-financeira en relación coas retribucións do persoal municipal (Xunta de Goberno Local en canto á aprobación de retribucións e xestión do persoal municipal; Alcaldía-Presidencia en canto á autorización de transferencias de crédito en materia de gastos de persoal; Pleno en canto á autorización do incremento da contía máxima das partidas orzamentarias de productividade e gratificacións, e das correspondentes Concellerías-delegadas das Áreas en canto á sinatura e conformidade coa prestación dos servizos polos efectivos ao seu cargo).

Os esquemas e supostos de devengo retributivo deberán ser revisados en función da normativa de desenvolvemento do réxime retributivo dos empregados/as públicos contemplado no Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pendente de desenvolvemento e conseguinte aprobación por parte do lexislador competente.

De calquera xeito, as indicacións contidas nos informes técnicos obrantes no presente expediente resultan de necesaria observancia no que respecta ás contías aboadas ao longo de exercicios anteriores e á evolución do gasto en cada unha das aplicacións orzamentarias concretas e demáis aspectos xerais de xestión económica dos gastos de persoal que resultan aplicables á data de hoxe.

**II. Cotizacións á Seguridade Social:**



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 9 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A cantidade total prevista é de **15.575.847,87 euros**, cun incremento respecto dos 14.509.734,78 euros previstos no exercicio 2019, abarcando tanto ao persoal municipal como dos cargos electos locais, figurando incluidos os seguros sociais do persoal contratado ao abeiro dos plans de emprego (plans municipais, fondos europeos ou plans de cooperación con outras Administracións Públicas territoriais e/ou institucións supranacionais); contías cuxo incremento deriva fundamentalmente do incremento das cotizacións derivadas da entrada en vigor do Real Decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración Local.

Deberán preverse contías suficientes para facer fronte á totalidade das obrigas que neste concepto estén recoñecidas ou orzamentadas -entre elas, as derivadas de eventuais adecuacións retributivas- e debe terse en conta o sistema de pagamento con posterior regularización ("sistema de relación contable") implementado pola Tesourería Municipal ao longo do ano 2009, a fin de obter o abono dunha contía fixa mensual.

Na xestión dos gastos en materia de Seguridade Social debe considerarse o impacto das incidencias relativas ao persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme -pendente da obrigada regularización- e os avatares suscitados na tramitación administrativa relativa á execución das resolucións xudiciais correspondentes, que xeneran sen dúbida distorsións na xestión orzamentaria da aplicación orzamentaria indicada; aplicación que, en calquera caso, deberá estar suficientemente dotada para o afrontamento dos gastos que en tal concepto se devenguen, nos termos do sinalado nos informes técnicos emitidos ao presente expediente e nos informes desta xefatura emitidos ao Capítulo I de anteriores exercicios dende o ano 2006.

Igualmente, debe considerarse especialmente que a vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado correspondente ao ano 2018 -en situaciónd e prórroga- recolle a posibilidade de realización de aportacións a plans de pensións e contratos de seguro colectivos que inclúan a continxencia de xubilación, en determinados supostos e supeditados ao cumprimento de determinados requisitos. A tal efecto se contempla, como en exercicios anteriores, unha dotación orzamentaria



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 10 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

destinada ao cumprimento das obrigas empresariais para o Concello derivadas do previsto no vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" -aprobado polo Pleno do Concello o 28/12/1998- que ascende a un importe de **533.115,00 euros**, idéntica á prevista para o presente exercicio 2019.

A Xunta de Goberno Local, xa en sesión de data 07/03/2014 (expediente administrativo nº 24.810/220) acordou no seu día a reanudación das aportacións ao plan de pensións constituido, ao cumprirse os requisitos legais que a tal efecto contempla o artigo anteriormente transcrito.

Como consecuencia do anterior, debe considerarse especialmente que actualmente, as aportacións a plans de pensións están incluidas na base de cotización, de conformidade co establecido no artigo 109 do Real Decreto-Lei 16/2013, de 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empleabilidade dos traballadores, producindo un incremento da mesma. A este respecto, a Comisión Xestora do Plan de Pensións acordou, segundo consta no acordo transcrito nos antecedentes, o prorrateo por mensualidades das cotas extras achegadas polo empregador nos meses de xuño de decembro de cada ano, aos efectos de imputación na base de cotización á Seguridade Social, a efectos do cal deberán ser suficientes as dotacións económicas da partida orzamentaria de Seguridade Social, de xeito tal que sexa posible cumprir coas obrigas legais na materia.

Lémbrase igualmente que xa en data 31/12/2015 se producira a finalización da obriga de cotización adicional derivada dos custes de integración no réxime xeral da Seguridade Social dos funcionarios da administración Local, nos termos do establecido no Real Decreto-Lei 12/1995, de 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, en cuxo artigo 41 contemplábase que:

*"Como compensación económica de los costes de integración en el Régimen General de la Seguridad Social del personal incluido en el campo de aplicación del Régimen General de la Seguridad Social de los funcionarios de la Administración Local, además de la prevista en el artículo 4 del Real Decreto 480/1993, de 2 de*



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 11 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*abril, se efectuará durante veinte años contados a partir del 1 de enero de 1996, una aportación equivalente a cotizar por un tipo adicional del 8,20 por 100 por el personal que, en 31 de marzo de 1993, se hallaba incluido como activo en el campo de aplicación dicho Régimen General".*

**III.- Complemento de pensións no suposto de xubilacións:**

A fin de facer fronte ás situacións preexistentes que traian causa de actos firmes e executivos consígnase un importe de **5.469,44 euros** -importe idéntico ao establecido para o presente ano 2019-, que nada teñen que ver con aquelas previsións económicas recollidas en anteriores orzamentos municipais denominadas "complemento de pensións do persoal xubilado do Concello de Vigo", dado que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29/05/2006, acordou non continua-la aplicación do complemento de pensións a favor do persoal municipal xubilado acordado polo Pleno en sesión de data 31/08/1994, en aplicación do previsto no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, aprobatorio do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) en cuxa Disposición Adicional se reproduce o contido da Lei 11/1960, de creación da MUNPAL; a pesares de ter sido suprimida a dita Mutualidade, a disposición adicional cuarta, apartado 2 da devandita Lei 11/1960 –que goza de vixencia normativa plena en virtude da disposición derogatoria única do Real Decreto 480/1993, do 2 de abril, resultando consecuentemente de aplicación- consigna expresamente que *"as Corporacións Locais non poderán no sucesivo conceder aportacións, subvencións ou axudas de calquera xénero para fins de previsión dos seus funcionarios. Serán nulos os créditos que se concedan con infracción deste precepto e o seu pago xenerará as responsabilidades pertinentes."*

**IV. Aboamento de incapacidade temporal durante a tramitación da incapacidade definitiva:** prevese un importe de **1.000,00 euros**, como no presente exercicio 2019.

**V. Retribucións dos membros da Corporación:** Ben en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, recóllense en contía final de **862.799,18 euros**, fronte ao importe de 1.088.227,88 euros previsto nos exercicios 2017, 2018 e 2019, nunha clara reducción de custes neste punto.



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 12 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**VI. Fomento do emprego:**

Consígnanse diversas contías para facer fronte á contratación laboral temporal con cargo á actividade de fomento do emprego, á reserva por xubilación anticipada, aos plans de emprego e inserción laboral encadradas en diversos programas (DUSI, inserción laboral para mulleres víctimas de violencia de xénero; primeira experiencia laboral para menores de 30 anos, entre outros) e demáis conceptos correlativos, por unha contía de **3.699.891,68 euros**, fronte aos **2.789.863,79 euros do 2019, 2.464.121,04 euros do 2018 e aos 1.791.121,04 euros do exercicio 2017,** incluindo os custes de seguridade social dentro da aplicación orzamentaria xeral de seguridade social.

En canto á reserva para xubilación anticipada, dotada con **41.121,04 euros**, idéntica á dos exercicios 2018 e 2019.

Polo que respecta á concreta partida orzamentaria denominada "outras modalidades de nomeamento de persoal temporal non permanente", contémplase unha dotación de **767.629,27 euros, fronte aos 578.742,75 euros e en contraste aos 200.000 euros do exercicio 2018**; considerando a dificultade de conter o recurso ao nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal, debe manifestarse que segue a considerarse insuficiente, de manterse o volúme actual de contratación temporal e/ou nomeamento de funcionarios/as interinos/as por calquera das modalidades legalmente previstas na lexislación vixente, sempre en tanto se motive a necesidade e oportunidade de selección e nomeamento do mesmo.

Como se salientou no informe ao Capítulo I dos orzamentos Municipais para os anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2017, 2018 e 2019, durante o ano 2007 o gasto en contratos laborais temporais chegou a ser de máis de 700.000 euros, cando a dita partida estaba dotada con 60.000 euros; no ano 2008 a situación foi similar, ao igual que no exercicio 2009; téndose salientado tal incidencia nos informes ao Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para os exercicios económicos 2008 e 2009, que obriga a dar operatividade á



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 13 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

vinculación xurídica dos créditos do Capítulo I, nos termos do previsto nas bases de execución dos orzamentos para cada exercicio económico.

Contémplase unha partida específica na cal –a efectos de imputación do gasto- se da cabida aos funcionarios interinos por acumulación de tarefas e aos funcionarios interinos para a execución dos plans e programas de carácter temporal, figuras suxeitas ao Dereito Administrativo consignadas no artigo 10 do TREBEP, que en modo algún se atopan suxeitos á lexislación laboral, nin nada teñen que ver coa mesma, ao constituir o vínculo xurídico das mesmas unha relación de suxeición especial rexida polo Dereito Administrativo. Todo elo sen prexuízo da definición, mediante a correspondente liña xurisprudencial por parte do Tribunal Supremo, ao respecto da condición do persoal interino nomeado pola modalidade legal de acumulación de tarefas, que á data de hoxe resulta amplamente controverida en relación ao persoal interino e laboral temporal no ámbito do sector público.

A este respecto, e debido a que o nivel de gasto en tal concepto incrementouse exponencialmente durante os exercicios 2018 e 2019 en condicións superiores a exercicios anteriores, efectúase unha remisión expresa ao informe técnico de data 07/10/2019, de sostibilidade do borrador técnico do Capítulo I de gastos 2019 xa referenciado, no cal se contempla literalmente que:

*"En data 09/04/2019 polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal ordena se proceda á tramitación de expediente administrativo tendente á elaboración, no contexto do marco legal vixente, do borrador de anteproxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal para o ano 2020, que deberá incluír os informes técnicos necesarios, xunto con aqueles procedentes, aos efectos da súa remisión á unidade responsable da formación do Proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2020.*

*Pola Xefatura da Area en data 10/04/2019 solicitase a Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación, informe en relación a calendarización do procedemento de elaboración e aprobación dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2020, con indicación da data límite para a remisión da documentación completa correspondente ao Capítulo I de gastos.*



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 14 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*En data 18/06/2019 a Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación informa da actualización dos custes do capítulo 1 que son obxecto de aplicación para o proxecto de orzamentos do ano 2020, nos conceptos 100, 110, 120, 121, 130, 160. En referencia a este ultimo sinalase a necesidade de ter en conta o incremento da SS de Policía pola aplicación del Real Decreto 1449/2018 e DA 164a da Lei 6/2018 (8,84%), así como o previsto no RD-l 28/2018, relativo ao tope máximo das bases de cotización no sistema da Seguridade Social.*

*En relación ao porcentaxe de actualización dos Gastos de persoal indicase una variación do 2,46% que non será aplicable esta revalorización ao Fondo de Adecuación, Produtividade, Gratificacións, Outras modalidades de Contratación, Plan de Pensións, Plan de emprego municipal, Programa contra violencia de xénero, Primeira experiencia laboral, Gastos de formación, Fondo social, Seguro colectivo de vida e accidentes.*

*En canto a prazos, o prazo máximo para a incorporación da información fíxase para o 6 de setembro de 2020.*

*Indicase así mesmo que a documentación deberá ter reflectidos os cambios que se produciron ata a data, debendo evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2020, en consecuencia os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, deberán diferirse ao ano seguinte.*

*Sinalase así mesmo en relación cos postos de Traballo do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo a conveniencia de regularizar tecnicamente a súa situación, para o que se propón a eliminación do capítulo 1, das dotacións de persoal que esta a prestar servizos na XMU, persoal que pasaría a ser capítulo 1 da Xerencia de Urbanismo.*

*En consecuencia e de acordo coas directrices proporcionadas pola Xefatura da Area de Recursos Humanos e Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación, en reunión técnica mantida o dia 08/07/2019, a vista do artigo 172.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, elabórase informe técnico no que se recolle o importe do Capítulo I de Gastos para o vindeiro ano 2020, que ascendía a un total de 70,689,583.10€ o que supón un incremento de 2.806,885,80€, respecto do mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, incrementado no 2,46% da masa retributiva previsto na Ley 6/2018, do 3 de*



ASINADO POR: Xefa Da Área De Recursos Humanos E Formación (Maria Dapena Gómez) 2019-10-07T16:33:22+02:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 07/10/2019 16:35 | Páxina 15 de 39
Expediente 33833/220 | CSV: 27E2C2-5C4D27-4CCDCD-A7579L-3N48H1-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*xullo de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogada para o presente ano.*

*Remitido o referido borrador a Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación, foron realizados axustes no documento, debido na súa maior parte polo incremento da partida de Seguridade Social experimentada polos aumentos dos tipos de cotización do Corpo da Policía Local derivados da entrada en vigor do RD 1449/2018, de 14 de Decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local e, os acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación coa representación sindical.*

*Consecuencia do anterior procedeuse a elaboración dun novo informe técnico no que se recolle o importe definitivo do Capítulo I de Gastos para o vindeiro ano 2020, que ascende a un total de 70,028,171.00€ o que supón un incremento de 2.145,473,70€, respecto do mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, incrementado no 2,46% da masa retributiva previsto na Lei 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogada para o presente ano.*

*En relación co dito borrador cumpre informar o seguinte:*

a) *Código:* 20151003.
b) *Denominación:* Compra de mobiliario.
c) *Ano de inicio:* 2020. *Ano de remate:* 2020.
d) *Importe da anualidade:* 12.000,00 euros.
e) *Tipo de financiación:* recursos xerais propios.
f) *Vinculación do crédito:* funcional 1510; económica 62.
g) *Órgano encargado da súa xestión:* Servizos Centrais de Urbanismo.

5) PROXECTO 2020.151004 "Investimentos de mellora no edificio da XMU":
a) *Código:* 20151004.
b) *Denominación:* Investimentos de mellora no edificio da XMU.
c) *Ano de inicio:* 2020. *Ano de remate:* 2020.

ASINADO POR: Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-18T10:38:31+02:00 -

Documento asinado

d) *Importe da anualidade:* 6.000,00 euros.
e) *Tipo de financiación:* recursos xerais propios.
f) *Vinculación do crédito:* funcional 1510; económica 63.
g) *Órgano encargado da súa xestión:* Servizos Centrais de Urbanismo.

6) PROXECTO 2020.151005 "Cotas de urbanización":
*a) Código:* 20151005.
*b) Denominación:* Cotas de urbanización.
*c) Ano de inicio:* 2020. *Ano de remate:* 2020.
*d) Importe da anualidade:* 40.000,00 euros.
*e) Tipo de financiación:* recursos xerais propios.
*f) Vinculación do crédito:* funcional 1510; económica 68.
*g) Órgano encargado da súa xestión:* Xestión urbanística.

7) PROXECTO 2020.151006 "Investimentos en chan do PMS":
*a) Código:* 20151006.
*b) Denominación:* Investimentos en chan do PMS.
*c) Ano de inicio:* 2020. *Ano de remate:* 2020.
*d) Importe da anualidade:* 16.758,02 euros.
*e) Tipo de financiación:* recursos xerais propios.
*f) Vinculación do crédito:* funcional 1510; económica 68.
*g) Órgano encargado da súa xestión:* Xestión urbanística.

8) PROXECTO 2020.151007 "Maquinaria e instalacións":
*a) Código:* 20151007.
*b) Denominación:* Maquinaria e instalacións.
*c) Ano de inicio:* 2020. *Ano de remate:* 2020.
*d) Importe da anualidade:* 3.000,00 euros.
*e) Tipo de financiación:* recursos xerais propios.
*f) Vinculación do crédito:* funcional 1510; económica 62.
*g) Órgano encargado da súa xestión:* Servizos Centrais de Urbanismo.

JGR/AMH

No lugar e data da sinatura dixital
A Vicepresidenta da XMU

Mª José Caride Estévez

ASINADO POR: Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-18T10:38:31+02:00 -

Documento asinado

# XERENCIA URBANISMO

## Presupuesto de gastos

Periodo: 2020
Ordenado por: Programa , Capítulo , Concepto
Agrupado por: Programa , Capítulo , Concepto

| Orgánico | Programa | Económico | Denominación | CREDITOS EJER N |
|---|---|---|---|---|
| | 1510 | 6000000 | EXPROPIACIÓNS | 100.000,00 |
| | | | **Total Concepto 600 Inversions en terrenos.** | **100.000,00** |
| | 1510 | 6090000 | INVESTIMENTOS CORREDOR DOLAGARAES | 135.280,00 |
| | | | **Total Concepto 609 Outros investimentos destinados o uso xeral** | **135.280,00** |
| | 1510 | 6230000 | MAQUINARIA E INSTALACIÓNS | 3.000,00 |
| | | | **Total Concepto 623 Maquinaria, instalaciones técnicas e utillaxe.** | **3.000,00** |
| | 1510 | 6250000 | MOBILIARIO | 12.000,00 |
| | | | **Total Concepto 625 Mobiliario.** | **12.000,00** |
| | 1510 | 6260000 | EQUIPOS INFORMATICOS | 15.000,00 |
| | | | **Total Concepto 626 Equipos para procesos de información.** | **15.000,00** |
| | 1510 | 6320000 | REFORMAS NO EDIFICIO DA XERENCIA | 6.000,00 |
| | | | **Total Concepto 632 Edificios e outras construccions.** | **6.000,00** |
| | 1510 | 6810100 | COTAS DE URBANIZACIÓN | 40.000,00 |
| | 1510 | 6810300 | INVESTIMENTOS EN BENS DO PMS | 16.758,02 |
| | | | **Total Concepto 681 Terrenos y bienes naturales** | **56.758,02** |
| | | | **Total Capítulo 6 INVERSIONS REAIS.** | **328.038,02** |
| | | | **Total Programa 1510 Planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urba** | **328.038,02** |
| | | | **Total presupuesto de gastos:** | **328.038,02** |

ASINADO POR: Tecnico Superior De Actividades Economicas (Juan Gonzalez Ramirez) 2019-10-18T09:58:48+02:00 -

Documento asinado



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:23 | Páxina 1 de 1
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 22EDC7-5HD8DA-264821-8U93GV-XLDRFG-H7
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Tecnico Superior De Actividades Economicas (Juan Gonzalez Ramirez) 2019-10-18T09:58:52+02:00 - Tecnico Tesoureria-xestion Ingresos (Ana Maria Martin Herrero) 2019-10-18T10:38:07+02:00 -



## BENEFICIOS FISCAIS E O SEU IMPACTO NA RECADACIÓN

Emítese o presente informe en relación co establecido no artigo 168.1.e) do Real Decreto Lei 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, na redacción establecida na disposición final primeira do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Recóllense a continuación os beneficios fiscais existentes sobre os tributos liquidados e recadados pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e a súa incidencia nos ingresos de dito organismo autónomo.

Os tributos xestionados pola Xerencia de Urbanismo son en todo caso taxas, e os beneficios fiscais existentes teñen carácter voluntario e están recollidos nas ordenanzas fiscais correspondentes.

### TAXA POR LICENZAS DE CONSTRUCIÓNS, OBRAS E INSTALACIÓNS

Previsións iniciais sen beneficios fiscais: 1.158.302,27 euros.

Exención obras menores: 14.000 euros.
Bonificación obras nos plans especiais de reforma interior e edificios catalogados: 16.000 euros.
Bonificación obras en Bens de Interese Cultural: 1.000 euros.
Exención obras acollidas a Programas de Rehabilitación de Vivenda: 10.000 euros.
Bonificación PEIM (proxecto empresarial de interese municipal): 0,00 euros.

Previsións iniciais con beneficios fiscais: 1.117.302,27 euros.

### TAXA POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS

Previsións iniciais sen beneficios fiscais: 80.000,00 euros.

Bonificación PEIM (proxecto empresarial de interese municipal): 0,00 euros.

Previsións iniciais con beneficios fiscais: 80.000,00 euros.

### TAXA POR LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Previsións iniciais sen beneficios fiscais: 26.892,29 euros.

Exención vivendas de protección oficial: 750 euros.

Previsións iniciais con beneficios fiscais: 26.142,29 euros.

No lugar e data da sinatura electrónica

Ana Mª Martín Herrero, TÉNNICA DE TESOURERÍA E XESTION DE INGRESOS

Juan González Ramírez, XFE DOS SERVIZOS CENTRAIS

Documento asinado

**Concello de Vigo**

**INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA O ANO 2020**

De acordo co preceptuado no artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, ao Orzamento do Organismo Autónomo uniráselle, entre outra documentación, un informe económico-financeiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, e en consecuencia a efectiva nivelación do Orzamento.

**-I-**

**ORZAMENTO DE GASTOS**

O Estado de Gastos contén as consignacións orzamentarias necesarias para atender todas as obrigas contraídas por este organismo e acada un importe total para o ano 2020 de 7.778.605,31 euros, un 0,64% superior ao de 2019. A análise do Orzamento de Gastos realízase tendo en conta os distintos capítulos orzamentarios.

**Capítulo I. Gastos de persoal**

Neste capítulo figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, seguridade social, formación e fondo social. A súa porcentaxe nos gastos totais é do 69,72%.

Respecto do exercicio anterior, o capítulo I no seu conxunto experimenta un aumento do 33,35%. Dito incremento débese, basicamente, á inclusión no cadro de persoal da Xerencia de Urbanismo de 23 prazas que proveñen do Concello-ente matriz e que se corresponden cos postos que estaban ocupados por persoal adscrito do Concello.

Consecuentemente, a dotación destas prazas realízase, a partir do exercicio 2020, no capítulo primeiro do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Así mesmo, e por idéntico motivo, desaparece a transferencia corrente (capítulo IV, partida 1510.4000000) que se viña realizando ao Concello de Vigo en exercicios anteriores para compensar o custo do persoal da entidade matriz adscrito a este Organismo Autónomo.

Ao conxunto das retribuciones, ademáis, aplicouselles un incremento do 2,46%, idéntico as previsións de incremento salarial para o conxunto do persoal do Concello de Vigo.

ASINADO POR: Tecnico Superior De Actividades Economicas (Juan Gonzalez Ramirez) 2019-10-18T09:58:55+02:00 -

Documento asinado

**Concello de Vigo**

A partida de Seguros do persoal experimenta un incremento notable, xa que nos derradeiros exercicios permanecera invariable, creándose un desfase co importe real das primas que se están aboando. Asemade esta partida recolle un incremento do 25%, pactado cos representantes sindicais, para mellorar as coberturas dos citados seguros.

**Capítulo II. Gastos de bens correntes e servizos**

Prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (alugueres, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencias técnicas e outros contratos de servizo), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras e do servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo. A súa porcentaxe respecto do total é do 24,88%.

En relación ao ano anterior, prodúcese un incremento do gasto en bens correntes e servizos do 2,31%.

En xeral as partidas deste capítulo de gasto mantéñense estables, con algunha excepción como o contrato de seguridade do edificio, que amplía a súa consignación para estudar unha posible ampliación do obxecto do contrato.

Tamén incrementa a súa dotación nun 25% a partida de execucións subsidiarias, co fin de posibilitar a execución de determinados fallos xudiciais.

Neste capítulo singularízanse determinadas dotacións:

- Partida de 60.000 euros para o financiamento dun proxecto de reforma das edificacións existentes na praza da Igrexa do Casco Vello (praza da Colexiata).

- Partida de 40.500 euros para o financiamento do proxecto de urbanización da Panificadora.

A redución da consignación do contrato de oficina de Rehabilitación débese a que a mesma verase incrementada polas achegas da Administración Estatal e Autonómica, dentro da execución e no ámbito do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021. Aplicaranse fondos de remanentes de crédito, derivados de ingresos dos exercicios 2018 e 2019, e xeraranse os créditos dos ingresos derivados dos convenios pendentes de sinatura.

ASINADO POR: Tecnico Superior De Actividades Economicas (Juan Gonzalez Ramirez) 2019-10-18T09:58:55+02:00 -

Documento asinado

A maior partida do capítulo II é a destinada a sufragar o contrato de redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal. Dita partida, cuxa consignación ascende a 699.380,00 euros, xa no incorpora dotación para a actualización cartográfica (que remata a final deste ano 2019) e ten un financiamento previsto da Xunta do 50% de dito importe.

**Capítulo IV. Transferencias correntes**

Neste capítulo desaparece a transferencia ó Concello destinada a compensar o gasto xerado polo persoal municipal adscrito á Xerencia de Urbanismo.

Como xa se expuxo no capítulo I, o motivo é a integración no cadro de persoal da Xerencia de Urbanismo das prazas ocupadas por persoal adscrito do Concello.

**Capítulo VI. Investimentos reais.**

Neste capítulo inclúense investimentos financiados con cargo a fondos propios, tantos os necesarios para o funcionamento adecuado dos servizos urbanísticos (maquinaria e instalacións, mobiliario, equipos informáticos e reformas do edificio), como os que favorecen o desenvolvemento urbanístico: expropiacións e adquisicións de solo, cotas de urbanización a cargo do Concello e investimentos en bens do Patrimonio Municipal do Solo.

Inclúese, así mesmo, unha partida para acometer investimentos no Corredor do Lagares.

Os investimentos con cargo ós recursos obtidos pola xestión do Patrimonio Municipal do Solo non se inclúen neste capítulo VI do Orzamento, sen prexuízo de que durante o exercicio 2020 poidan imputarse ao mesmo aqueles investimentos que se recollen na Memoria deste Orzamento e que se financiarían con cargo a recursos obtidos en exercicios anteriores (todo elo mediante a tramitación da pertinente modificación orzamentaria).

No total do orzamento, as consignación iniciais do capítulo VI de investimentos reais, supoñen un 4,22%, e non experimentan variacións significativas respecto do exercicio anterior.

**Capítulo VII. Transferencias de capital**

Mantense a partida destinada a axudas a accesibilidade nos edificios cun crédito de 50.000 euros.

Créase unha partida destinada a subvencionara a iluminación de edificios históricos, cunha dotación de 10.000 euros.

ASINADO POR: Tecnico Superior De Actividades Economicas (Juan Gonzalez Ramirez) 2019-10-18T09:58:55+02:00 -

Documento asinado

O capítulo VII representa unha porcentaxe do 0,77% no total do Orzamento.

**Capítulo VIII. Activos financieiros.**

Este capítulo recolle o importe máximo dos préstamos reintegrables concedidos ao persoal propio da Xerencia. O seu financiamento figura no concepto de ingresos que contempla a devolución dos devanditos préstamos. Supón o 0,41% do orzamento total e experimenta un incremento do 28% respecto do exercicio anterior.

**-I I-**

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

O Orzamento de Ingresos ascende a 7.778.605,31 euros, o que supón un incremento do 0,64% respecto do exercicio anterior.

Realízase a seguinte análise por capítulos:

**Capítulo III. Taxas e outros ingresos**

Neste capítulo inclúense as taxas que gravan a expedición de documentos, a tramitación de licenzas (obras, primeiras ocupacións e actividades), as sancións por infraccións urbanísticas e as execucións subsidiarias. A porcentaxe nos totais é do 18,54 %.

Realizouse un axuste nas previsións de ingresos á vista da recadación efectiva que se está producindo (datos a 30.09.2019), compensando de forma global os excesos nalgúns conceptos cos menores ingresos noutros.

Redúcense as previsións nos conceptos de Expedición de documentos e Licenzas de actividades, nun 46,84% e 8,43% respectivamente. Pola contra, increméntanse nos conceptos de Licenzas de obras e Licenzas de primeira ocupación, nun 39,66% e nun 63,39% respectivamente. Todo elo, de acordo coa evolución da recadación efectiva de cada un dos conceptos.

As previsións de ingresos do concepto de Execucións subsidiarias redúcense nun 66,67%, dada a dificultade que vai entrañar a recadación dos importes de determinadas execucións subsidiarias.

A variación total do capítulo III respecto do exercicio anterior representa un incremento do 7,22%.

ASINADO POR: Tecnico Superior De Actividades Economicas (Juan Gonzalez Ramirez) 2019-10-18T09:58:55+02:00 -

Documento asinado

**Concello de Vigo**

**Capítulo IV. Transferencias correntes**

O importe do capítulo cuarto no total do orzamento representa un 81,04%. Neste capítulo figura a aportación do Concello á Xerencia Municipal de Urbanismo por unha contía de 5.829.965,00 euros (un 1,85% menos que en 2019).

Actualízanse as achegas da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM (50% da anualidade 2020), e da Oficina de Rehabilitación, en función do financiamento previsto nos convenios asinados ao efecto.

No seu conxunto o capítulo IV experimenta unha diminución do 0,72% respecto do ano 2019.

**Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

Recolle os xuros polos depósitos da Xerencia nas entidades financeiras, cun importe de 1.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe do 0,01% sobre o total. As previsións reflectidas neste concepto reducíronse nun 90% respecto de exercicios anteriores de acordo coa evolución da recadación efectiva nos exercicios precedentes.

**Capítulo VIII. Activos financeiros**

Inclúe as devolucións dos préstamos concedidos ó persoal propio da Xerencia: 32.000 euros que supoñen o 0,41% do orzamento total. Incrementáronse as previsións nun 28%

No lugar e data da sinatura electrónica

Juan González Ramírez, o xefe dos Servizos Centrais da XMU

ASINADO POR: Tecnico Superior De Actividades Economicas (Juan Gonzalez Ramirez) 2019-10-18T09:58:55+02:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Xerente De Urbanismo (Jose Carlos Hernandez Figueruelo) 2019-10-18T10:01:09+02:00 - Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-18T10:38:41+02:00 -

| | |
|---|---|
| **Concello de Vigo** | **ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE VIGO 2020"**<br><br>**Expediente nº 11950/407** |

# P R O P O S T A :

De conformidade co preceptuado polo artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Xerencia Municipal de Urbanismo como Organismo Autónomo adscrito ó Concello de Vigo, presenta ó Consello da Xerencia, a aprobación do seu Orzamento.

Redactouse este Orzamento seguindo o previsto polos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contendo a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer este Organismo Autónomo e os dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2020.

De conformidade co artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, o Orzamento está integrado por:

a) Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.

b) Os estados de ingresos, nos que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, inclúense as bases de execución, que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias deste Organismo, sen prexuízo da aplicación das bases xerais do Concello.

Conforme co artigo 168.1 e 2 do propio Real Decreto Lexislativo 2/2004, ó Orzamento do Organismo Autónomo únese a seguinte documentación:

1) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

2) Liquidación do presuposto do exercicio e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.

Documento asinado

3) Anexo de persoal da Entidade Local.

4) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.

5) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da Xerencia.

6) Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

## Contido salientable.

O importe total do Orzamento da Xerencia para 2020 é de 7.778.605,31 euros, deixando de incluír no capítulo VI do Estado de Gastos os investimentos a financiar cos recursos obtidos polo alleamento de bens do PMS, tanto os producidos en exercicios anteriores e non aplicados a gastos determinados como aqueles que se poidan producir en 2020. Nestes casos tramitarase o correspondente modificación orzamentaria. Tamén serán obxecto de incorporación os remanentes de crédito non executados a 31 de decembro de 2019 e que suporán un forte aumento nas consignacións dos capítulos VI de Investimentos e VII de Subvencións de capital, especialmente as destinadas ás axudas do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, que permitirán o financiamento de obras de particulares en vivendas situadas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Vigo.

Os gastos correntes increméntanse un 4,28% para permitir a actualización das retribucións do persoal (aumento dun 2,46% respecto ó presupostado en 2019) e para dotar de consignación suficiente os contratos vixentes, en especial o de redacción do novo Plan Xeral.

Consígnanse créditos, igual que os exercicios anteriores, para posibilitar a concesión de axudas para comunidades de propietarios que executen obras de mellora na accesibilidade dos edificios antigos. Incorpórase ademais un crédito para colaborar no financiamento da iluminación de edificios históricos.

Todos estes gastos financiaranse de acordo cunhas previsións de ingresos que globalmente se incrementan un 0,64%, correspondendo o maior incremento ás

ASINADO POR: Xerente De Urbanismo (Jose Carlos Hernandez Figueruelo) 2019-10-18T10:01:09+02:00 - Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-18T10:38:41+02:00 -

Documento asinado

taxas pola tramitación de licenzas (en función da maior recadación acadada nos últimos meses). A transferencia corrente do Concello redúcese un 1,85%, existindo suficiencia financeira para asumir os custos deste Organismo Autónomo no ano 2020, de tal forma que existe cobertura orzamentaria de todos os contratos vixentes, de todos os compromisos de gastos adquiridos e dos gastos proxectados.

## Proposta.

En conclusión, proponse ó Consello da Xerencia (competente de acordo co artigo 10º.1.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo) que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Propoñer ó Pleno do Concello a aprobación, como parte do seu Orzamento Xeral, do Orzamento do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” para o exercicio 2020, que ascende ó importe de 7.778.605,31 euros”.

Vigo, na data da sinatura electrónica

Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

CONFORME: María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE

ASINADO POR: Xerente De Urbanismo (Jose Carlos Hernandez Figueruelo) 2019-10-18T10:01:09+02:00 - Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-18T10:38:41+02:00 -

Documento asinado

**INFORME DE INTERVENCIÓN**

**ASUNTO: Orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo para o ano 2020.**

Examinado o proxecto de orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo (en diante XMU) para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o TRLRFL en materia presupostaria, esta Intervención, en uso das facultades conferidas no artigo 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, procede a emitir o seguinte

**INFORME:**

**1.- Lexislación aplicable:**

Lexislación específica de Réxime Local:

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante, LRBRL).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante, LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC)
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b)).
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

**2.- Concepto:**

As Entidades Locais están obrigadas a elaborar e aprobar anualmente un orzamento único que constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, dos dereitos que prevexan liquidar



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 1 de 8
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integramente local.

**3.- Contido:**

O orzamento xeral da Entidade Local estará integrado por:

a) O orzamento da propia Entidade.
**b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.**
c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, o orzamento da XMU, integrante do orzamento xeral, contén:

– Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
– Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
– As bases de execución dos orzamentos, específicas para a XMU, sendo de aplicación as do Concello para o non previsto nestas.

**4.- Anexos e documentación complementaria.**

Ao proxecto de orzamento da XMU acompáñanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

• Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
• Resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2018.
• Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2019, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, así como estimación da liquidación do citado orzamento referida a 31 de decembro.
• Anexo de persoal, no que se relacionan e valoran os postos de traballo existentes, tanto os reservados a funcionarios como a persoal laboral e eventual, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
• Anexo dos investimentos a realizar no exercicio, debidamente codificado conforme ao artigo 19 do RP.
• Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
• Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

**5.- Estrutura orzamentaria.**

O proxecto de orzamentos da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 2 de 8 |
| EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

disposto no artigo 167 do TRLRFL.

**6.- Prazo de presentación.**

O expediente incoado para a aprobación do Proxecto de Orzamento da XMU para o ano 2020 tramítase incumprindo os prazos establecidos no apartado 2º do artigo 168 do TRLRFL, que dispón que o orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido é Entidade Local da que dependan antes do 15 de setembro de cada ano.

No entanto, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC[1], a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa. Por iso é polo que, aínda que a anulabilidad sexa a regra xeral, non poida afirmarse que calquera defecto do acto determine a súa invalidez, polo que podemos concluír que nos atopamos ante unha irregularidade non invalidante.

**7.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.**

**a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.**

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RP ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, o orzamento da XMU aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que non presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RP.

| | |
|---|---|
| Estado de gastos | 7.778.605,31 |
| Estado de ingresos | 7.778.605,31 |
| Déficit / superávit inicial | 0,00 |

1 O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

*"2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.*
*3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo".*



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 3 de 8
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**b) Déficit ou superávit por operacións correntes.**

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 4), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2020 presenta o seguinte desglose:

| | |
|---|---|
| PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERACIÓNS CORRENTES | 7.746.605,31 |
| CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS CORRENTES | 7.358.567,29 |
| SUPERÁVIT POR OPERACIÓNS CORRENTES | 388.038,02 |

Polo tanto o Proxecto de Orzamento da XMU preséntase nivelado e con superávit corrente suficiente para financiar os gastos de capital non financeiros (capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos).

**8.- Bases de execución dos orzamentos.**

Examinadas as Bases de Execución do Orzamento específicas da XMU para o exercicio 2020, non se aprecian incumprimentos da normativa vixente en materia orzamentaria nin económico-financeira, entendendo que o seu contido e finalidade axústanse ao establecido na normativa reguladora das facendas locais.

En particular, a base 6ª das citadas inclúe a relación expresa e taxativa dos créditos ampliables, con detalle dos recursos afectados:

| Crédito ampliable / Aplicación | Recurso afectado / Concepto |
|---|---|
| 1510.2279905 “Execucións subsidiarias” | 39902 “Execucións subsidiarias” |

A contía da ampliación será como máximo polo importe que supere a recadación neta sobre as previsións orzamentarias, sendo as previsións iniciais de 100.000,00 euros.

**9.- Gastos de persoal.**

No capítulo I do orzamento de gastos figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, gratificacións, formación e fondo social, entre outros aspectos.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 4 de 8
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O importe total dos créditos incluídos no Anexo de persoal é coincidente co importe total consignado nas correspondentes aplicacións do capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

As dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento global do 33,35% con respecto ás do exercicio 2019, que obedece a dous motivos fundamentais:

- En primeiro lugar, o capítulo I recolle as dotacións orzamentarias precisas para facer fronte ás retribucións do persoal que ven desenvolvendo as súas funcións de forma permanente e continuada na XMU, e que ata o de agora figuraban na RPT e no cadro de persoal orzamentario do Concello de Vigo, producíndose a regularización de dita situación consonte á normativa vixente. Deste xeito minórase pola mesma contía o importe da aplicación 1510.4000000 habilitada nos orzamentos dos exercicios anteriores para compensar o custo do persoal da entidade matriz adscrito ao Organismo Autónomo.

Hai un incremento de 1.356.421,74 euros no capítulo 1 e unha minoración no capítulo 4 de 1.368.856,73 euros, que pasa a ter un crédito inicial de 0,00 euros. Trátase polo tanto dun axuste de tipo cualitativo que non ten impacto no conxunto dos empregos correntes non financeiros.

- En segundo lugar, tívose en conta a previsión dun incremento salarial do 2,46% para o conxunto do persoal municipal.

Neste sentido, a Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, publicada no BOE nº 74, de 26 de marzo, establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2020 do 2,00%, e un incremento variable adicional para dito ano do 1,00% para un crecemento do PIB do 2,5%, axustable á baixa en función da porcentaxe de variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. Esta variación se devengaría se fose o caso a partires do 1 de xullo.

Segundo as previsións de distintos organismos (FUNCAS, FMI), o PIB 2019 prevese que varíe entre un 1,90% e un 2,20%. Ademais, tamén se contempla un incremento do 0,30% da masa salarial.

Deste xeito, se consideramos por prudencia un crecemento do PIB 2019 do 2,2% o incremento variable sería:

$$1\% \times (6/12) \times (2{,}2\%/2{,}5\%) = 0{,}44\% < 0{,}46\%$$

Polo que, en principio, a previsión dun incremento do 2,46% nas retribucións dos empregados públicos considerada nos orzamentos para o ano 2020, debe de ser suficiente para cubrir os incrementos previstos.

As retribucións dos funcionarios consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 5 de 8
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para atender os gastos por achegas aos plans de pensións do persoal dependente da XMU, así como a contía necesaria para o pago do “Fondo Social” aos traballadores.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímanse suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables a satisfacer pola XMU ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

**10.- Gastos en bens correntes e servizos.**

Segundo consta no informe económico-financeiro, no capítulo II prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (arrendamentos, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencias técnicas e outros contratos de servizos), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras e do servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo.

Para maior detalle e explicación remítome ao contido do informe económico-financeiro que obra no expediente.

**11.- Investimentos.**

Neste capítulo inclúense os créditos necesarios para financiar os proxectos previstos no anexo de investimentos incorporado ao expediente que se financian con recursos propios do exercicio. Isto é, a totalidade das operacións de capital non financeiro do exercicio finánciansе co superávit corrente ordinario ou aforro bruto do exercicio.

Lémbrase que o produto da monetarización do PMS obtido en exercicios anteriores ao 2020, como consecuencia do alleamento dos bens que o integran, constitúe un recurso afectado ao cumprimento das finalidades impostas pola lexislación urbanística[2], polo que ao tratarse de ingresos que deben destinarse a financiar gastos orzamentarios específicos e determinados, deben de ser obxecto dun adecuado control e seguimento contable de modo que os remanentes

2 O artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, establece que os bens do patrimonio público do chan deben ser destinados a algún dos seguintes fins:

a) Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.
b) Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pago en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de reacollo e retorno e pago de indemnizacións ou justiprecios por actuacións urbanísticas.
c) Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construdo.
d) Creación de chan para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.
e) Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do chan.
f) Aqueloutras finalidades previstas na lexislación vixente.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 6 de 8
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

dos créditos para investimentos financiados con cargo a ditos recursos deben obrigatoriamente incorporarse ao Orzamento do exercicio 2020 mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria.

**12.- Orzamento de ingresos.**

No que se refire ás previsións de ingresos, compre salientar os aspectos seguintes:

No capítulo III ("Taxas e outros ingresos") as contías actualizáronse de acordo cos datos de recadación efectiva relativos ao presente exercicio, estimándose o importe total consignado no citado capítulo (1.442.150,71 euros), congruente, no seu conxunto, cos datos que constan no avance de liquidación incorporado ao expediente.

No capítulo IV ("Transferencias correntes") consígnase a achega da entidade matriz á XMU para contribuír aos gastos de funcionamento do organismo por importe de 5.829.965 euros, que no ano 2020 experimenta un descenso do 1,85% respecto do exercicio anterior. O importe desta achega representa un 75,25% dos ingresos totais por operacións correntes da entidade, o que reflicte un elevado nivel de dependencia económica do Concello de Vigo.

Tamén, conforme ao previsto no informe económico-financeiro, neste capítulo actualízanse as achegas da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM e da Oficina de Rehabilitación, 473.489,60 euros.

No capítulo VI ("Alleamento de investimentos reais") non se prevé importe algún xa que non esta previsto o alleamento de bens integrantes do PMS ao longo do exercicio.

Resumo por capítulos.

| | 2019 | 2020 | Variación 2020 / 2019 | % s/ total |
|---|---|---|---|---|
| Capitulo 3 | 1.345.100,00 | 1.442.150,71 | 7,22 % | 18,54 % |
| Capitulo 4 | 6.348.980,00 | 6.303.454,60 | -0,72% | 81,04 % |
| Capitulo 5 | 10.000,00 | 1.000,00 | -90,00 % | 0,01 % |
| Ingresos correntes | 7.704.080,00 | 7.746.605,31 | 5,51 % | 99,59 % |
| Capitulo 6 | 0,00 | 0,00 | 0,00 % | 0,00 % |
| Ing. De capital non financeiros | 0,00 | 0,00 | 0,00 % | 0,00 % |
| Capitulo 8 | 25.000,00 | 32.000,00 | 28,00 % | 0,32 % |
| Ingresos por operac. financeiras | 25.000,00 | 32.000,00 | 28,00 % | 0,32 % |
| TOTAL | 7.729.080,00 | 7.778.605,31 | 0,64 % | 100,00 % |

**13.- Tramitación e aprobación.**

O orzamento será proposto inicialmente polo órgano competente do Organismo Autónomo, que segundo os seus Estatutos é o Consello Reitor e remitirase á Entidade Local da que depende,



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 7 de 8
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

acompañado de toda a documentación necesaria. Sobre a base destes e dos demais orzamentos de Organismos e sociedades dependentes, formarase o orzamento xeral que, acompañado polos Anexos e demais documentación e, debidamente informado e ditaminado pola Comisión correspondente, remitirase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, en acto único, en cumprimento do previsto no artigo 168.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 33.2 c) da vixente Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime Local.

O orzamento xeral, debidamente aprobado (aprobación inicial, anuncio en BOP, exposición ao público por 15 días hábiles e, no seu caso, resolución de reclamacións), entrará en vigor no exercicio 2020, unha vez publicado no BOP, resumido por capítulos, de cada un dos que o integran. Simultaneamente, remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma.

Desde entón todos os créditos do Estado de gastos, atoparanse na situación de dispoñibles.

Con todo, os créditos orzamentarios consignados afectados á concesión de subvencións, terán a súa dispoñibilidade condicionada á existencia de documentación que acredite o compromiso firme de achega.

**14.- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase cumprido o obxectivo cando os orzamentos iniciais consolidados alcancen, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit estrutural.

Por mandato legal, art. 16.2 do RD 1463/2007 de 2 de novembro que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, na súa aplicación ás EELL, a intervención local elevará a Pleno informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da entidade local, dos seus organismos e entidades dependentes. O informe referido é independente e emítese con carácter previo ao acordo do órgano competente para a aprobación do orzamento.

A observancia do cumprimento realízase entre outros momentos, na aprobación do orzamento, (art. 4.1 RD 1463/2007) e, a súa consecución debe examinarse a nivel de estados consolidados, polo que se remite á análise que se realice no expediente de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2020.

**Conclusións.**

Por canto antecede, esta Intervención emite o presente informe preceptivo favorable ao proxecto do Orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2020 ao amparo do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve a LFL en materia orzamentaria.

No lugar e data da sinatura dixital
O INTERVENTOR XERAL,
Asdo. Alberto Escariz Couso



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-18T11:55:38+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/10/2019 14:05 | Páxina 8 de 8
EXPEDIENTE 11950_407 | CSV: 2AEFC4-56D78E-D6BA86-RYJB7H-8GQQJP-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-22T14:16:01+02:00 - Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-10-22T14:32:07+02:00 -



**SUSANA GALLARDO FARIÑA, SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO**

**CERTIFICO:** Que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 22/10/2019 acordou:

**2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2020 DO ORGANISMO AUTÓNOMO "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO" EXPTE. 11950/407.**

**Antecedentes**:
O 18/10/2019 o xerente de Urbanismo co conforme da vicepresidenta da Xerencia informa:

"De conformidade co preceptuado polo artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Xerencia Municipal de Urbanismo como Organismo Autónomo adscrito ó Concello de Vigo, presenta ó Consello da Xerencia, a aprobación do seu Orzamento.

Redactouse este Orzamento seguindo o previsto polos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contendo a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer este Organismo Autónomo e os dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2020.

De conformidade co artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, o Orzamento está integrado por:

a) Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.

b) Os estados de ingresos, nos que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, inclúense as bases de execución, que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias deste Organismo, sen prexuízo da aplicación das bases xerais do Concello.

Conforme co artigo 168.1 e 2 do propio Real Decreto Lexislativo 2/2004, ó Orzamento do Organismo Autónomo únese a seguinte documentación:

1) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

2) Liquidación do presuposto do exercicio e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.

3) Anexo de persoal da Entidade Local.

Documento asinado

ASINADO POR: Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-22T14:16:01+02:00 - Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-10-22T14:32:07+02:00 -

4) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.

5) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da Xerencia.

6) Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

**Contido salientable.**

O importe total do Orzamento da Xerencia para 2020 é de 7.778.605,31 euros, deixando de incluír no capítulo VI do Estado de Gastos os investimentos a financiar cos recursos obtidos polo alleamento de bens do PMS, tanto os producidos en exercicios anteriores e non aplicados a gastos determinados como aqueles que se poidan producir en 2020. Nestes casos tramitarase o correspondente modificación orzamentaria. Tamén serán obxecto de incorporación os remanentes de crédito non executados a 31 de decembro de 2019 e que suporán un forte aumento nas consignacións dos capítulos VI de Investimentos e VII de Subvencións de capital, especialmente as destinadas ás axudas do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, que permitirán o financiamento de obras de particulares en vivendas situadas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Vigo.

Os gastos correntes increméntanse un 4,28% para permitir a actualización das retribucións do persoal (aumento dun 2,46% respecto ó presupostado en 2019) e para dotar de consignación suficiente os contratos vixentes, en especial o de redacción do novo Plan Xeral.

Consígnanse créditos, igual que os exercicios anteriores, para posibilitar a concesión de axudas para comunidades de propietarios que executen obras de mellora na accesibilidade dos edificios antigos. Incorpórase ademais un crédito para colaborar no financiamento da iluminación de edificios históricos.

Todos estes gastos financiaranse de acordo cunhas previsións de ingresos que globalmente se incrementan un 0,64%, correspondendo o maior incremento ás taxas pola tramitación de licenzas (en función da maior recadación acadada nos últimos meses). A transferencia corrente do Concello redúcese un 1,85%, existindo suficiencia financeira para asumir os custos deste Organismo Autónomo no ano 2020, de tal forma que existe cobertura orzamentaria de todos os contratos vixentes, de todos os compromisos de gastos adquiridos e dos gastos proxectados.

**Proposta.**

En conclusión, proponse ó Consello da Xerencia (competente de acordo co artigo 10º.1.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo) que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Propoñer ó Pleno do Concello a aprobación, como parte do seu Orzamento Xeral, do Orzamento do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" para o exercicio 2020, que ascende ó importe de 7.778.605,31 euros".

Documento asinado

ASINADO POR: Concelleira Delegada Da Area De Urbanismo (Maria Jose Caride Estevez) 2019-10-22T14:16:01+02:00 - Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-10-22T14:32:07+02:00 -



**Votación:**

| | |
|---|---|
| EN CONTRA: | Ningún voto. |
| ABSTENCIÓNS: | 3 abstencións: 1 do Grupo Mixto: Sra. Méndez Fuentes, 1 do PP: Sr. González Castillo, 1 do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Iglesias. |
| A FAVOR: | 7 votos do PSOE: Sres. Abelairas Rodríguez, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Rodríguez Díaz, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font. |

**Acordo:**
O Consello, conforme ao cómputo de votos establecido na sesión constitutiva de data 11/07/2019, dictamina favorablemente o presente informe e propón á Xunta de Goberno Local e ao Pleno a adopción do acordo que se contén na parte que antecede.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pe.
A vicepresidenta da XMU,
María José Caride Estévez

Documento asinado




**Inventario**
**Usuario: crp36057**
**Vigo**

**Salir Aplicación**

| **Nombre del Ente:** | **Código I.N.E.:** | **ID Ente: 17055** |
|---|---|---|
| Vigo | 36-057 | AA-000 |
| PONTEVEDRA | GALICIA | |
| Datos generales del Ayuntamiento de Vigo | [Consultar] | |
| Sectorización | [Consultar] | |
| Histórico de nombres | [Consultar] | |

| ORGANISMOS AUTÓNOMOS LOCALES | |
|---|---|
| 11-36-057-A-V-006 | Gerencia M. Urbanismo (**) AAPP - 01/10/2014 |

| SOCIEDADES MERCANTILES Y ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIALES |
|---|

| FUNDACIONES, INSTITUCIONES SIN ÁNIMO DE LUCRO Y COMUNIDADES DE USUARIOS | |
|---|---|
| 11-00-019-H-H-000 | F. Agencia Intermunicipal de la Energia de Vigo (**) AAPP - 01/04/2017 |
| 11-00-020-H-H-000 | F. Liste-Museo Etnográfico de Vigo (*) |
| 11-00-021-H-H-000 | F. Laxeiro (*) |
| 11-00-022-H-H-000 | F. Penzol |
| 11-00-023-H-H-000 | F. Provigo y súa Área |
| 11-00-024-H-H-000 | F. Marco (**) AAPP - 01/10/2014 |
| 11-00-029-H-H-000 | Vigo Convention Bureau (**) AAPP - 01/12/2018 |
| 11-00-030-H-H-000 | F. Vigo en Deporte (*) |
| 11-00-050-H-H-000 | F. Galicia Europa |
| 00-00-019-N-N-000 | Federación Española de Municipios y Provincias |
| 11-00-022-N-N-000 | Federación Gallega de Municipios y Provincias |

| CONSORCIOS |
|---|

| OTRAS ENTIDADES LOCALES DE ÁMBITO DISTINTO AL MUNICIPIO |
|---|

***(*): Entidades dependientes por control efectivo***
***(**): Sectorizado por la IGAE***
***(***): Revisable a corto plazo***

Volver Imprimir

***Secretaría General de Financiación Autonómica y Local***

# AJUSTE INEJECUCION

**Concello de Vigo**

| Capítulo | % execución gasto | | | | | Promedio 5 anos | Promedio 3 anos | % considerado | % inexecución | Importe capítulo | Financiamento alleo | Transferencias internas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2.014 | 2.015 | 2.016 | 2.017 | 2.018 | | | | | | | |
| I | 97,72 | 93,71 | 94,19 | 90,20 | 93,16 | 93,80 | 92,52 | 93,80 | 6,20 | 70.028.171,00 | 36.468,46 | 0,00 |
| II | 95,52 | 93,66 | 92,86 | 92,72 | 92,09 | 93,37 | 92,56 | 93,37 | 6,63 | 128.215.073,84 | 7.246.179,98 | 0,00 |
| III | 49,38 | 11,45 | 10,67 | 0,00 | 0,00 | 14,30 | 3,56 | 14,30 | 85,70 | 500,00 | 0,00 | 0,00 |
| IV | 96,05 | 96,02 | 95,91 | 96,49 | 93,20 | 95,53 | 95,20 | 95,53 | 4,47 | 33.882.508,26 | 1.527.027,00 | 6.634.965,00 |
| V | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | 600.000,00 | 0,00 | 0,00 |
| VI | 35,28 | 56,56 | 30,19 | 54,71 | 60,01 | 47,35 | 48,30 | 60,01 | 39,99 | 30.781.098,51 | 17.919.350,81 | 50.000,00 |
| VII | 61,11 | 64,84 | 82,68 | 94,58 | 27,57 | 66,16 | 68,28 | 68,28 | 31,72 | 1.618.050,46 | 0,00 | 0,00 |
| Ajuste por grado de ejecución del gasto | | | | | | | | | | 265.125.402,07 | 26.729.026,25 | 6.684.965,00 |

**Xerencia de Urbanismo**

| Capítulo | % execución gasto | | | | | Promedio 5 anos | Promedio 3 anos | % considerado | % inexecución | Importe capítulo | Financiamento alleo | Transferencias internas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2.014 | 2.015 | 2.016 | 2.017 | 2.018 | | | | | | | |
| I | 93,49 | 99,57 | 95,09 | 88,69 | 91,80 | 93,73 | 91,86 | 93,73 | 6,27 | 5.423.369,74 | 0,00 | 0,00 |
| II | 77,34 | 59,57 | 65,43 | 65,72 | 57,58 | 65,13 | 62,91 | 65,13 | 34,87 | 1.935.197,55 | 473.489,60 | 0,00 |
| III | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| IV | 98,51 | 98,51 | 100,00 | 100,00 | 100,00 | 99,40 | 100,00 | 100,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| VI | 32,71 | 81,81 | 26,47 | 14,79 | 7,96 | 32,75 | 16,41 | 32,75 | 67,25 | 328.038,02 | 0,00 | 0,00 |
| VII | 10,53 | 5,69 | 16,54 | 15,31 | 50,04 | 19,62 | 27,30 | 50,04 | 49,96 | 60.000,00 | 0,00 | 0,00 |
| | | | | | | | | | | 7.746.605,31 | 473.489,60 | 0,00 |

AJUSTE INEJECUCION

| Recursos propios | Axuste |
|---|---|
| 69.991.702,54 | 4.339.485,56 |
| 120.968.893,86 | 8.020.237,66 |
| 500,00 | 428,50 |
| 25.720.516,26 | 1.149.707,08 |
| 600.000,00 | 600.000,00 |
| 12.811.747,70 | 5.123.417,91 |
| 1.618.050,46 | 513.245,61 |
| 231.711.410,82 | 19.746.522,32 |

| Recursos propios | Axuste |
|---|---|
| 5.423.369,74 | 340.045,28 |
| 1.461.707,95 | 509.697,56 |
| 0,00 | 0,00 |
| 0,00 | 0,00 |
| 328.038,02 | 220.605,57 |
| 60.000,00 | 29.976,00 |
| 7.273.115,71 | 1.100.324,41 |

20.846.846,73

FINANCIACION AJENA

| Concepto | Administración | Destino | Importe |
|---|---|---|---|
| 45002 | Xunta de Galicia | Plan Concertado, SAF | 3.743.907,00 |
| 45003 | Xunta de Galicia | Cedro | 729.746,00 |
| 45006 | Xunta de Galicia | Libre concorrencia, SAF | 20.000,00 |
| 75060 | Xunta de Galicia | Obras túnel acceso estación intermodal | 564.995,63 |
| **Subtotal Xunta de Galicia** | | | **5.058.648,63** |
| 42090 | Administración do Estado | Transporte urbano colectivo | 1.295.527,00 |
| 42092 | Administración do Estado | Proxecto Vigo pola inserción laboral | 1.019.454,30 |
| 72000 | Administración do Estado | Humanización Avenida de Madrid | 1.497.617,69 |
| 72390 | ADIF | Obras túnel acceso estación intermodal | 7.637.169,33 |
| **Subtotal Administración do Estado** | | | **11.449.768,32** |
| 46700 | Consorcio Casco Vello | Personal adscrito | 36.468,46 |
| **Subtotal Consorcio Casco Vello** | | | **36.468,46** |
| 76101 | Deputación de Pontevedra | Plan Beirarrúas en barrios | 1.185.000,00 |
| 76114 | Deputación de Pontevedra | Humanización Serafín Avendaño, Areal, Rosalía de Castro | 216.000,00 |
| 76115 | Deputación de Pontevedra | Humanización Taboada Leal, Ronda don Bosco, Venezuela | 280.000,00 |
| 76116 | Deputación de Pontevedra | Humanización Hispanidade, Zamora, Pintor Colmeiro | 640.000,00 |
| 76105 | Deputación de Pontevedra | Cubrición patios en colexios | 600.000,00 |
| 76111 | Deputación de Pontevedra | Mellora céspede e instalacións campos de fútbol | 240.000,00 |
| 76110 | Deputación de Pontevedra | Investimento mellora Balaídos | 3.800.000,00 |
| 46102 | Deputación de Pontevedra | Plan asfaltado barrios | 1.040.000,00 |
| 46104 | Deputación de Pontevedra | Feira SEAFEST | 50.000,00 |
| 46100 | Deputación de Pontevedra | Marisquiño | 181.500,00 |
| 46106 | Deputación de Pontevedra | World Padel Tour | 55.000,00 |
| 46105 | Deputación de Pontevedra | Outros eventos internacionais | 12.500,00 |
| **Subtotal Deputación de Pontevedra** | | | **8.300.000,00** |
| 791 | UE-FEDER | Programa DUSI | 1.884.140,84 |
| **Subtotal UE-FEDER** | | | **1.884.140,84** |
| **Total xeral** | | | **26.729.026,25** |

**Asunto: Informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda con motivo da aprobación dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o exercicio 2020 (expte. 55/142).**

Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación do proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao exercicio 2020, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, por la que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

**Informe:**

**Primeiro.- Normativa de aplicación.**

- Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.
- Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013 (DOCE do 26-06-2013), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).
- Artigo 135 da Constitución Española.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).
- Lei Orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 1 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
- Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o enchemento da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

**Segundo.- Instrumentación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

O artigo 165 do TRLRHL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

A estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigos 11.4 da LOEP e 15 RDLEP).

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de xullo de 2017, acordou fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e para cada un dos seus subsectores para o período 2018-2020, así como a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, establecendo para as Entidades Locais os seguintes obxectivos:

| **Obxectivos (en porcentaxe do PIB)** | **2018** | **2019** | **2020** |
|---|---|---|---|
| Obxectivo de estabilidade orzamentaria: Capacidade (+) Necesidade (-) de Financiación | 0,0% | 0,0% | **0,0%** |
| Obxectivo de débeda pública | 2,7% | 2,6% | **2,5%** |
| Regra de gasto | 2,4% | 2,7% | **2,8%** |

**Terceiro.- Ámbito de aplicación subxectivo.**

Consultado o inventario de entes do Sector Público Local elaborado polo Ministerio de Facenda, constan sectorizadas pola IGAE como AAPP as seguintes entidades:

1. Concello de Vigo.
2. Xerencia Municipal de Urbanismo.
3. Fundación Marco.
4. Vigo Convention Bureau.
5. Fundación Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo (FAIMEVI), se ben tendo en conta que esta entidade atópase en proceso de extinción e liquidación, non se terá en consideración na análise das magnitudes.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 2 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Cuarto.- Tramitación.**

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

**Quinto.- Verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.**

Nos entes sometidos a orzamento o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento obtense por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Se a entidade ten contabilidade Empresarial a estabilidade orzamentaria correspondera cos gastos e ingresos non financeiros (axustados ao SEC).

| CAPÍTULO | INGRESOS | CONCELLO | XMU |
|---|---|---|---|
| 1 | Impostos Directos | 113.296.218,00 | 0,00 |
| 2 | Impostos Indirectos | 8.708.898,82 | 0,00 |
| 3 | Taxas e outros Ingresos | 40.156.209,00 | 1.442.150,71 |
| 4 | Transferencias Correntes | 81.735.182,76 | 6.303.454,60 |
| 5 | Ingresos Patrimoniais | 2.687.000,00 | 1.000,00 |
| **A** | **Total Ingresos Corrientes** | **246.583.508,58** | **7.746.605,31** |
| 6 | Enaxenación Inversións Reais | 0,00 | 0,00 |
| 7 | Transferencias de Capital | 18.544.923,49 | 0,00 |
| **B** | **Total Ingresos por Operaciones de Capital non Financeiras** | **18.544.923,49** | **0,00** |
| **I = A + B** | **Total Ingresos por Operaciones non Financeiras** | **265.128.432,07** | **7.746.605,31** |

| CAPÍTULO | GASTOS | CONCELLO | XMU |
|---|---|---|---|
| 1 | Gastos de persoal | 70.028.171,00 | 5.423.369,74 |
| 2 | Gastos en bens ctes. e servizos | 128.215.073,84 | 1.935.197,55 |
| 3 | Gastos financeiros | 3.530,00 | 0,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 33.882.508,26 | 0,00 |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 3 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5 | Fondo de continxencia | 600.000,00 | 0,00 |
| **C** | **Total Gastos Correntes** | **232.729.283,10** | **7.358.567,29** |
| 6 | Inversións Reais | 30.781.098,51 | 328.038,02 |
| 7 | Transferencias de Capital | 1.618.050,46 | 60.000,00 |
| **D** | **Total Gastos por Operacións de Capital non Financeiras** | **32.399.148,97** | **388.038,02** |
| **II = C + D** | **Total Gastos por Operacións non Financeiras** | **265.128.432,07** | **7.746.605,31** |
| **I - II** | **Resultado das Operacións non Financeiras** | **0,00** | **0,00** |

**Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional**.

Para a realización dos axustes consideramos o Manual da IGAE.

- **Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos fiscais e asimilados (capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos).**

En contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados é o de caixa, polo que os ingresos contabilizados nos Capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos da Corporación Local rexístranse polo importe total realizado en caixa en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Deste xeito se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuirá o déficit en contabilidade nacional.

Como os importes consignados no proxecto de orzamento nos capítulos 1, 2 e 3 aproxímanse aos importes que se espera recadar efectivamente, tanto do exercicio corrente como dos exercicios pechados, **non será necesario practicar ningún axuste** na capacidade ou necesidade de financiamento por este motivo. A estes efectos compre lembrar que a recadación total conxunta nos capítulos 1, 2 e 3 foi superior ás previsións iniciais consignadas nos orzamentos iniciais dos anos 2018 (+1,74%), 2017 (+1,49%), 2016 (+2,05%), 2015 (+3,37%), 2014 (+1,65%) e 2013 (+0,05%).

- **Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.**

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, debe realizarse un axuste positivo polo importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 4 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado.

| | |
|---|---|
| Devolución liquidación PIE 2008 en 2020 (+) | 543.137,28 |
| Devolución liquidación PIE 2009 en 2020 (+) | 2.110.929,24 |
| Axuste positivo (menor déficit) | 2.654.066,52 |

**Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento :**

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade de financiamento no orzamento consolidado.

| CONCEPTOS | CONCELLO | XMU |
|---|---|---|
| **Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente** | **265.128.432,07** | **7.746.605,31** |
| **Total Gastos capítulos I a VII orzamento corrente** | **265.128.432,07** | **7.746.605,31** |
| **a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO** | **0,00** | **0,00** |
| **AXUSTES** | | |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 1 | 0,00 | 0,00 |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 2 | 0,00 | 0,00 |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 3 | 0,00 | 0,00 |
| Axuste por devolución no 2018 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009 | 2.654.066,52 | 0,00 |
| **b) TOTAL AXUSTES** | **2.654.066,52** | **0,00** |
| **c) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a + b)** | **2.654.066,52** | **0,00** |

**Resultado Estabilidade Orzamentaria Grupo Administración Pública.**

| Entidade | Estabilidade Orzamentaria Grupo AAPP | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Ingreso non financeiro | Gasto non financeiro | Axustes SEC | | Capac./Nec. Financ. Entidade |
| | | | Axustes propia Entidade | Axustes por Operacións Internas | |
| Concello de Vigo | 265.128.432,07 | 265.128.432,07 | 2.654.066,52 | 0,00 | 2.654.066,52 |
| Xerencia Municipal de Urbanismo | 7.746.605,31 | 7.746.605,31 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| F. Marco | 831.046,81 | 799.306,82 | 0,00 | 0,00 | 31.739,99 |
| Vigo Convention Bureau | 477.000,00 | 477.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **Resultado grupo AAPP** | | | | | **2.685.806,51** |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 5 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Sexto.- Sustentabilidade financeira.**

**a) Cumprimento do límite de débeda.**

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,5% do PIB para o exercicio 2020.

Dado que para a administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013:

> *"Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.*
>
> *A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluirán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado."*

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

Tendo en conta que nin o Concello de Vigo nin a XMU manteñen operacións de crédito con capitais pendentes de reembolso, nin risco algún deducido de avais, e que non proxectan concertar ao longo do exercicio 2020 operación de endebedamento algunha, o volume de débeda viva é de 0,00 euros e o coeficiente de endebedamento do 0%, polo que o nivel de débeda estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LPGE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo durante 2020, de considerar esta opción.

**b) Débeda comercial. Período medio de pago.**

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou atraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común.

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 6 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Morosidade trimestral Lei 3/2004.

| Período | E. Local | | XMU | | Fund. MARCO | | Vigo Convention | | Fund. FAIMEVI | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP |
| 1º T / 2019 | 16,28 | 12,59 | 25,46 | 12,7 | 50,64 | 33,13 | 133,57 | 17,66 | 4,9 | 2034,36 |
| 2º T / 2019 | 14,08 | 13,63 | 17,85 | 5,27 | 40,63 | 39,01 | 76,89 | 39,13 | 9,17 | 2065,86 |
| 3º T / 2019 | 18,57 | 17,06 | 27,53 | 7,46 | 36,39 | 25,66 | 126,72 | 73,1 | 9,25 | 2225,38 |

PMP Real Decreto 1040/2017.

| PMP Real Decreto 1040/2017 | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Institución | 01/19 | 02/19 | 03/19 | 04/19 | 05/19 | 06/19 | 07/19 | 08/19 | 09/19 | 10/19 | 11/19 | 12/19 |
| Ent. Local | 15,65 | 10,02 | 11,61 | 9,54 | 8,78 | 11,89 | 12,38 | 13,98 | 14,89 | | | |
| FAIMEVI | 78,9 | 108,26 | 139,02 | 168,79 | 199,56 | 230,69 | 261,02 | 292,21 | 321,97 | | | |
| MARCO | 42,34 | 29,51 | 49,76 | 42,28 | 39,63 | 27,59 | 28,5 | 47,72 | 36,52 | | | |
| XMU | 7,85 | 7,95 | 13,28 | 5,77 | 8,93 | 13,01 | 9,67 | 19,04 | 21,68 | | | |
| Vigo C.B. | 935,92 | 50,96 | 17,66 | 44,07 | 10,29 | 38,28 | 65,41 | 63,62 | 23,9 | | | |
| PMPGlob. | 17,29 | 10,27 | 12,17 | 9,77 | 9,02 | 12,03 | 12,54 | 14,34 | 15,18 | | | |

Polo tanto o PMP do Concello de Vigo e o PMP global atópanse por debaixo do prazo máximo de pago establecido en 30 días pola normativa sobre morosidade.

**Sétimo.- Límite de gasto non financeiro.**

Consonte ao disposto no artigo 30 da LOEOSF, o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

**a) Límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

Como temos visto, cumprirase o obxectivo de estabilidade orzamentaria na aprobación dos orzamentos xerais do ano 2020 sempre e cando o gasto non financeiro non sexa superior a 269.699.138,90 euros.

| | |
|---|---|
| Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente consolidado | 267.045.072,38 |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 7 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | |
|---|---|
| Axuste por devolución no 2020 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009 | 2.654.066,52 |
| **Límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade** | **269.699.138,90** |

### b) Límite de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto.

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, cuxo cálculo corresponde ao Ministerio. Dita taxa quedou establecida no 2,7% para o exercicio 2019 e no 2,8% para o exercicio 2020.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro consideramos os datos da última liquidación aprobada, a correspondente ao exercicio 2018, así como os datos contidos no Plan Económico Financeiro aprobado no ano 2019 e en vigor, como consecuencia do incumprimento no ano 2018 dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

| Entidade | **Límite máximo de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Gasto computable Liquid. 2018 (1) | (2) = (1)*(1+TRCPIB 2019) | Límite Regra de Gasto 2019 | Gasto computable PEF 2019 (3) | (4) = (3)*(1+TRCPIB 2020) | (+/-) Recadación por cambios normativos 2020 (5) | Límite Regra de Gasto 2020 (6)=(4)+(5) |
| Concello de Vigo | 227.418.307,67 | 233.558.601,98 | 233.558.601,98 | 211.816.832,35 | 217.747.703,66 | 3.865.544,00 | 221.613.247,66 |
| XMU | 579.169,20 | 594.806,77 | 594.806,77 | 5.917.854,83 | 6.083.554,77 | 0,00 | 6.083.554,77 |
| Fundación Marco | 757.094,27 | 777.535,82 | 777.535,82 | 766.094,10 | 787.544,73 | 0,00 | 787.544,73 |
| Vigo Convention Bureau | 443.671,64 | 455.650,77 | 455.650,77 | 449.849,00 | 462.444,77 | 0,00 | 462.444,77 |
| Importe total | 229.198.242,78 | 235.386.595,34 | 235.386.595,34 | 218.950.630,28 | 225.081.247,93 | 3.865.544,00 | 228.946.791,93 |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 8 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Variacións na recadación por cambios normativos ano 2020 | |
|---|---|
| Concepto | Importe orzamento |
| IBI Urbana | 2.640.000,00 |
| BICES | 30.000,00 |
| IVTM | 365.000,00 |
| IAE | 300.000,00 |
| Taxa recollida lixo | 400.000,00 |
| Taxa escolas infantís | 27.332,00 |
| Prezo Público escolas municipais (música, danza, folk, teatro) | 37.312,00 |
| Prezo Público servizos deportivos | 65.900,00 |
| Total | 3.865.544,00 |

En consecuencia, o límite máximo de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto ascende a 228.946.791,93 euros.

No entanto, dito importe deberá de ser calculado novamente unha vez que se aprobe a liquidación dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2019.

**Oitavo.- Calculo do gasto computable en termos de contabilidade nacional e verificación do cumprimento da Regra de Gasto.**

Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, resulta aconsellable facer una avaliación neste intre dado que constitúe unha regra fiscal de obrigado cumprimento no momento da liquidación do orzamento.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Esquemáticamente:

| | |
|---|---|
| (+) | Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda: Do Capítulo 3 (gastos financeiros) unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos (301, 311, 321, 331 y 357) |
| (+/-) | Axustes segundo o SEC. |
| (-) | Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local. |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 9 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | |
|---|---|
| (-) | A parte de gasto non financeiro do Presuposto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Publicas. |
| (=) | Gasto computable exercicio |

| GASTO COMPUTABLE EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL | | |
|---|---|---|
| **CONCEPTO** | **CONCELLO** | **XMU** |
| Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos | 265.128.432,07 | 7.746.605,31 |
| (Intereses débeda) | -3.030,00 | 0,00 |
| **Empregos non financieros excepto intereses débeda** | **265.125.402,07** | **7.746.605,31** |
| AXUSTES según o SEC | | |
| (-) Enaxenación inversións reais | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Inversións realizadas por conta doutra Administración Pública | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Execución de avais | 0,00 | 0,00 |
| (+) Achegas de capital | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Asunción e cancelación de débedas | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555 | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Privadas | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Adquisicións con pago aprazado | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Arrendamento financeiro | 0,00 | 0,00 |
| (+) Préstamos | 0,00 | 0,00 |
| (-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012 | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Axuste por grado de execución do gasto | 19.746.522,32 | 1.100.324,41 |
| **Total axustes SEC** | **19.746.522,32** | **1.100.324,41** |
| **Total Empregos non financeiros SEC 95 excepto intereses débeda** | **245.378.879,75** | **6.646.280,90** |
| (-) Gastos por transferencias internas | 6.684.965,00 | 0,00 |
| (-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP | 26.729.026,25 | 473.489,60 |
| (-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento | 0,00 | 0,00 |
| **Total de Gasto computable del exercicio** | **211.964.888,50** | **6.172.791,30** |
| **Total Gasto computable a nivel consolidado** | | **218.137.679,80** |
| **Gasto computable Fundación Marco** | | **799.306,82** |
| **Gasto computable Vigo Convention Bureau** | | **477.000,00** |
| **Total Gasto computable SEC** | | **219.413.986,62** |

ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 10 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Axuste por grado de execución do gasto.

Como consecuencia de que a execución orzamentaria final adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento, cando se parte do proxecto de orzamento ou do orzamento inicial realizarase un "axuste por grao de execución do gasto" que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros, reducindo aqueles créditos que polas súas características ou pola súa natureza considérense de imposible execución no exercicio orzamentario, e aumentando aqueles cuxa execución vaia a superar o importe dos previstos inicialmente.

Para calcular o importe do axuste teremos en conta a maior das seguintes porcentaxes de execución:

1. O valor medio de execución orzamentaria dos últimos cinco anos (columna media 5).
2. O valor medio de execución orzamentaria dos últimos tres anos (columna media 3).
3. A porcentaxe de execución do exercicio 2018, último liquidado.

| **Axuste por inexecución Concello de Vigo** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cap. | 2018 | Media 5 | Media 3 | Valor considerado | % Inexecución | Importe capítulo (1) | Axuste |
| I | 93,16 | 93,80 | 92,52 | 93,80 | 6,20 | 70.028.171,00 | 4.339.485,56 |
| II | 92,09 | 93,37 | 92,56 | 93,37 | 6,63 | 128.215.073,84 | 8.020.237,66 |
| III | 0,00 | 14,30 | 3,56 | 14,30 | 85,70 | 500,00 | 428,50 |
| IV | 93,20 | 95,53 | 95,20 | 95,53 | 4,47 | 33.882.508,26 | 1.149.707,08 |
| V | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | 600.000,00 | 600.000,00 |
| VI | 60,01 | 47,35 | 48,30 | 60,01 | 39,99 | 30.781.098,51 | 5.123.417,91 |
| VII | 27,57 | 66,16 | 68,28 | 68,28 | 31,72 | 1.618.050,46 | 513.245,61 |
| | | | | | | 265.125.402,07 | 19.746.522,32 |

| **Axuste por inexecución Xerencia de Urbanismo** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cap. | 2018 | Media 5 | Media 3 | Valor considerado | % Inexecución | Importe capítulo (1) | Axuste |
| I | 91,80 | 93,73 | 91,86 | 93,73 | 6,27 | 5.423.369,74 | 340.045,28 |
| II | 57,58 | 65,13 | 62,91 | 65,13 | 34,87 | 1.935.197,55 | 509.697,56 |
| III | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | 0,00 | 0,00 |
| IV | 100,00 | 99,40 | 100,00 | 100,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| VI | 7,96 | 32,75 | 16,41 | 32,75 | 67,25 | 328.038,02 | 220.605,57 |
| VII | 50,04 | 19,62 | 27,30 | 50,04 | 49,96 | 60.000,00 | 29.976,00 |
| | | | | | | 7.746.605,31 | 1.100.324,41 |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 11 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

(1) O importe dos capítulos 2, 4 e 6 minórase pola parte do gasto de ditos capítulos financiada con fondos finalistas doutras Administracións conforme aos datos incorporados ao expediente.

Gastos financiados con fondos finalistas doutras Administracións Públicas.

| Concepto | Administración | Destino | Importe |
|---|---|---|---|
| 45002 | Xunta de Galicia | Plan Concertado, SAF | 3.743.907,00 |
| 45003 | Xunta de Galicia | Cedro | 729.746,00 |
| 45006 | Xunta de Galicia | Libre concorrencia, SAF | 20.000,00 |
| 75060 | Xunta de Galicia | Obras túnel acceso estación intermodal | 564.995,63 |
| Subtotal Xunta de Galicia | | | 5.058.648,63 |
| 42090 | Administración do Estado | Transporte urbano colectivo | 1.295.527,00 |
| 42092 | Administración do Estado | Proxecto Vigo pola inserción laboral | 1.019.454,30 |
| 72000 | Administración do Estado | Humanización Avenida de Madrid | 1.497.617,69 |
| 72390 | ADIF | Obras túnel acceso estación intermodal | 7.637.169,33 |
| Subtotal Administración do Estado | | | 11.449.768,32 |
| 46700 | Consorcio Casco Vello | Personal adscrito | 36.468,46 |
| Subtotal Consorcio Casco Vello | | | 36.468,46 |
| 76101 | Deputación de Pontevedra | Plan Beirarrúas en barrios | 1.185.000,00 |
| 76114 | Deputación de Pontevedra | Humanización Serafín Avendaño, Areal, Rosalía de Castro | 216.000,00 |
| 76115 | Deputación de Pontevedra | Humanización Taboada Leal, Ronda don Bosco, Venezuela | 280.000,00 |
| 76116 | Deputación de Pontevedra | Humanización Hispanidade, Zamora, Pintor Colmeiro | 640.000,00 |
| 76105 | Deputación de Pontevedra | Cubrición patios en colexios | 600.000,00 |
| 76111 | Deputación de Pontevedra | Mellora céspede e instalacións campos de fútbol | 240.000,00 |
| 76110 | Deputación de Pontevedra | Investimento mellora Balaídos | 3.800.000,00 |
| 46102 | Deputación de Pontevedra | Plan asfaltado barrios | 1.040.000,00 |
| 46104 | Deputación de Pontevedra | Feira SEAFEST | 50.000,00 |
| 46100 | Deputación de Pontevedra | Marisquiño | 181.500,00 |
| 46106 | Deputación de Pontevedra | World Padel Tour | 55.000,00 |
| 46105 | Deputación de Pontevedra | Outros eventos internacionais | 12.500,00 |
| Subtotal Deputación de Pontevedra | | | 8.300.000,00 |
| 791 | UE-FEDER | Programa DUSI | 1.884.140,84 |
| Subtotal UE-FEDER | | | 1.884.140,84 |
| Total xeral | | | 26.729.026,25 |

Xerencia de Urbanismo.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 12 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Concepto | Administración | Destino | Importe |
|---|---|---|---|
| 45060 | Xunta de Galicia | Oficina rehabilitación | 123.799,60 |
| 45061 | Xunta de Galicia | Redacción Plan Xeral | 349.690,00 |
| | | | 473.489,60 |

**Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.**

Tendo en conta que o gasto computable no exercicio 2020 do entes que forman o grupo Administración Pública Concello de Vigo, aos efectos da verificar o cumprimento da regra de gasto, ascende a 219.413.986,62 euros, e que dito importe é inferior ao límite da regra de gasto para dito exercicio, conclúese que o proxecto de Orzamento do ano 2020 cumpre inicialmente o obxectivo de Regra de Gasto.

**Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o nivel de débeda.**

O proxecto de orzamentos consolidades para o exercicio 2020 dos entes que forman o grupo Administración Pública do Concello de Vigo (Concello, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Marco e Vigo Convention Bureau):

- ✓ Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando unha capacidade de financiamento de 2.685.806,51 €.
- ✓ Cumpre co límite de débeda, non tendo débeda viva pendente de reembolso nin risco deducido de avais, polo que o coeficiente legal de endebedamento é do 0,00%.
- ✓ O seu período medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores.
- ✓ O límite máximo de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto para o exercicio 2020 ascende a 228.946.791,93 euros. Dito importe é provisional polo que deberá calcularse de novo unha vez que se liquide o orzamento xeral do ano 2019.
- ✓ Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, comprobouse que se consideramos un axuste por inexecución do gasto de 19.746.522,32 euros no Concello de Vigo e de 1.100.324,41 na XMU, o gasto computable do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2020, en termos de contabilidade nacional, 219.413.986,62 €, é inferior ao límite da regra de gasto, polo que o proxecto de Orzamento do ano 2020 cumpre inicialmente o obxectivo da Regra de Gasto.
  .

En Vigo, na data indicada ao marxe
O Interventor Xeral Municipal.
Asdo. Alberto Escariz Couso
*documento asinado electrónicamente*



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T09:54:23+01:00 -
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 13 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 26E8C8-E34DED-2EA653-VQWJMM-JCCVJE-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

| | |
|---|---|
| Asunto: | Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2020 |
| Expte. número: | 62-142 |
| Servizo Xestor: | Contabilidade e Xestión Orzamentaria |
| Forma de exercicio do control: | Control financeiro na modalidade de función de control permanente |
| Data de entrada en intervención: | 17/10/19 |

exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

Esta previsión ten que ser conxugada coa esixencia contida no artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia[5], do que se deduce que todos os postos ocupados por persoal declarado indefinido non fixo por sentenza non incluídos en anteriores ofertas de emprego teñen necesariamente que ser incluídos na primeira Oferta de Emprego Público que se aprobe.

Ademais, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas nos orzamentos, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos.

Polo demais, non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para a **acción social**, así como para atender os gastos por **achegas aos plans de pensións** do persoal dependente do Concello de Vigo e da XMU.

[5] O artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón o seguinte:

"*1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.*

*2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o, excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.*

*3. Una vez modificada la relación de puestos de trabajo, la persona afectada será adscrita al puesto de nueva creación.*

*4. Incurrirán en responsabilidad, en los términos previstos por la presente ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en indefinida de una relación laboral de carácter temporal o a la adquisición de la condición de empleado público por una persona que no la ostentara*."



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 16 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Verificación das limitacións establecidas na LRBRL (concelleiros e persoal eventual).**

Nos orzamentos aparecen consignadas as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación nos termos e coas limitacións establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 75 da LRBRL.

As **retribucións dos membros da Corporación municipal** non superan, en ningún caso, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, establecido, para os municipios con poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, en 80.000 euros, segundo a disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, modificada polo artigo undécimo do Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas.

O número de **membros da Corporación que presta os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva**, doce, non excede do límite sinalado no apartado j) do artigo 75 ter da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, e aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local[6].

Así mesmo, o **número de postos de traballo de persoal eventual** incluídos no cadro de persoal orzamentario, vinte, non excede do límite sinalado no apartado f) do artigo 104 bis da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro e igualmente aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local[7].

Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público[8], tamén forma parte da documentación incorporada ao expediente, actas das Mesas Xerais de negociación de datas 8/08/2019 e 6/09/2019 .

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímanse suficientes, considerados no seu conxunto, para atender todas as retribucións fixas e variables e indemnizacións a satisfacer polo Concello de Vigo e os seus Organismos autónomos ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

[6] Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dezaoito.

[7] Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local.

[8] Artículo 37 TREBEP . Materias obxecto de negociación.

*"1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:*

*a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas.*

*(…/)."*



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 17 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Execución orzamentaria aplicacións productividade (150 00) e gratificacións (151 00) no período 2010-2018.

Non obstante o disposto no parágrafo precedente en canto á suficiencia global dos créditos, se temos en conta os datos das últimas liquidacións orzamentarias aprobadas (2010 a 2018), podemos constatar como os créditos iniciais asignados ás aplicacións orzamentarias 9200.1500000 "produtividade" e 9200.1510000 "gratificacións", unicamente representan, por termo medio, o 30,22% e o 26,34%, respectivamente, do importe total das obrigas recoñecidas a fin de exercicio, sendo a previsión da Área de Recursos Humanos que no ano 2020 se manteña esta tendencia de gasto.

Cadro: Execución orzamentaria período 2010-2018.

| AÑO | PARTIDA | DOTACIÓN INICIAL | MODIFIC. | CRÉDITOS DEFINITIVOS | OBRIGAS RECOÑECIDAS | % CRED. INIC./ OR | % OR / CRED. DEF. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2018 | 150 00 | 400.000,00 | 1.246.939,28 | 1.646.939,28 | 1.526.288,33 | 26,21% | 92,67% |
| 2017 | 150 00 | 500.000,00 | 1.487.376,11 | 1.987.376,11 | 1.576.437,84 | 31,72% | 79,32% |
| 2016 | 150 00 | 500.000,00 | 838.965,43 | 1.338.965,43 | 1.078.708,04 | 46,35% | 80,56% |
| 2015 | 150 00 | 301.437,49 | 1.653.010,34 | 1.954.447,83 | 1.769.596,44 | 17,03% | 90,54% |
| 2014 | 150 00 | 301.437,49 | 898.562,51 | 1.200.000,00 | 1.181.968,44 | 25,50% | 98,50% |
| 2013 | 150 00 | 400.000,00 | 615.479,02 | 1.015.479,02 | 888.085,56 | 45,04% | 87,45% |
| 2012 | 150 00 | 400.000,00 | 695.622,31 | 1.095.622,31 | 1.044.016,72 | 38,31% | 95,29% |
| 2011 | 150 00 | 400.000,00 | 992.744,61 | 1.392.744,61 | 1.217.358,09 | 32,86% | 87,41% |
| 2010 | 150 00 | 150.000,00 | 987.292,42 | 1.137.292,42 | 812.427,68 | 18,46% | 71,44% |

| AÑO | PARTIDA | DOTACIÓN INICIAL | MODIFIC. | CRÉDITOS DEFINITIVOS | OBRIGAS RECOÑECIDAS | % CRED. INIC./ OR | % OR / CRED. DEF. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2018 | 151 00 | 400.000,00 | 1.503.461,90 | 1.903.461,90 | 1.877.868,79 | 21,30% | 98,66% |
| 2017 | 151 00 | 400.000,00 | 1.361.998,61 | 1.761.998,61 | 1.688.278,30 | 23,69% | 95,82% |
| 2016 | 151 00 | 500.000,00 | 1.232.515,87 | 1.732.515,87 | 1.727.906,07 | 28,94% | 99,73% |
| 2015 | 151 00 | 500.000,00 | 988.861,56 | 1.488.861,56 | 1.478.786,31 | 33,81% | 99,32% |
| 2014 | 151 00 | 500.000,00 | 976.910,28 | 1.476.910,28 | 1.448.358,36 | 34,52% | 98,07% |
| 2013 | 151 00 | 500.000,00 | 1.014.326,00 | 1.514.326,00 | 1.472.177,68 | 33,96% | 97,22% |
| 2012 | 151 00 | 500.000,00 | 970.619,23 | 1.470.619,23 | 1.460.875,30 | 34,23% | 99,34% |
| 2011 | 151 00 | 500.000,00 | 1.332.024,04 | 1.832.024,04 | 1.825.167,86 | 27,39% | 99,63% |
| 2010 | 151 00 | 200.000,00 | 2.194.875,38 | 2.394.875,38 | 2.206.321,26 | 9,06% | 92,13% |

Por este motivo, tendo en conta que o crédito inicial de cada unha de ditas aplicacións no proxecto de orzamentos do ano 2020 é de 400.000,00 euros, e que a vinculación xurídica de ditas aplicacións é consigo mesma, no probable suposto de necesitar unha contía adicional de crédito orzamentario para atender as obrigas de gasto xeradas con cargo ás mesmas, deberanse tramitar as oportunas modificacións de créditos minorando ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas e dotadas nos orzamentos (307 vacantes). En calquera caso, lémbrase que calquera traballos, autorizacións ou encomendas que poidan supoñer o recoñecemento dun complemento de produtividade ou unha



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 18 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

gratificación, debe de ser obxecto de autorización previa polo órgano competente, momento no que se comprobará a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda.

Aplicación orzamentaria (9200.14000) "Interinos sen praza".

A mesma conclusión podemos chegar con respecto a dotación adicional necesaria, de ser o caso, para facer fronte aos gastos imputables á aplicación 9200.1400000 "interinos sen praza", cunha dotación inicial prevista de 767.629,27 euros.

Así, o técnico de Organización e Planificación da área de recursos humanos, no seu informe de data 07/10/2019 incorporado ao expediente, di que:

> "*O gasto da referida partida ven experimentando un importante incremento ano tras ano, dado o elevado número de vacantes existentes, o que fai imprescindible o nomeamento de persoal interino por acumulación de tarefas ou por programas, a fin de garantir a correcta prestación do servizo público.*
>
> *Dita cantidade correspondese co gasto comprometido ata a data para o ano 2020 con cargo a dita aplicación orzamentaria, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que que finalizan o vindeiro ano e nomeamentos interinos por programas de acordo co artigo 10, apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.*
>
> *Dita aplicación dótase cunha contía inicial para dar cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, debendo ser realizadas as modificacións orzamentarias necesarias e posibles con cargo aos créditos non consumidos dos postos vacantes previo o inicio da tramitación de nomeamentos interinos a realizar no ano 2020.*
>
> *Recordar que as cantidades referidas aos créditos dos postos vacantes veranse reducidas en función das execución das ofertas de emprego pendentes e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións orzamentarias para suplementar esta e outras aplicacións co obxecto de dotalas de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados.".*

En efecto, segundo os datos da liquidación do ano 2018 con cargo á aplicación orzamentaria 9200.1400000 recoñecéronse obrigas no citado ano por 4.091.204,27 euros (fronte a un crédito inicial de 200.000,00 euros), e no presente exercicio 2019 a data 21/10/2019 téñense recoñecido obrigas por 2.228.127,03 euros, sendo o crédito inicial de 578.742,75 euros, polo que a final do exercicio é posible que o gasto nesta aplicación orzamentaria alcance unha cifra preto dos 4 millóns de euros, como xa aconteceu no ano 2018.

En relación coa dotación inicial para o exercicio 2019, manifestan os técnicos da Área de Recursos Humanos e Formación que a contía inicial prevista da cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, e que as vacantes existentes xerarán un excedente mensual de aproximadamente 700.000,00 euros, recurso utilizable como recurso para financiar posibles modificacións orzamentarias.

Esta Intervención debe manifestar que a lexislación vixente (Lei Orzamentos) configura o recurso ao nomeamento de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de 6 meses, como unha modalidade de carácter excepcional e circunstancial, polo que non se debe de recorrer a este tipo de nomeamentos de forma habitual e continuada no tempo baixo o paraugas dunha urxente e inaprazable necesidade, nin tampouco para satisfacer



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 19 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

necesidades estruturais nin permanentes da Administración, tal e como ven sucedendo nestes últimos anos e, particularmente, nos anos 2018 e 2019.

Con independencia de calquera outra consideración, este gasto constitúe loxicamente gasto computable tanto aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria como a regra de gasto.

Polo contrario, de considerarse adecuada a dotación inicial destas aplicacións polo importe estimado anual, entendo que debería facerse unha amortización de prazas vacantes non incluídas nas ofertas de emprego público, liberando deste xeito crédito orzamentario para outras finalidades sen incrementar o teito de gasto. Por este motivo, para garantir unha adecuada estabilidade e equilibrio orzamentario, debe facerse un control e seguimento constante do capítulo 1 do estado de gastos dos orzamentos, así como da execución das Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores, de modo que se garanta en todo momento a suficiencia dos créditos presupostados para atender ao cumprimento dos gastos de persoal.

- **Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos.**

O capítulo II do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 128.215.073,84 euros, que supón unha variación positiva ou incremento porcentual do 4,01% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, e representa un 48,24% respecto do total do orzamento e un 55,09 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros (capítulos I a V).

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 130.150.271,39 euros, representa o 48,61 por 100 sobre o orzamento total e o 55,56 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2019 é do 3,99 por 100.

De acordo á Memoria e ao informe económico elaborado pola Dirección Orzamentaria, este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos, tanto as vixentes, por derivarse de compromisos de gasto de carácter plurianual asumidos nos exercicios 2019 e anteriores, como as que se prevén licitar no ano 2020.

Tamén indica o citado informe que as aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

- **Capítulos 3 e 9: Gastos financeiros e Pasivos financeiros.**

O **Capítulo 3** do Orzamento Consolidado para 2019 ascende unicamente a 3.530,00 euros, contía irrelevante sobre o importe total do estado de gastos.

Non se consigna importe algún para facer fronte ao aboamento de xuros de préstamos bancarios, xa que nin o Concello de Vigo nin o organismo autónomo local XMU teñen préstamos pendentes de reembolso coas entidades financeiras, nin se prevé a súa concertación ao longo do exercicio 2020 para o financiamento das inversións, razón polo que o peso ponderado deste capítulo sobre o total do Orzamento é absolutamente insignificante (0,00%).



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 20 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Tampouco se contemplan neste capítulo gastos financeiros como consecuencia da posible concertación de operacións de crédito a curto prazo, estimándose razoable tal consideración habida conta de que non se prevén déficits transitorios de liquidez ao longo do exercicio, segundo o plan de tesouraría elaborado polo tesoureiro municipal. Nesta liña, esta Intervención estima que as existencias de tesourería a 31/12/2019 situaranse entre 70 e 80 millóns de euros polo que, en principio, non deben de existir tensións de liquidez ao longo do exercicio 2019.

O **Capítulo 9** do orzamento non recolle dotación orzamentaria algunha para facer fronte ás amortizacións das operacións de crédito a longo prazo pendentes de reembolso xa que, como temos dito, nin o Concello nin a XMU teñen débeda financeira.

Neste capítulo non se inclúen os saldos que debe reintegrar o Concello de Vigo ao Estado derivado das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado correspondente aos exercicios 2008 e 2009 conforme ao disposto na DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que computan, non como gasto, senón como menor ingreso polo citado concepto.

- **Capítulo 4: Transferencias correntes.**

O capítulo IV do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 33.882.508,26 euros, que supón unha diminución porcentual soamente do 0,25 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, e representa un 12,75 por 100 respecto do total do orzamento e un 14,56 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

En canto á variación nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2019 é do +0,09 por 100. Nos estados consolidados o importe deste capítulo redúcese ata os 28.052.543,26 euros, debido ao axuste por consolidación derivado da transferencia interna do Concello á XMU por importe de 5.829.965,00 euros recollido na aplicación 1510.4100000 do estado de gastos do Concello de Vigo, como achega para o financiamento dos gastos xerais de funcionamento do citado organismo autónomo.

No estado de gastos prevese a concesión directa de **subvencións nominativas**, constando expresamente a dotación orzamentaria e o beneficiario de cada unha de elas, en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A estes efectos incorporase ao expediente informe de cada un dos servizos xestores destas subvencións, das razóns ou motivos que xustifican a concesión directa destas subvencións, así como un anexo coa totalidade das citadas subvencións.

A LXS prevé a posibilidade de conceder de forma directa, sen unha convocatoria aberta, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, nestas subvencións a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

Neste ámbito subvencional, e coa finalidade de regular un tratamento homoxéneo da relación xurídica das subvencións nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 21 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). O art. 17.2 da Lei establece que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En consecuencia, para garantir os principios que deben de rexer na xestión das subvencións, resultaría conveniente continuar e impulsar a tramitación administrativa da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Por fin, lembrar que a todo o proceso de concesión de subvencións deberá darse a publicidade oportuna conforme ás prescricións da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno.

- **Capítulos 6 e 7: Investimentos reais e transferencias de capital.**

O estado de gastos consolidado contempla operacións de capital non financeiro – capítulos 6 "investimentos" e 7 "transferencias de capital"- por importe de 32.787.186,99 euros, que representan o 12,25% do importe total de dito orzamento.

No que se refire áo gasto en inversións (capítulo VI), prodúcese un aumento con respecto ao exercicio 2019 de 969.769,17 euros en termos consolidados, correspondendo a súa práctica totalidade ao Concello de Vigo.

Cadro: Financiamento das inversións previstas no Orzamento consolidado. Comparativa co ano 2018.

| Financiamento das inversións | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Tipo de recurso** | **2020** | | **2019** | | **Diferenza 2020/2019** | |
| | **Importe** | **%** | **Importe** | **%** | **Importe** | **%** |
| Recursos propios | 13.189.785,72 | 42,40% | 14.043.081,88 | 46,59% | -853.296,16 | -6,08% |
| **Total recursos propios** | **13.189.785,72** | **42,40%** | **14.043.081,88** | **46,59%** | **-853.296,16** | **-6,08%** |
| Deputación Pontevedra | 6.961.000,00 | 22,38% | 6.913.108,44 | 22,94% | 47.891,56 | 0,69% |
| Fondos FEDER | 1.258.568,16 | 4,05% | 2.764.381,69 | 9,17% | -1.505.813,53 | -54,47% |
| ADIF | 7.637.169,33 | 24,55% | 5.209.629,23 | 17,29% | 2.427.540,10 | 46,60% |
| Administración do Estado | 1.497.617,69 | 4,81% | 0,00 | 0 | 1.497.617,69 | 100,00% |
| Xunta de Galicia | 564.995,63 | 1,82% | 1.209.166,12 | 4,01% | -644.170,49 | -53,27% |
| Empresas privadas | 0,00 | 0,00% | 0,00 | 0,00% | 0,00 | 0,00% |
| Outros axentes | 0,00 | 0,00% | 0,00 | 0,00% | 0,00 | 0,00% |
| **Total financiam. alleo** | **17.919.350,81** | **57,60%** | **16.096.285,48** | **53,41%** | **1.823.065,33** | **11,33%** |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 22 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total Financiam. invers.** | **31.109.136,53** | **100,00%** | **30.139.367,36** | **100,00%** | **969.769,17** | **3,22%** |

No expediente orzamentario non consta un anexo de investimentos propiamente dito, co contido regulamentado no artigo 19 do RD 500/1990, de 20 de abril. Con todo, a información que corresponde a dito anexo atópase no resto da documentación complementaria incorporada ao expediente. Deste xeito, o capítulo 6 componse de proxectos de inversión cuxa codificación, denominación e financiamento inclúese na Memoria e no Plan de Investimentos e Financiamento -PAIF- do Orzamento Xeral para o exercicio 2020.

Segundo a memoria e o informe económico ao orzamento, as aplicacións orzamentarias do capítulo 6 recollen as anualidades correspondentes ao exercicio 2020 dos compromisos de investimentos plurianuais adquiridos nos exercicios 2019 e anteriores.

A execución dos proxectos financiados cos créditos do capítulo de investimentos ten que dar cumprimento aos límites da Regra de Gasto e garantir a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria anual, polo que debe ser prioritario facer unha planificación na tramitación destes expedientes de modo que a execución dos proxectos de gasto se acomode ás dotacións orzamentarias previstas para o exercicio, garantindo o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte. En calquera caso, debe de terse en conta que nas Corporacións Locais, para a determinación do gasto computable –suma dos empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas excluídos os intereses da débeda-, deducirase a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e doutras Administracións públicas.

**Décimo.- Estado de ingresos.**

O estado de ingresos do Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2020, que comprende o do Concello de Vigo e o da XMU, ascende a 267.723.072,38 euros, con un incremento do 3,94% respecto ao do exercicio 2019 (+10.141.238,71 euros).

O Proxecto de Orzamento consolidado de ingresos do Concello e a XMU para 2020, así como as súas variacións por capítulos respecto ao de 2019, recóllense no seguinte cadro:

**PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS DO CONCELLO DE VIGO E XMU (DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)**

| CAPÍTULOS | PROXECTO DE ORZAMENTO 2020 | ORZAMENTO 2019 | VARIACIÓN % 20/19 |
|---|---|---|---|
| 1 IMPOSTOS DIRECTOS | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98% |
| 2 IMPOSTOS INDIRECTOS | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54% |
| 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | 41.598.359,71 | 40.616.825,53 | 2,42% |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 23 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES | 82.208.672,36 | 79.233.196,66 | 3,76% |
| 5 INGRESOS PATRIMONIAIS | 2.688.000,00 | 3.030.200,00 | -11,29% |
| **OPERACIONS CORRENTES** | 248.500.148,89 | 240.334.548,19 | 3,40% |
| 6 ENAXENACIÓN INVERSIÓNS REAIS | 0,00 | 0,00 | 0,00% |
| 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 18.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| **OPERACIONS DE CAPITAL NON FINANC.** | 18.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| **INGRESOS NON FINANCEIROS** | 267.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,94% |
| 8 ACTIVOS FINANCEIROS | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04% |
| 9 PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | 0,00 | 0,00% |
| **OPERACIONS FINANCEIRAS** | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04% |
| **TOTAL INGRESOS** | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |

Polo que se refire á estrutura do Proxecto de Orzamento de Ingresos para o ano 2020, os ingresos correntes supoñen o 92,82 por cento do total, e os de capital o 7,18 por cento, porcentaxes similares ás do exercicio precedente (93,30 e 6,70% respectivamente).

- **Capítulos 1 a 3. Ingresos fiscais e asimilados.**

Os Ingresos Tributarios (Capítulos 1 e 2 e artigos 30, 31, 32, 33 e 35 do Capítulo 3) son os recursos máis importantes, xa que supoñen o 56,93% por cento dos ingresos totais en termos consolidados, semellante peso relativo ao do exercicio anterior. Dentro destes ingresos tributarios, os impostos directos representan o 74,34% destes, os indirectos o 5,71%, as taxas o 19,22%, e as contribucións especiais o 0,72% restante.

| Cap./Artigo | Concello | XMU | Consolidado |
|---|---|---|---|
| 1 | 113.296.218,00 | 0,00 | 113.296.218,00 |
| 2 | 8.708.898,82 | 0,00 | 8.708.898,82 |
| 30 | 17.526.100,00 | 0,00 | 17.526.100,00 |
| 31 | 1.195.797,00 | 0,00 | 1.195.797,00 |
| 32 | 1.324.000,00 | 1.243.550,71 | 2.567.550,71 |
| 33 | 8.010.100,00 | 0,00 | 8.010.100,00 |
| 34 | 3.043.212,00 | 0,00 | 3.043.212,00 |
| 35 | 1.100.000,00 | 0,00 | 1.100.000,00 |
| 38 | 20.000,00 | 0,00 | 20.000,00 |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 24 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | |
|---|---|---|---|
| 39 | 7.937.000,00 | 198.600,00 | 8.135.600,00 |
| Totais I, II, III (1) | 162.161.325,82 | 1.442.150,71 | 163.603.476,53 |
| Tributarios (2) | 151.161.113,82 | 1.243.550,71 | 152.404.664,53 |
| Orzamento (3) | 265.774.432,07 | 7.778.605,31 | 267.723.072,38 |
| % (2) / (3) | 56,88% | 15,99% | 56,93% |

En primeiro lugar, debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados (capítulos 1 a 3) realizouse sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).

En efecto, podemos comprobar como nos cinco últimos exercicios liquidados (2014 a 2018) a recadación total, tanto de exercicio corrente coma de pechados, obtida polos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos considerados no seu conxunto aproximouse aos importes inicialmente presupostados. En particular no exercicio 2018, último que conta con liquidación aprobada, a recadación superou en 2,69 millóns de euros o importe inicialmente orzamentado, e no 2017 en 2,24 millóns de euros.

Cadros: Comparación entre recadación e previsións iniciais nos capítulos I, II e III dos orzamentos nos exercicios 2014 a 2018.

| 2018 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 107.973.311,88 | 102.548.816,12 | 5.907.845,29 | 108.456.661,41 | 483.349,53 | 0,45% |
| CAP. 2 | 8.435.311,27 | 9.025.178,63 | 25.480,34 | 9.050.658,97 | 615.347,70 | 7,29% |
| CAP. 3 | 38.467.338,63 | 37.556.669,54 | 2.502.252,72 | 40.058.922,26 | 1.591.583,63 | 4,14% |
| TOTAL | 154.875.961,78 | 149.130.664,29 | 8.435.578,35 | 157.566.242,64 | 2.690.280,86 | 1,74% |

| 2017 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 105.386.182,34 | 100.330.250,48 | 5.888.717,88 | 106.218.968,36 | 832.786,02 | 0,79% |
| CAP. 2 | 7.871.804,00 | 8.405.662,45 | 70.657,83 | 8.476.320,28 | 604.516,28 | 7,68% |
| CAP. 3 | 37.245.569,63 | 35.628.499,12 | 2.425.073,01 | 38.053.572,13 | 808.002,50 | 2,17% |
| TOTAL | 150.503.555,97 | 144.364.412,05 | 8.384.448,72 | 152.748.860,77 | 2.245.304,80 | 1,49% |

| 2016 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 103.831.645,34 | 98.456.280,71 | 6.326.970,50 | 104.783.251,21 | 951.605,87 | 0,92% |
| CAP. 2 | 7.709.710,00 | 8.118.181,78 | 119.718,90 | 8.237.900,68 | 528.190,68 | 6,85% |
| CAP. 3 | 36.706.577,19 | 35.471.043,81 | 2.791.747,25 | 38.262.791,06 | 1.556.213,87 | 4,24% |
| TOTAL | 148.247.932,53 | 142.045.506,30 | 9.238.436,65 | 151.283.942,95 | 3.036.010,42 | 2,05% |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 25 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| 2015 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 102.241.340,00 | 95.724.250,18 | 7.318.176,71 | 103.042.426,89 | 801.086,89 | 0,78% |
| CAP. 2 | 6.501.120,00 | 8.203.868,56 | 97.923,76 | 8.301.792,32 | 1.800.672,32 | 27,70% |
| CAP. 3 | 35.251.477,40 | 34.326.199,95 | 3.175.969,49 | 37.502.169,44 | 2.250.692,04 | 6,38% |
| TOTAL | 143.993.937,40 | 138.254.318,69 | 10.592.069,96 | 148.846.388,65 | 4.852.451,25 | 3,37% |

| 2014 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 102.241.340,00 | 93.887.275,01 | 8.053.600,44 | 101.940.875,45 | **-300.464,55** | -0,29% |
| CAP. 2 | 6.501.120,00 | 7.443.156,69 | 58.379,38 | 7.501.536,07 | **1.000.416,07** | 15,39% |
| CAP. 3 | 35.251.477,40 | 34.063.709,59 | 2.857.363,54 | 36.921.073,13 | **1.669.595,73** | 4,74% |
| TOTAL | 143.993.937,40 | 135.394.141,29 | 10.969.343,36 | 146.363.484,65 | **2.369.547,25** | 1,65% |

Para o cálculo dos ingresos previstos no informe económico-financeiro do Presuposto de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2018 e a recadación de cada un dos conceptos.
- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2019.
- Unha estimación de ingresos para o ano 2020 derivada do acordo plenario de 4 de setembro de 2019.
- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2020 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará os Servizos de Xestión Tributaria.
- Ingresos extraordinarios relativos ao Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana derivados do procedemento de regularización catastral realizado pola Dirección Xeral do Catastro e pendentes de liquidación.
- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiamento segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA).

A xuízo desta Intervención, como regra xeral o cálculo dos importes que aparecen consignados nos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos, e fundamentalmente as súas variacións con respecto ás dos exercicios precedentes, deberían detallarse e xustificarse pormenorizadamente no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, excesivamente descritivo. De calquera xeito, se tomamos en consideración os importes recadados nos últimos exercicios estímanse adecuadas as previsións incluídas no orzamento.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 26 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- **Fondo complementario de financiamento e Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.**

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado, concepto 42010, que figuran no orzamento para o ano 2020, foron cuantificadas tomando como referencia as notificadas polo Ministerio de Facenda (Secretaria de Estado de Facenda e Orzamento) para a elaboración do orzamento do ano 2019, xa que na data de elaboración do proxecto de orzamento pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, non foi oficialmente comunicada a contía correspondente ao exercicio 2020.

| Concepto | Denominación | Importe |
|---|---|---|
| 10000 | Cesión de IRPF | 5.320.218,00 |
| 21000 | Cesión de IVE | 5.260.917,00 |
| 22000, 22001, 22003, 22004, 22006 | Cesión de Impostos Especiais | 1.646.981,82 |
| 42010 | Fondo complementario de Financiamento | 66.389.004,00 |
| | | 78.617.120,82 |

En canto á Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA), mantense a contía dos ingresos que, por este concepto, vanse rexistrar no ano 2019, polo que o importe orzamentado ascende ata 6.954.576,70 euros.

**- Endebedamento.**

No capítulo 9 de ingresos non aparece consignado importe algún dado que o Concello de Vigo non prevé a contratación durante o exercicio 2019 de ningunha operación de endebedamento a longo prazo para financiar as súas inversións, en congruencia co disposto no plan de investimentos e no programa financeiro.

**Undécimo.- Endebedamento.**

Tendo en conta, como diximos ao longo do presente informe, que o Concello de Vigo e a XMU non teñen operacións de crédito pendentes de reembolso, o coeficiente de endebedamento é do 0,00%.

**Duodécimo.- Tramitación e competencia.**

De conformidade co disposto no TRLRFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as seguintes fases sucesivas:

- **Aprobación do proxecto.** Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).

- **Presentación de enmendas.** Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 27 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- **Elevación ao Pleno.** Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, enmenda ou devolución.

- **Aprobación inicial.** Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será unico, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.

- **Publicidade.** Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.

- **Aprobación definitiva.** O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

  A aprobación definitiva do orzamento xeral por el Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

  Se ao iniciarse o exercicio económico non houbese entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

- **Publicación e entrada en vigor.** Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

  No que respecta é entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

  - Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orzamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.

  - Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orzamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobásese con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

**Décimoterceiro.- Do control financeiro permanente.**

Conforme ao disposto no artigo 29 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora co obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 28 de 31 |
| Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Neste sentido, o artigo 168 do TRLRFL establece que o presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, ao Pleno da corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, e o artigo 4.1 b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional pola súa parte dispón que o exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como, entre outras, o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

O resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control (artigo 35.1 RD 424/2017).

Trátase, polo tanto, dunha modalidade de control preceptiva.

**Conclusións e recomendacións.**

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2020, integrado polo orzamento do propio Concello e o orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, presentado polo concelleiro delegado de orzamentos e facenda, esta Intervención Xeral conclúe o seguinte:

- Ao proxecto de orzamento xeral acompáñanse con carácter xeral os anexos e documentación complementaria esixidos nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL.

- O proxecto de orzamentos presentado axústase á estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

- Ningún dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo presenta déficit inicial.

- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU para o ano 2020 presenta un superávit por operacións correntes de 14.242.263,51 euros, un saldo orzamentario non financeiro de 0,00 euros (equilibrio), un aforro bruto de 11.773.119,21 euros, e un aforro neto orzamentario de idéntica contía, polo que se presenta equilibrado e nivelado dende unha perspectiva orzamentaria.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2019-10-24T10:24:52+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:38 | Páxina 29 de 31
Expediente 62/142 | CSV: 24E6CF-EB4CE5-26ACD9-DXCG9Q-9DSTS6-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- En canto aos gastos do capítulo I (Gastos de Persoal), na fase de execución e liquidación deberá verificarse o cumprimento das limitacións á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións establecidas no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

| Aplicación | Nome | Corrección |
|---|---|---|
| 3331.4700002 | Convenio Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo | Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo |
| 3370.489002 | Subvención Ludoteca AV LAVADORES | Dinamización infantil/Xuvenil AV LAVADORES |
| 3370.4890004 | Subvención Ludoteca AV CORUXO | Dinamización infantil/Xuvenil AV CORUXO |



ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-11-08T11:29:39+01:00 -

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:39 | Páxina 12 de 13
Expediente 62/142 | CSV: 2EE8C5-EC48E7-26373E-GRL77S-AAM75X-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Municipal e Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

ASINADO POR: Dirección Superior Contable E Orzamentación (Luis García Álvarez) 2019-11-08T11:29:39+01:00 -

Documento asinado



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 18/11/2019 10:39 | Páxina 13 de 13 |
| Expediente 62/142 | CSV: 2EE8C5-EC48E7-26373E-GRL77S-AAM75X-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Expediente 62/142

**PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA Á COMISIÓN DE ORZAMETNOS E FACENDA DAS EMENDAS PRESENTADAS E NOVA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2020.**

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 24 de outubro de 2019, coa proposta formulada pola Concellería de Orzamentos e Facenda, previa emisión de todos os informes preceptivos, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI, esta en liquidación por elo sin orzamento, para o ano 2020.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 30/10/2019 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, entregou aos voceiros e ao Concelleiro non adscrito un soporte informático coa documentación que conforma o expediente nº 62/142 e abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2019. O prazo fixado comezou o día 30/10/2019 e rematou as 14,00 horas do día 07/11/2019.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas e a súa incorporación ao expediente electrónico.

No informe do Sr. Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario, enuméranse as principais limitacións a ter en conta na avaliación das emendas aos efectos de respectar o contido do artigo 83.5 do Regulamento Orgánico do Pleno e de non por en risco os obxectivos de estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto contidos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

No prazo fixado, o Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González , voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2228/1101, presentou emenda á totalidade e outra parcial por si non prospera a primeira.

A emenda á totalidade, a fundamenta o Sr. Voceiro en criterios políticos que defende a súa formación, aínda que non compartidos polo Goberno, que goza da lexitimidade maioritaria da cidadanía para a defensa dos seus intereses.

Fai unha interpretación dos estados de Liquidación que o informe técnico pon de manifesto non se axustan ao bloque normativo de aplicación.

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -
Documento asinado

En canto a emenda parcial, a proposta non vai entrar no detalle de cada un dos capítulos, aplicacións ou programas, estudo que reflicte o informe técnico.

A utilización dos dereitos liquidados para comparalos coas obrigas recoñecidas, non se axusta aos criterios do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC). Os ingresos hai que valoralos tendo en conta o principio de caixa (corrente financeira), e non en termos de liquidación, mentres que a execución do gasto a valora en termos de obrigas recoñecidas, polo que, non é considerado como criterio correcto.

o Sr. Voceiro considera reducible o 7% do capítulo 2, o que supón unha contía de 8.875.055,17 euros.

En relación coa emenda, como se fai constar no informe técnico, as dotacións orzamentarias teñen que ser suficientes aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, requírese ter unha dotación necesaria e suficiente para a totalidade do ano. Este obriga legal é distinta cuantitativamente co estado de recoñecemento da obriga, que computa aos efectos do SEC-2010 e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012. En aplicación dos estados orzamentarios, o importe das obrigas recoñecidas é menor que o do gasto autorizado e do comprometido, que nesta última situación, pasará a ser incorporado como remanente ao orzamento do ano seguinte para dar cobertura as obrigas tramitadas no ano seguinte por compromisos de ano anterior.

A fundamentación dos novos ou maiores empregos, está xustificada sobre unha hipótese de redución de empregos que non ten amparo legal. A inexecución hai que avaliala na liquidación dos orzamentos e non con carácter previo.

A emenda presenta un escenario orzamentario na que os créditos orzamentados sexan equivalentes ao das obrigas recoñecidas, o cal representa unha vulneración do artigo 173.5 do TRLRFL e do artigo 46 da LGP. Esta situación solo se cumpriría, se non houbese baixas nos procedementos de contratación, no que o importe da fase de gasto de Autorización fose igual que a de Recoñecemento da abriga, situación non prevista na normativa da Contratación Pública.

Tamén se tería que cumprir, que todos os gastos, engadidas as certificacións de obra, teñan a súa imputación no ano corrente, situación esta que é pouco probable. En consecuencia co anterior, non podería estar autorizada a incorporación de remanentes de crédito, nin tería sentido a existencia da conta contable 413, que é precisamente a conta prevista no Plan Xeral de Contabilidade Pública para aqueles gastos devengados no exercicio, cuxa factura non entrou no Rexistro Contable de Facturas. Este gasto non computa como recoñecemento da obriga en termos orzamentarios, pero si aos efectos da Lei Orgánica 2/2012, é dicir, ten reflexo contable e non orzamentario.

Sobre a inconsistencia da proposta de presupostar tendo en conta a inexecución, nos remitimos aos estados de liquidación do orzamento do ano 2018, no que a diferencia cuantitativa entre os créditos autorizados e as obrigas recoñecidas é de: 24.527.405,70 euros, esta é a causa legal pola que non é posible orzamentar en función da execución esperada.

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -

Documento asinado

O emprego dos recursos, coa excepción daqueles que están asociados á prestación de servizos con contratos en vigor, e os destinados a sufragar os devengos do capítulo 1, as dotacións contidas no proxecto de orzamento en trámite é a distribución funcional e económica do gasto (para que se gasta e en que se gasta), é unha competencia en canto a súa formación e proposta do Sr. Alcalde Presidente. É polo tanto, unha decisión que corresponde ao goberno sobre a oportunidade dos empregos dos recursos, sempre e cando haxa recursos para o seu financiamento e se de cumprimento ao previsto na LOEPSF e TRLRFL.

Con data 07/11/2019, o Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2230/1101, presentou emenda á totalidade do proxecto de Orzamento sometido a ditame da Comisión.

A emenda presentada, é unha emenda a totalidade xustificada en valoracións políticas de oportunidade, propoñendo unha táboa de modificacións nos empregos, que se financiarán con baixas de outras aplicacións, algunha que non pode ser reducible tal e como se fai constar no informe técnico por estar asociadas a contratos en vigor.

Coa mesma data, 7/11/2019, o Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2228/1101, presentou emenda parcial, na que se propón alterar 74 aplicacións orzamentarias.

O informe técnico conclúe que algunha das partidas que se propón minorar para conformar recursos para os novos empregos ou suplementar outros, non son reducibles, por estar asociados a contratos en vigor ou tratarse de aplicacións que teñen un financiamento afectado, neste caso, é o convenio en vigor coa Excma. Deputación de Pontevedra para o financiamento das obras de reforma do Estadio Municipal de Balaidos, o cal suporía a perda automática da mesma por destinala a un fin distinto do considerado no convenio asinado.

Todos os recursos que teñan orixe na baixa de aplicacións orzamentarias asociadas a contratos ou a convenios en vigor serían nulas, polo que, a proposta de creación ou maiores dotacións por unha contía de 10.401.257,00 euros, non teñen recursos dispoñibles para o seu financiamento, en consecuencia, a emenda resulta desequilibrada, e a proposta feita contraria a dereito por estar a xerar un déficit orzamentario (artigo 165.4 do TRLRFL).

Con carácter xeral, as emendas veñen a propoñer incrementos en aplicación que xa teñen unha dotación axeitada ás necesidades, que en moitos dos casos, unha maior dotación suporía a inmobilización ineficiente de recursos ou o aumento de infraestrutura que non sería posible a súa sostibilidade e que en casos concretos, a competencia é da Comunidade Autónoma. Solicítanse dotacións para afrontar programas ou infraestruturas que resultan moi afastadas do seu custe tanto de investimento como de funcionamento, que na maioría do casos, fan inviable as emendas.

Hai investimentos propostos que están na axenda política e orzamentaria, con proxectos redactados ou en fase de redacción, que unha vez sexan aprobados, adecuaranse os recursos, ben con financiamento directo ou con outros axentes públicos.

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -

Documento asinado

En canto aos recursos ou aplicación de baixas, centran a súa proposta en programas que xeran un alto valor engadido para a cidade, tanto en termos económicos, como formativos e de proxección, o cal non parece adecuado aos intereses xerais.

En canto ás propostas que reflicten investimentos novos, o proxecto de Orzamento en trámite é coherente coas demandas dos colectivos e das necesidades da cidade, aínda que estas non sexan coincidentes coas alternativas dos grupos políticos da oposición.

Avaliadas as emendas, tendo en conta que a achega que fan non é máis que unha valoración de cales son as súas preferencias do emprego dos recursos, proponse a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ditame, que será o que se someta con posterioridade ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda a totalidade e a parcial, presentada polo Sr. Concelleiro, D. José Alfonso Marnotes González , voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2228/1101, por facer unha proposta de minoración xeral dun 7% no capítulo 2 do estado de gastos, xerando unha insuficiencia de recursos para financiar os contratos en vigor, amparándose nos índices de inexecución, asimilando esta aos créditos iniciais, criterio que non ten amparo legal, propondo un escenario orzamentario na que os créditos orzamentados sexan equivalentes ao das obrigas recoñecidas, o cal representa unha vulneración do artigo 173.5 do TRLRFL e do artigo 46 da LGP.

SEGUNDO.- Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro, Don Rubén Pérez Correa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2230/1101, por estar a mesma vinculada a outro modelo de xestión, que a teor dos resultados, non é a que demandan os cidadás.

TERCEIRO.- Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno co número de rexistro da Secretaría do Pleno 2228/1101, por insuficiencia nos recursos, ao pretender o financiamento de novos empregos coa minoración de aplicacións que non so reducibles.

CUARTO.- Mantense a proposta a Pleno da Corporación, asinada polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 17/10/2019, non habendo alteración algunha en relación co Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de outubro de 2019.

QUINTO.- Ao non alterar os recursos nin empregos do orzamento informado polo Sr. Interventor Xeral, non require sometelo a novo informe.

SEXTO.- Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 17 de outubro de 2019, que figura no Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e sometido aos Grupos Políticos Municipais para estudo e emendas na Comisión Informativa de 30 de outubro, que non se incorporan a esta nova proposta.

SÉTIMO.- Detectáronse erros na definición de tres conceptos no estado do orzamento de gasto que é aconsellable corrixir, que non supón alteración algunha en relación coa finalidade dos mesmos.

| Aplicación | Nome | Corrección |
|---|---|---|
| 3331.4700002 | Convenio Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo | Promoción cultural Auditorio Mar de Vigo |
| 3370.4890002 | Subvención Ludoteca AV LAVADORES | Dinamización infantil/xuvenil AV LAVADORES |
| 3370.4890004 | Subvención Ludoteca AV CORUXO | Dinamización infantil/xuvenil AV CORUXO |

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -

Documento asinado

SÉTIMO.- Unha vez votada a proposta de rexeitamento das emendas, sométese ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, integrado por:

– Orzamento da Entidade Local.

– Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

– Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Comparativo por Áreas de gasto e capítulos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2019-2020**

| CAPÍTULO | Gastos Entidade | | | Ingresos Entidade | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 70.028.171,00 | 67.882.697,30 | 3,16% | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98% |
| 2 | 128.215.073,84 | 123.267.438,51 | 4,01% | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54% |
| 3 | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% | 40.156.209,00 | 39.271.725,53 | 2,25% |
| 4 | 33.882.508,26 | 33.968.597,81 | -0,25% | 81.735.182,76 | 80.193.073,39 | 1,92% |
| 5 | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% | 2.687.000,00 | 3.020.200,00 | -11,03% |
| Operc. Corr.N.F | 232.729.283,10 | 225.722.263,62 | 3,10% | 246.583.508,58 | 239.939.324,92 | 2,77% |
| 6 | 30.781.098,51 | 29.812.598,54 | 3,25% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 1.618.050,46 | 980.748,24 | 64,98% | 18.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| Operacións N.F | 265.128.432,07 | 256.515.610,40 | 3,36% | 265.128.432,07 | 256.515.610,40 | 3,36% |
| 8 | 646.000,00 | 646.000,00 | 0,00% | 646.000,00 | 646.000,00 | 0,00% |
| 9 | ,00 | | 0,00% | ,00 | | 0,00% |
| Total | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% |

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -

Documento asinado

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2019-2020**

| CAPÍTULO | Gastos dos estados consolidados | | | Ingresos dos estados consolidados | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 75.451.540,74 | 71.949.645,30 | 4,87% | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98% |
| 2 | 130.150.271,39 | 125.158.944,96 | 3,99% | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54% |
| 3 | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% | 41.598.359,71 | 40.616.825,53 | 2,42% |
| 4 | 28.052.543,26 | 28.028.597,81 | 0,09% | 82.208.672,36 | 79.233.196,66 | 3,76% |
| 5 | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% | 2.688.000,00 | 3.030.200,00 | -11,29% |
| Operac. Corr.N.F | 234.257.885,39 | 225.740.718,07 | 3,77% | 248.500.148,89 | 240.334.548,19 | 3,40% |
| 6 | 31.109.136,53 | 30.139.367,36 | 3,22% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 1.678.050,46 | 1.030.748,24 | 62,80% | 15.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| Operacións. N.F | 267.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,95% | 264.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,95% |
| 8 | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04% | 678.000,00 | 671.000,00 | 3,94% |
| 9 | ,00 | | 0,00% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| Total | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% | 264.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |

**RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2019- 2020**

| CAPÍTULO | Estado de Gastos | | | Estado de Ingresos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 5.423.369,74 | 4.066.948,00 | 33,35% | | | |
| 2 | 1.935.197,55 | 1.891.506,45 | 2,31% | | | |
| 3 | | | | 1.442.150,71 | 1.345.100,00 | 7,22% |
| 4 | ,00 | 1.368.856,73 | -100,00% | 6.303.454,60 | 6.348.980,00 | -0,72% |
| 5 | | | | 1.000,00 | 10.000,00 | -90,00% |
| **Op. Corr. NF** | **7.358.567,29** | **7.327.311,18** | **0,43%** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** |
| 6 | 328.038,02 | 326.768,82 | 0,39% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 60.000,00 | 50.000,00 | 20,00% | | | 0,00% |
| Op. Cap. NF | 388.038,02 | 376.768,82 | 2,99% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| **T. Op. N.F** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** |
| 8 | 32.000,00 | 25.000,00 | 28,00% | 32.000,00 | 25.000,00 | 28,00% |
| **Total** | **7.778.605,31** | **7.729.080,00** | **0,64%** | **7.778.605,31** | **7.729.080,00** | **0,64%** |

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -

Documento asinado

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2019-2020**

| Área | Descrición | Entidade | | % var. | Consolidado | | % var. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2020 | 2019 | | 2020 | 2019 | |
| 0 | Débeda Pública | ,00 | ,00 | 0,00% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 1 | Servizos Públicos básicos | 133.640.589,22 | 130.930.124,19 | 2,07% | 135.589.229,53 | 131.350.347,46 | 3,23% |
| 2 | Actuación de protección e promoción social | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% |
| 3 | Produción B. públicos carácter preferente | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% |
| 9 | Actuacións de carácter Xeral | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03% | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03% |
| Total | | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |

**FUNDACIÓNS**

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (MARCO)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |
| G. Persoal | 295.044,96 | 303.688,00 | -8.643,04 | Ingresos actividade | 66.046,81 | 50.000,00 | 16.046,81 |
| Cons. eléctrico | 68.168,00 | 68.168,00 | ,00 | Subv. doazóns | 740.000,00 | 740.000,00 | ,00 |
| Exposicións | 164.116,86 | 147.000,00 | 17.116,86 | Achegas usuarios | 15.000,00 | 15.000,00 | ,00 |
| Outros g. Activ. | 270.977,00 | 270.977,00 | ,00 | Patrocinio La Caixa | 10.000,00 | 10.000,00 | ,00 |
| G.Financeiros | 1.000,00 | 1.000,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Amortiza. Inmv. | 31.739,99 | 24.167,00 | 7.572,99 | | | | |
| Operac. N.F | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 | | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 |

CONVENTION BUREAU (CB)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |
| G. Persoal | 181.383,13 | 177.826,60 | 3.556,53 | | | | |
| Cons. e gast. xestión | 10.500,00 | 9.504,24 | 995,76 | Subv. doazóns | 218.000,00 | 218.000,00 | ,00 |
| Publ.mat. Promoc. | 17.601,87 | 2.954,16 | 14.647,71 | Achegas socios | 9.000,00 | 14.000,00 | -5.800,00 |
| Acc. promoción | 264.000,00 | 289.000,00 | -25.000,00 | Out. ingresos | 250.000,00 | 250.000,00 | ,00 |
| P. outros entes | 3.515,00 | 3.515,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Operac. N.F | 477.000,00 | 482.800,00 | -5.800,00 | | 477.000,00 | 482.000,00 | -5.800,00 |

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -

Documento asinado

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e a Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2020-2023, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2020, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2020 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2020, se fose o caso, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa no cumprimento dos obxectivos fiscais de estabilidade e da regra de gasto.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica
O CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira
(Delegación, Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019 )

ASINADO POR: Concelleiro Orzamentos E Facenda (Jaime Aneiros Pereira) 2019-11-08T11:41:37+01:00 -

Documento asinado

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

SECRETARIA XERAL DO PLENO
CONCELLO DE VIGO
REXISTRO
N.º ENTRADA: 22284/61 SAIDA:
DATA 7.11.19 DATA

**Xabier Pérez Igrexas, en calidade de concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vigo, ao abeiro do estabelecido nos artigos 81 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa de aplicación, formula as seguintes**

# *EMENDAS AO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2020*

aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de outubro de 2019, e para o que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facendas, na súa sesión do 30 de outubro de 2019, após dar traslado a todos os grupos políticos do referido expediente fixou un prazo de presentación de emendas até o 7 de novembro de 2019.

## *I) CREACIÓN DE NOVAS PARTIDAS DE GASTO:*

Nº 01

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Funcionamento de centros docentes

**Cantidade:** 325.000€

**Descrición:** Creación de novas escolas infantís municipais en Balaídos, Calvario e Teis

**Xustificación:** A insuficiencia manifesta da oferta pública de prazas en escolas infantís, tal e como acredita o elevado número de solicitantes que quedan sen praza cada curso escolar, fai necesario a súa ampliación. A tal efecto é indispensábel a construción de novas escolas infantís municipais, que atendan a demanda existente no conxunto do territorio da cidade, e principiando por aqueles barrios que presentan un especial défice como é o caso de Balaídos, O Calvario e Teis.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

Nº 02

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Funcionamento órganos de goberno

**Cantidade:** 35.000€

**Descrición:** Elaboración estudo e avaliación para o rescate público das concesións dos servizos de abastecemento de auga, recollida do lixo, mantemento de parques e xardíns e transporte urbano.

**Xustificación:** Os servizos públicos municipais cuxa xestión fica externalizada a través da súa concesión a empresas privadas ten sido obxecto reiterado de queixa veciñal, polas insuficiencias do servizo e tamén polos seus elevados custes. A dimensión económica e organizativa do Concello de Vigo outorgan condicións obxectivas para abordar o rescate público dalgunhas desas concesións, singularmente dos servizos de abastecemento de auga, recollida do lixo, mantemento de parques e xardíns e transporte urbano.

As experiencia existentes en diversos concellos de Europa a respecto dos beneficios económicos, sociais e de servizo que teñen como consecuencia as remunicipalizacións dos mesmos, garantindo unha xestión cento por cento pública, aconsellan que se acometa como primeiro paso a elaboración dun estudo e avaliación no caso concreto das referidas concesións municipais de Vigo.

Nº 03

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Xuventude

**Cantidade:** 240.000€

**Descrición:** Programas de dinamización xuvenil Súbete ó Castro, Punto Xove e Casa da Xuventude

**Xustificación:** O programa de dinamización xuvenil Súbete ó Castro ten sido unha das mellores experiencias no seu campo, por facer concluír nun único proxecto varias liñas de actuación, como eran a oferta de alternativas de lecer e formación informal á mocidade, a dinamización dunha contorna degradada (Monte do Castro) e o aproveitamento dunha instalación municipal infrautilizada (vivenda e conserxería do depósito de auga).

Após o seu feche son numerosas as demandas por parte do colectivo de persoas usuarias que reclaman a súa reapertura. De igual maneira, sucede, cos servizos que se estaban a prestar tanto no Punto Xove como na propia Casa da Xuventude, e que foron na súa práctica totalidade, desmantelados.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

Nº 04

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero

**Cantidade:** 25.000€

**Descrición:** Elaboración proxecto construción dun centro de información ás mulleres no barrio de Coia

**Xustificación:** Para optimizar a atención municipal que se presta ao colectivo de mulleres, é indispensábel a descentralización de servizos así como o aumento das dotacións desde os que estes se desenvolven. Nese sentido, o barrio de Coia e a súa contorna colindante, teñen unha poboación abondo que xustifique a necesidade de o dotar dun centro de información e atención municipal ás mulleres.

Nº 05

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero

**Cantidade:** 500.000€

**Descrición:** Elaboración e posta en marcha do Plan Municipal de Apoio aos Coidados

**Xustificación:** Os coidados (atención a infancia, persoas idosas, dependentes...) son unha necesidade social que debe ser atendida tamén desde os poderes públicos, e singularmente desde a administración máis próxima á veciñanza.

O Plan Municipal de Apoio aos Coidados debe ser o instrumento público co que actuar desde o Concello, articulando de maneira integral actuacións nos diversos ámbitos e procurando dar unha resposta transversal e de conxunto.

A súa posta en marcha é especialmente necesaria para as mulleres, por ser o colectivo que por mor dos roles de xénero impostos polo patriarcado continúa a asumir, de maneira invisíbel e non remunerada, este traballo.

Nº 06

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Bibliotecas públicas

**Cantidade:** 250.000€

**Descrición:** Elaboración proxecto e construción de bibliotecas municipais en Valadares e Coia.

**Xustificación:** A posta en marcha dunha rede municipal de bibliotecas e salas de lectura exixe reanudar o investimento realizado coa creación da biblioteca Xosé Neira Vilas, na Av. Martínez Garrido. Os barrios de Valadares e Coia teñen demandando desde hai tempo contar cunha biblioteca ante a ausencia de alternativas públicas e privadas nas súas inmediacións.

Nº 07

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Transporte colectivo urbano de viaxeiros
**Cantidade:** 300.000€
**Descrición:** Bono bus gratuíto para persoas desempregadas
**Xustificación:** A implementación dun novo bono bus que faga gratuíta a utilización do transporte urbano colectivo para o colectivo de persoas desempregadas de longa duración, é unha demanda histórica na nosa cidade. Trátase dunha medida coherente coa propia lóxica que fundamenta a existencia doutros descontos e bonos.

Nº 08
**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Bibliotecas públicas
**Cantidade:** 150.000€
**Descrición:** Programa de dinamización de bibliotecas e salas de lectura nos barrios
**Xustificación:** Son numerosas as entidades, centros culturais e veciñais, que contan con bibliotecas e salas de lectura nos diferentes barrios e parroquias da cidade. Espazos que nalgúns casos fican infrautilizados pola falla de recursos de estas entidades para a súa dinamización e apertura, polo que se fai preciso un programa municipal que atenda esta cuestión.

Nº 09
**Tipo de emenda:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Transporte colectivo urbano de viaxeiros
**Cantidade:** 50.000€
**Descrición:** Elaboración dun novo plano de mobilidade local
**Xustificación:** A mobilidade é un aspecto esencial na ordenación urbana. Diante das palpábeis eivas e insuficiencias do actual modelo de transporte colectivo, e necesario elaborar un novo plano de mobilidade que reforce este servizo, reduza o tránsito de vehículo privado, e favoreza o desprazamento peonil e por medios sustentábeis como a bicicleta.

Nº 10
**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Acción social
**Cantidade:** 120.000€
**Descrición:** Axuda médico-farmaceútica
**Xustificación:** A implementación de diversas formas de repagamento sanitario combinada co crecente empobrecemento social, produce que sexa cada vez maior o número de persoas que teñen dificultades económicas para poderen acceder a medicamentos e tratamentos.

Nº 11

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero
**Cantidade:** 300.000€
**Descrición:** Programa de apoio a mulleres vítimas de violencia machista
**Xustificación:** A violencia machista é a máis grave expresión do réxime de opresión e desigualdade que representa o heteropatariarcado. A nosa cidade ten sido nos últimos meses escenario de graves agresións machistas, varias delas con resultado de morte. É por iso que se fai preciso implementar un programa específico que destine recursos e forneza dunha mellor e maior atención ás vítimas de violencia machista.

Nº 12
**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Museos
**Cantidade:** 100.000€
**Descrición:** Reformulación do proxecto museístico do Verbum
**Xustificación:** A proposta museística do Verbum-Casa das Palabras fica obsoleta e resulta pouco atractiva para o público. Xa que logo, é urxente unha reformulación do proxecto museístico para dotar a este contedor cultural dunha nova orientación e actividade, co obxectivo de alargar o seu redemento social.

Nº 13
**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Museos
**Cantidade:** 50.000€
**Descrición:** Plan de dinamización da Pinacoteca
**Xustificación:** A pinacoteca municipal ten unha enormes potencialidades do ponto de vista da posta en valor das artes plásticas e do seu acervo na industria cultural viguesa e galega. No entanto, esas potencialidades non están a ser axeitadamente desenvolvidas por causa, entre outros, de carecer dos recursos económicos necesarios.

Nº 14
**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Museos
**Cantidade:** 100.000€
**Descrición:** Centro Galego de Fotografía
**Xustificación:** Recuperación e posta en marcha do proxecto do Centro Galego de Fotografía na súa ubicación orixinal, no edificio reformado na rúa Alta con Chao.

Nº 15

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Normalización Lingüística
**Cantidade:** 200.000€
**Descrición:** Programa de promoción da lingua galega en Vigo
**Xustificación:**A situación sociolingüística na cidade, na que se patentiza un retroceso no uso oral e escrito do idioma propio de Galiza, visa a necesidade de desenvolver un programa activo de promoción o uso do galego en todos os ámbitos, prestando especial atención á mocidade.

Nº 16

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Bibliotecas públicas
**Cantidade:** 100.000€
**Descrición:** Programa municipal de promoción da lectura
**Xustificación:** A lectura é unha actividade esencial para a boa saúde cultural dunha sociedade. Neste sentido, proponse desenvolver un programa de promoción desde o Concello, a se despregar desde as bibliotecas públicas municipais e en colaboración con oturas entidades e institucións e o tecido literario e editorial da cidade, para promocionar o hábito lector.

Nº 17

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Parques e xardíns
**Cantidade:** 150.000€
**Descrición:** Protección e posta en valor do Río Lagares
**Xustificación:** O Lagares é o principal curso fluvial da cidade e un enclave natural de enorme riqueza do punto de vista ambiental e ecolóxico, que padece inda unha situación de degradación nalgúns dos seus tramos.

Nº 18

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Acción Social
**Cantidade:** 500.000€
**Descrición:** Plan municipal de axuda ao alugueiro
**Xustificación:** A actual oferta de axudas sociais, quer municipais, quer de ámbito autonómico, non dan resposta suficiente a este necesidade, polo que se fai preciso a posta en marcha dun Plan municipal de axuda ao alugueiro, que sendo compatíbel con outras axudas, ofreza unha axuda máxima de 200€ mensuais para satisfacer as cotas de alugueiro de familias de ingresos baixos. Esta axuda servirá tamén para evitar que a situación desemboque nun despexo.

Nº 19

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Participación Cidadá

**Cantidade:** 50.000€

**Descrición:** Proxecto de novos Centro Cívicos Municipais no Calvario e Navia

**Xustificación:** Elaboración dos proxectos para a posta en marcha dun Centro Cívico Municipal nos barrio do Calvario e de Navia, para corrixir o déficit dotacional que presentan este importantes contornos da cidade e atendendo a reivindicación veciñal.

Nº 20

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno

**Cantidade:** 30.000€

**Descrición:** Elaboración dun plan municipal de optimización e aforro do subministro de auga

**Xustificación:** Elaboración dun plan que permita a implementación de medidas conducentes a optimizar o subministro de auga no termo municipal, a reducir as perdas derivadas da súa mala canalización e a promover o aforro no seu consumo.

Nº 21

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno

**Cantidade:** 500.000 €

**Descrición:** Programa de axudas para a prevención dos incendios, reforestación e valorización do monte comunal

**Xustificación:** Diante dos brutais efectos da vaga de lumes do pasado mes de outubro de 2017, é necesario despregar unha liña de axudas municipais, que combinadas coas que outras administracións poidan poñer en marcha, contribúan á prevención dos incendios, á reforestación e a valorización do monte en réxime de man común.

Nº 22

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno

**Cantidade:** 15.000€

**Descrición:** Estudo para a creación dunha empresa municipal de servizos

**Xustificación:** De cara a viabilizar a posíbel remunicipalización dalgúns servizos externalizados, subcontratados ou concesionados, estudarase as posibilidades e fórmulas de cara a dotar ao Concello de Vigo dunha, ou máis, empresas municipais de servizos.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

Nº 23

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno
**Cantidade:** 300.000€
**Descrición:** Programa piloto de orzamentos participativos "Vigo Veciñal"
**Xustificación:** A través deste programa despregarase unha primeira experiencia piloto de cara a dotar a Vigo de mecanismos efectivos de participación social na elaboración dos orzamentos municipais. A tal efecto, esta partida destinarase aos programas e investimentos que se determinen a través da participación veciñal, tanto directa como a través das entidades, organizacións, colectivos e asociacións da cidade.

Nº 24

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Xuventude
**Cantidade:** 30.000€
**Descrición:** Programa de formación e sensibilización sexo-afectiva
**Xustificación:** Posta en marcha dun programa destinado á mocidade desde o que ofrecer información e promover accións de sensibilización en materia de sexo-afectividade, cunha perspectiva feminista e inclusiva da diversidade de identidades e tendencias sexuais.

Nº 25

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Xestión do Patrimonio
**Cantidade:** 317.500€
**Descrición:** Compra local anexo CEIP Pintor Laxeiro
**Xustificación:** Adquisición de local anexo ao CEIP Pintor Laxeiro para ampliar as súas instalacións, atendendo unha demanda histórica da comunidade educativa.

Nº 26

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Instalacións deportivas
**Cantidade:** 260.000€
**Descrición:** Investimento Campo Fútbol Carballal
**Xustificación:** Acometer as melloras comprometidas e non executadas en exercicios anteriores nesta instalación municipal.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

Nº 27

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Parque das ciencias Vigozoo
**Cantidade:** 30.000€
**Descrición:** Proxecto de aplicación da estratexia Zoo XXI para o redeseño de Vigozoo
**Xustificación:** Implementar a estratexia Zoo XXI para avanzar cara a un modelo máis sutentábel e de maior respeito cara ao benestar animal.

Nº 28

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Acción Social
**Cantidade:** 150.000€
**Descrición:** Programas do Consello Local de Cooperación Internacional e Solidariedade
**Xustificación:** Dotar dunha partida suficiente para que o Consello poida planificar o desenvolvemento e execución de programas en atención da súa misión e obxectivos, avanzando de atinxir o obxectivo do 0,7% dos orzamentos.

Nº 29

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Parques e Xardíns / Vía e Obras
**Cantidade:** 300.000€
**Descrición:** Reforma do paseo de Bouzas
**Xustificación:** Acometer a reforma do paseo de Bouzas unha vez sexa formalizada a cesión da súa titularidade pola Dirección de Costas do Estado.

Nº 30

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Acción Social
**Cantidade:** 150.000€
**Descrición:** Creación da Axencia Local de Vivenda Protexida e Social
**Xustificación:** Creación dun instrumento municipal desde o que promover e xestionar un Parque Municipal de Vivenda Protexida e Social.

Nº 31

**Tipo:** Creación de nova partida
**Grupo de programa / departamento:** Promoción cultural
**Cantidade:** 250.000€
**Descrición:** Programas de dinamización cultural
**Xustificación:** Habilitar recursos para a recuperación dos programas culturais e festivais que foron suprimidos ou anulados nos últimos anos (Vigo a Escena, Alt, Move Vigo...) para reverter a política de desertización cultural.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

## *II) PARTIDAS ORZAMENTARIAS DE GASTO A INCREMENTAR:*

Nº 32
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 1710 6190003
**Grupo de programa / departamento:** Parques e xardíns
**Cantidade aumento:** 90.000€
**Total partida:** 190.000€
**Descrición:** Recuperación de zonas verdes
**Xustificación:** Dotar de maiores medios económicos que permitan actuar nunha maior superficie de zonas verdes da cidade.

Nº 33
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 2310 4800000
**Grupo de programa / departamento:** Acción Social
**Cantidade aumento:** 250.000€
**Total partida:** 1.172.000€
**Descrición:** Axudas a familias e fondos de emerxencia desafiuzamentos
**Xustificación:** O crecente empobrecemento, a insuficiencia das axudas públicas existentes e a demora na súa tramitación administrativa, colocan a cada vez máis familias baixo a ameaza real da exclusión social, por non poderen afrontar o pagamento de gastos urxentes e indispensábeis.

Nº 34
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 2310 4800002
**Grupo de programa / departamento:** Acción Social
**Cantidade aumento:** 800.000€
**Total partida:** 2.350.000€
**Descrición:** Axuda alugueiro vivenda, alimentos, c. enerxética
**Xustificación:** A partida inicialmente asignada, na liña da prevista en anteriores orzamentos, tense demostrado insuficiente para atender a demanda real deste tipo de axudas, e resulta un factor limitante para as contías das mesmas.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

Nº 35
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 2310 4810000
**Grupo de programa / departamento:** Acción Social
**Cantidade aumento:** 300.000€
**Total partida:** 1.505.000€
**Descrición:** Becas libro comedor
**Xustificación:** A situación social e a rebaixa nas becas e axudas públicas destinadas ao ensino por parte doutras administracións fan necesario reforzar as becas municipais.

Nº 36
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 2311 2260200
**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero
**Cantidade aumento:** 137.000€
**Total partida:** 150.000€
**Descrición:** Campañas contra a violencia de xénero
**Xustificación:** O aumento no número de mortes a causa de violencia machista na nosa cidade, xustifican que desde o Concello de Vigo se teña que desenvolver un grande esforzo para combater o discurso patriarcal do que xorde esa violencia, para poñer freo aos feminicidios.

Nº 37
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 2311 2279906
**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero
**Cantidade aumento:** 345.000€
**Total partida:** 500.000€
**Descrición:** Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades
**Xustificación:** Cómpre despregar máis recursos para executar na súa integridade as accións recollidas no plan, alargando a súa incidencia social para avanzar cara a unha sociedade plenamente igualitaria e na que fique superada a discriminación por razón de xénero.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

Nº 38

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2410 1310000

**Grupo de programa / departamento:** Fomento e promoción emprego

**Cantidade aumento:** 1.410.000€

**Total partida:** 2.610.000€

**Descrición:** Programa de axudas ao Plan de emprego municipal (DUSI OT9 LA17 INSERCION LABORAL)

**Xustificación:** A posta en marcha do actual Plan de emprego municipal, por iniciativa do BNG, supuxo un salto cualitativo de grande importancia na implicación do Concello na promoción do emprego na nosa cidade. As causas que o motivaron fican plenamente vixentes, cun elevado número de persoas desempregadas. A caída da taxa de protección social e, xa que logo, o aumento das persoas paradas de longa duración que carecen de fontes de ingresos, fan necesario reforzar novamente este plan dotándoo de máis recursos.

Nº 39

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3330 2260202

**Grupo de programa / departamento:** Rede museística

**Cantidade aumento:** 79.000€

**Total partida:** 100.000€

**Descrición:** Promoción de actividades museísticas

**Xustificación:** Vigo conta con instalacións museísticas de grande valor, tanto na súas dotacións-contedores como nos seus contidos. Para paliar a continuada perda de visitantes é imprescindíbel acometer unha maior dinamización e promoción da actividade museística.

Nº 40

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3330 2260900

**Grupo de programa / departamento:** Rede museística

**Cantidade aumento:** 100.000€

**Total partida:** 141.000€

**Descrición:** Programa de actividades

**Xustificación:** Axudar a dinamizar e promover a rede museística.

Rúa Celso Emilio Ferreiro 3, baixo
36203 Vigo (Galiza)
Tel. 986 44 73 00 | Fax. 986 43 90 91
vigo.cidade@bng.gal
www.vigo.bng.gal 

Nº41
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 3330 2260901
**Grupo de programa / departamento:** Rede museística
**Cantidade aumento:** 100.000€
**Total partida:** 200.000€
**Descrición:** Programa exposicións
**Xustificación:** Axudar a dinamizar e promover a rede museística.

Nº 42
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 3330 2279903
**Grupo de programa / departamento:** Rede museística
**Cantidade aumento:** 60.000€
**Total partida:** 100.000€
**Descrición:** Plan de dinamización e recup. Arquivo Pacheco
**Xustificación:** Axudar a dinamizar e promover a rede museística.

Nº 43
**Tipo:** Aumento
**Partida:** 3380 4800001
**Grupo de programa / departamento:**
**Cantidade aumento:** 25.000€
Deste xeito se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuirá o déficit en contabilidade nacional.

Como os importes consignados no proxecto de orzamento nos capítulos 1, 2 e 3 aproxímanse aos importes que se espera recadar efectivamente, tanto do exercicio corrente como dos exercicios pechados, non será necesario practicar ningún axuste na capacidade ou necesidade de financiamento por este motivo. A estes efectos compre lembrar que a recadación total conxunta nos capítulos 1, 2 e 3 foi superior ás previsións iniciais consignadas nos orzamentos iniciais dos anos 2018 (+1,74%), 2017 (+1,49%), 2016 (+2,05%), 2015 (+3,37%), 2014 (+1,65%) e 2013 (+0,05%).

✓ Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, debe realizarse un axuste positivo polo importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado.

| | |
|---|---|
| Devolución liquidación PIE 2008 en 2020 (+) | 543.137,28 |
| Devolución liquidación PIE 2009 en 2020 (+) | 2.110.929,24 |
| Axuste positivo (menor déficit) | 2.654.066,52 |

Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento :

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade de financiamento no orzamento consolidado.

| CONCEPTOS | CONCELLO | XMU |
|---|---|---|
| Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente | 265.128.432,07 | 7.746.605,31 |
| Total Gastos capítulos I a VII orzamento corrente | 265.128.432,07 | 7.746.605,31 |
| a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO | 0,00 | 0,00 |
| AXUSTES | | |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 1 | 0,00 | 0,00 |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 2 | 0,00 | 0,00 |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 3 | 0,00 | 0,00 |
| Axuste por devolución no 2018 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009 | 2.654.066,52 | 0,00 |

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| b) TOTAL AXUSTES | 2.654.066,52 | 0,00 |
| c) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a + b) | 2.654.066,52 | 0,00 |

Resultado Estabilidade Orzamentaria Grupo Administración Pública.

| Entidade | Estabilidade Orzamentaria Grupo AAPP | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Ingreso non financeiro | Gasto non financeiro | Axustes SEC | | Capac./Nec. Financ. Entidade |
| | | | Axustes propia Entidade | Axustes por Operacións Internas | |
| Concello de Vigo | 265.128.432,07 | 265.128.432,07 | 2.654.066,52 | 0,00 | 2.654.066,52 |
| Xerencia Municipal de Urbanismo | 7.746.605,31 | 7.746.605,31 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| F. Marco | 831.046,81 | 799.306,82 | 0,00 | 0,00 | 31.739,99 |
| Vigo Convention Bureau | 477.000,00 | 477.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Resultado grupo AAPP | | | | | 2.685.806,51 |

Sexto.- Sustentabilidade financeira.

a) Cumprimento do límite de débeda.

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,5% do PIB para o exercicio 2020.

Dado que para a administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013:

> *"Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.*
>
> *A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluirán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado."*

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

Tendo en conta que nin o Concello de Vigo nin a XMU manteñen operacións de crédito con capitais pendentes de reembolso, nin risco algún deducido de avais, e que non proxectan concertar ao longo do exercicio 2020 operación de endebedamento algunha, o volume de débeda viva é de 0,00 euros e o coeficiente de endebedamento do 0%, polo que o nivel de débeda estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LPGE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo durante 2020, de considerar esta opción.

b) Débeda comercial. Período medio de pago.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

do tempo de pago ou atraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común.

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Morosidade trimestral Lei 3/2004.

| Período | E. Local | | XMU | | Fund. MARCO | | Vigo Convention | | Fund. FAIMEVI | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP |
| 1º T / 2019 | 16,28 | 12,59 | 25,46 | 12,7 | 50,64 | 33,13 | 133,57 | 17,66 | 4,9 | 2034,36 |
| 2º T / 2019 | 14,08 | 13,63 | 17,85 | 5,27 | 40,63 | 39,01 | 76,89 | 39,13 | 9,17 | 2065,86 |
| 3º T / 2019 | 18,57 | 17,06 | 27,53 | 7,46 | 36,39 | 25,66 | 126,72 | 73,1 | 9,25 | 2225,38 |

PMP Real Decreto 1040/2017.

| PMP Real Decreto 1040/2017 | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Institución | 01/19 | 02/19 | 03/19 | 04/19 | 05/19 | 06/19 | 07/19 | 08/19 | 09/19 | 10/19 | 11/19 | 12/19 |
| Ent. Local | 15,65 | 10,02 | 11,61 | 9,54 | 8,78 | 11,89 | 12,38 | 13,98 | 14,89 | | | |
| FAIMEVI | 78,9 | 108,26 | 139,02 | 168,79 | 199,56 | 230,69 | 261,02 | 292,21 | 321,97 | | | |
| MARCO | 42,34 | 29,51 | 49,76 | 42,28 | 39,63 | 27,59 | 28,5 | 47,72 | 36,52 | | | |
| XMU | 7,85 | 7,95 | 13,28 | 5,77 | 8,93 | 13,01 | 9,67 | 19,04 | 21,68 | | | |
| Vigo C.B. | 935,92 | 50,96 | 17,66 | 44,07 | 10,29 | 38,28 | 65,41 | 63,62 | 23,9 | | | |
| PMPGlob. | 17,29 | 10,27 | 12,17 | 9,77 | 9,02 | 12,03 | 12,54 | 14,34 | 15,18 | | | |

Polo tanto o PMP do Concello de Vigo e o PMP global atópanse por debaixo do prazo máximo de pago establecido en 30 días pola normativa sobre morosidade.

Sétimo.- Límite de gasto non financeiro.

Consonte ao disposto no artigo 30 da LOEOSF, o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

- Límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Como temos visto, cumprirase o obxectivo de estabilidade orzamentaria na aprobación dos orzamentos xerais do ano 2020 sempre e cando o gasto non financeiro non sexa superior a 269.699.138,90 euros.

| | |
|---|---|
| Total Ingresos capítulos I a VII orzamento corrente consolidado | 267.045.072,38 |
| Axuste por devolución no 2020 das liquidacións negativas da PTE 2008 e 2009 | 2.654.066,52 |
| **Límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade** | **269.699.138,90** |

Documento asinado

- Límite de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto.

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, cuxo cálculo corresponde ao Ministerio. Dita taxa quedou establecida no 2,7% para o exercicio 2019 e no 2,8% para o exercicio 2020.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro consideramos os datos da última liquidación aprobada, a correspondente ao exercicio 2018, así como os datos contidos no Plan Económico Financeiro aprobado no ano 2019 e en vigor, como consecuencia do incumprimento no ano 2018 dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

| Entidade | Límite máximo de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Gasto computable Liquid. 2018 (1) | (2) = (1)*(1+TRCPIB 2019) | Límite Regra de Gasto 2019 | Gasto computable PEF 2019 (3) | (4) = (3)*(1+TRCPIB 2020) | (+/-) Recadación por cambios normativos 2020 (5) | Límite Regra de Gasto 2020 (6)=(4)+(5) |
| Concello de Vigo | 227.418.307,67 | 233.558.601,98 | 233.558.601,98 | 211.816.832,35 | 217.747.703,66 | 3.865.544,00 | 221.613.247,66 |
| XMU | 579.169,20 | 594.806,77 | 594.806,77 | 5.917.854,83 | 6.083.554,77 | 0,00 | 6.083.554,77 |
| Fundación Marco | 757.094,27 | 777.535,82 | 777.535,82 | 766.094,10 | 787.544,73 | 0,00 | 787.544,73 |
| Vigo Convention Bureau | 443.671,64 | 455.650,77 | 455.650,77 | 449.849,00 | 462.444,77 | 0,00 | 462.444,77 |
| Importe total | 229.198.242,78 | 235.386.595,34 | 235.386.595,34 | 218.950.630,28 | 225.081.247,93 | 3.865.544,00 | 228.946.791,93 |

| Variacións na recadación por cambios normativos ano 2020 | |
|---|---|
| Concepto | Importe orzamento |
| IBI Urbana | 2.640.000,00 |
| BICES | 30.000,00 |
| IVTM | 365.000,00 |
| IAE | 300.000,00 |
| Taxa recollida lixo | 400.000,00 |
| Taxa escolas infantís | 27.332,00 |
| Prezo Público escolas municipais (música, danza, folk, teatro) | 37.312,00 |
| Prezo Público servizos deportivos | 65.900,00 |
| Total | 3.865.544,00 |

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

En consecuencia, o límite máximo de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto ascende a 228.946.791,93 euros.

No entanto, dito importe deberá de ser calculado novamente unha vez que se aprobe a liquidación dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2019.

Oitavo.- Calculo do gasto computable en termos de contabilidade nacional e verificación do cumprimento da Regra de Gasto.

Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, resulta aconsellable facer una avaliación neste intre dado que constitúe unha regra fiscal de obrigado cumprimento no momento da liquidación do orzamento.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Esquemáticamente:

| | |
|---|---|
| (+) | Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda: Do Capítulo 3 (gastos financeiros) unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos (301, 311, 321, 331 y 357) |
| (+/-) | Axustes segundo o SEC. |
| (-) | Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local. |
| (-) | A parte de gasto non financeiro do Presuposto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Publicas. |
| (=) | Gasto computable exercicio |

| GASTO COMPUTABLE EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL | | |
|---|---|---|
| CONCEPTO | CONCELLO | XMU |
| Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos | 265.128.432,07 | 7.746.605,31 |
| (Intereses débeda) | -3.030,00 | 0,00 |
| Empregos non financieros excepto intereses débeda | 265.125.402,07 | 7.746.605,31 |
| AXUSTES según o SEC | | |
| (-) Enaxenación inversións reais | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Inversións realizadas por conta doutra Administración Pública | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Execución de avais | 0,00 | 0,00 |
| (+) Achegas de capital | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Asunción e cancelación de débedas | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555 | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Privadas | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Adquisicións con pago aprazado | 0,00 | 0,00 |

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| (+/-) Arrendamento financeiro | 0,00 | 0,00 |
| (+) Préstamos | 0,00 | 0,00 |
| (-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012 | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Axuste por grado de execución do gasto | 19.746.522,32 | 1.100.324,41 |
| Total axustes SEC | 19.746.522,32 | 1.100.324,41 |
| Total Empregos non financeiros SEC 95 excepto intereses débeda | 245.378.879,75 | 6.646.280,90 |
| (-) Gastos por transferencias internas | 6.684.965,00 | 0,00 |
| (-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP | 26.729.026,25 | 473.489,60 |
| (-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento | 0,00 | 0,00 |
| Total de Gasto computable del exercicio | 211.964.888,50 | 6.172.791,30 |
| Total Gasto computable a nivel consolidado | | 218.137.679,80 |
| Gasto computable Fundación Marco | | 799.306,82 |
| Gasto computable Vigo Convention Bureau | | 477.000,00 |
| Total Gasto computable SEC | | 219.413.986,62 |

Axuste por grado de execución do gasto.

Como consecuencia de que a execución orzamentaria final adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento, cando se parte do proxecto de orzamento ou do orzamento inicial realizarase un "axuste por grao de execución do gasto" que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros, reducindo aqueles créditos que polas súas características ou pola súa natureza considérense de imposible execución no exercicio orzamentario, e aumentando aqueles cuxa execución vaia a superar o importe dos previstos inicialmente.

Para calcular o importe do axuste teremos en conta a maior das seguintes porcentaxes de execución:

- ✓ O valor medio de execución orzamentaria dos últimos cinco anos (columna media 5).
- ✓ O valor medio de execución orzamentaria dos últimos tres anos (columna media 3).
- ✓ A porcentaxe de execución do exercicio 2018, último liquidado.

| Axuste por inexecución Concello de Vigo | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cap. | 2018 | Media 5 | Media 3 | Valor considerado | % Inexecución | Importe capítulo (1) | Axuste |
| I | 93,16 | 93,80 | 92,52 | 93,80 | 6,20 | 70.028.171,00 | 4.339.485,56 |
| II | 92,09 | 93,37 | 92,56 | 93,37 | 6,63 | 128.215.073,84 | 8.020.237,66 |
| III | 0,00 | 14,30 | 3,56 | 14,30 | 85,70 | 500,00 | 428,50 |
| IV | 93,20 | 95,53 | 95,20 | 95,53 | 4,47 | 33.882.508,26 | 1.149.707,08 |
| V | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | 600.000,00 | 600.000,00 |
| VI | 60,01 | 47,35 | 48,30 | 60,01 | 39,99 | 30.781.098,51 | 5.123.417,91 |
| VII | 27,57 | 66,16 | 68,28 | 68,28 | 31,72 | 1.618.050,46 | 513.245,61 |
| | | | | | | 265.125.402,07 | 19.746.522,32 |

| Axuste por inexecución Xerencia de Urbanismo | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cap. | 2018 | Media 5 | Media 3 | Valor considerado | % Inexecución | Importe capítulo (1) | Axuste |

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I | 91,80 | 93,73 | 91,86 | 93,73 | 6,27 | 5.423.369,74 | 340.045,28 |
| II | 57,58 | 65,13 | 62,91 | 65,13 | 34,87 | 1.935.197,55 | 509.697,56 |
| III | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 100,00 | 0,00 | 0,00 |
| IV | 100,00 | 99,40 | 100,00 | 100,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| VI | 7,96 | 32,75 | 16,41 | 32,75 | 67,25 | 328.038,02 | 220.605,57 |
| VII | 50,04 | 19,62 | 27,30 | 50,04 | 49,96 | 60.000,00 | 29.976,00 |
| | | | | | | 7.746.605,31 | 1.100.324,41 |

(1) O importe dos capítulos 2, 4 e 6 minórase pola parte do gasto de ditos capítulos financiada con fondos finalistas doutras Administracións conforme aos datos incorporados ao expediente.

Gastos financiados con fondos finalistas doutras Administracións Públicas.

| Concepto | Administración | Destino | Importe |
|---|---|---|---|
| 45002 | Xunta de Galicia | Plan Concertado, SAF | 3.743.907,00 |
| 45003 | Xunta de Galicia | Cedro | 729.746,00 |
| 45006 | Xunta de Galicia | Libre concorrencia, SAF | 20.000,00 |
| 75060 | Xunta de Galicia | Obras túnel acceso estación intermodal | 564.995,63 |
| Subtotal Xunta de Galicia | | | 5.058.648,63 |
| 42090 | Administración do Estado | Transporte urbano colectivo | 1.295.527,00 |
| 42092 | Administración do Estado | Proxecto Vigo pola inserción laboral | 1.019.454,30 |
| 72000 | Administración do Estado | Humanización Avenida de Madrid | 1.497.617,69 |
| 72390 | ADIF | Obras túnel acceso estación intermodal | 7.637.169,33 |
| Subtotal Administración do Estado | | | 11.449.768,32 |
| 46700 | Consorcio Casco Vello | Personal adscrito | 36.468,46 |
| Subtotal Consorcio Casco Vello | | | 36.468,46 |
| 76101 | Deputación de Pontevedra | Plan Beirarrúas en barrios | 1.185.000,00 |
| 76114 | Deputación de Pontevedra | Humanización Serafín Avendaño, Areal, Rosalía de Castro | 216.000,00 |
| 76115 | Deputación de Pontevedra | Humanización Taboada Leal, Ronda don Bosco, Venezuela | 280.000,00 |
| 76116 | Deputación de Pontevedra | Humanización Hispanidade, Zamora, Pintor Colmeiro | 640.000,00 |
| 76105 | Deputación de Pontevedra | Cubrición patios en colexios | 600.000,00 |
| 76111 | Deputación de Pontevedra | Mellora céspede e instalacións campos de fútbol | 240.000,00 |
| 76110 | Deputación de Pontevedra | Investimento mellora Balaídos | 3.800.000,00 |
| 46102 | Deputación de Pontevedra | Plan asfaltado barrios | 1.040.000,00 |
| 46104 | Deputación de Pontevedra | Feira SEAFEST | 50.000,00 |
| 46100 | Deputación de Pontevedra | Marisquiño | 181.500,00 |
| 46106 | Deputación de Pontevedra | World Padel Tour | 55.000,00 |
| 46105 | Deputación de Pontevedra | Outros eventos internacionais | 12.500,00 |
| Subtotal Deputación de Pontevedra | | | 8.300.000,00 |
| 791 | UE-FEDER | Programa DUSI | 1.884.140,84 |
| Subtotal UE-FEDER | | | 1.884.140,84 |
| Total xeral | | | 26.729.026,25 |

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Xerencia de Urbanismo.

| Concepto | Administración | Destino | Importe |
|---|---|---|---|
| 45060 | Xunta de Galicia | Oficina rehabilitación | 123.799,60 |
| 45061 | Xunta de Galicia | Redacción Plan Xeral | 349.690,00 |
| | | | 473.489,60 |

**Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.**

Tendo en conta que o gasto computable no exercicio 2020 do entes que forman o grupo Administración Pública Concello de Vigo, aos efectos da verificar o cumprimento da regra de gasto, ascende a 219.413.986,62 euros, e que dito importe é inferior ao límite da regra de gasto para dito exercicio, conclúese que o proxecto de Orzamento do ano 2020 cumpre inicialmente o obxectivo de Regra de Gasto.

**Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o nivel de débeda.**

O proxecto de orzamentos consolidades para o exercicio 2020 dos entes que forman o grupo Administración Pública do Concello de Vigo (Concello, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Marco e Vigo Convention Bureau):

a) Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando unha capacidade de financiamento de 2.685.806,51 €.

b) Cumpre co límite de débeda, non tendo débeda viva pendente de reembolso nin risco deducido de avais, polo que o coeficiente legal de endebedamento é do 0,00%.

c) O seu período medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores.

d) O límite máximo de gasto non financeiro coherente coa regra de gasto para o exercicio 2020 ascende a 228.946.791,93 euros. Dito importe é provisional polo que deberá calcularse de novo unha vez que se liquide o orzamento xeral do ano 2019.

e) Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, comprobouse que se consideramos un axuste por inexecución do gasto de 19.746.522,32 euros no Concello de Vigo e de 1.100.324,41 na XMU, o gasto computable do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2020, en termos de contabilidade nacional, 219.413.986,62 €, é inferior ao límite da regra de gasto, polo que o proxecto de Orzamento do ano 2020 cumpre inicialmente o obxectivo da Regra de Gasto.

.

| | |
|---|---|
| Asunto: | Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2020 |
| Expte. número: | 62-142 |
| Servizo Xestor: | Contabilidade e Xestión Orzamentaria |
| Forma de exercicio do control: | Control financeiro na modalidade de función de control permanente |
| Data de entrada en intervención: | 17/10/19 |

Remitida a esta intervención o proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2020, con

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 168.4 e 214 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, ten a ben emitir o seguinte

Informe:

Primeiro.- Normativa de aplicación.

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RO).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RDCI).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b) 2º).
- Orde EHA/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Segundo.- Definición e contido.

O orzamento xeral da entidade local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Tendo en conta que non consta a existencia de sociedades mercantís cuxo capital social pertenza na súa integridade á entidade local, e que con efectos do 1 de xaneiro do ano 2016 produciuse a extinción dos organismos autónomos locais Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias – Vigozoo, conforme dispoñen os artigos 164.1 TRLRFL e 6 RO, no proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 que se presenta nesta Intervención para o seu preceptivo informe, intégranse unicamente os orzamentos da propia entidade e o do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (en adiante, XMU).

Con todo, e aínda que non se integran no orzamento xeral, tamén se inclúe información sobre os orzamentos e estados financeiros daquelas unidades que foron clasificadas como Administracións Públicas no inventario de entes elaborado pola Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do MHFP, e que, polo tanto, tamén forman parte do sector público local en termos de contabilidade nacional: a Fundación Marco e a Fundación Vigo Convention Bureau. Non se inclúe a Fundación Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo (FAIMEVI) por atoparse en proceso de extinción e liquidación.

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, comúns para o Concello e a XMU, así como as específicas da XMU.

Terceiro.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo acompáñanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- ✓ Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- ✓ Resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2018.
- ✓ Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2019, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, e estimación da liquidación do orzamento referida a 31 de decembro.
- ✓ Informe da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación ao capítulo I do estado de gastos do proxecto de orzamento.
- ✓ Anexo de persoal da Entidade local, no que se relacionan e valoran a totalidade dos postos de traballo existentes na mesma (1.409), tanto os reservados ao persoal funcionario (1.042), como ao persoal laboral (347) e eventuais (20).
- ✓ Certificación da sesión da Mesa Xeral de Negociación de 8/08/2019 e 6/09/2019 nas que se abordaron, entre outros asuntos, o capítulo I de gastos do proxecto de orzamentos.
- ✓ Relación dos investimentos a realizar no exercicio.
- ✓ Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- ✓ Informe relativo aos convenios subscritos coa Xunta de Galicia en materia de gasto social, asinado con data 17 de outubro de 2019 polo xefe de área de Política Social:

    1. Convenio de colaboración asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa “Xantar na casa” no período 2017-2021.
    2. Convenio entre a Comunidade Autónoma e a FEGAMP, ao que se adhire o Concello de Vigo, para o cofinanciamento do CEDRO, pendente de sinatura.

- ✓ Un informe económico-financeiro de ingresos elaborado pola Dirección de Ingresos e un informe económico-financeiro de gastos elaborado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, nos que se expoñen as premisas utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- ✓ Informe do Interventor Xeral Municipal de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.
- ✓ Os plans e programas de investimento e financiamento para un prazo de catro anos. O plan de investimentos complétase co programa financeiro, que contén:

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

a) O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
b) Os ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
c) Ás operacións de crédito que resultan necesarias para completar o financiamento, con indicación dous custos que vaian xerar, non estando prevista a concertación de operacións de endebedamento no citado período.

- ✓ O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co do orzamento da XMU. Este documento supón que "*los presupuestos de los distintos entes con personalidad jurídica que realicen actividades municipales se unifican, eliminándose las posibles duplicidades, en cuanto a gastos e ingresos recíprocos, que puedan darse entre sí. Esto permite aportar la visión real de toda la actividad económico-financiera del ente, independientemente de las formas de gestión de los servicios que hayan sido elegidas*" [Alarcón García, 1996, p.100].

- ✓ O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

As consideracións que son obxecto de avaliación no presente documento corresponden ao proxecto de orzamento xeral sometido a informe. No caso de que o proxecto analizado sufra algunha modificación durante a súa tramitación, como consecuencia da aprobación dalgunha ou todas as emendas presentadas ao seu contido, o proxecto modificado poderá requirir a emisión dun novo informe complementario ao presente, en particular se afectan á regra do gasto ou á estabilidade orzamentaria.

Cuarto.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos do Concello e o da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

Deste xeito, os créditos incluídos no estados de gastos do orzamento clasifícanse segundo os seguintes criterios:

**a)** Pola finalidade dos créditos e obxectivos que con eles se pretende: Áreas de Gasto, Políticas de Gasto, Grupos de Programas e Programas.
**b)** Pola natureza económica: capítulos, artigos, conceptos, subconceptos e partidas.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción da clasificación por programas e a partida económica, e constitúe a unidade elemental da información sobre a que se efectuará o control contable dos créditos e as súas modificacións.

A clasificación por programas estrutúrase con catro díxitos, representando o primeiro a Área de gasto, o segundo as Políticas de gastos, o terceiro o Grupo de programas e o cuarto o Programa.

A clasificación económica estrutúrase con sete díxitos, o primeiro define o capítulo, o segundo o artigo, o terceiro o concepto, o cuarto e quinto o subconcepto e o sexto e sétimo a partida.

A clasificación dos ingresos realízase conforme a súa natureza económica con tres niveis: Capítulo, artigo e concepto, ampliable ata o nivel de subconcepto, sendo este último o desenvolvemento que se fai na estrutura do estado de ingresos.

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Quinto.- Prazo de presentación.

Tendo en conta a data na que foi recibido nesta Intervención o expediente para a aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2019 –o 17 de outubro-, o citado expediente tramítase fora dos prazos establecidos no TRLRFL e no RO[1], xa que o expediente completo debería terse recibido na Intervención non máis tarde do 30 de setembro, e remitido ao Pleno antes do día 15 de outubro.

En calquera caso, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC[2], a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa.

Sexto.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.

A análise do equilibrio orzamentario pode realizarse dende diferentes ámbitos ou perspectivas, uns esixidos pola normativa vixente e outros necesarios para a realización da análise económica.

En consecuencia, podemos distinguir os seguintes:

**a)** Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluidos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RO ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, cada un dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que ningún deles presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RO, tal e como podemos comprobar no seguinte cadro-resumo:

[1] O artigo 168.4 do TRLRFL dispón que a remisión ao Pleno do proxecto de orzamento xeral para a súa aprobación inicial, enmenda ou devolución deberá realizarse antes do 15 de outubro do ano anterior ao que vai ter os seus efectos.

No mesmo sentido, o artigo 18.4 do RD 500/1190 establece que:

"Sobre a base dos Orzamentos e estados de previsión a que se refiren os apartados anteriores, o Presidente da Entidade formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallada no artigo 12 e no presente artigo, ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación inicial, emenda ou devolución.
A remisión á Intervención efectuarase de forma que o Orzamento, con todos os seus anexos e documentación complementaria, poida ser obxecto de estudo durante un prazo non inferior a dez días e informado antes do 10 de outubro".

[2] O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

*"2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.*
*3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo".*

Documento asinado

| Orzamento | Concello de Vigo | XMU | Consolidado |
|---|---|---|---|
| Estado de gastos | 265.774.432,07 | 7.778.605,31 | 267.723.072,38 |
| Estado de ingresos | 265.774.432,07 | 7.778.605,31 | 267.723.072,38 |
| Superávit (+) ou Déficit (-) | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2019 presenta o seguinte desglose:

| | Concello | XMU | Consolidado |
|---|---|---|---|
| PREVISIÓNS INGRESO OPERAC. CORRENTES | 246.583.508,58 | 7.746.605,31 | 248.500.148,89 |
| CRÉDITOS GASTO POR OPERAC. CORRENTES | 232.729.283,10 | 7.358.567,29 | 234.257.885,38 |
| SALDO POR OPERACIÓNS CORRENTES | 13.854.225,48 | 388.038,02 | 14.242.263,51 |

c) Déficit ou superávit por operacións non financeiras: Saldo orzamentario non financeiro ou capacidade de financiamento (sen axustes SEC-10).

Seguindo a clasificación prevista no apartado anterior:

| | Concello | XMU | Consolidado |
|---|---|---|---|
| PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERAC. NON FINANCEIRAS | 265.128.432,07 | 7.746.605,31 | 267.045.072,38 |
| CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS | 265.128.432,07 | 7.746.605,31 | 267.045.072,38 |
| SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

**d) Análise dos fluxos orzamentarios: Aforro bruto e aforro neto.**

A doutrina acuñou os termos aforro bruto e aforro neto para referirse aos fluxos que foron tradicionalmente empregados na análise orzamentaria, confirmando a tradicional esixencia da procura do equilibrio entre os recursos ordinarios ou correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) e as obrigas derivadas de operacións ordinarias, correntes e financeiras (capítulos 1 a 5 e 9 do estado de gastos).

O cálculo de fluxos orzamentarios permite comprobar a existencia de equilibrio nas operacións de carácter ordinario e, por conseguinte, detectar as posibles tensións financeiras da entidade local.

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

O aforro bruto calcúlase como a diferenza entre os ingresos e os gastos de natureza corrente, que se caracterizan polo seu carácter recorrente ou habitual. Loxicamente, a correcta interpretación desta magnitude esixe a depuración daqueles ingresos clasificados como correntes que non teñen carácter normal ou ordinario, e de aqueles que, pola súa natureza afectada, deban destinarse necesariamente a financiar gastos de inversión tales como as contribucións especiais, as cotas de urbanización ou os aproveitamentos urbanísticos.

O aforro bruto representa, polo tanto, o exceso de financiamento derivado das operacións correntes. Unha parte deste superávit debe ir destinado á devolución da débeda que vence no exercicio, recibindo a diferencia resultante a denominación de aforro neto. Se o aforro neto é positivo, destinarase a financiar os gastos orixinados polas operacións de inversión, xunto cos recursos procedentes de tales operacións. Se, polo contrario, o aforro neto é negativo, a entidade terá que recorrer á débeda ou á alleamento de inversións para poder atender ao pago da carga financeira ou incluso as obrigas correntes.

Non debemos confundir o aforro neto orzamentario a que nos estamos a referir co aforro neto legal definido no artigo 53 do TRLRFL, necesario para determinar a necesidade ou non de obter autorización previa do órgano de tutela financeira para a concertación de operacións de crédito a longo prazo.

Deste xeito, a análise dos fluxos orzamentarios permite verificar, en definitiva, que os recursos procedentes do endebedamento e os demais ingresos extraordinarios ou non correntes, unicamente se empregan para os fins previstos na lexislación vixente, evitando os riscos dunha posible descapitalización da entidade.

Análise de fluxos orzamentarios:

| Orzamento | Concello de Vigo | XMU | Consolidado |
|---|---|---|---|
| + Ingresos correntes (capítulos 1 a 5) | 246.583.508,58 | 7.746.605,31 | 248.500.148,89 |
| - Ingresos correntes extraordinarios (1) e (2) | 1.019.454,30 | 349.690,00 | 1.369.144,30 |
| - Ingresos correntes afectados a inversións (3) | 1.100.000,00 | 0,00 | 1.100.000,00 |
| - Gastos correntes (capítulos 1 a 5) | 232.729.283,10 | 7.358.567,29 | 234.257.885,38 |
| Aforro bruto orzamentario | 11.734.771,18 | 38.348,02 | 11.773.119,21 |
| - Gastos amortización débeda (cap. 9) | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Aforro neto orzamentario | 11.734.771,18 | 38.348,02 | 11.773.119,21 |

(1) Transferencia Estado proxecto Vigo pola inserción laboral. Subconcepto 420.92
(2) Axuda CCAA redacción PXOM. Subconcepto 450.61
(3) Contribucións especiais incendios. Subconcepto 351.00

O axustado aforro da XMU débese ao financiamento no presente exercicio da anualidade correspondente ao contrato de redacción do PXOM por importe de 699.380,00.

Do que resulta que, dende un punto de vista dos fluxos orzamentarios, os proxectos de orzamentos do Concello de Vigo e a XMU, tanto analizados individualmente como en termos consolidados, se presentan equilibrados e con nivelación orzamentaria, de modo que os ingresos correntes ordinarios resultan suficientes para financiar a totalidade dos gastos correntes e as amortizacións dos pasivos financeiros do exercicio, resultando un aforro neto orzamentario que permite o financiamento de novos gastos de capital por importe de 11.773.119,21 euros en termos consolidados.

En consecuencia, o aforro bruto orzamentario financia a formación de capital e a necesidade de financiamento.

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Sétimo.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 165 do TRLRFL establece que o orzamento xeral das Entidades Locais atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e así, o artigo 11.4 LOEOSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Pola súa banda, o art.º 4.1 do RDLEP dispón as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

Para estes efectos, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, se é o caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Por este motivo tense incorporado ao expediente informe independente desta Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se conclúe que o proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Oitavo.- Bases de execución dos orzamentos.

As bases de execución conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade e dos seus organismos autónomos, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento (arts. 165.1 da TRLRFL e 9 do RO).

a) Contido mínimo. As bases de execución incluídas no proxecto de orzamento xeral do ano 2018 inclúen a regulación necesaria das materias a que se refire o art.º 9.2 do RO:

| Materia | Base reguladora |
|---|---|
| niveis de vinculación xurídica dos créditos | 4ª |
| relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliables, con detalle dos recursos afectados | 13.2ª |
| regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas | 9ª |
| tramitación dos expedientes de ampliación de créditos | 13ª |
| tramitación dos expedientes de xeración de créditos | 10ª |
| tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes de créditos | 11ª |

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

| | |
|---|---|
| normas que regulen o procedemento de execución do orzamento | 14ª e seguintes |
| desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas | 15ª e seguintes |
| documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga | 19ª |
| forma na que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das suas obrigas fiscais e xustificar a aplicación de fondos recibidos | 38ª |
| supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo | 14ª |
| normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa | 23ª e 24ª |
| regulación dos compromisos de gastos plurianuais | 26ª |

b) Os niveis de vinculación xurídica establecidos na base 4ª.2 de execución dos orzamentos son os seguintes:

1. Capítulos I, III, VIII, e IX: Áreas de gasto e capítulo. Con todo, terán carácter vinculante co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os incentivos ao rendemento (produtividade e gratificacións), así como a aplicación de interinos sen praza.
2. Todas as aplicacións que reflictan subvencións nominativas vinculan consigo mesmas.
3. Capítulo II e IV, a vinculación será por programa e artigo. Maila o anterior, se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito ou crédito extraordinario, a vinculación será consigo mesma (aplicación orzamentaria).
4. As aplicacións que conforman os capítulos VI e VII financiados con recursos propios, o seu nivel de vinculación será o do programa e artigo. Para o caso de financiamento alleo a vinculación será consigo mesma.
5. A Aplicación do Fondo de Continxencia, 9290.5000000, non vincula con ningunha.

Se a aplicación xorde como consecuencia dunha xeración de crédito, dun crédito extraordinario ou con calquera tipo de financiamento afectado, o seu nivel de vinculación será consigo mesma, é dicir, aplicación (programa e partida), coa excepción no caso da xeración de crédito, que a mesma se faga sobre unha aplicación que xa tiña consignación, neste caso, a vinculación manterá o nivel previsto inicialmente.

Estes niveis de vinculación xurídica dos créditos considéranse acertados para unha adecuada xestión dos gastos, conforme á experiencia tida na xestión orzamentaria dos últimos exercicios.

**c)** Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

A lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas, e así estende a determinadas Corporacións Locais, entre as que se atopa o Concello de Vigo, a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un fondo de continxencia para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento[3].

[3] O artigo 31 da LOEOSF establece que "*O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais incluirán nos seus orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando proceda, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.*

*A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias*".

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

O Concello de Vigo, a través da base 5ª bis de execución dos orzamentos para 2020, regula de forma específica a dotación ao Fondo de Continxencia na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros, nos seguintes termos:

*"1.- (…/) o Fondo de Continxencia, dótase na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 euros.*
*2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado (…/).*
*3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo, non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.*
*4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais. O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial."*

En canto á finalidade e condicións de aplicación, a regulación contida na base 5ª bis estímase congruente coas esixencias establecidas no antedito precepto da LOEOSF.

No que atinxe a súa contía, a dotación orzamentaria establecida supón un 0,227% do importe total dos gastos non financeiros do Concello de Vigo –capítulos 1 a 7-, excluído o importe do propio Fondo, polo que, no caso de resultar preciso a súa utilización, as necesidades cubertas polo Fondo terán o seu limite cuantitativo na citada dotación orzamentaria.

**d)** Dotación a saldos de dubidoso cobro.

A base 54ª establece os coeficientes para a dotación dos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, dende o 80% ata o 100%, en función da antigüidade dos mesmos.

O artigo 193.bis do TRLRFL, incorporado pola Lei 27/2013, establece que os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento. Os correspondentes ao exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento, o cuarto e quinto, nun 75 por cento, e os superiores, nun 100 por cento; polo que as porcentaxes de dotación previstas na base 54ª son superiores ás dotacións mínimas previstas no citado artigo 193 bis do TRLRFL, dándose cumprimento deste xeito ao disposto no citado precepto.

**e)** Outras consideracións.

Tendo en conta que as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos para o exercicio 2020 conteñen aspectos que teñen incidencia sobre a xestión de determinados gastos (persoal, subvencións, convenios, ...), resultaría recomendable que na fase de elaboración das mesmas tiveran participación as diferentes Áreas e/ou Servizos chamados a cumprilas xa que o seu obxectivo debe de ser mellorar a eficiencia na xestión.

Noveno.- Estado de gastos.

A nivel consolidado, o Proxecto de Orzamento Xeral presenta uns créditos de 267.723.072,38 euros, o que supón un incremento do 3,94 por cento respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior, ou o que é o mesmo 10.141.238,71 euros máis que no ano 2019.

Se a análise comparativa a facemos respecto ao Orzamento Non Financeiro a

variación entre ambos os dous exercicios é tamén positiva e supón un total de 10.134.238,71 euros de incremento en 2020 sobre 2019, é dicir un 3,94 por cento máis, en termos porcentuais.

PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS (DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)

| CAPÍTULOS | PROXECTO DE ORZAMENTO 2020 | ORZAMENTO 2019 | VARIACIÓN | VARIACIÓN % 20/19 |
|---|---|---|---|---|
| 1 GASTOS DE PERSOAL | 75.451.540,74 | 71.949.645,30 | 3.501.895,44 | 4,87 % |
| 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS | 130.150.271,39 | 125.158.944,96 | 4.991.326,43 | 3,99 % |
| 3 GASTOS FINANCEIROS | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00 | 0,00 % |
| 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES | 28.052.543,26 | 28.028.597,81 | 23.945,45 | 0,09 % |
| 5 FONDO CONTINXENCIA E IMPREVISTOS | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00 | 0,00 % |
| **GASTOS CORRENTES** | **234.257.885,39** | **225.740.718,07** | **8.517.167,32** | **3,77 %** |
| 6 INVERSIÓNS REAIS | 31.109.136,53 | 30.139.367,36 | 969.769,17 | 3,22 % |
| 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 1.678.050,46 | 1.030.748,24 | 647.302,22 | 62,80 % |
| **OPERACIÓNS DE CAPITAL NON FINANCEIRAS** | **32.787.186,99** | **31.170.115,60** | **1.617.071,39** | **5,19 %** |
| **GASTOS NON FINANCEIROS** | **267.045.072,38** | **256.910.833,67** | **10.134.238,71** | **3,94 %** |
| 8 ACTIVOS FINANCEIROS | 678.000,00 | 671.000,00 | 7.000,00 | 1,04 % |
| 9 PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 % |
| **OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | **678.000,00** | **671.000,00** | **7.000,00** | **1,04 %** |
| **TOTAL GASTOS** | **267.723.072,38** | **257.581.833,67** | **10.141.238,71** | **3,94 %** |

A distribución por aplicacións do Orzamento Xeral do Concello de Vigo e o da XMU, así como as variacións con respecto ao exercicio precedente, son obxecto de análise detallado tanto na memoria como nos informes económico-financeiros incorporados ao expediente.

Capítulo I: Gastos de persoal.

O Capítulo 1 "Gastos de Persoal" para 2020 ascende a 75.451.540,74 euros, dos que, 70.028.171,00 euros corresponden ao Concello de Vigo e 5.423.369,74 á XMU. O orzamento total consolidado deste capítulo supón un incremento do 4,87 por cento respecto ao de 2019.

O importe total da valoración do anteproxecto do capítulo 1 feita pola Área de Recursos Humanos e Formación é coincidente co importe total consignado no capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

Segundo o informe económico de gastos asinado polo funcionario responsable da contabilidade e da xestión orzamentaria, as dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento global do 4,87% con respecto ás do exercicio 2019.

Ao marxe das variacións nas retribucións dos empregados públicos, a variación máis

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

salientable ten causa no Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local, que supón un incremento aplicable sobre a base de cotización do 8,84%.

Incremento nas retribucións dos empregados públicos.

Os orzamentos recollen un incremento nas dotacións correspondentes ás aplicacións dos conceptos retributivos susceptibles de ser actualizados pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado do 2,46%, non aplicándose ás correspondentes ao Plan de pensións, Produtividade, Gratificacións, Formación e Fondo Social.

Neste sentido, a Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo (publicada no BOE nº 74, de 26 de marzo), establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2020 do 2,00%, e un incremento variable adicional para dito ano do 1,00% para un crecemento do PIB do 2,5%, revisable ou axustable á baixa en función da porcentaxe de variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. Esta variación aplicaríase se fose o caso a partires do 1 de xullo. Ademais, tamén se contempla un incremento do 0,30% da masa salarial.

Segundo as previsións de distintos organismos (FUNCAS, FMI), o PIB 2019 prevese que varíe entre un 1,90% e un 2,20%.

Deste xeito, se consideramos por prudencia un crecemento do PIB 2019 do 2,2% o incremento variable sería:

$$1\% \times (6/12) \times (2{,}2\%/2{,}5\%) = 0{,}44\% < 0{,}46\%$$

Polo que, en principio, a previsión dun incremento do 2,46% nas retribucións dos empregados públicos considerada nos orzamentos para o ano 2020, debe de ser suficiente para cubrir os incrementos previstos.

Con todo, este incremento non poderá facerse efectivo ata que polo Goberno do Estado apróbese o correspondente instrumento normativo (Lei de Orzamentos Xerais do estado, decreto-Lei, ...) que así o recolla.

Ademais as retribucións dos funcionarios do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Límites á contía global dos complementos específicos, de productividade e gratificacións.

Segundo o disposto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, a cantidade que resulte de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino, destinarase:

f) Ata un máximo do 75 por 100 para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou perigosidade para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.
g) Ata un máximo do 30 por 100 para complemento de produtividade.
h) Ata un máximo do 10 por 100 para gratificacións.

Examinadas as cifras presupostadas, obtéñense as seguintes porcentaxes:

Base de cálculo: 15.429.357,80 (Complemento específico, produtividade, gratificacións e

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

achegas do Concello ao Plan de Pensións)

| Descrición | Importe | Porcentaxe | Porcentaxe límite | Importe límite |
|---|---|---|---|---|
| Complemento específico funcionarios 121 01 | 15.987.273,54 | 94,24 % | 75,00 % | 12.723.029,76 |
| Complemento produtividade 150 00 | 400.000,00 | 2,36 % | 30,00 % | 5.089.211,90 |
| Gratificacións 151 00 | 400.000,00 | 2,36 % | 10,00 % | 1.696.403,97 |
| Achegas Concello Plan de Pensións 127 00 | 533.115,00 | 3,14 % | | |
| Base de cálculo | 16.964.039,68 | | | |

Polo que, se temos en conta as cifras do proxecto de orzamento, o importe correspondente ao complemento específico dos funcionarios supera a porcentaxe máxima do 75% da masa retributiva establecida no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que na fase de execución e liquidación orzamentaria deberá verificarse o cumprimento dos anteditos límites, de xeito que ao final do exercicio a contía total dos citados conceptos retributivos non exceda dos importes máximos sinalados. En calquera caso, as contías máximas previstas na Disposición Adicional 7ª das Bases de Execución dos Orzamentos, 3 millóns de euros para o complemento de produtividade e 1,7 millóns para gratificacións, atoparíanse dentro dos límites sinalados no primeiro caso e con unha lixeira desviación no segundo xa que 1,7 millóns representan un 10,02% da masa retributiva fronte o 10% de porcentaxe límite.

Polo que se refire ao cadro de persoal orzamentario, o Concello de Vigo ten, segundo os datos incorporados pola área de Recursos Humanos e Formación, un total de 1.409 postos de traballo, dos que 307 atópanse vacantes (taxa de postos vacantes 21,79%).

Oferta de Emprego Público.

Os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, en aplicación da previsión contida no artigo 134.4 da Constitución, e no artigo 38.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, foron prorrogados de forma automática.

O artigo 19 da LOXE 2018 establece que a incorporación de novo persoal no sector público estará suxeita aos límites e requisitos establecidos no citado precepto, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores.

Así, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, o Concello de Vigo terá unha taxa de reposición de efectivos do 100 por cen nos sectores e colectivos prioritarios enumerados no apartado Un.3 do citado precepto, e do 75 por cen no resto dos sectores, ao haber incumprido o obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto na liquidación do orzamento xeral do exercicio 2018.

Adicionalmente, o Concello de Vigo poderá dispoñer dunha taxa de reposición do 5 por cento destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo adicional de efectivos. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas.

Para a Policía Local a taxa de reposición será do 115 por cento.

A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios dos enumerados no artigo 19, apartados un.3[4] e un.5 (policía local) poderase acumular noutros

[4]O apartado Un.3 do artigo 18 da LOXE para o ano 2018 establece como sectores prioritarios, entre outros, os seguintes:

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios.

A validez destas taxas de reposición estará condicionada a que as prazas resultantes inclúanse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do EBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial correspondente antes da finalización de cada ano.

A validez da devandita autorización estará igualmente condicionada a que a convocatoria das prazas efectúese mediante publicación da mesma no Diario oficial da Provincia, Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a data da publicación da Oferta de Emprego Público na que se inclúan as citadas prazas, cos requisitos establecidos no parágrafo anterior, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 70 do EBEP.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

Esta previsión ten que ser conxugada coa esixencia contida no artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia[5], do que se deduce que todos os

Control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos.

Asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.

Servizos de prevención e extinción de incendios.

Servizos sociais.

Xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

Seguridade e emerxencias.

Atención aos cidadáns nos servizos públicos.

Tecnoloxías da información e as comunicacións.

[5] O artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón o seguinte:

"*1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.*

*2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o, excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.*

*3. Una vez modificada la relación de puestos de trabajo, la persona afectada será adscrita al puesto de nueva creación.*

*4. Incurrirán en responsabilidad, en los términos previstos por la presente ley, las personas que con su actuación irregular den lugar a la conversión en indefinida de una relación laboral de carácter temporal o a la adquisición de la condición de empleado público por una persona que no la ostentara*."

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

postos ocupados por persoal declarado indefinido non fixo por sentenza non incluídos en anteriores ofertas de emprego teñen necesariamente que ser incluídos na primeira Oferta de Emprego Público que se aprobe.

Ademais, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas nos orzamentos, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos.

Polo demais, non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para a acción social, así como para atender os gastos por achegas aos plans de pensións do persoal dependente do Concello de Vigo e da XMU.

Verificación das limitacións establecidas na LRBRL (concelleiros e persoal eventual).

Nos orzamentos aparecen consignadas as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación nos termos e coas limitacións establecidas nos apartados 1 a 4 do artigo 75 da LRBRL.

As retribucións dos membros da Corporación municipal non superan, en ningún caso, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, establecido, para os municipios con poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, en 80.000 euros, segundo a disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, modificada polo artigo undécimo do Real Decreto-lei 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas.

O número de membros da Corporación que presta os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva, doce, non excede do límite sinalado no apartado j) do artigo 75 ter da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, e aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local[6].

Así mesmo, o número de postos de traballo de persoal eventual incluídos no cadro de persoal orzamentario, vinte, non excede do límite sinalado no apartado f) do artigo 104 bis da LRBRL, precepto engadido pola Lei 27/2013, do 27 de decembro e igualmente aplicable a partir do 1 de xullo de 2015 segundo a Disposición Transitoria Décima da 27/2013 Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local[7].

Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público[8], tamén forma parte da documentación incorporada

[6] Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dezaoito.

[7] Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nos seus persoais postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local.

[8] Artículo 37 TREBEP . Materias obxecto de negociación.

*"1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:*

*a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas.*

Documento asinado

ao expediente, actas das Mesas Xerais de negociación de datas 8/08/2019 e 6/09/2019 .

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímanse suficientes, considerados no seu conxunto, para atender todas as retribucións fixas e variables e indemnizacións a satisfacer polo Concello de Vigo e os seus Organismos autónomos ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

Execución orzamentaria aplicacións productividade (150 00) e gratificacións (151 00) no período 2010-2018.

Non obstante o disposto no parágrafo precedente en canto á suficiencia global dos créditos, se temos en conta os datos das últimas liquidacións orzamentarias aprobadas (2010 a 2018), podemos constatar como os créditos iniciais asignados ás aplicacións orzamentarias 9200.1500000 "produtividade" e 9200.1510000 "gratificacións", unicamente representan, por termo medio, o 30,22% e o 26,34%, respectivamente, do importe total das obrigas recoñecidas a fin de exercicio, sendo a previsión da Área de Recursos Humanos que no ano 2020 se manteña esta tendencia de gasto.

Cadro: Execución orzamentaria período 2010-2018.

| AÑO | PARTIDA | DOTACIÓN INICIAL | MODIFIC. | CRÉDITOS DEFINITIVOS | OBRIGAS RECOÑECIDAS | % CRED. INIC./ OR | % OR / CRED. DEF. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2018 | 150 00 | 400.000,00 | 1.246.939,28 | 1.646.939,28 | 1.526.288,33 | 26,21 % | 92,67 % |
| 2017 | 150 00 | 500.000,00 | 1.487.376,11 | 1.987.376,11 | 1.576.437,84 | 31,72 % | 79,32 % |
| 2016 | 150 00 | 500.000,00 | 838.965,43 | 1.338.965,43 | 1.078.708,04 | 46,35% | 80,56% |
| 2015 | 150 00 | 301.437,49 | 1.653.010,34 | 1.954.447,83 | 1.769.596,44 | 17,03% | 90,54% |
| 2014 | 150 00 | 301.437,49 | 898.562,51 | 1.200.000,00 | 1.181.968,44 | 25,50% | 98,50% |
| 2013 | 150 00 | 400.000,00 | 615.479,02 | 1.015.479,02 | 888.085,56 | 45,04% | 87,45% |
| 2012 | 150 00 | 400.000,00 | 695.622,31 | 1.095.622,31 | 1.044.016,72 | 38,31% | 95,29% |
| 2011 | 150 00 | 400.000,00 | 992.744,61 | 1.392.744,61 | 1.217.358,09 | 32,86% | 87,41% |
| 2010 | 150 00 | 150.000,00 | 987.292,42 | 1.137.292,42 | 812.427,68 | 18,46% | 71,44% |

| AÑO | PARTIDA | DOTACIÓN INICIAL | MODIFIC. | CRÉDITOS DEFINITIVOS | OBRIGAS RECOÑECIDAS | % CRED. INIC./ OR | % OR / CRED. DEF. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2018 | 151 00 | 400.000,00 | 1.503.461,90 | 1.903.461,90 | 1.877.868,79 | 21,30 % | 98,66 % |
| 2017 | 151 00 | 400.000,00 | 1.361.998,61 | 1.761.998,61 | 1.688.278,30 | 23,69 % | 95,82 % |
| 2016 | 151 00 | 500.000,00 | 1.232.515,87 | 1.732.515,87 | 1.727.906,07 | 28,94% | 99,73% |
| 2015 | 151 00 | 500.000,00 | 988.861,56 | 1.488.861,56 | 1.478.786,31 | 33,81% | 99,32 % |
| 2014 | 151 00 | 500.000,00 | 976.910,28 | 1.476.910,28 | 1.448.358,36 | 34,52% | 98,07% |
| 2013 | 151 00 | 500.000,00 | 1.014.326,00 | 1.514.326,00 | 1.472.177,68 | 33,96% | 97,22% |
| 2012 | 151 00 | 500.000,00 | 970.619,23 | 1.470.619,23 | 1.460.875,30 | 34,23% | 99,34% |
| 2011 | 151 00 | 500.000,00 | 1.332.024,04 | 1.832.024,04 | 1.825.167,86 | 27,39% | 99,63% |
| 2010 | 151 00 | 200.000,00 | 2.194.875,38 | 2.394.875,38 | 2.206.321,26 | 9,06% | 92,13% |

Por este motivo, tendo en conta que o crédito inicial de cada unha de ditas aplicacións no proxecto de orzamentos do ano 2020 é de 400.000,00 euros, e que a vinculación xurídica de ditas aplicacións é consigo mesma, no probable suposto de necesitar unha contía adicional de crédito orzamentario para atender as obrigas de gasto xeradas con cargo ás mesmas, deberanse tramitar as oportunas modificacións de créditos minorando ás dotacións non consumidas como consecuencia da existencia dun elevado número de prazas vacantes non cubertas e dotadas nos orzamentos (307 vacantes). En calquera caso, lémbrase que calquera traballos, autorizacións ou encomendas que poidan supoñer o

*(…/).*"

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

recoñecemento dun complemento de produtividade ou unha gratificación, debe de ser obxecto de autorización previa polo órgano competente, momento no que se comprobará a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda.

Aplicación orzamentaria (9200.14000) "Interinos sen praza".

A mesma conclusión podemos chegar con respecto a dotación adicional necesaria, de ser o caso, para facer fronte aos gastos imputables á aplicación 9200.1400000 "interinos sen praza", cunha dotación inicial prevista de 767.629,27 euros.

Así, o técnico de Organización e Planificación da área de recursos humanos, no seu informe de data 07/10/2019 incorporado ao expediente, di que:

> "*O gasto da referida partida ven experimentando un importante incremento ano tras ano, dado o elevado número de vacantes existentes, o que fai imprescindible o nomeamento de persoal interino por acumulación de tarefas ou por programas, a fin de garantir a correcta prestación do servizo público.*
>
> *Dita cantidade correspondese co gasto comprometido ata a data para o ano 2020 con cargo a dita aplicación orzamentaria, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que que finalizan o vindeiro ano e nomeamentos interinos por programas de acordo co*
> *artigo 10, apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.*
>
> *Dita aplicación dótase cunha contía inicial para dar cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, debendo ser realizadas as modificacións orzamentarias necesarias e posibles con cargo aos créditos non consumidos dos postos vacantes previo o inicio da tramitación de nomeamentos interinos a realizar no ano 2020.*
>
> *Recordar que as cantidades referidas aos créditos dos postos vacantes veranse reducidas en función das execución das ofertas de emprego pendentes e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións orzamentarias para suplementar esta e outras aplicacións co obxecto de dotalas de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados.".*

En efecto, segundo os datos da liquidación do ano 2018 con cargo á aplicación orzamentaria 9200.1400000 recoñecéronse obrigas no citado ano por 4.091.204,27 euros (fronte a un crédito inicial de 200.000,00 euros), e no presente exercicio 2019 a data 21/10/2019 téñense recoñecido obrigas por 2.228.127,03 euros, sendo o crédito inicial de 578.742,75 euros, polo que a final do exercicio é posible que o gasto nesta aplicación orzamentaria alcance unha cifra preto dos 4 millóns de euros, como xa aconteceu no ano 2018.

En relación coa dotación inicial para o exercicio 2019, manifestan os técnicos da Área de Recursos Humanos e Formación que a contía inicial prevista da cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, e que as vacantes existentes xerarán un excedente mensual de aproximadamente 700.000,00 euros, recurso utilizable como recurso para financiar posibles modificacións orzamentarias.

Esta Intervención debe manifestar que a lexislación vixente (Lei Orzamentos) configura o recurso ao nomeamento de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de 6 meses, como unha modalidade de carácter excepcional e circunstancial, polo que non se debe de recorrer a este tipo de nomeamentos de forma habitual e continuada no tempo baixo o paraugas dunha urxente e inaprazable necesidade, nin tampouco para satisfacer necesidades estruturais nin permanentes da Administración, tal e como ven sucedendo nestes últimos anos e, particularmente, nos anos 2018 e 2019.

Con independencia de calquera outra consideración, este gasto constitúe loxicamente gasto computable tanto aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria como a regra de gasto.

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Polo contrario, de considerarse adecuada a dotación inicial destas aplicacións polo importe estimado anual, entendo que debería facerse unha amortización de prazas vacantes non incluídas nas ofertas de emprego público, liberando deste xeito crédito orzamentario para outras finalidades sen incrementar o teito de gasto. Por este motivo, para garantir unha adecuada estabilidade e equilibrio orzamentario, debe facerse un control e seguimento constante do capítulo 1 do estado de gastos dos orzamentos, así como da execución das Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores, de modo que se garanta en todo momento a suficiencia dos créditos presupostados para atender ao cumprimento dos gastos de persoal.

- Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos.

O capítulo II do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 128.215.073,84 euros, que supón unha variación positiva ou incremento porcentual do 4,01% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, e representa un 48,24% respecto do total do orzamento e un 55,09 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros (capítulos I a V).

Nos estados consolidados este capítulo ascende a 130.150.271,39 euros, representa o 48,61 por 100 sobre o orzamento total e o 55,56 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros. En canto á variación positiva nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2019 é do 3,99 por 100.

De acordo á Memoria e ao informe económico elaborado pola Dirección Orzamentaria, este capítulo recolle todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotadas as aplicacións de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos, tanto as vixentes, por derivarse de compromisos de gasto de carácter plurianual asumidos nos exercicios 2019 e anteriores, como as que se prevén licitar no ano 2020.

Tamén indica o citado informe que as aplicacións que forman este capítulo teñen recollidas as actualizacións de prezos conforme aos sistemas ou fórmulas de revisión previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

- Capítulos 3 e 9: Gastos financeiros e Pasivos financeiros.

O Capítulo 3 do Orzamento Consolidado para 2019 ascende unicamente a 3.530,00 euros, contía irrelevante sobre o importe total do estado de gastos.

Non se consigna importe algún para facer fronte ao aboamento de xuros de préstamos bancarios, xa que nin o Concello de Vigo nin o organismo autónomo local XMU teñen préstamos pendentes de reembolso coas entidades financeiras, nin se prevé a súa concertación ao longo do exercicio 2020 para o financiamento das inversións, razón polo que o peso ponderado deste capítulo sobre o total do Orzamento é absolutamente insignificante (0,00%).

Tampouco se contemplan neste capítulo gastos financeiros como consecuencia da posible concertación de operacións de crédito a curto prazo, estimándose razoable tal consideración habida conta de que non se prevén déficits transitorios de liquidez ao longo do exercicio, segundo o plan de tesouraría elaborado polo tesoureiro municipal. Nesta liña, esta Intervención estima que as existencias de tesourería a 31/12/2019 situaranse entre 70 e 80 millóns de euros polo que, en principio, non deben de existir tensións de liquidez ao longo do exercicio 2019.

O Capítulo 9 do orzamento non recolle dotación orzamentaria algunha para facer fronte ás amortizacións das operacións de crédito a longo prazo pendentes de reembolso xa que, como temos dito, nin o Concello nin a XMU teñen débeda financeira.

Neste capítulo non se inclúen os saldos que debe reintegrar o Concello de Vigo ao Estado derivado das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

correspondente aos exercicios 2008 e 2009 conforme ao disposto na DF Trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que computan, non como gasto, senón como menor ingreso polo citado concepto.

- Capítulo 4: Transferencias correntes.

O capítulo IV do proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo ascende a 33.882.508,26 euros, que supón unha diminución porcentual soamente do 0,25 por 100 sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2019, e representa un 12,75 por 100 respecto do total do orzamento e un 14,56 por 100 sobre os gastos correntes non financeiros.

En canto á variación nos estados consolidados deste capítulo en relación co orzamento do ano 2019 é do +0,09 por 100. Nos estados consolidados o importe deste capítulo redúcese ata os 28.052.543,26 euros, debido ao axuste por consolidación derivado da transferencia interna do Concello á XMU por importe de 5.829.965,00 euros recollido na aplicación 1510.4100000 do estado de gastos do Concello de Vigo, como achega para o financiamento dos gastos xerais de funcionamento do citado organismo autónomo.

No estado de gastos prevese a concesión directa de subvencións nominativas, constando expresamente a dotación orzamentaria e o beneficiario de cada unha de elas, en cumprimento do disposto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A estes efectos incorporase ao expediente informe de cada un dos servizos xestores destas subvencións, das razóns ou motivos que xustifican a concesión directa destas subvencións, así como un anexo coa totalidade das citadas subvencións.

A LXS prevé a posibilidade de conceder de forma directa, sen unha convocatoria aberta, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Por conseguinte, nestas subvencións a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio orzamentario xa que van ligadas ao orzamento anual.

Neste ámbito subvencional, e coa finalidade de regular un tratamento homoxéneo da relación xurídica das subvencións nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). O art. 17.2 da Lei establece que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En consecuencia, para garantir os principios que deben de rexer na xestión das subvencións, resultaría conveniente continuar e impulsar a tramitación administrativa da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Por fin, lembrar que a todo o proceso de concesión de subvencións deberá darse a publicidade oportuna conforme ás prescricións da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno.

- Capítulos 6 e 7: Investimentos reais e transferencias de capital.

O estado de gastos consolidado contempla operacións de capital non financeiro – capítulos 6 “investimentos” e 7 “transferencias de capital”- por importe de 32.787.186,99 euros, que representan o 12,25% do importe total de dito orzamento.

No que se refire áo gasto en inversións (capítulo VI), prodúcese un aumento con respecto ao exercicio 2019 de 969.769,17 euros en termos consolidados, correspondendo a súa práctica totalidade ao Concello de Vigo.

Cadro: Financiamento das inversións previstas no Orzamento consolidado. Comparativa co

Documento asinado

ano 2018.

| Financiamento das inversións | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Tipo de recurso | 2020 | | 2019 | | Diferenza 2020/2019 | |
| | Importe | % | Importe | % | Importe | % |
| Recursos propios | 13.189.785,72 | 42,40 % | 14.043.081,88 | 46,59 % | -853.296,16 | -6,08 % |
| **Total recursos propios** | **13.189.785,72** | **42,40 %** | **14.043.081,88** | **46,59 %** | **-853.296,16** | **-6,08 %** |
| Deputación Pontevedra | 6.961.000,00 | 22,38 % | 6.913.108,44 | 22,94 % | 47.891,56 | 0,69 % |
| Fondos FEDER | 1.258.568,16 | 4,05 % | 2.764.381,69 | 9,17 % | -1.505.813,53 | -54,47 % |
| ADIF | 7.637.169,33 | 24,55 % | 5.209.629,23 | 17,29 % | 2.427.540,10 | 46,60 % |
| Administración do Estado | 1.497.617,69 | 4,81 % | 0,00 | 0 | 1.497.617,69 | 100,00 % |
| Xunta de Galicia | 564.995,63 | 1,82 % | 1.209.166,12 | 4,01 % | -644.170,49 | -53,27 % |
| Empresas privadas | 0,00 | 0,00 % | 0,00 | 0,00 % | 0,00 | 0,00 % |
| Outros axentes | 0,00 | 0,00 % | 0,00 | 0,00 % | 0,00 | 0,00 % |
| **Total financiam. alleo** | **17.919.350,81** | **57,60 %** | **16.096.285,48** | **53,41 %** | **1.823.065,33** | **11,33 %** |
| **Total Financiam. invers.** | **31.109.136,53** | **100,00 %** | **30.139.367,36** | **100,00 %** | **969.769,17** | **3,22 %** |

No expediente orzamentario non consta un anexo de investimentos propiamente dito, co contido regulamentado no artigo 19 do RD 500/1990, de 20 de abril. Con todo, a información que corresponde a dito anexo atópase no resto da documentación complementaria incorporada ao expediente. Deste xeito, o capítulo 6 componse de proxectos de inversión cuxa codificación, denominación e financiamento inclúese na Memoria e no Plan de Investimentos e Financiamento -PAIF- do Orzamento Xeral para o exercicio 2020.

Segundo a memoria e o informe económico ao orzamento, as aplicacións orzamentarias do capítulo 6 recollen as anualidades correspondentes ao exercicio 2020 dos compromisos de investimentos plurianuais adquiridos nos exercicios 2019 e anteriores.

A execución dos proxectos financiados cos créditos do capítulo de investimentos ten que dar cumprimento aos límites da Regra de Gasto e garantir a consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria anual, polo que debe ser prioritario facer unha planificación na tramitación destes expedientes de modo que a execución dos proxectos de gasto se acomode ás dotacións orzamentarias previstas para o exercicio, garantindo o cumprimento do principio de anualidade e evitando os riscos dunha posible inestabilidade orzamentaria derivada da necesidade de incorporar os remanentes de crédito non executados ao orzamento do exercicio seguinte. En calquera caso, debe de terse en conta que nas Corporacións Locais, para a determinación do gasto computable –suma dos empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas excluídos os intereses da débeda-, deducirase a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e doutras Administracións públicas.

Décimo.- Estado de ingresos.

O estado de ingresos do Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2020, que comprende o do Concello de Vigo e o da XMU, ascende a 267.723.072,38 euros, con un incremento do 3,94% respecto ao do exercicio 2019 (+10.141.238,71 euros).

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

O Proxecto de Orzamento consolidado de ingresos do Concello e a XMU para 2020, así como as súas variacións por capítulos respecto ao de 2019, recóllense no seguinte cadro:

PROXECTO DE ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS DO CONCELLO DE VIGO E XMU
(DISTRIBUCIÓN POR CAPÍTULOS)

| CAPÍTULOS | PROXECTO DE ORZAMENTO 2020 | ORZAMENTO 2019 | VARIACIÓN % 20/19 |
|---|---|---|---|
| 1 IMPOSTOS DIRECTOS | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98 % |
| 2 IMPOSTOS INDIRECTOS | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54 % |
| 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | 41.598.359,71 | 40.616.825,53 | 2,42 % |
| 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES | 82.208.672,36 | 79.233.196,66 | 3,76 % |
| 5 INGRESOS PATRIMONIAIS | 2.688.000,00 | 3.030.200,00 | -11,29 % |
| **OPERACIONS CORRENTES** | 248.500.148,89 | 240.334.548,19 | 3,40 % |
| 6 ENAXENACIÓN INVERSIÓNS REAIS | 0,00 | 0,00 | 0,00 % |
| 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 18.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88 % |
| **OPERACIONS DE CAPITAL NON FINANC.** | 18.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88 % |
| **INGRESOS NON FINANCEIROS** | 267.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,94 % |
| 8 ACTIVOS FINANCEIROS | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04 % |
| 9 PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | 0,00 | 0,00 % |
| **OPERACIONS FINANCEIRAS** | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04 % |
| **TOTAL INGRESOS** | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94 % |

Polo que se refire á estrutura do Proxecto de Orzamento de Ingresos para o ano 2020, os ingresos correntes supoñen o 92,82 por cento do total, e os de capital o 7,18 por cento, porcentaxes similares ás do exercicio precedente (93,30 e 6,70% respectivamente).

- Capítulos 1 a 3. Ingresos fiscais e asimilados.

Os Ingresos Tributarios (Capítulos 1 e 2 e artigos 30, 31, 32, 33 e 35 do Capítulo 3) son os recursos máis importantes, xa que supoñen o 56,93% por cento dos ingresos totais en termos consolidados, semellante peso relativo ao do exercicio anterior. Dentro destes ingresos tributarios, os impostos directos representan o 74,34% destes, os indirectos o 5,71%, as taxas o 19,22%, e as contribucións especiais o 0,72% restante.

| Cap./Artigo | Concello | XMU | Consolidado |
|---|---|---|---|
| 1 | 113.296.218,00 | 0,00 | 113.296.218,00 |
| 2 | 8.708.898,82 | 0,00 | 8.708.898,82 |
| 30 | 17.526.100,00 | 0,00 | 17.526.100,00 |
| 31 | 1.195.797,00 | 0,00 | 1.195.797,00 |
| 32 | 1.324.000,00 | 1.243.550,71 | 2.567.550,71 |

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| 33 | 8.010.100,00 | 0,00 | 8.010.100,00 |
| 34 | 3.043.212,00 | 0,00 | 3.043.212,00 |
| 35 | 1.100.000,00 | 0,00 | 1.100.000,00 |
| 38 | 20.000,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| 39 | 7.937.000,00 | 198.600,00 | 8.135.600,00 |
| Totais I, II, III (1) | 162.161.325,82 | 1.442.150,71 | 163.603.476,53 |
| Tributarios (2) | 151.161.113,82 | 1.243.550,71 | 152.404.664,53 |
| Orzamento (3) | 265.774.432,07 | 7.778.605,31 | 267.723.072,38 |
| % (2) / (3) | 56,88 % | 15,99 % | 56,93 % |

En primeiro lugar, debe subliñarse que a estimación dos ingresos correntes presupostados (capítulos 1 a 3) realizouse sobre a base de criterios de prudencia, de maneira que os importes consignados no orzamento se aproximan aos importes que se espera recadar efectivamente, o que implica unha aproximación ao criterio de contabilidade nacional de imputación dos ingresos fiscais e asimilados polo importe total cobrado -criterio de caixa-, e evita en boa medida que a capacidade ou necesidade de financiamento da administración pública se vexa afectada polos importes dos ingresos cuxa recadación sexa incerta (Regulamento (CE) 2516/2000).

En efecto, podemos comprobar como nos cinco últimos exercicios liquidados (2014 a 2018) a recadación total, tanto de exercicio corrente coma de pechados, obtida polos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos considerados no seu conxunto aproximouse aos importes inicialmente presupostados. En particular no exercicio 2018, último que conta con liquidación aprobada, a recadación superou en 2,69 millóns de euros o importe inicialmente orzamentado, e no 2017 en 2,24 millóns de euros.

Cadros: Comparación entre recadación e previsións iniciais nos capítulos I, II e III dos orzamentos nos exercicios 2014 a 2018.

| 2018 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 107.973.311,88 | 102.548.816,12 | 5.907.845,29 | 108.456.661,41 | 483.349,53 | 0,45 % |
| CAP. 2 | 8.435.311,27 | 9.025.178,63 | 25.480,34 | 9.050.658,97 | 615.347,70 | 7,29 % |
| CAP. 3 | 38.467.338,63 | 37.556.669,54 | 2.502.252,72 | 40.058.922,26 | 1.591.583,63 | 4,14 % |
| TOTAL | 154.875.961,78 | 149.130.664,29 | 8.435.578,35 | 157.566.242,64 | 2.690.280,86 | 1,74 % |

| 2017 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 105.386.182,34 | 100.330.250,48 | 5.888.717,88 | 106.218.968,36 | 832.786,02 | 0,79 % |
| CAP. 2 | 7.871.804,00 | 8.405.662,45 | 70.657,83 | 8.476.320,28 | 604.516,28 | 7,68 % |
| CAP. 3 | 37.245.569,63 | 35.628.499,12 | 2.425.073,01 | 38.053.572,13 | 808.002,50 | 2,17 % |
| TOTAL | 150.503.555,97 | 144.364.412,05 | 8.384.448,72 | 152.748.860,77 | 2.245.304,80 | 1,49 % |

| 2016 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 103.831.645,34 | 98.456.280,71 | 6.326.970,50 | 104.783.251,21 | 951.605,87 | 0,92% |
| CAP. 2 | 7.709.710,00 | 8.118.181,78 | 119.718,90 | 8.237.900,68 | 528.190,68 | 6,85% |
| CAP. 3 | 36.706.577,19 | 35.471.043,81 | 2.791.747,25 | 38.262.791,06 | 1.556.213,87 | 4,24% |
| TOTAL | 148.247.932,53 | 142.045.506,30 | 9.238.436,65 | 151.283.942,95 | 3.036.010,42 | 2,05% |

| 2015 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 102.241.340,00 | 95.724.250,18 | 7.318.176,71 | 103.042.426,89 | 801.086,89 | 0,78% |
| CAP. 2 | 6.501.120,00 | 8.203.868,56 | 97.923,76 | 8.301.792,32 | 1.800.672,32 | 27,70% |

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 3 | 35.251.477,40 | 34.326.199,95 | 3.175.969,49 | 37.502.169,44 | 2.250.692,04 | 6,38% |
| TOTAL | 143.993.937,40 | 138.254.318,69 | 10.592.069,96 | 148.846.388,65 | 4.852.451,25 | 3,37% |

| 2014 | PREV. INIC. | REC. CORRENTE | REC. PECHADOS | REC. TOTAL | DIFERENCIA | % |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CAP. 1 | 102.241.340,00 | 93.887.275,01 | 8.053.600,44 | 101.940.875,45 | **-300.464,55** | -0,29% |
| CAP. 2 | 6.501.120,00 | 7.443.156,69 | 58.379,38 | 7.501.536,07 | **1.000.416,07** | 15,39% |
| CAP. 3 | 35.251.477,40 | 34.063.709,59 | 2.857.363,54 | 36.921.073,13 | **1.669.595,73** | 4,74% |
| TOTAL | 143.993.937,40 | 135.394.141,29 | 10.969.343,36 | 146.363.484,65 | **2.369.547,25** | 1,65% |

Para o cálculo dos ingresos previstos no informe económico-financeiro do Presuposto de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2018 e a recadación de cada un dos conceptos.

A execución de ingresos durante o presente exercicio 2019.

Unha estimación de ingresos para o ano 2020 derivada do acordo plenario de 4 de setembro de 2019.

Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2020 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará os Servizos de Xestión Tributaria.

Ingresos extraordinarios relativos ao Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana derivados do procedemento de regularización catastral realizado pola Dirección Xeral do Catastro e pendentes de liquidación.

Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.

Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiamento segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA).

A xuízo desta Intervención, como regra xeral o cálculo dos importes que aparecen consignados nos capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos, e fundamentalmente as súas variacións con respecto ás dos exercicios precedentes, deberían detallarse e xustificarse pormenorizadamente no informe económico financeiro de ingresos elaborado pola dirección de ingresos, excesivamente descritivo. De calquera xeito, se tomamos en consideración os importes recadados nos últimos exercicios estímanse adecuadas as previsións incluídas no orzamento.

- Fondo complementario de financiamento e Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

As previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado, concepto 42010, que figuran no orzamento para o ano 2020, foron cuantificadas tomando como referencia as notificadas polo Ministerio de Facenda (Secretaria de Estado de Facenda e Orzamento) para a elaboración do orzamento do ano 2019, xa que na data de elaboración do proxecto de orzamento pola Dirección Superior Contable e Orzamentación, non foi oficialmente comunicada a contía correspondente ao exercicio 2020.

| Concepto | Denominación | Importe |
|---|---|---|
| 10000 | Cesión de IRPF | 5.320.218,00 |
| 21000 | Cesión de IVE | 5.260.917,00 |

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| 22000, 22001, 22003, 22004, 22006 | Cesión de Impostos Especiais | 1.646.981,82 |
| 42010 | Fondo complementario de Financiamento | 66.389.004,00 |
| | | 78.617.120,82 |

En canto á Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA), mantense a contía dos ingresos que, por este concepto, vanse rexistrar no ano 2019, polo que o importe orzamentado ascende ata 6.954.576,70 euros.

- Endebedamento.

No capítulo 9 de ingresos non aparece consignado importe algún dado que o Concello de Vigo non prevé a contratación durante o exercicio 2019 de ningunha operación de endebedamento a longo prazo para financiar as súas inversións, en congruencia co disposto no plan de investimentos e no programa financeiro.

Undécimo.- Endebedamento.

Tendo en conta, como dixemos ao longo do presente informe, que o Concello de Vigo e a XMU non teñen operacións de crédito pendentes de reembolso, o coeficiente de endebedamento é do 0,00%.

Duodécimo.- Tramitación e competencia.

De conformidade co disposto no TRLRFL, LRBRL e Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente de aprobación do orzamento xeral do Concello de Vigo comprende as seguintes fases sucesivas:

- Aprobación do proxecto. Aprobación do proxecto de orzamentos pola Xunta de Goberno local (art. 127.1 b) LRBRL).

- Presentación de enmendas. Remisión do proxecto aprobado pola XGL á Comisión de Facenda cara á determinación do calendario de tramitación e apertura do prazo para a presentación de emendas polos Grupos Políticos con representación municipal.

- Elevación ao Pleno. Ditame da Comisión de Facenda para a posterior elevación ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, enmenda ou devolución.

- Aprobación inicial. Aprobación inicial do orzamento xeral polo Pleno da Corporación, por maioría simple dos membros presentes. O acordo de aprobación, que será unico, deberá detallar os orzamentos que compoñen o orzamento xeral, sen que ningún deles poida ser aprobado por separado.

- Publicidade. Exposición ao público do expediente por espazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno.

- Aprobación definitiva. O orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o prazo de exposición pública non se presentaran reclamacións; noutro caso, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

  A aprobación definitiva do orzamento xeral por el Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

  Se ao iniciarse o exercicio económico non houbese entrado en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

- Publicación e entrada en vigor. Publicación do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e, simultaneamente, remisión de copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

No que respecta é entrada en vigor, temos que distinguir dous supostos:

- Se o edicto anunciando a aprobación definitiva publícase no BOP antes de comezar o exercicio económico no que o orzamento deba rexer, a entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro seguinte.

- Se a publicación efectúase xa iniciado o exercicio, o orzamento entrará en vigor o día da publicación, se ben, conforme ao artigo 21.6 do RP o orzamento definitivo aprobásese con efectos do 1 de xaneiro e os créditos incluídos nel terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes considéranse incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

Décimoterceiro.- Do control financeiro permanente.

Conforme ao disposto no artigo 29 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora co obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Neste sentido, o artigo 168 do TRLRFL establece que o presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, ao Pleno da corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, e o artigo 4.1 b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional pola súa parte dispón que o exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como, entre outras, o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

O resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control (artigo 35.1 RD 424/2017).

Trátase, polo tanto, dunha modalidade de control preceptiva.

Conclusións e recomendacións.

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2020, integrado polo orzamento do propio Concello e o orzamento do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, presentado polo concelleiro delegado de orzamentos e facenda,

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -
Documento asinado

esta Intervención Xeral conclúe o seguinte:

- Ao proxecto de orzamento xeral acompáñanse con carácter xeral os anexos e documentación complementaria esixidos nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL.

- O proxecto de orzamentos presentado axústase á estrutura orzamentaria da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

- Ningún dos orzamentos que integran o proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo presenta déficit inicial.

- O proxecto de orzamento consolidado do Concello de Vigo e a XMU para o ano 2020 presenta un superávit por operacións correntes de 14.242.263,51 euros, un saldo orzamentario non financeiro de 0,00 euros (equilibrio), un aforro bruto de 11.773.119,21 euros, e un aforro neto orzamentario de idéntica contía, polo que se presenta equilibrado e nivelado dende unha perspectiva orzamentaria.

- En canto aos gastos do capítulo I (Gastos de Persoal), na fase de execución e liquidación deberá verificarse o cumprimento das limitacións á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións establecidas no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

  Por outra parte, tendo en conta a evolución tendencial do gasto do Capítulo I nos exercicios anteriores, as dotacións iniciais das aplicacións orzamentarias 9200.1500000 "Produtividade", 9200.1510000 "Gratificacións", e 9200.1400000 "Persoal temporal non permanente", de ser o caso, deberán aumentarse ao longo do exercicio 2019 tramitando a/as oportuna/s modificacións de créditos financiadas mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do capítulo 1 non comprometidas correspondentes as prazas vacantes non cubertas e dotadas nos orzamentos, sen prexuízo da posibilidade de racionalización do cadro de persoal orzamentario mediante a amortización das prazas non necesarias, de ser o caso, e o incremento dos créditos das aplicacións deficitarias. Un informe do persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación obrante no expediente cuantifica en 700.000,00 € mensuais aproximadamente o aforro ou excedente orzamentario que supón a existencia de 307 prazas vacantes, importe que se verá parcialmente reducido a medida que se incorpore o novo persoal procedente das ofertas de emprego público en execución.

  As dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos recollen un incremento nas aplicacións correspondentes aos conceptos retributivos do 2,46%, como consecuencia do compromiso asumido polos sucesivos Gobernos do Estado de cumprir o estipulado no II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo (publicada no BOE nº 74, de 26 de marzo), que establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2020 do 2,00%, e un incremento variable adicional, aplicable a partires do 1 de xullo de dito ano, do 1,00% para un crecemento do PIB do 2,5%, revisable ou axustable á baixa en función da porcentaxe de variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. Este incremento non poderá aplicarse nas retribucións dos empregados públicos ata que se produza a aprobación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2020 ou norma xurídica que o autorice.

  Tamén se recolle no capítulo I o incremento aplicable sobre a base de cotización do 8,84%, en aplicación do Real Decreto 1449/2018, de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local.

- No ano 2020 non se prevé concertar novas operacións de crédito a longo prazo, financiándose a totalidade dos gastos de capital non financeiros previstos no orzamento -inversións e transferencias de capital- con superávit corrente non financeiro e transferencias de capital.

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

- O proxecto de orzamento consolidado dos entes que forman o grupo Administración Pública Concello de Vigo cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, botando unha capacidade de financiamento de 2.685.806,51€.

- Aínda que non resulta preceptivo valorar o cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación inicial dos orzamentos, comprobouse que se consideramos un axuste por inexecución do gasto de 19.746.522,32 euros no Concello de Vigo e de 1.100.324,41 na XMU, o gasto computable do proxecto de orzamento xeral do Concello de Vigo do exercicio 2020, en termos de contabilidade nacional, 219.413.986,62 €, é inferior ao límite da regra de gasto, polo que o proxecto de Orzamento do ano 2020 cumpre inicialmente o obxectivo da Regra de Gasto.

- As Bases de Execución dos Orzamentos para o ejercicio 2020 incorporan o contido mínimo establecido no TRLRFL e no RO.

- As aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral están dotadas de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos.

- Estímanse adecuadas as previsións que aparecen consignadas no orzamento de ingresos.

- O cumprimento da previsión de ingresos por transferencias da Deputación de Pontevedra está condicionada á sinatura dos respectivos convenios e, en consecuencia, o gasto que financia non se poderá autorizar ata a súa sinatura.

Por todo canto antecede, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do TRLRFL, esta Intervención emite o presente informe favorable ao proxecto de Orzamento xeral do Excmo. Concello de Vigo e o seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2020, elaborado pola concellería de orzamentos e facenda, facendo constar as seguintes recomendacións.

Recomendacións:

- Recoméndase tramitar os orzamentos nos prazos que marca a Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Recoméndase que xunto co orzamento, as diferentes Áreas e/ou Servizos planifiquen as necesidades de recursos humanos que terán ao longo do exercicio, particularmente no que se refire ao nomeamento de persoal interino, dando preferencia ao nomeamento de persoal interino para ocupar prazas vacantes fronte ao nomeamento por exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de 6 meses, particularmente cando se trate de satisfacer necesidades estruturais ou permanentes da Administración.

- Durante o exercicio orzamentario, deberá levarse a cabo un seguimento dos investimentos financiados cos créditos do capítulo 6 para garantir o cumprimento do principio de anualidade dos créditos e do obxectivo de estabilidade orzamentaria, así como da regra de gasto, que poden verse afectados como consecuencia da tramitación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito."

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 24 de outubro de 2019, acorda aprobar o proxecto de Orzamentos para o ano 2020.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 30 de outubro, estableceu o calendario para a presentación de emendas e demais

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

tramitación.

Na sesión que tivo lugar o día 31 de outubro, o Consello Social da Cidade tomou coñecemento do proxecto de Orzamentos.

Durante o prazo establecido, o día 7 de novembro de 2019, os voceiros dos grupos municipais: Mixto, Partido Popular e membro non adscrito, presentaron emendas ao proxecto de Orzamentos municipais.

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario, Sr. Luís García Álvarez, emite con data 8.11.2019, informe sobre as emendas presentadas.

Con data 8.11.2019, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11 de novembro de 2019, rexeitou as emendas presentadas e ditamina favorablemente a proposta formulada.

VOTACION: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Días, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, integrado por:

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Comparativo por Áreas de gasto e capítulos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2019-2020

| CAPÍTULO | Gastos Entidade | | | Ingresos Entidade | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 70.028.171,00 | 67.882.697,30 | 3,16% | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98% |
| 2 | 128.215.073,84 | 123.267.438,51 | 4,01% | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54% |
| 3 | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% | 40.156.209,00 | 39.271.725,53 | 2,25% |
| 4 | 33.882.508,26 | 33.968.597,81 | -0,25% | 81.735.182,76 | 80.193.073,39 | 1,92% |
| 5 | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% | 2.687.000,00 | 3.020.200,00 | -11,03% |
| Operc. Corr.N.F | 232.729.283,10 | 225.722.263,62 | 3,10% | 246.583.508,58 | 239.939.324,92 | 2,77% |
| 6 | 30.781.098,51 | 29.812.598,54 | 3,25% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 1.618.050,46 | 980.748,24 | 64,98% | 18.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| Operacións N.F | 265.128.432,07 | 256.515.610,40 | 3,36% | 265.128.432,07 | 256.515.610,40 | 3,36% |
| 8 | 646.000,00 | 646.000,00 | 0,00% | 646.000,00 | 646.000,00 | 0,00% |
| 9 | ,00 | | 0,00% | ,00 | | 0,00% |
| Total | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% |

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2019-2020

| CAPÍTULO | Gastos dos estados consolidados | | | Ingresos dos estados consolidados | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 75.451.540,74 | 71.949.645,30 | 4,87% | 113.296.218,00 | 108.960.818,00 | 3,98% |
| 2 | 130.150.271,39 | 125.158.944,96 | 3,99% | 8.708.898,82 | 8.493.508,00 | 2,54% |
| 3 | 3.530,00 | 3.530,00 | 0,00% | 41.598.359,71 | 40.616.825,53 | 2,42% |
| 4 | 28.052.543,26 | 28.028.597,81 | 0,09% | 82.208.672,36 | 79.233.196,66 | 3,76% |
| 5 | 600.000,00 | 600.000,00 | 0,00% | 2.688.000,00 | 3.030.200,00 | -11,29% |
| Operac. Corr.N.F | 234.257.885,39 | 225.740.718,07 | 3,77% | 248.500.148,89 | 240.334.548,19 | 3,40% |

Documento asinado

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 31.109.136,53 | 30.139.367,36 | 3,22% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 1.678.050,46 | 1.030.748,24 | 62,80% | 15.544.923,49 | 16.576.285,48 | 11,88% |
| Operacións. N.F | 267.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,95% | 264.045.072,38 | 256.910.833,67 | 3,95% |
| 8 | 678.000,00 | 671.000,00 | 1,04% | 678.000,00 | 671.000,00 | 3,94% |
| 9 | ,00 | | 0,00% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| Total | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% | 264.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2019-2020

| Área | Descrición | Entidade | | % var. | Consolidado | | % var. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2020 | 2019 | | 2020 | 2019 | |
| 0 | Débeda Pública | ,00 | ,00 | 0,00% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 1 | Servizos Públicos básicos | 133.640.589,22 | 130.930.124,19 | 2,07% | 135.589.229,53 | 131.350.347,46 | 3,23% |
| 2 | Actuación de protección e promoción social | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% | 26.386.879,58 | 24.127.979,87 | 9,27% |
| 3 | Produción B. públicos carácter preferente | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% | 42.899.282,51 | 45.074.856,93 | -4,78% |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% | 19.486.482,64 | 19.332.187,28 | 0,80% |
| 9 | Actuacións de carácter Xeral | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03 % | 43.361.198,12 | 37.696.462,13 | 15,03 % |
| Total | | 265.774.432,07 | 257.161.610,40 | 3,35% | 267.723.072,38 | 257.581.833,67 | 3,94% |

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2019-2020

| CAPÍTULO | Estado de Gastos | | | Estado de Ingresos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación % |
| 1 | 5.423.369,74 | 4.066.948,00 | 33,35% | | | |
| 2 | 1.935.197,55 | 1.891.506,45 | 2,31% | | | |
| 3 | | | | 1.442.150,71 | 1.345.100,00 | 7,22% |
| 4 | ,00 | 1.368.856,73 | -100,00% | 6.303.454,60 | 6.348.980,00 | -0,72% |
| 5 | | | | 1.000,00 | 10.000,00 | -90,00% |
| **Op. Corr. NF** | **7.358.567,29** | **7.327.311,18** | **0,43%** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** |
| 6 | 328.038,02 | 326.768,82 | 0,39% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| 7 | 60.000,00 | 50.000,00 | 20,00% | | | 0,00% |
| Op. Cap. NF | 388.038,02 | 376.768,82 | 2,99% | ,00 | ,00 | 0,00% |
| **T. Op. N.F** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** | **7.746.605,31** | **7.704.080,00** | **0,55%** |
| 8 | 32.000,00 | 25.000,00 | 28,00% | 32.000,00 | 25.000,00 | 28,00% |
| **Total** | **7.778.605,31** | **7.729.080,00** | **0,64%** | **7.778.605,31** | **7.729.080,00** | **0,64%** |

## FUNDACIÓNS

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (MARCO)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |

Documento asinado
ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G. Persoal | 295.044,96 | 303.688,00 | -8.643,04 | Ingresos actividade | 66.046,81 | 50.000,00 | 16.046,81 |
| Cons. eléctrico | 68.168,00 | 68.168,00 | ,00 | Subv. doazóns | 740.000,00 | 740.000,00 | ,00 |
| Exposicións | 164.116,86 | 147.000,00 | 17.116,86 | Achegas usuarios | 15.000,00 | 15.000,00 | ,00 |
| Outros g. Activ. | 270.977,00 | 270.977,00 | ,00 | Patrocinio La Caixa | 10.000,00 | 10.000,00 | ,00 |
| G.Financeiros | 1.000,00 | 1.000,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Amortiza. Inmv. | 31.739,99 | 24.167,00 | 7.572,99 | | | | |
| Operac. N.F | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 | | 831.046,81 | 815.000,00 | 16.046,81 |

CONVENTION BUREAU (CB)

| CONCEPTOS | Empregos | | | Recursos | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación | | Importe 2020 | Importe 2019 | Variación |
| G. Persoal | 181.383,13 | 177.826,60 | 3.556,53 | | | | |
| Cons. e gast. xestión | 10.500,00 | 9.504,24 | 995,76 | Subv. doazóns | 218.000,00 | 218.000,00 | ,00 |
| Publ.mat. Promoc. | 17.601,87 | 2.954,16 | 14.647,71 | Achegas socios | 9.000,00 | 14.000,00 | -5.800,00 |
| Acc. promoción | 264.000,00 | 289.000,00 | -25.000,00 | Out. ingresos | 250.000,00 | 250.000,00 | ,00 |
| P. outros entes | 3.515,00 | 3.515,00 | ,00 | | | | ,00 |
| Operac. N.F | 477.000,00 | 482.800,00 | -5.800,00 | | 477.000,00 | 482.000,00 | -5.800,00 |

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2020-2023, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2020, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2020 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2020, se fose o caso, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa no cumprimento dos obxectivos fiscais de estabilidade e da regra de gasto.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,

ASINADO POR: Secretaria De Admon. Municipal (Susana Gallardo Fariña) 2019-11-15T11:59:25+01:00 - ALCALDE (ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 2019-11-15T12:19:24+01:00 -

Documento asinado

BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Luns, 18 de novembro de 2019
Núm. 221

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## VIGO

### Presupostos e cadros de persoal

*APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2020*

*O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 15 de novembro do 2019, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2020 e no cal se integran os seguintes:*

- Orzamento do Concello de Vigo
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal Urbanismo
- Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo https://sede.vigo.org no portal de transparencia https://transparencia.vigo.org, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención-Contabilidade deste Concello durante o período de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que rexerán para o ano 2020.

En Vigo, á data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente

*Abel R. Caballero Álvarez*

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:1PJ0C3DLHE0A4DIS